

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

17493 *Lei 13/2009, do 3 de novembro, de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

A reforma da xustiza converteuse nun obxectivo crucial e inaprazable. Os cidadáns teñen dereito a un servizo público da xustiza áxil, transparente, responsable e plenamente conforme cos valores constitucionais. Un dos medios esenciais para conseguilo é a implantación en España da nova oficina xudicial, cuxo obxectivo é a racionalización e optimización dos recursos que se destinan ao funcionamento da Administración de xustiza.

Trátase, en síntese, de que os xuíces e maxistrados dediquen todos os seus esforzos ás funcións que lles veñen encomendadas pola Constitución: xulgar e facer executar o xulgado. Para iso é preciso descargarlos de todas aquelas tarefas non vinculadas estritamente ás funcións constitucionais que se acaban de sinalar, e a iso tende o novo modelo da oficina xudicial. Nela, atribuiránselles a outros funcionarios aquelas responsabilidades e funcións que non teñen carácter xurisdiccional e, por outra parte, estableceranse sistemas de organización do traballo de todo o persoal ao servizo da Administración de xustiza, de forma que a súa actividade profesional se desempeñe coa máxima eficacia e responsabilidade. Neste novo deseño xogarán un papel de primeira orde os integrantes do corpo superior xurídico de secretarios xudiciais.

A implantación da nova oficina xudicial e a correlativa distribución de competencias entre xuíces e secretarios xudiciais exige adaptar a nosa lexislación procesual ás previsións que xa contén a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, relativas ás oficinas xudiciais e aos secretarios xudiciais, e á dita reforma integral das nosas leis procesuais diríxese esta lei.

II

Unha das claves fundamentais para que as oficinas xudiciais alcancen o obxectivo de prestar un servizo próximo e de calidade, recollido na Carta de dereitos dos cidadáns ante a xustiza, reside indubidablemente nos profesionais que traballan para a Administración de xustiza, en concreto e polo que agora nos ocupa, nos secretarios xudiciais. Non se debe esquecer que se trata de técnicos en dereito, cuxa capacitación lles permite responsabilizarse de determinadas materias que aínda que quedan fóra da potestade xurisdiccional atribuída con exclusividade a xuíces e tribunais, non por iso son menos importantes para a boa marcha do servizo público que constitúe a Administración de xustiza.

A racionalización de esforzos permitirá deseñar e crear un modelo de oficina xudicial composto polas dúas unidades previstas polo artigo 436 da Lei orgánica do poder xudicial: as unidades procesuais de apoio directo e os servizos comúns procesuais. Deste modo, o secretario xudicial, cando se encontre á fronte do servizo común de ordenación do procedemento, estará en mellores condicións para impulsar o procedemento, permitindo

que o xuíz ou o tribunal poida ditar as resolucións de fondo en tempo e forma. E para que isto ocorra é indispensable que se leve a efecto a reforma das leis procesuais de modo que aos secretarios xudiciais lles sexan atribuídas non só as funcións de impulso formal do procedemento que tiñan ata agora, senón tamén outras funcións que lles permitirán adoptar decisións en materias colaterais á función xurisdiccional pero que resultan indispensables para esta.

Porén, debido a que as leis que se reforman regulan o procedemento e non a organización, ao longo do seu articulado tratouse de non mencionar, agás en supostos excepcionais, os servizos comúns procesuais. Na maioría dos casos o criterio adoptado é o de atribución ao secretario xudicial dunha determinada competencia, xa que é o responsable último da realización de todas as actividades que serven de soporte e apoio á actividade xurisdiccional de xuíces e maxistrados (artigo 435 da Lei orgánica do poder xudicial), aínda que a execución material corresponda aos funcionarios dos corpos regulados no libro VI da lei orgánica, de conformidade co catálogo de funcións que nel se establecen e sempre baixo a dirección técnica procesual do secretario xudicial (artigo 457 da Lei orgánica do poder xudicial).

Por outra banda, as leis de procedemento non se refiren a cuestións organizativas, senón simplemente competenciais, tendo en conta, ademais do xa dito, que deben ser igualmente aplicables naqueles órganos en que se poida implantar a nova oficina xudicial con maior facilidade, pero tamén naquéloutros que tarden algún tempo máis en se incorporar ao proceso, visto que a organización da nova oficina se debe levar a cabo de forma gradual e en función das posibilidades organizativas, técnicas e orzamentarias de cada Administración competente.

III

O obxectivo primordial compartido na reforma de todas as leis procesuais é, por tanto, regular a distribución de competencias entre xuíces e tribunais, por un lado, e secretarios xudiciais, por outro.

Existen ademais outros obxectivos complementarios, entre os que se poden destacar o fomento das boas prácticas procesuais ou a potenciación das garantías do xustizable.

A idea inspiradora da reforma foi a de concretar as competencias procesuais do corpo de secretarios xudiciais, configurado como un corpo superior xurídico, de modo que, agás os supostos en que unha toma de decisión procesual puidese afectar a función estritamente xurisdiccional, se optou por atribuír a competencia do trámite de que se trate ao secretario xudicial. Así, garátese que o xuíz ou tribunal poida concentrar os seus esforzos no labor que lle atribúen a Constitución e as leis como función propia e exclusiva: xulgar e facer executar o xulgado.

Neste sentido, débense facer puntualizacións relativas ao inicio do procedemento e aos seus modos de terminación.

No relativo á posta en marcha do procedemento, atribúeselle ao secretario xudicial competencia para admitir a demanda. O acto procesual de admisión da demanda configúrase como unha actuación regulada que se establece como norma xeral dado que, como dispón o artigo 403.1 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, «Só se declarará a inadmisión das demandas nos casos e polas causas expresamente previstas nesta lei.»

Agás casos especiais previstos no propio artigo, a lei só exige a comprobación de certos requisitos formais (a falta de presentación de poderes de representación procesual, a carencia de postulación ou defensa obrigatorias, a falta de presentación de documentos que sexan necesarios, a ausencia de indicación da contía na demanda etc.) e o exame da xurisdición e competencia obxectiva e territorial, o que, na maioría dos supostos, non é máis ca unha simple comprobación material. Se se ten en conta, ademais, que os posibles erros na apreciación da xurisdición e competencia por parte do secretario xudicial se poden corrixir, como xa se facía antes, a través da declinatoria interposta polo demandado e, en todo caso, polo control de oficio que en calquera momento do procedemento pode realizar

o xuíz ou tribunal nos termos establecidos na lei, trátase dun trámite perfectamente asumible polo secretario xudicial.

Cuestión distinta é a inadmisión da demanda. O dereito de acceso á xustiza forma parte do dereito á tutela xudicial efectiva, e por iso segue reservándose a xuíces e tribunais a decisión acerca da inadmisión da demanda. Na medida en que supón recortar un dereito constitucionalmente recoñecido require ou exige un pronunciamento xudicial que fundamente a súa limitación, pronunciamento que debe quedar no ámbito xurisdiccional de xuíces e tribunais. Isto significa que, apreciada polo secretario xudicial a falta dalgún dos requisitos ou presupostos da demanda, deberalle dar conta ao xuíz para que este se pronuncie definitivamente sobre a súa admisión.

O mesmo criterio de admisión séguese nas demandas de terzaría de dominio e nos escritos iniciadores dos procedementos de nulidade, separación e divorcio, división da herdanza e liquidación do réxime económico matrimonial, ben que nestes casos se optou por unha interpretación ampla do precepto de maneira que a expresión «admitida a demanda» comprenda a admisión tanto do secretario xudicial como do xuíz ou tribunal, segundo os casos. Exceptúase, non obstante, a admisión da demanda executiva, por corresponder ao tribunal, no seu mandato constitucional de «xulgar e facer executar o xulgado», o ditado da orde xeral de execución, así como a do xuízo cambiario, porque a súa simple admisión supón a adopción de determinadas medidas executivas que deben corresponder ao xuíz na medida en que afecta dereitos patrimoniais.

Este criterio de admisibilidade aplicouse como regra xeral en todas as ordes xurisdiccionais. Non obstante, dada a especialidade da xurisdición penal por razón da natureza dos dereitos afectados, nela resérvase a admisión da denuncia ou querela ao ámbito da potestade xurisdiccional do xuíz ou tribunal.

Respecto á acumulación de accións, dado que estas se formulan no momento inicial do procedemento e a admisión da demanda se atribúe ao secretario xudicial, será este quen decida sobre a súa admisión, dando conta ao xuíz se entende que non concorren os requisitos necesarios.

Polo que se refire á terminación do procedemento, a idea que preside a reforma é que, naqueles casos en que poida pórse fin a este como consecuencia da falta de actividade das partes ou por teren chegado estas a un acordo, poida o secretario xudicial ditar decreto que poña fin ao procedemento. Iso é así porque nestes casos trátase de validar o que non é senón expresión da vontade das partes, sen prexuízo dos recursos que caiba interpor contra o decreto do secretario xudicial co fin de que o titular do órgano xudicial poida revisar a resolución.

Deste modo, foron atribuídas ao secretario xudicial a declaración de terminación anticipada do proceso por desistencia por solicitude expresa do demandante, a terminación do proceso por satisfacción extraprocesual, a enervación da acción de desafiuzamento por pagamento ou consignación das rendas polo arrendatario con pleno consentimento do arrendador, a declaración de caducidade da instancia por inactividade procesual das partes etc. Tamén, desde logo, a conciliación para levar a cabo o labor mediador que a Lei orgánica do poder xudicial lle recoñece como propio no artigo 456.3.c).

Ademais, na modificación da Lei de axuizamento civil de 1881, atribúese á resolución que aprobe os acordos adoptados en conciliación idéntica forza executiva, con independencia de se son realizados ante o xuíz de paz ou ante o secretario xudicial do xulgado de primeira instancia, acabando coa dicotomía existente nesta materia. Cando o convido polas partes en acto de conciliación sexan asuntos da competencia do propio xulgado, levarase a efecto neste. Nos demais casos, cando o acordado exceda a competencia do xuíz de paz, será competente para a execución o xulgado de primeira instancia que corresponda.

En materia de execución, o artigo 456.3.a) da Lei orgánica do poder xudicial atribúe aos secretarios xudiciais a execución, agás aquelas competencias que exceptúen as leis procesuais por estar reservadas a xuíces e maxistrados. Como consecuencia desta atribución foi preciso modificar profundamente o libro III da Lei de axuizamento civil, tratando de delimitar claramente as competencias que poden ser asumidas polos

secretarios xudiciais daquelas a que se refire a Lei orgánica do poder xudicial cando reserva aos xuíces e tribunais determinadas decisións. Entre as atribucións destacadas, encóntrase a decisión das medidas executivas concretas para levar a cabo o disposto pola orde xeral de execución. Téndose outorgado aos secretarios xudiciais a maior parte das actuacións do proceso de execución, iso leva consigo que tamén se lles atribúa a decisión acerca da acumulación das execucións.

A atribución desas novas competencias aos secretarios xudiciais, sen que iso signifique que o xuíz ou tribunal perda a dirección do proceso (artigo 165 da Lei orgánica do poder xudicial), implica a necesidade de articular un sistema de recursos que permita que o titular do órgano xudicial, en determinados supostos expresamente previstos ao longo do articulado das leis procesuais, poida coñecer do recurso interposto contra a resolución do secretario xudicial.

Co fin de dotar de homoxeneidade todo o sistema nunha reforma de tanta profundidade como a que agora se acomete, optouse por lles dar, calquera que sexa a orde xurisdiccional de que se trate, o mesmo nome aos recursos que proceden contra as resolucións do secretario xudicial: recurso de reposición cando se interpón ante o secretario xudicial que ditou a resolución impugnada, co fin de que sexa el mesmo quen reconsidere a súa decisión; ou ben recurso de revisión cando se trata de que sexa o xuíz ou tribunal quen decida a cuestión.

IV

Como obxectivos complementarios perseguidos ao abordar a reforma das leis procesuais, como xa se adiantou, encóntranse, como máis significativos, os seguintes:

En primeiro lugar, o reforzamento das garantías do xustizable. Para a consecución deste obxectivo introdúcese na Lei de procedemento laboral, na Lei da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei de axuízamento criminal a gravación das vistas de modo xeneralizado, tal e como se anticipou na Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

En materia de documentación das actuacións, entre elas as vistas e fe pública, foron obxecto de modificación os artigos 145 a 148 da Lei de axuízamento civil. Era precisa a modificación para adaptar estes preceptos á dicción da Lei orgánica do poder xudicial, que concretou os principios en que se inspira o labor dos secretarios xudiciais cando realizan as súas funcións de dación de fe, de modo que as exercen con exclusividade e plenitude (artigo 145 da Lei de axuízamento civil en relación co artigo 453.1 da Lei orgánica do poder xudicial). En xeral, os artigos arriba mencionados non son senón adaptación ao articulado da Lei orgánica do poder xudicial. Porén, no artigo 146 prevese a utilización da sinatura electrónica recoñecida ou outro sistema de seguranza na gravación das vistas, audiencias e comparecencias, de forma que quede garantida a autenticidade e integridade do gravado. Neste sentido, establécese que o documento electrónico que conteña a gravación, sempre que incorpore a sinatura electrónica recoñecida do secretario xudicial, constituirá a acta para todos os efectos. Nestes casos, como se recolle no artigo 147, só será necesaria a presenza do secretario xudicial na sala se o solicitaron as partes con anterioridade ou se, excepcionalmente, o considera este oportuno atendendo, entre outras razóns, á complexidade do asunto ou ao número e natureza das probas que deban practicarse. Só naqueles supostos en que non puidesen utilizarse os mecanismos de rexistro ou de garantía que permitan respectivamente a gravación das vistas ou garantir a autenticidade e integridade do gravado, a acta expediráa o secretario xudicial que concorra á vista. Tamén se establece o contido mínimo da acta que debe expedir o secretario xudicial durante as vistas cando se utilicen medios técnicos de gravación e, porén, non se poida utilizar a sinatura electrónica, xa que en tales casos o soporte que conteña a gravación non constitúe a acta do xuízo ao non ofrecer as garantías da autenticidade e integridade do gravado. Cando nin sequera sexa posible a utilización de medios técnicos de gravación, a acta expedida polo secretario xudicial deberá recoller, coa extensión e detalle necesario, todo o actuado. Establécese ademais de forma obrigatoria a extensión da acta por procedementos informáticos, excepto no caso de que a sala en que se estea celebrando

a actuación careza de medios informáticos; con iso búscase a erradicación das actas manuscritas, en moitos casos ilexibles, tan frecuentes aínda en moitos órganos xurisdiccionais españois. Esta previsión faise extensiva a todas as ordes xurisdiccionais e igualmente ás xuntas de acredores previstas na Lei concursal, ben que deixando claro que estas, aínda sendo obxecto de gravación, requiren a presenza ineludible do secretario xudicial na súa condición de membro dela.

Tamén na orde xurisdiccional penal, e en concreto no sumario ordinario, recolleuse a doutrina do Tribunal Constitucional consolidada a partir da Sentenza 66/1989, do 17 de abril, que exige restablecer na chamada fase intermedia o equilibrio das partes no proceso penal. Para iso, introduciuse no artigo 627 da Lei de axuizamento criminal unha modificación que fai preceptivo o traslado da causa á defensa do procesado, co fin de que se pronuncie acerca do auto de conclusión do sumario, solicitando a práctica de novas dilixencias de proba, a apertura do xuízo oral ou, se é o caso, o sobresemento da causa. Tamén se modificou o artigo 761 no sentido de atribuír ao secretario xudicial a función de informar o ofendido ou prexudicado dos seus dereitos, seguindo a liña establecida pola Lei 38/2002, do 24 de outubro, de reforma parcial da Lei de axuizamento criminal sobre procedemento para o axuizamento rápido e inmediato de determinados delitos e faltas, e de modificación do procedemento abreviado, que establecía no artigo 776 o deber do secretario xudicial de informar na primeira comparecencia o prexudicado e ofendido dos seus dereitos, nos termos previstos nos artigos 109 e 110. Posteriormente, o mesmo precepto foi modificado pola Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, manténdose a competencia do secretario xudicial para efectuar a instrución de dereitos ao ofendido ou prexudicado, polo que se considerou pertinente modificar agora os preceptos anteriormente citados co obxecto de concordar a súa redacción, considerándose adecuado que, unha vez incoado o procedemento penal, sexa o secretario xudicial quen informe a vítima ou o prexudicado dos seus dereitos. Tamén se atribúe ao secretario xudicial a obriga de informar as vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual dos dereitos que as asisten segundo a Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axuda e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, así como as vítimas de delitos de terrorismo.

Un segundo obxectivo complementario consiste no fomento das boas prácticas procesuais. Nas diversas leis de procedemento introducíronse mecanismos tendentes a facilitar a acumulación de accións, procesos, recursos ou execucións co fin de evitar a multiplicidade de actuacións cando diversos procedementos teñen o mesmo obxecto. Con iso poden paliarse nalgunha medida as dilacións na tramitación dos preitos se se concentran os esforzos nun único procedemento, ou ben, como na xurisdición contencioso-administrativa, se se tramita un preito testemuña, suspendéndose o resto de recursos mentres non se resolva o primeiro. Cabe engadir, ademais, que estas previsións legais serán o instrumento adecuado para facer efectivos os obxectivos de transparencia nas actuacións dos órganos xudiciais e a correcta avaliación do desempeño dos seus titulares.

Tamén para lograr este obxectivo se introduciu en todas as leis procesuais unha nova regulación relativa aos sinalamentos de toda clase de vistas. O sinalamento verificarase tendo en conta sempre os criterios que o presidente da sala ou sección ou o titular do órgano xudicial indiquen aos secretarios xudiciais no concernente tanto á súa organización xeral do traballo como á duración aproximada da vista en concreto, segundo puidesen determinar unha vez estudado o asunto ou preito de que se trate.

Conforme a estes criterios xerais e ás instrucións concretas que lle veñan dadas polo presidente da sala ou sección e o titular do órgano xudicial correspondente, o secretario xudicial establecerá a data e a hora das vistas ou trámites e farao desde un servizo centralizado e xestionando unha «axenda programada» de sinalamentos. Non obstante, deberá ter en conta que os preitos se sinalarán para xuízo a medida que vaian chegando a un estado que así o permita e sempre de acordo coas prioridades que para certas materias as propias leis procesuais establecen. Tamén deberá considerar outros aspectos, como a dispoñibilidade de sala, a organización dos recursos humanos da oficina, o tempo

necesario para levar a cabo as citacións aos intervinientes así como a coordinación co Ministerio Fiscal nos procedementos en que as leis prevexan a súa intervención.

Con este novo sistema preténdese optimizar a utilización das salas de vistas, ao que se engade a ineludible necesidade de utilizar un sistema centralizado de sinalamentos tendo en conta que a medida que vaia funcionando a nova oficina xudicial e se organicen os distintos servizos comúns procesuais serán os funcionarios que teñan o seu centro de destino neles, e non nas unidades procesuais de apoio directo ao xuíz, os que o auxiliien na celebración de vistas en salas.

Como terceiro obxectivo, introdúcense certas melloras procesuais froito da experiencia aplicativa das leis de procedemento. Esta finalidade proxéctase na reforma da Lei de axuizamento civil, na Lei de procedemento laboral e na Lei da xurisdición contencioso-administrativa. En cambio, non se puido lograr este propósito, debido á antigüidade do seu texto, na Lei de axuizamento criminal. Onde si se optou por modificar esta lei foi naqueles artigos en que aínda hoxe se mantíña a referencia á pena de morte, tales como o artigo 877 ou o capítulo IV do título II do libro V (artigos 947 a 953), relativo ao recurso de casación nas causas de morte. Igualmente, dótanse de contido os artigos 516 e 517 para dar pronta resposta e legalizar canto antes a situación persoal do detido que se presenta ante un xulgado de garda.

Respecto ao proceso monitorio, elévase a súa contía de 30.000 a 150.000 euros. Perséguese dar máis cobertura a un proceso que se mostrou rápido e eficaz para o cobramento de débedas en diñeiro vencidas, exixibles e documentadas. A sinxeleza do procedemento e a súa utilidade como forma de protección do crédito provocou a súa utilización masiva que, por si soa, xustifica ampliar o seu ámbito de aplicación. É o proceso máis utilizado para a reclamación de cantidades. Por outro lado, mostrouse como unha vía para evitar xuízos declarativos contraditorios, coa conseguinte descarga de traballo para os órganos xurisdicionais; máis do cincuenta por cento dos procesos monitorios evita o conseguinte declarativo, ao finalizar o procedemento ben mediante o pagamento voluntario polo debedor, ben por execución do título base da petición inicial.

A decisión de aumentar a contía dos créditos exixibles mediante o monitorio continúa a liña de prudencia iniciada polo lexislador da Lei de axuizamento civil 1/2000, do 7 de xaneiro, no sentido de que non se suprime o límite cuantitativo para as pretensións que se fan valer por este procedemento, aínda que non se descoñece que esta é a liña seguida a nivel europeo, como ocorre co proceso monitorio europeo, regulado polo Regulamento (CE) nº 1896/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, polo que se establece un proceso monitorio europeo.

Ademais, en liña coa admisión da demanda, atribúeselle ao secretario xudicial a competencia para admitir o escrito inicial do procedemento, do cal deberá dar conta ao xuíz cando estime que non concorren os requisitos para a súa admisión. Ao mesmo tempo, propónse dar uniformidade ás formas de terminación deste procedemento, dado que o proceso monitorio constitúe un proceso declarativo especial que se transforma nun procedemento distinto, na medida en que a súa natureza xurídica cambia, cando o debedor requirido non paga, xa sexa formulando ou non oposición.

Así se estableceu a terminación do procedemento por decreto cando se acorde o arquivo por pagamento, por quedar expedito o proceso de execución, por conversión en xuízo verbal, por sobresemento ao non formular demanda de xuízo ordinario dentro do prazo e pola transformación en xuízo ordinario e por auto cando sexa o tribunal quen resolva o arquivo por inadmisión a trámite do xuízo ordinario.

Ademais, aprovéitase para eliminar a entrega do xustificante de pagamento por parte do secretario xudicial e pór fin á controversia doutrinal sobre se a falta de pagamento ou oposición do debedor supuña o inicio automático da execución, optándose por que o debedor inste o despacho desta.

Por outra parte, co obxecto de unificar a terminoloxía e adaptala ás novas competencias do secretario xudicial, utilízase a expresión «resolucións procesuais», para englobar tanto as resolucións xudiciais –providencias, autos e sentenzas– como as do secretario xudicial que coa nova redacción son: dilixencias de ordenación, cando a resolución teña por

obxecto dar aos autos o curso que a lei estableza; decretos, cando coa resolución se admita a demanda ou se poña terminación ao procedemento do que o secretario tivese atribuída competencia exclusiva, ou cando fose preciso ou conveniente razoar o resolto; e dilixencias de constancia, comunicación ou execución para os efectos de reflectir en autos feitos ou actos con transcendencia procesual.

Tamén se unifica a denominación dos recursos interpostos contra providencias e autos non definitivos nas xurisdicións civil, social e contenciosa, desaparecendo a referencia ao recurso de súplica nas dúas últimas, en favor do termo «recurso de reposición», ao tempo que se unifica a regulación dos recursos devolutivos, atribuíndo competencias similares ao secretario xudicial na preparación e interposición destes. Ademais, inclúese nos emprazamentos ante o órgano *ad quem* o apercibimento de que, en caso de non se realizar no prazo concedido, se declararán desertos os recursos, por entender que se tratou dunha omisión do lexislador anterior.

Ademais, convertéronse en euros os importes que nos textos legais aínda aparecían en pesetas. Non se procede, porén, á actualización das contías, modificación que pode facerse con posterioridade a través das habilitacións concedidas ao Goberno.

Así mesmo, refórmanse diversos preceptos da Lei de procedemento laboral para autorizar a sinatura do recurso de suplicación por parte dos graduados sociais. O artigo 545.3 da Lei orgánica do poder xudicial recoñece a capacidade de representación técnica aos graduados sociais debidamente colexiados. Agora elimínase o requisito de intervención preceptiva de letrado para o recurso de suplicación, co que se adapta a norma legal á realidade social.

Como cuarto obxectivo débese destacar que se acometeron, principalmente na Lei de axuizamento civil, unha serie de modificacións relativas á modernización tecnolóxica da Administración de xustiza en liña co disposto na Lei orgánica do poder xudicial. Así, introdúcese a posibilidade de que a publicidade nos boletíns oficiais sexa substituída, nos termos que regulamentariamente se determinen, pola utilización de medios telemáticos, informáticos ou electrónicos. Ademais, cómpre destacar neste ámbito a modificación da regulación das poxas xudiciais para permitir que baixo a dirección do secretario xudicial poidan efectuarse poxas electrónicas, sempre que se conte cos medios técnicos para iso. Desta maneira, a participación nas poxas xudiciais poderá realizarse a través da internet, sen requirir a presenza física obrigatoria dos intervinientes nunha sala. Con iso, ademais, evítase a discriminación, posto que hai máis participación, foméntanse a transparencia e publicidade, obtéñense mellores prezos e evítanse as prácticas de colusión, é dicir, o pacto entre dúas persoas para prexudicar a terceiros.

En quinto lugar, débese sinalar que, como é lóxico, a lei cuxa reforma é máis profunda é a Lei de axuizamento civil, tendo en conta o carácter supletorio que ten respecto das demais leis de procedemento. Polo contrario, a obsolescencia das normas contidas na Lei de axuizamento criminal obrigou a realizar unha reforma soamente parcial en materia de oficina xudicial á espera de que se produza a revisión completa desta lei para dar luz a unha nova, como xa se fixo no ano 2000 coa Lei de axuizamento civil.

V

Así mesmo, e en concordancia coas modificacións introducidas na Lei orgánica complementaria desta lei, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, introdúcese unha disposición adicional oitava á Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, co fin de considerar as retribucións dos xuíces de adscrición territorial a que se refire o artigo 347 bis da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Finalmente, refórmase a disposición adicional primeira da Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, para dar resposta á actual falta de previsión legal no nomeamento dos fiscais substitutos e para, deste modo, dar a debida cobertura ás necesidades xurdidas con motivo de vacante ou ausencia dos titulares de carreira.

Artigo primeiro. *Modificación da Lei de axuizamento civil aprobada polo Real decreto do 3 de febreiro de 1881.*

Modifícase a Lei de axuizamento civil aprobada polo Real decreto do 3 de febreiro de 1881 nos seguintes termos:

Un. O parágrafo primeiro do artigo 460 queda redactado como segue:

«Antes de promover un xuízo, poderá intentarse a conciliación ante o secretario xudicial do xulgado de primeira instancia ou ante o xuíz de paz competentes.»

Dous. O parágrafo primeiro do artigo 463 queda redactado como segue:

«Artigo 463.

Os xulgados de primeira instancia ou de paz do domicilio do demandado serán os únicos competentes para que ante eles se tramiten os actos de conciliación. Se o demandado é persoa xurídica serán así mesmo competentes os do lugar do domicilio do demandante, sempre que neste radique delegación, sucursal ou oficina aberta ao público e sen prexuízo da adecuada competencia que resulte para caso de posterior litixio.»

Tres. O artigo 464 queda redactado como segue:

«Artigo 464.

De se suscitaren cuestións de competencia do xulgado ou de recusación do secretario xudicial ou do xuíz de paz ante quen se celebre o acto de conciliación, terase por intentada a comparecencia sen máis trámites.»

Catro. O artigo 465 queda redactado como segue:

«Artigo 465.

O que intente o acto de conciliación presentará solicitude por escrito, na cal se consignarán os datos e circunstancias de identificación do demandante e do demandado e o domicilio ou os domicilios en que poidan ser citados, e fixarase con claridade e precisión o que se pida. O demandante poderá igualmente formular a súa solicitude de conciliación cubrindo uns impresos normalizados que, para tal efecto, estarán á súa disposición no tribunal correspondente.

A solicitude presentarse con tantas copias como sexan os demandados e unha máis.»

Cinco. O artigo 466 queda redactado como segue:

«Artigo 466.

O secretario xudicial no caso dos xulgados de primeira instancia ou o xuíz de paz noutro caso, no día en que se presente a solicitude de conciliación ou no seguinte hábil, mandarán citar as partes, sinalando o día e a hora en que deba ter lugar a comparecencia, procurando que se verifique coa maior brevidade posible.

Entre a citación e a comparecencia deberán mediar polo menos vinte e catro horas, cuxo termo poderá, porén, reducirse se hai xustas causas para iso.

En ningún caso se poderá dilatar por máis de oito días desde que se presente a solicitude de conciliación.»

Seis. O artigo 467 queda redactado como segue:

«Artigo 467.

O secretario do xulgado notificará a dilixencia de citación ao demandado ou demandados de acordo co previsto xeralmente para as notificacións na Lei de

axuízamento civil, pero en lugar da copia da dilixencia entregaralle unha das solicitudes que presentou o demandante, na cal porá unha nota o secretario, en que exprese o xulgado de primeira instancia ou de paz en que se vai celebrar o acto de conciliación e o día, hora e lugar da comparecencia. Na solicitude orixinal, que se arquivará despois, o citado asinará o recibo da copia, ou unha testemuña a rogo seu se non sabe ou non pode asinar.»

Sete. O artigo 468 queda redactado como segue:

«Artigo 468.

Os ausentes do lugar en que se solicite a conciliación serán chamados por medio de oficio dirixido ao xulgado de primeira instancia ou de paz do lugar en que residan.

Ao oficio xuntaranse a solicitude ou solicitudes presentadas polo demandante, que deben ser entregadas aos demandados.

O secretario do xulgado de primeira instancia ou de paz do lugar da residencia dos demandados coidará, baixo a súa responsabilidade, de que a citación se faga na forma prevista nos artigos anteriores, o primeiro día hábil despois daquel en que se reciba o oficio, e devolverá esta dilixencia no mesmo día da citación ou, como máis tarde, no seguinte. Este oficio arquivarase coa solicitude, nos termos que prevén o artigo anterior.»

Oito. O artigo 471 queda redactado como segue:

«Artigo 471.

O acto de conciliación celebrarase na forma seguinte:

Comezará o demandante expoñendo a súa reclamación e manifestando os fundamentos en que a apoie.

Contestará o demandado o que crea conveniente, e poderá tamén exhibir calquera documento en que funde as súas excepcións.

Despois da contestación, poderán os interesados replicar e contrarreplicar, se quixeren.

De non haber avinza entre eles, o secretario xudicial ou o xuíz de paz procurarán avilos.

De non poderen conseguilo, darase o acto por terminado sen avinza.

De as partes alcanzaren a avinza, o secretario xudicial ditará decreto ou o xuíz de paz auto aprobándoa e acordando, ademais, o arquivo das actuacións.»

Nove. Engádesse un novo punto ao artigo 472 coa seguinte redacción:

«A acta expedida que reflecta o convido no acto de conciliación será asinada por todos os concorrentes».

Dez. O artigo 476 queda redactado como segue:

«Artigo 476.

Para os efectos previstos no artigo 517. 2.º da Lei de axuízamento civil, a resolución que aproba o convido polas partes comportará execución.

O convido polas partes en acto de conciliación levarase a efecto no mesmo xulgado en que se tramitou a conciliación, de se tratar de asuntos da competencia do propio xulgado.

Nos demais casos será competente para a execución o xulgado a quen lle correspondese coñecer da demanda.»

Once. Engádesse un parágrafo segundo ao artigo 955, que queda redactado como segue:

«Conforme os mesmos criterios sinalados no parágrafo anterior, corresponderá aos xulgados do mercantil coñecer das solicitudes de recoñecemento e execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais e arbitrais estranxeiras que versen sobre materias da súa competencia.»

Doce. O artigo 956 queda redactado como segue:

«Artigo 956.

Logo da tradución da executoria feita conforme a dereito, despois de oír, por termo de nove días, a parte contra quen se dirixa e o fiscal, o tribunal declarará se debe ou non darse cumprimento á dita executoria.

Contra este auto caberá recurso de apelación.»

Artigo segundo. *Modificación da Lei de axuízamento criminal do 14 de setembro de 1882.*

A Lei de axuízamento criminal do 14 de setembro de 1882 modifícase nos seguintes termos:

Un. O parágrafo segundo do artigo 4 queda redactado como segue:

«Pasado o prazo sen que o interesado acredite telo utilizado, o secretario xudicial, mediante dilixencia, alzará a suspensión e continuará o procedemento.»

Dous. O último parágrafo do artigo 15 queda redactado como segue:

«Tan axiña como conste o lugar en que se cometeu o delito, o xuíz ou tribunal que estea coñecendo da causa acordará a inhibición en favor do competente, pondo, se é o caso, os detidos á disposición deste e acordando remitir, na mesma resolución, as dilixencias e efectos ocupados.»

Tres. O parágrafo terceiro do artigo 22 queda redactado como segue:

«Dirimido o conflito polo superior a quen competa, o secretario xudicial do xulgado de instrución que deixe de actuar remitirá as dilixencias practicadas e os obxectos recollidos ao declarado competente, dentro do segundo día, contado desde aquel en que reciba a orde do superior para que deixe de coñecer.»

Catro. O parágrafo terceiro do artigo 25 queda redactado como segue:

«Mentres non recaia decisión xudicial firme resolvendo definitivamente a cuestión promovida ou aceptando a competencia, o xuíz de instrución que acorde a inhibición a favor doutro da mesma clase seguirá practicando todas as dilixencias necesarias para comprobar o delito, descubrir e identificar os posibles culpables e protexer os ofendidos ou prexudicados por este. Para tal efecto, a resolución que inicialmente acorde a inhibición expresará esta circunstancia, e a ela xuntaráse unicamente testemuño das actuacións. Dirimida a cuestión ou aceptada a competencia por resolución firme, o secretario xudicial remitirá os autos orixinais e as pezas de convicción ao xuíz que resulte competente.»

Cinco. O artigo 34 queda redactado como segue:

«Artigo 34.

O secretario do tribunal ante quen se propoña a inhibitoria dará traslado por termo de un ou dous días, segundo o volume da causa, ao Ministerio Fiscal, cando

este non o propuxese, así como ás demais partes que figuren na causa de que puidese á vez estar coñecendo o tribunal a quen se instase para que faga o requirimento e, na súa vista, o tribunal mandará, dentro dos dous días seguintes, expedir oficio inhibitorio, ou declarará que iso non procede.»

Seis. O parágrafo primeiro do artigo 37 queda redactado como segue:

«O secretario do tribunal requirido xustificará inmediatamente a recepción e daralles traslado ao Ministerio Fiscal, ao acusador particular, de o haber, aos referidos nos artigos 118 e 520 que compareceron e aos que figuren como parte civil, por un prazo que non poderá exceder as vinte e catro horas cada un, tras o cal o tribunal ditará auto inhibíndose ou declarando que non procede facelo.»

Sete. O artigo 38 queda redactado como segue:

«Artigo 38.

Consentido ou executado o auto en que o tribunal se inhibise, o secretario xudicial remitirá a causa, dentro do prazo de tres días, ao tribunal que propuxo a inhibitoria, con emprazamento das partes e pondo á disposición daquel os procesados, as probas materiais do delito e os bens embargados.»

Oito. Os parágrafos primeiro e terceiro do artigo 109 quedan redactados como segue:

«No acto de recibir declaración o xuíz do ofendido que tivese a capacidade legal necesaria, o secretario xudicial instruirá o dereito que o asiste para mostrarse parte no proceso e renunciar ou non á restitución da cousa, reparación do dano e indemnización do prexuízo causado polo feito punible. Así mesmo, informará da posibilidade e procedemento para solicitar as axudas que conforme a lexislación vixente poidan corresponderlle.»

«Fóra dos casos previstos nos dous parágrafos anteriores, non se fará aos interesados nas accións civís ou penais ningunha notificación que prolongue ou deteña o curso da causa, o cal non obsta para que o secretario xudicial procure instruír daquel dereito o ofendido ausente.»

Nove. Suprímese o parágrafo 3 do artigo 121 desta lei.

Dez. Modifícase a rúbrica do título VI e do capítulo primeiro do título VI, que quedan redactadas da seguinte maneira:

«TÍTULO VI

Da forma de ditar resolucións e do modo de dirimir as discordias

CAPÍTULO PRIMEIRO

Das resolucións procesuais»

Once. O artigo 141 queda redactado como segue:

«Artigo 141.

As resolucións de carácter xudicial que diten os xulgados e tribunais denominaranse:

Providencias, cando resolvan cuestións procesuais reservadas ao xuíz e que non requiran legalmente a forma de auto.

Autos, cando decidan incidentes ou puntos esenciais que afecten dunha maneira directa os imputados ou procesados, responsables civís, acusadores particulares

ou demandantes civís; cando decidan a competencia do xulgado ou tribunal, a procedencia ou improcedencia da recusación, cando decidan recursos contra providencias ou decretos, a prisión ou liberdade provisional, a admisión ou denegación de proba ou do dereito de xustiza gratuíta ou afecten un dereito fundamental e, finalmente, os demais que segundo as leis deben fundarse.

Sentenzas, cando decidan definitivamente a cuestión criminal.

Sentenzas firmes, cando non caiba contra elas ningún recurso ordinario nin extraordinario, agás os de revisión e rehabilitación.

Chámase executoria o documento público e solemne en que se consigna unha sentenza firme.

A fórmula das providencias limitarase á determinación do mandado e do xuíz ou tribunal que as dispoña, sen máis fundamento nin adicións que a data en que se acorde, a sinatura ou rúbrica do xuíz ou do presidente e a sinatura do secretario xudicial. Non obstante, poderán ser sucintamente motivadas sen suxeición a ningún requisito cando se considere conveniente.

Os autos serán sempre fundados e conterán en parágrafos separados e numerados os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito e, por último, a parte dispositiva. Serán asinados polo xuíz, maxistrado ou maxistrados que os ditén.

Todas as resolucións incluírán a mención do lugar e data en que se adopten, e se esta é firme ou se cabe algún recurso contra ela, con expresión, neste último caso, do recurso que proceda, do órgano ante o cal debe interperse e do prazo para recorrer.»

Doce. Engádesse un novo artigo 144 bis nos seguintes termos:

«Artigo 144 bis.

As resolucións dos secretarios xudiciais denominaranse dilixencias e decretos.

Agás que a lei dispoña outra cousa, ditarase dilixencia de ordenación cando a resolución teña por obxecto dar aos autos o curso que a lei estableza. Ditaranse dilixencias de constancia, comunicación ou execución para os efectos de reflectir en autos feitos ou actos con transcendencia procesual.

Chamarase decreto a resolución que dite o secretario xudicial cando sexa preciso ou conveniente razoar a súa decisión.

As dilixencias limitaranse á expresión do que se dispoña, o lugar, a data e o nome e a sinatura do secretario xudicial que as dite. As dilixencias de ordenación incluírán ademais unha sucinta motivación cando así o dispoña a lei ou cando o secretario xudicial o considere conveniente.

Os decretos serán sempre motivados e conterán, en parágrafos separados e numerados, os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito en que se basee a subseguinte parte dispositiva. Expresarán o lugar, a data e o nome do secretario xudicial que os dite, con extensión da súa sinatura.

Todas as resolucións do secretario xudicial incluírán a mención de se son firmes ou se cabe algún recurso contra elas, con expresión, neste último caso, do recurso que proceda, do órgano ante o cal debe interperse e do prazo para recorrer.»

Trece. O artigo 145 queda redactado como segue:

«Artigo 145.

Para ditar autos nos asuntos de que coñeza o Tribunal Supremo bastarán tres maxistrados e para ditar sentenzas serán necesarios sete, agás que a lei dispoña outra cousa.

Para ditar autos e sentenzas nas audiencias provinciais, na Audiencia Nacional e nos tribunais superiores de xustiza bastarán tres maxistrados.

Cando non asistan maxistrados en número suficiente para constituír sala, observarase o disposto na Lei orgánica do poder xudicial.

Para ditar providencias nuns e noutros tribunais, bastarán dous maxistrados, se estivesen conformes.»

Catorce. O artigo 159 queda redactado como segue:

«Artigo 159.

En cada xulgado ou tribunal, baixo a responsabilidade e custodia do secretario xudicial, levarase un libro de sentenzas, no cal se incluírán asinadas todas as definitivas, autos de igual carácter, así como os votos particulares que se formulasen, que serán ordenados correlativamente segundo a súa data de publicación.»

Quince. O artigo 161 queda redactado como segue:

«Artigo 161.

Os tribunais non poderán variar as resolucións que pronuncien despois de asinadas, pero si aclarar algún concepto escuro e rectificar calquera erro material que padezan.

As aclaracións a que se refire o parágrafo anterior poderá facelas de oficio o tribunal ou o secretario xudicial, segundo corresponda, dentro dos dous días hábiles seguintes ao da publicación da resolución, ou por petición de parte ou do Ministerio Fiscal formulada dentro do mesmo prazo, sendo neste caso resolta por quen ditase a resolución de que se trate dentro dos tres días seguintes ao da presentación do escrito en que se solicite a aclaración.

Os erros materiais manifestos e os aritméticos en que incorran as resolucións dos tribunais e secretarios xudiciais poderán ser rectificadas en calquera momento.

As omisións ou defectos que poidan padecer sentenzas e autos e que sexa necesario remediar para levar plenamente a efecto esas resolucións poderán ser emendados, mediante auto, nos mesmos prazos e polo mesmo procedemento establecidos nos parágrafos anteriores.

Se se trata de sentenzas ou autos que omitan manifestamente pronunciamentos relativos a pretensións oportunamente deducidas e substanciadas no proceso, o tribunal, por solicitude escrita de parte no prazo de cinco días contados desde a notificación da resolución, logo de traslado polo secretario xudicial desa solicitude ás demais partes, para alegacións escritas por outros cinco días, ditará auto polo que resolverá que hai que completar a resolución co pronunciamento omitido ou que non procede completala.

Se o tribunal advirte en sentenzas ou autos que ditou as omisións a que se refire o parágrafo anterior, poderá, no prazo de cinco días contados desde a data en que se dita, proceder de oficio, mediante auto, a completar a súa resolución, pero sen modificar nin rectificar o que acordou.

Do mesmo modo ao establecido nos parágrafos anteriores procederá o secretario xudicial cando sexa preciso emendar ou completar os decretos que ditou.

Non caberá ningún recurso contra as resolucións en que se resolva acerca da aclaración, rectificación, emenda ou complemento a que se refiren os parágrafos anteriores deste artigo, sen prexuízo dos recursos que procedan, se é o caso, contra a resolución a que se referise a solicitude ou a actuación de oficio do tribunal ou secretario xudicial.

Os prazos para os recursos que procedan contra a resolución de que se trate interromperanse desde que se solicite a súa aclaración, rectificación, emenda ou complemento e, en todo caso, comezarán a computarse desde o día seguinte ao da notificación da resolución que recoñecese ou negase a omisión de pronunciamento e acordase ou denegase remediala.»

Dezaseis. O artigo 166 queda redactado como segue:

«Artigo 166.

Os actos de comunicación realizaranse baixo a dirección do secretario xudicial.

As notificacións, citacións e emplacementsos que se practiquen fóra dos estrados do xulgado ou tribunal paraos o funcionario correspondente. Cando o secretario xudicial o considere conveniente, poderán facerse por correo certificado con xustificante de recepción, e o secretario dará fe nos autos do contido do sobre remitido e unirase o xustificante de recepción.

As notificacións, citacións e emplacementsos practicaranse na forma prevista no capítulo V do título V do libro I da Lei de axuízamento civil.

As notificacións, citacións e emplacementsos por correo entenderanse practicados na data en que o destinatario faga constar a súa recepción no xustificante de recepción.

Os certificados enviados conforme o establecido nos parágrafos precedentes gozarán de franquía postal; o seu importe non se incluírá na taxación de custas.

Os que teñan lugar nos estrados practicaranse lendo integramente a resolución á persoa a quen se notifiquen, dándolle no acto copia dela, aínda que non a pida, e mencionando un e outro na dilixencia que se expida, que subscribirá o secretario xudicial ou o funcionario que a realice.»

Dezasete. O artigo 175 queda redactado como segue:

«Artigo 175.

As citacións e emplacementsos practicaranse na forma establecida para as notificacións, coas seguintes diferenzas:

A cédula de citación conterá:

1. Expresión do xuíz, tribunal ou secretario xudicial que ditou a resolución, da data desta e da causa en que recae.

2. Os nomes e apelidos dos que deben ser citados e os seus enderezos; e se estes fosen ignorados, calquera outra circunstancia pola que poida descubrirse o lugar en que se achen.

3. O obxecto da citación e calidade na que se é citado.

4. O lugar, día e hora en que deba concorrer o citado.

5. A obriga, se a houber, de concorrer ao primeiro chamamento, baixo a multa de 200 a 5.000 euros ou se fose xa o segundo o que se fixer, a de concorrer baixo apercibimento de ser perseguido como reo do delito de obstrución á xustiza tipificado no artigo 463.1 do Código penal.

A cédula do emplacementsos conterá os requisitos 1), 2) e 3) anteriormente mencionados para a da citación e, ademais, os seguintes:

1. O prazo dentro do cal debe comparecer o emplacementsos.

2. O lugar en que debe comparecer e o xuíz ou tribunal ante quen o deba facer.

3. A prevención de que, de non comparecer, recaerán sobre el os prexuízos que procedan en dereito.»

Dezaioito. O artigo 178 queda redactado como segue:

«Artigo 178.

Se o que ten que ser notificado, citado ou emplacementsos non ten domicilio coñecido, o xuíz instrutor ordenará o conveniente para indagalo. Neste caso o secretario xudicial dirixirase á policía xudicial, rexistros oficiais, colexios profesionais, entidade

ou empresas en que o interesado exerza a súa actividade solicitando esa indagación.»

Dezanove. O artigo 197 queda redactado como segue:

«Artigo 197.

As resolucións de xuíces, tribunais e secretarios xudiciais e as dilixencias xudiciais dítanse e practícanse dentro dos termos sinalados para cada unha delas.»

Vinte. O artigo 204 queda redactado como segue:

«Artigo 204.

Os autos e decretos dítanse e asínanse o día seguinte a aquel en que se interpuxesen as pretensións que estes deben resolver, ou chegasen as actuacións a estado de que aqueles sexan ditados.

As providencias e dilixencias dítanse e asínanse inmediatamente que resulte das actuacións a necesidade de ditalas, ou no mesmo día ou no seguinte a aquel en que se presentasen as pretensións sobre que recaian.»

Vinte e un. O artigo 205 queda redactado como segue:

«Artigo 205.

Exceptúanse do disposto no artigo anterior os autos, decretos, providencias e dilixencias que deban ditarse en máis curto prazo para non interromper o curso do xuízo público, ou para non infrinxir co atraso algunha disposición legal.»

Vinte e dous. O artigo 211 queda redactado como segue:

«Artigo 211.

Os recursos de reforma ou de súplica contra as resolucións dos xuíces e tribunais interporanse no prazo dos tres días seguintes ao da súa notificación aos que sexan parte no xuízo.

No mesmo prazo interporanse os recursos de reposición e de revisión contra as resolucións dos secretarios xudiciais.»

Vinte e tres. Modifícanse as rúbricas do título X e do capítulo I do título X, que quedan redactadas da seguinte forma:

«TÍTULO X

Dos recursos contra as resolucións procesuais

CAPÍTULO I

Dos recursos contra as resolucións dos xuíces e tribunais»

Vinte e catro. O artigo 224 queda redactado como segue:

«Artigo 224.

De se admitir o recurso en ambos os efectos, o secretario xudicial remitirá os autos orixinais ao tribunal que teña que coñecer da apelación, e empraará as partes para que comparezan ante este no prazo de quince días se o tribunal é o Supremo ou dez, se é o tribunal superior de xustiza ou a audiencia.»

Vinte e cinco. O artigo 228 queda redactado como segue:

«Artigo 228.

Recibidos os autos no tribunal superior, se no termo do emprazamento non comparecese o apelante, o secretario xudicial mediante decreto declarará de oficio deserto o recurso, comunicándollo inmediatamente por certificación ao xuíz, e devolvendo os autos orixinais se o recurso se admitise en ambos os efectos. Contra este decreto caberá recurso directo de revisión.

No mesmo día en que o tribunal superior reciba o testemuño para substanciar unha apelación, ou no seguinte, o secretario xudicial xustificará recepción ao xuíz instructor, que se unirá ao sumario. Se a xustificación non lle é remitida, o secretario xudicial reclamaralla ao secretario do tribunal a quen compete coñecer da apelación; e se aínda así non a recibise, porao directamente en coñecemento do secretario de goberno, para os efectos procedentes.»

Vinte e seis. O artigo 229 queda redactado como segue:

«Artigo 229.

Se o apelante comparecese, o secretario xudicial daralle vista dos autos por termo de tres días para instrución.

Despois del seguirá a vista, por igual termo, ás demais partes comparecentes, e por último ao fiscal, se a causa fose por delito dos que dan lugar a procedemento de oficio, ou daqueles que poidan perseguirse logo de denuncia dos interesados.

Porén, do disposto nos parágrafos anteriores non se dará vista ás partes do que fose para elas de carácter reservado, se así o acordou o xuíz ou tribunal.»

Vinte e sete. O artigo 230 queda redactado como segue:

«Artigo 230.

Devoltos os autos polo fiscal ou, se este non é parte na causa, pola última das persoas a quen se entregasen, o secretario xudicial sinalará día para a vista, na que o fiscal, se é parte, e os defensores das demais, poderán informar o que tiveren por conveniente ao seu dereito.

A vista celebrarase o día sinalado, asistan ou non as partes, sen que entre o día en que se faga o sinalamento e o da vista medien máis de dez días. Será obrigatoria a asistencia do Ministerio Fiscal en todas as causas en que este interveña. E non poderá acordarse a suspensión por motivo ningún, sendo rexeitadas de plano, sen ulterior recurso, cantas pretensións de suspensión se formulen.

O secretario xudicial competente coidará, baixo a súa responsabilidade, de que o recurso sexa substanciado no prazo máis breve posible, sen que en ningún caso transcorran máis de dous meses entre o día de ingreso na Audiencia do testemuño para a apelación, ou do sumario, se é o caso, e o do día da vista.»

Vinte e oito. O artigo 232 queda redactado como segue:

«Artigo 232.

Cando sexa firme o auto ditado, o secretario do tribunal comunicarllo ao xuíz para o seu cumprimento, devolvéndolle o proceso se a apelación é en ambos os efectos.

O secretario do tribunal que coñecese da apelación coidará, baixo a súa responsabilidade, de que en ningún caso deixen de ser devoltos os autos ao xuíz instructor, ou deixe de comunicárselle a resolución recaída dentro dos tres días seguintes ao de ser firme esta, cando o sumario non fose aínda terminado. O secretario xudicial competente xustificará inmediatamente a recepción, e se non o

fai isto seralle reclamado polo secretario do tribunal, co apercibimento de que, de non facelo, porá os feitos en coñecemento do secretario de goberno.»

Vinte e nove. O artigo 234 queda redactado como segue:

«Artigo 234.

Recibido o dito informe, o secretario xudicial pasarao ao fiscal, se a causa é por delito en que teña que intervir, para que emita ditame por escrito no termo de tres días.»

Trinta. O artigo 236 terá a seguinte redacción:

«Artigo 236.

Contra os autos dos tribunais do criminal poderá interporse o recurso de súplica ante o mesmo que os ditase e de apelación unicamente naqueles casos expresamente previstos na lei.»

Trinta e un. Engádesse un capítulo II ao título X e inclúense dous artigos 238 bis e 238 ter coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO II

Do recurso de revisión contra as resolucións dos secretarios xudiciais

Artigo 238 bis.

Contra todas as dilixencias de ordenación ditadas polos secretarios xudiciais poderase exercer ante eles mesmos recurso de reposición.

Tamén poderá interporse recurso de reposición contra os decretos dos secretarios xudiciais, excepto naqueles supostos en que proceda a interposición directa de recurso de revisión por así prevelo expresamente a lei.

O recurso de reposición, que se interporá sempre por escrito autorizado con sinatura de letrado e acompañado de tantas copias como sexan as demais partes que comparecen, expresará a infracción en que a resolución incorreu a xuízo do recorrente e en ningún caso terá efectos suspensivos.

Admitido a trámite o recurso de reposición, o secretario xudicial concederálles ao Ministerio Fiscal e ás demais partes que comparecen un prazo común de dous días para presentar por escrito as súas alegacións, transcorrido o cal resolverá sen máis trámite.

Contra o decreto do secretario xudicial que resolva o recurso de reposición non caberá interpor ningún recurso.

Artigo 238 ter.

O recurso de revisión interporase ante o xuíz ou tribunal con competencia funcional na fase do proceso en que recaese o decreto do secretario xudicial que se impugna, mediante escrito no cal deberá citarse a infracción en que esta incorreu, autorizado con sinatura de letrado e do que deberán presentarse tantas copias como sexan as demais partes que comparecen.

Admitido a trámite o recurso de revisión, o secretario xudicial concederálles ao Ministerio Fiscal e ás demais partes que comparecen un prazo común de dous días para que presenten as súas alegacións por escrito, transcorrido o cal o xuíz ou tribunal resolverá sen máis trámite. Contra o auto resolutorio do recurso de revisión non caberá interpor ningún recurso.

O réxime de recursos fronte ás resolucións dos secretarios xudiciais ditadas para a execución dos pronunciamentos civís da sentenza e para a realización da

medida cautelar real de embargo prevista nos artigos 589 e 615 desta lei será o previsto na Lei de axuízamento civil.»

Trinta e dous. O artigo 242 queda redactado como segue:

«Artigo 242.

Cando se declaren de oficio as custas non procederá o pagamento das cantidades a que se refiren os números 1 e 2 do artigo anterior.

Os procuradores e avogados que representen e defendan calquera das partes, e os peritos e testemuñas que declaren pola súa instancia, poderán exixir daquela, se non se lle recoñecese o dereito á asistencia xurídica gratuíta, o aboamento dos dereitos, honorarios e indemnizacións que lles correspondan, reclamándoos do xuíz ou tribunal que coñeza da causa.

Procederáse á súa exacción pola vía de constrinximento se, presentadas as respectivas reclamacións e feitas saber ás partes, non pagasen estas no termo prudencial que o secretario xudicial sinale, nin considerasen aquelas indebidas ou excesivas. Neste último caso procederáse conforme o disposto na Lei de axuízamento civil.

O secretario xudicial que interveña na execución da sentenza fará a taxación das custas de que falan os números 1 e 2 do artigo anterior. Os honorarios dos avogados e peritos acreditaranse por minutas asinadas polos que os devengasen. As indemnizacións das testemuñas computaranse pola cantidade que oportunamente se fixase na causa. Os demais gastos serán regulados polo secretario xudicial, con vista dos xustificantes.»

Trinta e tres. O artigo 244 queda redactado como segue:

«Artigo 244.

Transcorrido o prazo establecido no artigo anterior sen ter sido impugnada a taxación de custas practicada, ou consideradas indebidas ou excesivas algunha das partidas de honorarios, procederáse conforme o disposto na Lei de axuízamento civil.»

Trinta e catro. O artigo 308 queda redactado como segue:

«Artigo 308.

Inmediatamente que os xuíces de instrución ou de paz, se é o caso, teñan noticia da perpetración dun delito, o secretario xudicial porao en coñecemento do fiscal da respectiva audiencia, e dará, ademais, parte ao presidente desta da formación do sumario, en relación sucinta, suficientemente expresiva do feito, das súas circunstancias e do seu autor, dentro dos dous días seguintes a aquel en que principiasen a instruílo.

Os xuíces de paz darán conta inmediata da prevención das dilixencias ao de instrución a quen corresponda.»

Trinta e cinco. O parágrafo primeiro do artigo 324 queda redactado como segue:

«Cando ao mes de incoar un sumario non se terminase, o secretario xudicial dará parte cada semana aos mesmos a quen a deu ao principiarse aquel, das causas que impediron a súa conclusión.»

Trinta e seis. O parágrafo primeiro do artigo 326 queda redactado como segue:

«Cando o delito que se persiga deixase vestixios ou probas materiais da súa perpetración, o xuíz instrutor ou o que faga as súas veces ordenará que se recollan e conserven para o xuízo oral se for posible, procedendo para o efecto á inspección

ocular e á descrición de todo aquilo que poida ter relación coa existencia e natureza do feito.»

Trinta e sete. O parágrafo segundo do artigo 333 queda redactado como segue:

«Para o efecto o secretario xudicial porá en coñecemento do procesado o acordo relativo á práctica da dilixencia coa anticipación que permita a súa índole e non se suspenderá pola falta de comparecencia do procesado ou do seu defensor. Igual dereito asiste a quen estea privado de liberdade en razón destas dilixencias.»

Trinta e oito. O primeiro parágrafo do artigo 334 queda redactado como segue:

«O xuíz instructor ordenará recoller nos primeiros momentos as armas, instrumentos ou efectos de calquera clase que poidan ter relación co delito e estean no lugar en que este se cometeu, ou nas súas inmediacións, ou en poder do reo, ou noutra parte coñecida. O secretario xudicial expedirá dilixencia expresiva do lugar, tempo e ocasión en que se encontraron, describíndoos minuciosamente para que se poida formar idea cabal deles e das circunstancias do seu achado.»

Trinta e nove. O segundo parágrafo do artigo 335 queda redactado como segue:

«Se por tratarse de delito de falsificación cometida en documentos ou efectos existentes en dependencias das administracións públicas hai imprescindible necesidade de telos á vista para o seu recoñecemento pericial e exame por parte do xuíz ou tribunal, o secretario xudicial reclamaraos ás correspondentes autoridades, sen prexuízo de devolvelos aos respectivos centros oficiais despois de terminada a causa.»

Corenta. O artigo 338 queda redactado como segue:

«Artigo 338.

Sen prexuízo do establecido no capítulo II bis deste título, os instrumentos, armas e efectos a que se refire o artigo 334 recolléranse de tal forma que se garanta a súa integridade e o xuíz acordará a súa retención, conservación ou envío ao organismo adecuado para o seu depósito.»

Corenta e un. O artigo 342 queda redactado como segue:

«Artigo 342.

Cando a pesar de tales prevencións non sexa o cadáver recoñecido, ordenará o xuíz que se recollan todos os efectos persoais con que foi encontrado, co fin de que poidan servir oportunamente para facer a identificación.»

Corenta e dous. O artigo 365 queda redactado como segue:

«Artigo 365.

Cando para a cualificación do delito ou das súas circunstancias sexa necesario estimar o valor da cousa que fose o seu obxecto ou o importe do prexuízo causado ou que se puidese causar, o xuíz oír sobre iso o dono ou prexudicado, e acordará despois o recoñecemento pericial na forma determinada no capítulo VII deste mesmo título. O secretario xudicial facilitarálles aos peritos nomeados as cousas e elementos directos de apreciación sobre que teña que recaer o informe. Se tales efectos non están á disposición do órgano xudicial, o secretario xudicial subministrarálles os datos oportunos que se puideren reunir, co fin de que, en tal caso, fagan a taxación e regulación de prexuízos dun modo prudente, conforme os datos subministrados.

A valoración das mercadorías subtraídas en establecementos comerciais fixarase atendendo ao seu prezo de venda ao público.»

Corenta e tres. O artigo 367 queda redactado como segue:

«Artigo 367.

En ningún caso admitirá o xuíz durante o sumario reclamacións nin terzarías que teñan por obxecto a devolución dos efectos que constitúen o corpo do delito, calquera que sexa a súa clase e a persoa que os reclame.»

Corenta e catro. Introdúcese un artigo 367 ter coa seguinte redacción:

«Artigo 367 ter.

1. Poderá decretarse a destrución, deixando mostras suficientes, cando resulte necesaria ou conveniente pola propia natureza dos efectos intervidos ou polo perigo real ou potencial que comporte o seu almacenamento ou custodia, logo de audiencia ao Ministerio Fiscal e ao propietario, se for coñecido, ou á persoa en cuxo poder foron achados os efectos cuxa destrución se pretende. Cando se trate de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, o xuíz instrutor, logo de audiencia do Ministerio Fiscal e das partes, ordenará a súa inmediata destrución conservando mostras suficientes desas substancias para garantir posteriores comprobacións ou investigacións, todo iso sen prexuízo de que, de forma motivada, o órgano xudicial considere necesario a conservación da totalidade. O conservado estará sempre baixo a custodia do secretario xudicial competente.

2. En todo caso, o secretario xudicial expedirá a oportuna dilixencia e, se se acordou a destrución, deberá quedar constancia nos autos da natureza, calidade, cantidade, peso e medida dos efectos destruídos. Se non houberse taxación anterior, tamén se deixará constancia do seu valor cando a súa fixación sexa imposible despois da destrución.

3. O disposto nos dous puntos anteriores será tamén aplicable aos efectos intervidos en relación coa comisión de delitos contra a propiedade intelectual e industrial, unha vez que tales efectos fosen examinados pericialmente.

4. Se os obxectos non poden, pola súa natureza, conservarse na súa forma primitiva, o xuíz resolverá o que considere conveniente para conservalos do mellor modo posible.»

Corenta e cinco. O parágrafo primeiro do artigo 375 queda redactado como segue:

«Para acreditar a idade do procesado e comprobar a identidade da súa persoa, o secretario xudicial traerá ao sumario certificación da súa inscrición de nacemento no rexistro civil ou da súa partida de bautismo, se non estivese inscrito no rexistro.»

Corenta e seis. O artigo 397 queda redactado como segue:

«Artigo 397.

O procesado poderá ditar por si mesmo as declaracións. Se non o fai, farao o secretario xudicial procurando, en canto sexa posible, consignar as mesmas palabras de que aquel se valeu.»

Corenta e sete. O artigo 416 queda redactado como segue:

«Artigo 416.

Están dispensados da obriga de declarar:

1. Os parentes do procesado en liñas directa ascendente e descendente, o seu cónxuxe ou persoa unida por relación de feito análoga á matrimonial, os seus irmáns consanguíneos ou uterinos e os colaterais consanguíneos ata o segundo grao civil, así como os parentes a que se refire o número 3 do artigo 261.

O xuíz instrutor advertirá á testemuña que se ache comprendida no parágrafo anterior que non ten obriga de declarar en contra do procesado, pero que pode facer as manifestacións que considere oportunas, e o secretario xudicial consignará a contestación que dea a esta advertencia.

2. O avogado do procesado respecto aos feitos que este lle confiase na súa calidade de defensor.

Se algunha das testemuñas se encontra nas relacións indicadas nos parágrafos precedentes con un ou varios dos procesados, estará obrigada a declarar respecto aos demais, a non ser que a súa declaración puidese comprometer o seu parente ou defendido.»

Corenta e oito. O artigo 432 queda redactado como segue:

«Artigo 432.

Se a testemuña non ten domicilio coñecido ou se ignora o seu paradiro, o xuíz instrutor ordenará o conveniente para indagalo. Neste caso o secretario xudicial dirixirase á policía xudicial, rexistros oficiais, colexios profesionais, entidade ou empresas en que o interesado exerza a súa actividade solicitando esa indagación.»

Corenta e nove. O artigo 446 queda redactado como segue:

«Artigo 446.

Terminada a declaración, o secretario xudicial fará saber á testemuña a obriga de comparecer para declarar de novo ante o tribunal competente cando sexa citada para iso, así como a de pór en coñecemento da oficina xudicial os cambios de domicilio que faga ata ser citada para o xuízo oral, baixo apercibimento, se non o cumpre, de ser castigada cunha multa de 200 a 1.000 euros, a non ser que incorra en responsabilidade criminal pola falta.

Estas prevencións faranse constar ao final da mesma dilixencia da declaración.»

Cincuenta. O artigo 447 queda redactado como segue:

«Artigo 447.

O secretario xudicial, ao remitir o sumario ao tribunal competente, porá no seu coñecemento os cambios de domicilio que as testemuñas comunicasen.

O mesmo fará respecto dos cambios comunicados despois de se ter remitido o sumario, ata a terminación da causa.»

Cincuenta e un. O artigo 448 queda redactado como segue:

«Artigo 448.

Se a testemuña manifesta, ao lle facer a prevención referida no artigo 446, a imposibilidade de concorrer por terse que ausentar do territorio nacional, e tamén no caso en que haxa motivo racionalmente bastante para temer a súa morte ou incapacidade física ou intelectual antes da apertura do xuízo oral, o xuíz instrutor mandará practicar inmediatamente a declaración, asegurando en todo caso a posibilidade de contradición das partes. Para iso, o secretario xudicial fará saber ao reo que nomee avogado no termo de vinte e catro horas, se aínda non o ten, ou do contrario, nomearáselle de oficio, para que o aconselle no acto de recibir a declaración da testemuña. Transcorrido o dito termo, o xuíz recibirá xuramento e volverao examinar, en presenza do procesado e do seu avogado defensor e en presenza, así mesmo, do fiscal e do querelante, se quixeren asistir ao acto, permitíndolles a estes facerlle cantas repreguntas teñan por conveniente, excepto as que o xuíz desestime como manifestamente impertinentes.

O secretario xudicial consignará as contestacións a estas preguntas, e esta diligencia será asinada por todos os asistentes.

A declaración das testemuñas menores de idade levarase a cabo evitando a súa confrontación visual co inculpado, utilizando para iso calquera medio técnico que faga posible a práctica desta proba.»

Cincuenta e dous. O artigo 466 queda redactado como segue:

«Artigo 466.

Feito o nomeamento de peritos, o secretario xudicial notificarállelo inmediatamente ao Ministerio Fiscal, ao demandante particular, de o haber, así como ao procesado, se está á disposición do xuíz ou se encontra no mesmo lugar da instrución, ou ao seu representante, de o ter.»

Cincuenta e tres. O parágrafo cuarto do artigo 470 queda redactado como segue:

«Cando o recusante non producise os documentos, pero designase o arquivo ou lugar en que se encontren, reclamaraos o secretario xudicial, e o xuíz instructor examinará unha vez recibidos sen deter por isto o curso das actuacións; e se deles resultase xustificada a causa da recusación, anulará o informe pericial que se dese, mandando que se practique de novo esta diligencia.»

Cincuenta e catro. O artigo 479 queda redactado como segue:

«Artigo 479.

Se os peritos teñen necesidade de destruír ou alterar os obxectos que analicen, deberá conservarse, a ser posible, parte deles á disposición do xuíz, para que, en caso necesario, poida facerse nova análise.»

Cincuenta e cinco. O artigo 512 queda redactado como segue:

«Artigo 512.

Se o presunto reo non fose achado no seu domicilio e se ignorase o seu paradiro, o xuíz acordará que sexa buscado por requisitorias que se enviarán aos xuíces de instrución en cuxo territorio houberse motivo para sospeitar que aquel se acha, e o secretario xudicial expedirá os oficios oportunos; e, en todo caso, publicaranse aquelas no Boletín Oficial del Estado e o diario oficial da comunidade autónoma respectiva, e expóranse tamén copias autorizadas, en forma de edicto, na oficina do xulgado ou tribunal que coñeza da causa e na dos xuíces de instrución a quen se requirise.»

Cincuenta e seis. O artigo 516 queda redactado como segue:

«Artigo 516.

Na resolución pola que se acorde buscar por requisitorias, o xuíz designará os particulares da causa que sexan precisos para poder resolver acerca da situación persoal do requisitoriado unha vez que sexa achado. Testemuñados a resolución xudicial e os particulares polo secretario xudicial, remitiranse ao xulgado de garda ou incluíranse no sistema informático que para o efecto exista, onde quedarán rexistrados.»

Cincuenta e sete. O artigo 517 queda redactado como segue:

«Artigo 517.

Sen prexuízo do disposto no artigo 505.6, presentado o requisitoriado ante un xulgado de garda, o xuíz, se fose necesario para resolver, poderá solicitar o auxilio

do órgano xudicial que ditou a requisitoria ou, no seu defecto, do que estea de garda neste último partido xudicial, co fin de que lle facilite a documentación e información a que se refire o artigo anterior.»

Cincuenta e oito. O artigo 529 bis queda redactado como segue:

«Artigo 529 bis.

Cando se decrete o procesamento de persoa autorizada para conducir vehículos de motor por delito cometido con motivo da súa condución, se o procesado ten que estar en liberdade, o xuíz, discrecionalmente, poderá privalo provisionalmente de usar o permiso, mandando que se recolla e incorpore ao proceso o documento en que conste. O secretario xudicial comunicarllo ao organismo administrativo que o expidise.»

Cincuenta e nove. O artigo 534 queda redactado como segue:

«Artigo 534.

Se ao primeiro chamamento xudicial non comparece o acusado ou non xustifica a imposibilidade de facelo, o secretario xudicial sinalará ao fiador persoal ou ao dono dos bens de calquera clase dados en fianza o prazo de dez días para que presente o rebelde.»

Sesenta. O artigo 536 queda redactado como segue:

«Artigo 536.

Para realizar toda fianza o secretario xudicial procederá pola vía de constrinximento de conformidade co disposto no capítulo IV, título IV, do libro III da Lei de axuízamento civil.

De se tratar dunha fianza persoal, procederáse tamén pola vía de constrinximento contra os bens do fiador ata facer efectiva a cantidade que se fixase ao admitir a referida fianza.»

Sesenta e un. Modifícanse os números 4, 8, 9 e 10 do artigo 544 ter, que quedan redactados da seguinte maneira:

«4. Recibida a solicitude de orde de protección, o xuíz de garda, nos supostos mencionados no número 1 deste artigo, convocará a unha audiencia urxente a vítima ou o seu representante legal, o solicitante e o presunto agresor, asistido, se é o caso, de avogado. Así mesmo, será convocado o Ministerio Fiscal.

Esta audiencia poderase substanciar simultaneamente coa prevista no artigo 505 cando a súa convocatoria fose procedente, coa audiencia regulada no artigo 798 naquelas causas que se tramiten conforme o procedemento previsto no título III do libro IV desta lei ou, se é o caso, co acto do xuízo de faltas. Cando excepcionalmente non fose posible celebrar a audiencia durante o servizo de garda, o xuíz ante o que fose formulada a solicitude convocará no prazo máis breve posible. En calquera caso, a audiencia deberase celebrar nun prazo máximo de setenta e dúas horas desde a presentación da solicitude.

Durante a audiencia, o xuíz de garda adoptará as medidas oportunas para evitar a confrontación entre o presunto agresor e a vítima, os seus fillos e os restantes membros da familia. Para estes efectos disporá que a súa declaración nesta audiencia se realice por separado.

Celebrada a audiencia, o xuíz de garda resolverá mediante auto o que proceda sobre a solicitude da orde de protección, así como sobre o contido e vixencia das medidas que incorpore. Sen prexuízo diso, o xuíz de instrución poderá adoptar en calquera momento da tramitación da causa as medidas previstas no artigo 544 bis.»

«8. A orde de protección será notificada ás partes, e comunicada polo secretario xudicial inmediatamente, mediante testemuño íntegro, á vítima e ás administracións

públicas competentes para a adopción de medidas de protección, sexan estas de seguranza ou de asistencia social, xurídica, sanitaria, psicolóxica ou de calquera outra índole. Para estes efectos establecerase regulamentariamente un sistema integrado de coordinación administrativa que garanta a axilidade destas comunicacións.»

«9. A orde de protección implicará o deber de informar permanentemente a vítima sobre a situación procesual do imputado así como sobre o alcance e vixencia das medidas cautelares adoptadas. En particular, a vítima será informada en todo momento da situación penitenciaria do presunto agresor. Para estes efectos darase conta da orde de protección á Administración penitenciaria.»

«10. A orde de protección será inscrita no Rexistro Central para a Protección das Vítimas da Violencia Doméstica e de Xénero.»

Sesenta e dous. O artigo 574 queda redactado como segue:

«Artigo 574.

O xuíz ordenará recoller os instrumentos e efectos do delito e tamén os libros, papeis ou calquera outra cousa que se encontrase, se isto fose necesario para o resultado do sumario.

Os libros e papeis que se recollan serán foliados, selados e rubricados en todas as súas follas polo secretario xudicial, baixo a súa responsabilidade.»

Sesenta e tres. O parágrafo segundo do artigo 586 queda redactado como segue:

«Os sobres e follas desta correspondencia, despois de tomar o mesmo xuíz as notas necesarias para a práctica doutras dilixencias de investigación a que a correspondencia dea motivo, rubricaraos o secretario xudicial e selaranse co selo do xulgado, introducirase todo despois noutro sobre, ao cal se porá o rótulo necesario, conservándose durante o sumario, tamén baixo responsabilidade do secretario xudicial.»

Sesenta e catro. O parágrafo terceiro do artigo 587 queda redactado como segue:

«Se non é coñecido ningún parente do procesado, conservarase o dito prego cerrado baixo a responsabilidade do secretario xudicial ata que haxa persoa a quen entregalo, segundo o disposto neste artigo.»

Sesenta e cinco. O artigo 591 queda redactado como segue:

«Artigo 591.

A fianza poderá ser persoal, pignoraticia ou hipotecaria, ou mediante caución que poderá constituírse en diñeiro efectivo, mediante aval solidario de duración indefinida e pagadoiro a primeiro requirimento emitido por entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou por calquera medio que, a xuízo do xuíz ou tribunal, garanta a inmediata dispoñibilidade, se é o caso, da cantidade de que se trate.»

Sesenta e seis. O segundo parágrafo do artigo 598 queda redactado como segue:

«Se non se encontra ningunha, ou se as que se encontren, ou o procesado ou apoderado, se é o caso, non queren sinalar bens, procederase a embargar os que se reputen da pertenza do procesado, gardándose a orde establecida no artigo 592 da Lei de axuízamento civil, baixo a prohibición contida nos seus artigos 605 e 606, e de conformidade co disposto no artigo 584 da citada lei.»

Sesenta e sete. O artigo 600 queda redactado como segue:

«Artigo 600.

As demais actuacións que se practiquen en execución do auto a que se refire o artigo 589 rexeranse polos artigos 738.2 e 738.3 da Lei de axuízamento civil, coa

especialidade establecida no artigo 597 desta lei respecto ao requirimento ao procesado para que sinale bens.»

Sesenta e oito. Déixanse sen contido os artigos 601, 602, 603, 604, 605, 606, 607, 608, 609 e 610.

Sesenta e nove. O artigo 615 queda redactado como segue:

«Artigo 615.

Cando na instrución do sumario apareza indicada a existencia da responsabilidade civil dun terceiro conforme os artigos respectivos do Código penal, ou por ter participado algún por título lucrativo dos efectos do delito, o xuíz, por instancia do demandante civil, exixirá fianza á persoa contra quen resulte a responsabilidade. De non se prestar, o secretario xudicial embargará conforme o disposto no título IX deste libro os bens que sexan necesarios.»

Setenta. O artigo 617 queda redactado como segue:

«Artigo 617.

O secretario xudicial dará vista do escrito á parte a quen interese, e esta tramitará no termo de tres días, propoñendo tamén as probas que deban practicarse en apoio da súa pretensión.»

Setenta e un. O parágrafo cuarto do artigo 622 queda redactado como segue:

«En tales casos, ao facer o secretario xudicial a remisión do sumario á audiencia, coidará de expresar os recursos de apelación nun efecto que haxa pendentes. Na audiencia quedará en suspenso a aplicación dos artigos 627 e seguintes ata que sexan resoltas as apelacións pendentes. Se estas fosen desestimadas, en canto a resolución en que así se acorde sexa firme, continuará a substanciación da causa conforme os artigos citados; e de dar lugar a algunha apelación, revogarase sen máis trámite o auto do xuíz en que se declara concluso o sumario e o secretario xudicial devolveralle este con testemuño do auto resolutorio da apelación, para a práctica das dilixencias que sexan consecuencia de tal resolución.»

Setenta e dous. O artigo 626 queda redactado como segue:

«Artigo 626.

Recibidos no tribunal os autos e pezas de convicción, o secretario xudicial designará o maxistrado relator que por quenda corresponda.

Fóra dos casos previstos nos dous artigos anteriores, e durante o tempo que falte para cumprir o termo do emprazamento, o maxistrado relator abrirá os pregos e demais obxectos cerrados e selados que remitiu o xuíz de instrución.

Da apertura expedirá acta o secretario xudicial, na cal se fará constar o estado en que se ache.»

Setenta e tres. O artigo 627 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 627.

Transcorrido ese prazo, o secretario xudicial pasará os autos para instrución por outro, que non baixará de tres días nin excederá os dez, segundo o volume do proceso, ao Ministerio Fiscal, se a causa versa sobre delito en que deba ter intervención, despois ao procurador do querelante, se compareceu, e por último á defensa do procesado ou procesados.

Se a causa excede os mil folios, o secretario xudicial poderá prorrogar o prazo, sen que en ningún caso poida exceder a prórroga outro tanto máis.

Ao ser devolta, xuntarase escrito conformándose co auto do inferior que declarase terminado o sumario, ou pedindo a práctica de novas dilixencias.

No mesmo escrito, se a opinión é de conformidade co auto de terminación do sumario, solicitará o Ministerio Fiscal, cando interveña, o procurador do querelante, se o houber, e a defensa do procesado ou procesados, o que consideren conveniente ao seu dereito, respecto á apertura do xuízo oral ou sobresemento de calquera clase.»

Setenta e catro. O artigo 628 queda redactado como segue:

«Artigo 628.

Devolta a causa ou recollida de poder do último que a recibiu, o secretario xudicial pasaralla inmediatamente ao relator, cos escritos presentados, por prazo de tres días.»

Setenta e cinco. O artigo 629 queda redactado como segue:

«Artigo 629.

O secretario xudicial, ao entregar a causa, disporá o que considere conveniente para que o fiscal, o querelante e o procesado ou procesados, se é o caso, poidan examinar a correspondencia, libros, papeis e demais pezas de convicción sen perigo de alteración no seu estado.»

Setenta e seis. O artigo 646 queda redactado como segue:

«Artigo 646.

Ademais dos testemuños de adiantos das causas que o secretario xudicial está obrigado a dirixir ao fiscal da respectiva audiencia, deberalle remitir tamén testemuño especial de todas as providencias ou autos apelables, ou que se refiran a dilixencias periciais ou de recoñecemento que lle interese coñecer para o exercicio do seu dereito como parte acusadora, cando non poida notificarlos directamente, sen que por isto se suspenda a práctica das ditas dilixencias, a non ser que o fiscal reservase para si anticipadamente o dereito de intervir nelas, e non se irrogase prexuízo da suspensión.»

Setenta e sete. O segundo parágrafo do artigo 647 queda redactado como segue:

«De todos modos xustificará a recepción dos testemuños desta clase no mesmo día que os reciba.»

Setenta e oito. O artigo 648 queda redactado como segue:

«Artigo 648.

Os fiscais levarán un rexistro para anotar os partes de formación de causa que reciban, os testemuños de adiantos máis notables que lles remitan os secretarios xudiciais, especialmente os que expresa o artigo 646, e as contestacións que pola súa vez emitan, ou recursos que interpoñan.»

Setenta e nove. O artigo 649 queda redactado como segue:

«Artigo 649.

Cando se mande abrir o xuízo oral, o secretario xudicial comunicará a causa ao fiscal, ou ao acusador privado se versa sobre delito que non poida ser perseguido de oficio, para que no prazo de cinco días cualifiquen por escrito os feitos.

Unha vez ditada esta resolución, serán públicos todos os actos do proceso.»

Oitenta. O parágrafo primeiro do artigo 651 queda redactado como segue:

«Devolta a causa polo fiscal, o secretario xudicial pasaraa por igual termo e co mesmo obxecto ao acusador particular, se o houber, quen presentará o escrito de cualificación, asinado polo seu avogado e procurador na forma anteriormente indicada.»

Oitenta e un. O artigo 652 queda redactado como segue:

«Artigo 652.

Seguidamente o secretario xudicial comunicará a causa aos procesados e ás terceiras persoas civilmente responsables, para que en igual termo e pola súa orde manifesten tamén, por conclusións numeradas e correlativas ás da cualificación que a eles se refira, se están ou non conformes con cada unha ou, noutro caso, consignent os puntos de diverxencia.

O secretario xudicial solicitará a designación para o efecto de avogado e procurador, se non os tivesen.»

Oitenta e dous. O artigo 654 queda redactado como segue:

«Artigo 654.

O secretario xudicial, ao dar traslado da causa ás partes en cumprimento do disposto nos artigos anteriores, disporá o que considere conveniente para que estas poidan examinar a correspondencia, libros, papeis e demais pezas de convicción, sen perigo de alteración no seu estado.»

Oitenta e tres. O artigo 658 queda redactado como segue:

«Artigo 658.

Presentados os escritos de cualificación, ou recollida a causa de poder de quen a tiver despois de transcorrido o prazo sinalado no artigo 649, o secretario xudicial ditará dilixencia tendo por feita a cualificación, e acordará pasar a causa ao relator, por termo de terceiro día, para o exame das probas propostas.»

Oitenta e catro. Modifícase o parágrafo 5º do artigo 659 e engádense un 6º e un 7º coa seguinte redacción:

«Á vista deste auto, o secretario xudicial establecerá o día e a hora en que deban comezar as sesións do xuízo oral, con suxeición ao establecido no artigo 182 da Lei de axuizamento civil.

Os criterios xerais e as concretas e específicas instrucións que fixen os presidentes de sala ou sección, conforme os cales se realizará o sinalamento, terán, así mesmo, en conta:

- 1.º A prisión do acusado,
- 2.º O aseguramento da súa presenza á disposición xudicial,
- 3.º As demais medidas cautelares persoais adoptadas,
- 4.º A prioridade doutras causas,
- 5.º A complexidade da proba proposta ou calquera circunstancia modificativa, segundo puidesen determinar unha vez estudado o asunto ou preito de que se trate.

En todo caso, aínda que non sexa parte no proceso nin deba intervir, o secretario xudicial deberá informar a vítima por escrito da data e lugar de celebración do xuízo».

Oitenta e cinco. O artigo 660 queda redactado como segue:

«Artigo 660.

O secretario xudicial expedirá os exhortos ou mandamentos necesarios para a citación dos peritos e testemuñas que a parte designase con este obxecto.

Os exhortos ou mandamentos serán remitidos de oficio para o seu cumprimento, a non ser que a parte pida que se lle entreguen.

Neste caso, o secretario xudicial sinalará un prazo dentro do cal os deberá devolver formalizados.»

Oitenta e seis. Modifícanse os parágrafos terceiro e quinto do artigo 662, que quedan redactados da seguinte maneira:

«Alegada a recusación, o secretario xudicial dará traslado do escrito por igual termo á parte que intente valerse do perito recusado.»

«Transcorrido o prazo de proba, o secretario xudicial sinalará día para a vista, á que poderán asistir as partes e os seus defensores, e dentro do prazo legal o tribunal resolverá o incidente.»

Oitenta e sete. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 664, que queda redactado como segue:

«O tribunal disporá tamén que os procesados que estean presos sexan inmediatamente conducidos ao cárcere da localidade en que se deba continuar o xuízo, citándoos o secretario xudicial para iso, así como os que estiveren en liberdade provisional para que se presenten no día sinalado, e igualmente notificará o auto aos fiadores ou donos dos bens dados en fianza, expedíndose para todo iso os exhortos e mandamentos necesarios.»

Oitenta e oito. O artigo 673 queda redactado como segue:

«Artigo 673.

Transcorrido o prazo de proba, o secretario xudicial sinalará inmediatamente día para a vista, na cal poderán informar o que conveña ao seu dereito os defensores das partes se estas o pedisen.»

Oitenta e nove. O parágrafo primeiro do artigo 688 queda redactado como segue:

«No día sinalado para dar principio ás sesións, o secretario xudicial velará por que se encontren no local do tribunal as pezas de convicción que se recollenen, e o presidente, no momento oportuno, declarará aberta a sesión.»

Noventa. Os parágrafos segundo e terceiro do artigo 701 quedan redactados como segue:

«Darase conta do feito que motivou a formación do sumario e do día en que este se comezou a instruír, expresando ademais se o procesado está en prisión ou en liberdade provisional, con ou sen fianza.

Darase lectura aos escritos de cualificación e ás listas de peritos e testemuñas que se presentasen oportunamente, facendo relación das probas propostas e admitidas.»

Noventa e un. O parágrafo terceiro do artigo 709 queda redactado como segue:

«Neste caso, constará na acta a pregunta ou repregunta a que o presidente prohibise contestar.»

Noventa e dous. O parágrafo primeiro do artigo 719 queda redactado como segue:

«Se a testemuña imposibilitada de concorrer á sesión non reside no lugar en que esta se celebre, o secretario xudicial expedirá exhorto ou mandamento para que sexa examinado ante o xuíz correspondente, con suxeición ás prescricións contidas nesta sección.»

Noventa e tres. O parágrafo segundo do artigo 722 queda redactado como segue:

«O secretario xudicial fixaraa mediante decreto, tendo en conta unicamente os gastos da viaxe e o importe dos xornais perdidos pola testemuña con motivo da súa comparecencia para declarar.»

Noventa e catro. Engádesse un cuarto parágrafo ao artigo 742 co seguinte contido:

«O secretario xudicial notificará a sentenza por escrito aos ofendidos e prexudicados polo delito, aínda que non se mostrasen parte na causa.»

Noventa e cinco. O artigo 743 queda redactado como segue:

«Artigo 743.

1. O desenvolvemento das sesións do xuízo oral rexistrárase en soporte apto para a gravación e reprodución do son e da imaxe. O secretario xudicial deberá custodiar o documento electrónico que sirva de soporte á gravación. As partes poderán pedir, á súa custa, copia das gravacións orixinais.

2. Sempre que se conte cos medios tecnolóxicos necesarios, o secretario xudicial garantirá a autenticidade e integridade do gravado ou reproducido mediante a utilización da sinatura electrónica recoñecida ou outro sistema de seguranza que conforme a lei ofrezca tales garantías. Neste caso, a celebración do acto non requirirá a presenza na sala do secretario xudicial agás que o solicitasen as partes, polo menos dous días antes da celebración da vista, ou que excepcionalmente o considere necesario o secretario xudicial, atendendo á complexidade do asunto, ao número e natureza das probas que se van practicar, ao número de intervenientes, á posibilidade de que se produzan incidencias que non puidesen rexistrarse, ou á concorrencia doutras circunstancias igualmente excepcionais que o xustifiquen, suposto en que o secretario xudicial expedirá acta sucinta nos termos previstos no punto seguinte.

3. Se os mecanismos de garantía previstos no punto anterior non se puidesen utilizar, o secretario xudicial deberá consignar na acta, polo menos, os seguintes datos: número e clase de procedemento; lugar e data de celebración; tempo de duración, asistentes ao acto; peticións e propostas das partes; en caso de proposición de probas, declaración de pertinencia e orde na práctica destas; resolucións que adopte o xuíz ou tribunal; así como as circunstancias e incidencias que non puidesen constar naquel soporte.

4. Cando os medios de rexistro previstos neste artigo non se puidesen utilizar por calquera causa, o secretario xudicial expedirá acta de cada sesión, recollendo nela, coa extensión e detalle necesarios, o contido esencial da proba practicada, as incidencias e reclamacións producidas e as resolucións adoptadas.

5. A acta prevista nos números 3 e 4 deste artigo expedirase por procedementos informáticos, sen que poida ser manuscrita máis que nas ocasións en que a sala en que se estea celebrando a actuación careza de medios informáticos. Nestes casos, ao terminar a sesión o secretario xudicial lerá a acta, facendo nela as rectificacións que as partes reclamen, se as considera procedentes. Esta acta asinarana o presidente e os membros do tribunal, o fiscal e os defensores das partes.»

Noventa e seis. O artigo 749 queda redactado como segue:

«Artigo 749.

Cando por razón dos casos previstos nos números 4º e 5º do artigo 746 haxa que prolongar indefinidamente a suspensión do xuízo, ou por un tempo demasiado longo, declarárase sen efecto a parte do xuízo celebrada.

O mesmo poderá acordar o tribunal no caso do número 6º, se a preparación dos elementos de proba ou a sumaria instrución suplementaria exige algún tempo.

En ambos os casos, o secretario xudicial sinalará día para novo xuízo cando desapareza a causa da suspensión ou poidan ser substituídas as persoas substituíbles.»

Noventa e sete. O artigo 753 queda redactado como segue:

«Artigo 753.

En todo caso, o secretario xudicial suspenderá os procedementos desde o día en que se dea coñecemento ás Cortes, estean ou non abertas, permanecendo as cousas no estado en que entón se achen, ata que o corpo colexislador respectivo resolva o que teña por conveniente.»

Noventa e oito. O segundo parágrafo do número 2 do artigo 759 queda redactado como segue:

«O secretario xudicial dará vista da exposición e antecedentes ao Ministerio Fiscal e ás partes que compareceron por prazo de dous días e, logo de oídos todos, o tribunal, sen máis trámites, resolverá dentro do terceiro día o que considere procedente, comunicando esta resolución ao xuíz que a expuxese para o seu cumprimento.»

Noventa e nove. O parágrafo terceiro do artigo 760 queda redactado como segue:

«Acordado polo xuíz ou tribunal o procedemento que deba seguirse, o secretario xudicial farao saber inmediatamente ao Ministerio Fiscal, ao imputado e ás partes que compareceron.»

Cen. O número 2 do artigo 761 queda redactado como segue:

«2. Sen prexuízo do que se dispón no punto anterior, o secretario xudicial instruirá o ofendido ou prexudicado polo delito dos dereitos que o asisten conforme o disposto nos artigos 109 e 110 e demais disposicións, podendo mostrarse parte na causa sen necesidade de formular querela. Así mesmo, informarao da posibilidade e procedemento para solicitar as axudas que conforme coa lexislación vixente poidan corresponderlle.»

Cento un. Os números 3, 4 e 5 do artigo 766 quedan redactados como segue:

«3. O recurso de apelación presentarase dentro dos cinco días seguintes á notificación do auto impugnado ou do resolutorio do recurso de reforma, mediante escrito en que se exporán os motivos do recurso, sinaláranse os particulares que haxa que testemuñar e ao que se xuntarán, se é o caso, os documentos xustificativos das peticións formuladas. Admitido a trámite o recurso polo xuíz, o secretario xudicial dará traslado ás demais partes que compareceron por un prazo común de cinco días para que poidan alegar por escrito o que consideren conveniente, sinalar outros particulares que deban ser testemuñados e presentar os documentos xustificativos das súas pretensións. Nos dous días seguintes á finalización do prazo, remitirá testemuño dos particulares sinalados á audiencia respectiva que, sen máis trámites, resolverá dentro dos cinco días seguintes. Excepcionalmente, a audiencia poderá

reclamar as actuacións para a súa consulta sempre que con iso non se obstaculice a tramitación daquelas. Nestes casos, deberán devolverse as actuacións ao xuíz no prazo máximo de tres días.

4. Se o recurso de apelación se interpuxese subsidiariamente co de reforma, se este resulta total ou parcialmente desestimatorio, antes de dar traslado ás demais partes que compareceron, o secretario xudicial dará traslado ao recorrente por un prazo de cinco días para que formule alegacións e poida presentar, se é o caso, os documentos xustificativos das súas peticións.

5. Se no auto impugnado en apelación se acorda a prisión provisional dalgún dos imputados, respecto do dito pronunciamento poderá o apelante solicitar no escrito de interposición do recurso a celebración de vista, que acordará a audiencia respectiva. Cando o auto impugnado conteña outros pronunciamentos sobre medidas cautelares, a audiencia poderá acordar a celebración de vista se o considera conveniente. O secretario xudicial sinalará a vista dentro dos dez seguintes á recepción da causa na dita audiencia.»

Cento dous. O parágrafo cuarto do número 1 do artigo 773 queda redactado como segue:

«Tan pronto como o xuíz ordene a incoación do procedemento para as causas ante o tribunal do xurado, o secretario xudicial porao en coñecemento do Ministerio Fiscal, quen comparecerá e intervirá en cantas actuacións se leven a cabo ante aquel.»

Cento tres. O parágrafo segundo do número 1 do artigo 783 queda redactado como segue:

«Cando o xuíz de instrución decreta a apertura do xuízo oral só por instancia do Ministerio Fiscal ou da acusación particular, o secretario xudicial dará novo traslado a quen solicitou o sobresemento por prazo de tres días para que formule escrito de acusación, agás que renunciase a iso.»

Cento catro. O parágrafo primeiro do punto primeiro, e os puntos cuarto e quinto do artigo 784 quedan redactados como segue:

«1. Aberto o xuízo oral, o secretario xudicial emprazará o imputado, con entrega de copia dos escritos de acusación, para que no prazo de tres días compareza na causa con avogado que o defenda e procurador que o represente. Se non exercese o seu dereito a designar procurador ou a solicitar un de oficio, o secretario xudicial solicitará, en todo caso, o seu nomeamento. Cumprido ese trámite, o secretario xudicial dará traslado das actuacións orixinais, ou mediante fotocopia, aos designados como acusados e terceiros responsables nos escritos de acusación, para que en prazo común de dez días presenten escrito de defensa fronte ás acusacións formuladas.»

«4. Se, aberto o xuízo oral, os acusados están en ignorado paradiro e non fixeron a designación de domicilio a que se refire o artigo 775 e, en calquera caso, se a pena solicitada excede os límites establecidos no parágrafo segundo do número 1 do artigo 786, o xuíz mandará expedir requisitoria para o seu chamamento e busca, declarándoo rebeldes, se non comparecen ou non son encontrados, cos efectos previstos nesta lei.»

«5. Presentado o escrito de defensa ou transcorrido o prazo para facelo, o secretario xudicial acordará remitir o actuado ao órgano competente para o axuízamento, notificándollelo ás partes, agás cando o axuízamento corresponda ao xuízo do penal e este se desprazase periodicamente á sede do xulgado instrutor para a celebración dos xuízos procedentes del, caso en que permanecerán as actuacións na oficina xudicial á disposición do xuíz do penal.»

Cento cinco. O artigo 785 queda redactado como segue:

«Artigo 785.

1. En canto as actuacións se encontren á disposición do órgano competente para o axuizamento, o xuíz ou tribunal examinará as probas propostas e inmediatamente ditará auto admitindo as que considere pertinentes e rexeitando as demais, e preverá o necesario para a práctica da proba anticipada.

Contra os autos de admisión ou inadmisión de probas non caberá ningún recurso, sen prexuízo de que a parte á cal foi denegada poida reproducir a súa petición ao inicio das sesións do xuízo oral, momento ata o cal poderán incorporarse á causa os informes, certificacións e demais documentos que o Ministerio Fiscal e as partes consideren oportuno e o xuíz ou tribunal admitan.

2. Á vista deste auto, o secretario xudicial establecerá o día e hora en que deban comezar as sesións do xuízo oral con suxeición ao establecido ao artigo 182 da Lei de axuizamento civil.

Os criterios xerais e as concretas e específicas instrucións que fixen os presidentes de sala ou sección, conforme os cales se realizará o sinalamento, terán, así mesmo, en conta:

- 1.º A prisión do acusado,
- 2.º O aseguramento da súa presenza á disposición xudicial,
- 3.º As demais medidas cautelares persoais adoptadas,
- 4.º A prioridade doutras causas,
- 5.º A complexidade da proba proposta ou calquera circunstancia modificativa, segundo puidesen determinar unha vez estudado o asunto ou preito de que se trate.

3. En todo caso, aínda que non sexa parte no proceso nin deba intervir, o secretario xudicial deberá informar a vítima por escrito da data e lugar de celebración do xuízo.»

Cento seis. O número 2 do artigo 786 queda redactado como segue:

«2. O xuízo oral comezará coa lectura dos escritos de acusación e de defensa. Seguidamente, por instancia de parte, o xuíz ou tribunal abrirá unha quenda de intervencións para que poidan as partes expor o que consideren oportuno acerca da competencia do órgano xudicial, vulneración dalgún dereito fundamental, existencia de artigos de pronunciamento previo, causas da suspensión de xuízo oral, nulidade de actuacións, así como sobre o contido e finalidade da probas propostas ou que se propoñan para practicarse no acto. O xuíz ou tribunal resolverá no mesmo acto o procedente sobre as cuestións formuladas. Fronte á decisión adoptada non caberá ningún recurso, sen prexuízo da pertinente protesta e de que a cuestión poida ser reproducida, se é o caso, no recurso fronte á sentenza.»

Cento sete. O número 4 do artigo 787 queda redactado como segue:

«4. Unha vez que a defensa manifeste a súa conformidade, o xuíz ou presidente do tribunal informará o acusado das súas consecuencias e a continuación requirirao co fin de que manifeste se presta a súa conformidade. Cando o xuíz ou tribunal albergue dúbidas sobre se o acusado prestou libremente a súa conformidade, acordará a continuación do xuízo.

Tamén poderá acordar a continuación do xuízo cando, non obstante a conformidade do acusado, o seu defensor o considere necesario e o xuíz ou tribunal considere fundada a súa petición.»

Cento oito. Os números 1, 5 e 6 do artigo 788 quedan redactados como segue:

«1. A práctica da proba realizarase concentradamente, nas sesións consecutivas que sexan necesarias.

Excepcionalmente, poderá acordar o xuíz ou tribunal a suspensión ou aprazamento da sesión, ata o límite máximo de trinta días, nos supostos do artigo 746, conservando a súa validez os actos realizados, agás que se produza a substitución do xuíz ou membro do tribunal no caso do número 4 do dito artigo. Neses casos sempre que o sinalamento da continuación poida realizarse ao mesmo tempo en que se acorde a suspensión, farao o xuíz ou presidente, que terá en conta as necesidades da axenda programada de sinalamentos e as demais circunstancias contidas nos artigos 182.4 da Lei de axuizamento civil e 785.2 desta lei.

Do mesmo modo se actuará nos casos en que se interrompa ou suspenda un xuízo oral xa iniciado e o novo sinalamento de vista poida realizarse ao mesmo tempo en que se acorde a interrupción ou suspensión.

Nos restantes casos, o sinalamento de data para o novo xuízo oral farao o secretario xudicial, para a data máis inmediata posible, axustándose ao previsto no artigo 785.2 desta lei.

Non será causa de suspensión do xuízo a falta de acreditación da sanidade, da taxación de danos ou da verificación doutra circunstancia de análoga significación, sempre que non sexa requisito imprescindible para a cualificación dos feitos. En tal caso, a determinación cuantitativa da responsabilidade civil quedará diferida ao trámite de execución, fixándose na sentenza as súas bases.»

«5. Cando todas as acusacións cualifiquen os feitos como delitos castigados con pena que exceda a competencia do xuíz do penal, declararase este incompetente para vulgar, dará por terminado o xuízo e o secretario xudicial remitirá as actuacións á audiencia competente. Fóra do suposto anterior, o xuíz do penal resolverá o que considere pertinente acerca da continuación ou finalización do xuízo, pero en ningún caso poderá impor unha pena superior á correspondente á súa competencia.»

«6. En canto se refire á gravación das sesións do xuízo oral e á súa documentación, serán aplicables as disposicións contidas no artigo 743 desta lei.»

Cento nove. Os números 2, 4 e 5 do artigo 789 quedan redactados como segue:

«2. O xuíz do penal poderá ditar sentenza oralmente no acto do xuízo, documentándose na acta con expresión do ditame e unha sucinta motivación, sen prexuízo da ulterior redacción daquela. Se o fiscal e as partes, coñecido o ditame, expresasen a súa decisión de non interpor recurso, o xuíz, no mesmo acto, declarará a firmeza da sentenza, e pronunciarase, logo de audiencia das partes, sobre a suspensión ou a substitución da pena imposta.»

«4. O secretario xudicial notificará a sentenza por escrito aos ofendidos e prexudicados polo delito, aínda que non se mostrasen parte na causa.»

«5. Cando a instrución da causa correspondese a un vulgado de violencia sobre a muller, o secretario xudicial remitirá a este a sentenza por testemuño de forma inmediata. Igualmente lle remitirá a declaración de firmeza e a sentenza de segunda instancia cando esta fose revogatoria, en todo ou en parte, da sentenza previamente ditada.»

Cento dez. Os números 1 e 5 do artigo 790 quedan redactados como segue:

«1. A sentenza ditada polo xuíz do penal é apelable ante a audiencia provincial correspondente, e a do xuíz central do penal, ante a Sala do Penal da Audiencia Nacional. O recurso poderá ser interposto por calquera das partes, dentro dos dez días seguintes a aquel en que se lles notificase a sentenza. Durante este período estarán as actuacións na oficina xudicial á disposición das partes, as cales no prazo dos tres días seguintes ao da notificación da sentenza poderán solicitar copia dos soportes en que se gravaron as sesións, con suspensión do prazo para a interposición do recurso. O cómputo do prazo reiniciarase unha vez que sexan entregadas as copias solicitadas.

A parte que non apelase no prazo sinalado poderá adherirse á apelación no trámite de alegacións previsto no número 5, exercendo as pretensións e alegando

os motivos que conveñan ao seu dereito. En todo caso, este recurso quedará supeditado a que o apelante manteña o seu.

As demais partes poderán impugnar a adhesión, no prazo de dous días, unha vez conferido o traslado previsto no número 6.»

«5. Admitido o recurso, o secretario xudicial dará traslado do escrito de formalización ás demais partes por un prazo común de dez días. Dentro deste prazo deberanse presentar os escritos de alegacións das demais partes, nos cales poderá solicitarse a práctica de proba nos termos establecidos no número 3 e nos que se fixará un domicilio para notificacións.»

Cento once. O artigo 791 queda redactado como segue:

«Artigo 791.

1. Se os escritos de formalización ou de alegacións conteñen proposición de proba ou reprodución da gravada, o tribunal resolverá en tres días sobre a admisión da proposta e acordará, se é o caso, que o secretario xudicial sinala día para a vista. Tamén poderá celebrarse vista cando, de oficio ou por petición de parte, a considere o tribunal necesaria para a correcta formación dunha convicción fundada.

2. O secretario xudicial sinalará a vista dentro dos quince días seguintes e a ela serán citadas todas as partes. A vítima deberá ser informada polo secretario xudicial, aínda que non se mostrase parte nin sexa necesaria a súa intervención.

A vista celebrarase empezando, se é o caso, pola práctica da proba e pola reprodución das gravacións se procede. A continuación, as partes resumirán oralmente o seu resultado e o fundamento das súas pretensións.

3. En canto se refire á gravación da vista e á súa documentación, serán aplicables as disposicións contidas no artigo 743.»

Cento doce. O artigo 794 queda redactado como segue:

«Artigo 794.

Tan pronto como sexa firme a sentenza, o xuíz ou a audiencia que a ditou procederá á súa execución, conforme as disposicións xerais da lei, observándose as seguintes regras:

1.^a Se non se fixase no ditame a contía indemnizatoria, calquera das partes poderá instar, durante a execución da sentenza, a práctica das probas que considere oportunas para a súa precisa determinación. Desta pretensión o secretario xudicial dará traslado ás demais para que, no prazo común de dez días, pidan por escrito o que conveña ao seu dereito. O xuíz ou tribunal rexeitará a práctica de probas que non se refiran ás bases fixadas na sentenza.

Practicada a proba, e oídas as partes por un prazo común de cinco días, fixarase mediante auto, nos cinco días seguintes, a contía da responsabilidade civil. O auto ditado polo xuíz do penal será apelable ante a audiencia respectiva.

2.^a Nos casos en que se impuxese a pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, o secretario xudicial procederá á inmediata retirada do permiso e licenza habilitante, se tal medida non estivese xa acordada, deixando unido o documento aos autos e remitirá mandamento á Xefatura Central de Tráfico para que o deixe sen efecto e non expida outro novo ata a extinción da condena.»

Cento trece. O número 3 do artigo 797 queda redactado como segue:

«3. O avogado designado para a defensa terá tamén habilitación legal para a representación do seu defendido en todas as actuacións que se verifiquen ante o xuíz de garda.

Para garantir o exercicio do dereito de defensa, o xuíz, unha vez incoadas dilixencias urxentes, disporá que se lle dea traslado de copia do atestado e de cantas actuacións se realizasen ou se realicen no xulgado de garda.»

Cento catorce. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 800, que quedan redactados da seguinte forma:

«2. Aberto o xuízo oral, se non se constituíu acusación particular, o Ministerio Fiscal presentará de inmediato o seu escrito de acusación, ou formulará esta oralmente. O acusado, á vista da acusación formulada, poderá no mesmo acto prestar a súa conformidade conforme o disposto no artigo seguinte. Noutro caso, presentará inmediatamente o seu escrito de defensa ou formulará esta oralmente, procedendo entón o secretario do xulgado de garda sen máis trámites á citación das partes para a celebración do xuízo oral.

Se o acusado solicitase a concesión dun prazo para a presentación de escrito de defensa, o xuíz fixarao prudencialmente dentro dos cinco días seguintes, atendidas as circunstancias do feito imputado e os restantes datos que se puxesen de manifesto na investigación, procedendo no acto o secretario xudicial á citación das partes para a celebración do xuízo oral e ao emprazamento do acusado e, se é o caso, do responsable civil para que presenten os seus escritos ante o órgano competente para o axuizamento.»

«3. O secretario do xulgado de garda fará o sinalamento para a celebración do xuízo oral na data máis próxima posible e, en calquera caso, dentro dos quince días seguintes, nos días e horas predeterminados para tal fin nos órganos xudiciais axuizadores e axustándose ao previsto no artigo 785.2 desta lei. Para estes efectos, o Consello Xeral do Poder Xudicial, de acordo co establecido no artigo 110 da Lei orgánica do poder xudicial, ditará os regulamentos oportunos para a ordenación, coordinadamente co Ministerio Fiscal, dos sinalamentos de xuízos orais que realicen os xulgados de garda ante os xulgados do penal.

Tamén se acordará a práctica das citacións propostas polo Ministerio Fiscal, levando a cabo no acto o secretario xudicial as que sexan posibles, sen prexuízo da decisión que sobre a admisión de probas adopte o órgano axuizador.»

Cento quince. O número 4 do artigo 801 queda redactado como segue:

«Ditada sentenza de conformidade e practicadas as actuacións a que se refire o número 2, o xuíz de garda acordará o procedente sobre a posta en liberdade ou o ingreso en prisión do condenado e realizará os requirimentos que dela deriven, e o secretario xudicial remitirá seguidamente as actuacións xunto coa sentenza redactada ao xulgado do penal que corresponda, que continuará a súa execución.»

Cento dezaseis. O número 2 do artigo 802 queda redactado como segue:

«2. No caso de que, por motivo xusto valorado polo xuíz, non poida celebrarse o xuízo oral no día sinalado, ou de que non poida concluírse nun só acto, sinalará data para a súa celebración ou continuación o día máis inmediato posible e, en todo caso, dentro dos quince seguintes, tendo en conta as necesidades da axenda programada de sinalamentos e as demais circunstancias contidas no artigo 182.4 da Lei de axuizamento civil e artigo 785 desta lei, o que se fará saber aos interesados.»

Cento dezasete. O artigo 808 queda redactado como segue:

«Artigo 808.

De se tratar de inxurias ou calumnias inferidas verbalmente, presentada a querela, o xuíz instrutor mandará convocar a xuízo verbal o querelante, o querelado

e as testemuñas que poidan dar razón dos feitos, e o secretario xudicial sinalará día e hora para a celebración do xuízo.»

Cento dezaioito. O artigo 815 queda redactado como segue:

«Artigo 815.

As sesións do xuízo documentaranse na acta conforme o disposto no artigo 743 desta lei.»

Cento dezanove. O primeiro parágrafo do artigo 816 queda redactado como segue:

«Inmediatamente que se dea principio a un procedemento por delito cometido por medio da imprenta, a gravación ou outro medio mecánico de publicación, o xuíz ou tribunal acordará o secuestro dos exemplares do impreso ou da estampa onde queira que estiveren e do molde desta.»

Cento vinte. O parágrafo primeiro do artigo 845 queda redactado como segue:

«Se o reo fuxiu ou se ocultou despois de notificada a sentenza e estando pendente recurso de casación, este substanciarase ata definitiva, e o secretario xudicial solicitará que lle sexa nomeado ao rebelde avogado e procurador de oficio.»

Cento vinte e un. O artigo 846 queda redactado como segue:

«Artigo 846.

Cando o declarado rebelde nos casos dos artigos 840 e 841 se presente ou sexa achado, o xuíz ou tribunal abrirá novamente a causa para continuala segundo o seu estado.»

Cento vinte e dous. O artigo 846 bis d) queda redactado como segue:

«Artigo 846 bis d).

Do escrito mediante o que se interpón recurso de apelación o secretario xudicial dará traslado, unha vez concluído o prazo para interpor recurso, ás demais partes, as que, en termo de cinco días, poderán impugnar o recurso ou formular recurso supeditado de apelación. De o interporen darase traslado ás demais partes.

Concluído o prazo de cinco días sen que se impugne ou se formule apelación supeditada ou, se é o caso, efectuado o traslado ás demais partes, o secretario xudicial emprazaráas a todas ante a Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza para que comparezan no prazo de dez días.

Se o apelante principal non comparece ou manifesta a súa renuncia ao recurso, o secretario xudicial devolverá os autos á audiencia provincial, que declarará firme a sentenza e procederá á súa execución.»

Cento vinte e tres. O primeiro parágrafo do artigo 846 bis e) queda redactado como segue:

«Comparecido o apelante, o secretario xudicial sinalará día para a vista do recurso citando as partes que comparecen e, en todo caso, o condenado e terceiro responsable civil.»

Cento vinte e catro. O parágrafo segundo do artigo 857 queda redactado como segue:

«Se a parte que prepare o recurso fose declarada insolvente, total ou parcial, ou se se lle tiver recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta, pedirá ao tribunal que se faga constar expresamente esta circunstancia na certificación da sentenza

que deberá expedirse, e obrigarse ademais a responder, se chega a mellor fortuna, do importe do depósito que, segundo os casos, deba constituír.»

Cento vinte e cinco. Dáse nova redacción ao artigo 859, nos seguintes termos:

«Artigo 859.

Na mesma resolución en que se teña por preparado o recurso mandarase que o secretario xudicial expida, no prazo de tres días, o testemuño da sentenza, cos votos particulares se os houber e unha vez expedido, o secretario xudicial emprazará as partes para que comparezan ante a Sala Segunda do Tribunal Supremo, dentro do prazo improrrogable de 15 días, se se refire a resolucións ditadas por tribunais con sede na Península; de 20 días, se teñen sede na Comunidade Autónoma das Illes Balears e de 30, se teñen sede na Comunidade Autónoma de Canarias ou nas cidades autónomas de Ceuta ou Melilla.»

Cento vinte e seis. O artigo 860 terá a seguinte redacción:

«Artigo 860.

O recorrente a quen, para a súa defensa, lle fose recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta ou fose declarado insolvente, total ou parcial, poderá solicitar do tribunal sentenciador que remita directamente á Sala Segunda do Supremo o testemuño necesario para a interposición do recurso ou, se é o caso, a certificación do auto denegatorio deste.

A sala acordará que o secretario xudicial solicite o nomeamento de avogado e procurador que poidan interpor o recurso que corresponda, se o recorrente non os designase. Nun e noutro caso, a sala sinalará o prazo dentro do cal se debe interpor.»

Cento vinte e sete. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 861 nos termos seguintes:

«Á vez que a certificación expresada, o secretario xudicial remitirá outra en que expresará sucintamente a causa, os nomes das partes, o delito, a data de entrega do testemuño ao recorrente e, se o acusado se encontra en prisión provisional, a data en que conclúe tal situación, así como a do emprazamento ás partes.»

Cento vinte e oito. O artigo 864 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 864.

Nas copias certificadas dos autos denegatorios previstas nos artigos anteriores, o secretario xudicial fará constar tamén a situación económica dos que intenten a queixa nos termos que prevén o artigo 858.»

Cento vinte e nove. O artigo 866 queda redactado como segue:

«Artigo 866.

Transcorrido o termo do emprazamento sen que comparecese o recorrente en queixa, o secretario xudicial ditará decreto en que declare deserto o recurso, coas custas, e comunicarao ao tribunal sentenciador para os efectos que correspondan, e quedará firme e consentido o auto denegatorio. Contra este decreto caberá recurso directo de revisión.»

Cento trinta. O artigo 868 terá a redacción seguinte:

«Artigo 868.

Cando o recorrente sexa insolvente total ou parcial ou cando teña recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta, e durante o termo do emprazamento compareza ante a Sala Segunda do Tribunal Supremo na forma que prevé o artigo 874, a sala

acordará que o secretario xudicial solicite o nomeamento de avogado e procurador de oficio para a súa defensa, e que lles entregue a copia certificada do auto denegatorio para que, no prazo de tres días, formalicen o recurso de queixa, se o consideran procedente, ou se escuse o avogado no caso de non achar méritos para iso.»

Cento trinta e un. Modifícase o artigo 870, nos seguintes termos:

«Artigo 870.

Cando a sala considere fundada a queixa revogará o auto denegatorio e mandará ao tribunal sentenciador que expida a certificación da resolución reclamada e practique o demais que se prevén nos artigos 858 e 861.

Cando a queixa non sexa procedente, a xuízo da sala, desestimaraa coas custas e comunicarllo ao tribunal sentenciador para os efectos correspondentes.

Cando resulten falsos os feitos alegados como fundamento da queixa, a sala poderá impor ao particular recorrente, de forma motivada, unha multa que poderá oscilar entre 180 e 6.000 euros respectando en todo caso o principio de proporcionalidade e tendo en conta as circunstancias do feito de que se trate, así como os prexuízos que se tivesen podido causar ao procedemento ou ao resto de partes procesuais.

Ante a falsidade dos feitos alegados na queixa e sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, o tribunal acordará dar traslado da actuación realizada contra as normas da boa fe procesual aos colexios profesionais competentes por se puidese proceder a imposición dalgún tipo de sanción disciplinaria.»

Cento trinta e dous. O primeiro parágrafo do artigo 873 queda redactado como segue:

«O recurso de casación interporase ante a Sala Segunda do Tribunal Supremo dentro dos prazos sinalados no artigo 859. Transcorridos estes prazos sen interpolo ou, se é o caso, o que tivese concedido a sala, de conformidade co disposto no artigo 860, o secretario xudicial ditará decreto declarando deserto o recurso, e quedará firme e consentida a dita resolución. Contra este decreto caberá recurso directo de revisión.»

Cento trinta e tres. O artigo 876 queda redactado como segue:

«Artigo 876.

Cando dentro do emprazamento ou ao día seguinte da designación manifeste o procurador do recorrente o seu propósito de interpor o recurso, ou o fiscal o solicite, a sala mandará abrir o prego que conteña a certificación de votos reservados e comunicalos cos autos ás partes. Noutro caso non se abrirá ata que o recurso sexa interposto, e desde o día do seu sinalamento para a vista ata a súa celebración poderano examinar as partes na oficina xudicial.»

Cento trinta e catro. O parágrafo segundo do artigo 877 queda redactado como segue:

«Establecerase, ademais da xeral, unha numeración separada para os recursos interpostos contra as resolucións dimanantes de causas en que os condenados estean en prisión.»

Cento trinta e cinco. O artigo 878 queda redactado como segue:

«Artigo 878.

Transcorrido o termo de emprazamento sen que comparecese o recorrente na forma que, segundo os casos, prevé esta lei, o secretario xudicial ditará, sen máis

trámites, decreto declarando deserto o recurso con imposición das custas ao particular recorrente comunicándollo así ao tribunal de instancia para os efectos que procedan. Contra este decreto caberá recurso directo de revisión.»

Cento trinta e seis. O artigo 880 queda redactado como segue:

«Artigo 880.

Interposto o recurso e transcorrido o termo do emprazamento o secretario xudicial designará o maxistrado relator que por quenda corresponda e formará nota autorizada do recurso en prazo de dez días. Esa nota conterá copia literal da parte dispositiva da resolución impugnada, do fundamento de feito desta e do extracto dos motivos de casación previsto no número primeiro do artigo 874, e en relación dos antecedentes da causa e de calquera outro particular que se considere necesario para a resolución do recurso.

O secretario xudicial entregará ás respectivas partes as copias do recurso.»

Cento trinta e sete. O parágrafo primeiro do artigo 881 queda redactado como segue:

«Igualmente, o secretario xudicial solicitará o nomeamento de avogado e procurador para a defensa do procesado, condenado ou absolto pola sentenza, cando non fose o recorrente nin comparecese.»

Cento trinta e oito. O artigo 888 terá a seguinte redacción:

«Artigo 888.

A resolución en que se denegue a admisión do recurso adoptará a forma de auto e publicarase na Colección legislativa, expresando o nome do relator. A resolución en que se admita non se publicará.

Os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito das decisións limitaranse aos puntos pertinentes á cuestión resolta.

Cando nunha mesma resolución se denegue a admisión do recurso por algún dos seus fundamentos e se admita en canto a outros, ou cando se admita o recurso interposto por un interesado e se denegue respecto doutro, deberá fundarse aquela en canto á parte denegatoria e publicarse na Colección legislativa.»

Cento trinta e nove. O artigo 893 queda redactado como segue:

«Artigo 893.

Se a xuízo da sala é admisible o recurso e, se é o caso, a adhesión a el, acordarao de plano mediante providencia. A providencia en que se acorde a admisión do recurso disporá igualmente que o secretario xudicial proceda ao sinalamento para a vista, se é o caso. De non celebrarse vista, a sala sinalará día para o ditame.

Se se decidise a celebración de vista, o secretario xudicial fará o sinalamento.»

Cento corenta. O artigo 894 queda redactado como segue:

«Artigo 894.

Admitido o recurso e sinalado día para a vista polo secretario xudicial, verificarase esta en audiencia pública, con asistencia do Ministerio Fiscal e dos defensores das partes.

A incomparecencia inustificada destes últimos non será, porén, motivo de suspensión da vista se a sala así o estima.

A sala poderá impor aos letrados que non concorran as correccións disciplinarias que considere necesarias, atendida a gravidade e importancia do asunto. En todo caso, a sala acordará que o secretario xudicial comunique a dita inasistencia ao colexio de avogados correspondente para os efectos da responsabilidade disciplinaria que, se é o caso, proceda.»

Cento corenta e un. O parágrafo segundo do artigo 895 queda redactado como segue:

«De por calquera causa non poder ter lugar a vista no día sinalado, o secretario xudicial designará outro coa maior brevidade, coidando de non alterar no posible a orde establecida.»

Cento corenta e dous. O parágrafo segundo do artigo 901 queda redactado como segue:

«Se o desestimar, declarará que non procede o recurso e condenará o recorrente en custas e á perda do depósito con destino ás atencións determinadas no artigo 890, ou a satisfacer a cantidade equivalente, se tivese recoñecido o dereito de asistencia xurídica gratuíta, para cando mellore a súa fortuna.»

Cento corenta e tres. O artigo 906 terá a seguinte redacción:

«Artigo 906.

Se as sentenzas de que se trata no artigo anterior recaen en causas seguidas por calquera dos delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais ou contra a honra ou concorren circunstancias especiais a xuízo da sala, publicaranse suprimindo os nomes propios das persoas, os dos lugares e as circunstancias que permitan dar a coñecer os acusadores e os acusados e os tribunais que resolvesen o proceso.

Se a sala estima que a publicación da sentenza afecta o dereito á honra, a intimidade persoal ou familiar ou a propia imaxe da vítima ou ben a seguranza pública, poderá ordenar na propia sentenza que non se publique total ou parcialmente.»

Cento corenta e catro. Déixase sen contido o capítulo IV do título II do libro V.

Cento corenta e cinco. O número 1 do artigo 965 queda redactado como segue:

«1. Se non é posible a celebración do xuízo durante o servizo de garda, seguiranse as regras seguintes:

1.^a Se o xuíz estima que a competencia para o axuizamento corresponde ao propio xulgado de instrución, o secretario xudicial procederá en todo caso ao sinalamento para a celebración do xuízo de faltas e ás citacións procedentes para o día hábil máis próximo posible dentro dos predeterminados para tal fin e, en calquera caso, nun prazo non superior a sete días.

2.^a Se o xuíz estima que a competencia para o axuizamento corresponde a outro xulgado, o secretario xudicial remitiralle o actuado para que proceda a realizar o sinalamento do xuízo e as citacións conforme o disposto na regra anterior.»

Cento corenta e seis. O artigo 968 queda redactado como segue:

«Artigo 968.

No caso de que por motivo xusto non poida celebrarse o xuízo oral no día sinalado ou de que non poida concluírse nun só acto, o secretario xudicial sinalará para a súa celebración ou continuación o día máis inmediato posible e, en todo caso, dentro dos sete seguintes, facéndollelo saber aos interesados.»

Cento corenta e sete. O artigo 972 queda redactado como segue:

«Artigo 972.

En canto se refire á gravación da vista e á súa documentación, serán aplicables as disposicións contidas no artigo 743.»

Cento corenta e oito. O artigo 984 queda redactado como segue:

«Artigo 984.

A execución da sentenza nos xuízos sobre faltas corresponde ao órgano que coñecese do xuízo. Cando non puidese practicar por si mesmo todas as dilixencias necesarias dirixirase ao órgano xudicial da circunscrición en que deban ter efecto, para que as practique.

O xuíz de instrución que coñecese en apelación dun xuízo de faltas mandará remitirle os autos orixinais, acompañándoos con certificación da sentenza firme, ao xuíz que coñecese do xuízo en primeira instancia para os efectos do parágrafo anterior.

Para a execución da sentenza, en canto se refire á reparación do dano causado e indemnización de prexuízos, aplicaranse as disposicións establecidas na Lei de axuízamento civil, ben que será en todo caso promovida de oficio polo xuíz que a ditou.»

Cento corenta e nove. O artigo 987 queda redactado como segue:

«Artigo 987.

Cando o tribunal a quen corresponda a execución da sentenza non poida practicar por si mesmo todas as dilixencias necesarias, dirixirase ao órgano xudicial competente do partido ou demarcación en que deban ter efecto para que as practique.»

Cento cincuenta. O parágrafo terceiro do artigo 988 terá a seguinte redacción:

«Cando o culpable de varias infraccións penais fose condenado en distintos procesos por feitos que puideron ser obxecto dun só, conforme o previsto no artigo 17 desta lei, o xuíz ou tribunal que ditou a última sentenza, de oficio, por instancia do Ministerio Fiscal ou do condenado, procederá a fixar o límite do cumprimento das penas impostas conforme o disposto no artigo 76 do Código penal. Para iso, o secretario xudicial reclamará a folla histórico-penal do Rexistro Central de Penados e Rebeldes e testemuño das sentenzas condenatorias e logo do ditame do Ministerio Fiscal, cando non sexa o solicitante, o xuíz ou tribunal ditará auto en que se relacionarán todas as penas impostas ao reo, determinando o máximo de cumprimento destas. Contra tal auto poderán o Ministerio Fiscal e o condenado interpor recurso de casación por infracción de lei.»

Cento cincuenta e un. O número 2 do artigo 989 queda redactado como segue:

«2. Para os efectos de executar a responsabilidade civil derivada do delito ou falta e sen prexuízo da aplicación das disposicións da Lei de axuízamento civil, o secretario xudicial poderá encomendar á Axencia Estatal de Administración Tributaria ou, se é o caso, aos organismos tributarios das facendas forais as actuacións de investigación patrimonial necesarias para pór de manifesto as rendas e o patrimonio presente e os que vaia adquirindo o condenado mentres non se satisfaga a responsabilidade civil determinada en sentenza.

Cando as ditas entidades aleguen razóns legais ou de respecto aos dereitos fundamentais para non realizar a entrega ou atender á colaboración que lles fose

requirida polo secretario xudicial, este dará conta ao xuíz ou tribunal para resolver o que proceda.»

Cento cincuenta e dous. Engádense os parágrafos quinto e sexto ao artigo 990 coa seguinte redacción:

«Correspóndelle ao secretario xudicial impulsar o proceso de execución da sentenza ditando, para o efecto, as dilixencias necesarias, sen prexuízo da competencia do xuíz ou tribunal para facer cumprir a pena.

O secretario xudicial porá en coñecemento dos directamente ofendidos e prexudicados polo delito e, se é o caso, das testemuñas, todas aquelas resolucións relativas ao penado que poidan afectar a súa seguranza.»

Cento cincuenta e tres. O artigo 998 queda redactado como segue:

«Artigo 998.

As referidas dilixencias archivaráas o secretario xudicial que interviñese nelas.»

Artigo terceiro. *Modificación da Lei hipotecaria do 8 de febreiro de 1946.*

Modifícase a Lei hipotecaria do 8 de febreiro de 1946 nos seguintes termos:

Un. Modifícase o ordinal 3º do parágrafo 5º do artigo 20, que queda redactado como segue:

«3.º Cando se trate de testemuños de decretos de adxudicación ou escritura de venda verificada en nome dos herdeiros do executado en virtude de execución de sentenza, con tal que o inmovible ou dereito real estea inscrito a favor do causante.»

Dous. O parágrafo 2º do artigo 57 queda redactado como segue:

«Neste último caso sinalará os bens que deban ser anotados e o secretario xudicial expedirá o correspondente mandamento ao rexistrador, con inserción literal do previsto para que o execute.»

Tres. O artigo 133 queda redactado como segue:

«Artigo 133.

O testemuño expedido polo secretario xudicial comprensivo do decreto de remate ou adxudicación e do que resulte a consignación, se é o caso, do prezo, será título bastante para practicar a inscrición do predio ou dereito adxudicado a favor do rematante ou adxudicatario, sempre que se acompañe o mandamento de cancelación de cargas a que se refire o artigo 674 da Lei de axuizamento civil.

O mandamento de cancelación de cargas e o testemuño do decreto de remate ou adxudicación poderán constar nun só documento en que se consignará, en todo caso, o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo anterior e as demais circunstancias que sexan necesarias para practicar a inscrición e a cancelación.»

Catro. O parágrafo primeiro do artigo 134 queda redactado como segue:

«O testemuño do decreto de adxudicación e o mandamento de cancelación de cargas determinarán a inscrición do predio ou dereito a favor do adxudicatario e a cancelación da hipoteca que motivou a execución, así como a de todas as cargas, gravames e inscricións de terceiros posuidores que sexan posteriores a elas, sen excepción, incluso as que se verificasen con posterioridade á nota marxinal de expedición de certificación de cargas no correspondente procedemento.»

Cinco. O artigo 135 queda redactado como segue:

«Artigo 135.

O rexistrador deberá comunicar ao xulgado ou tribunal ante quen se substancie un procedemento executivo, incluso cando recaia directamente sobre bens hipotecados, a extensión de posteriores asentos que poidan afectar a execución.»

Seis. Modifícanse as regras 3ª e 7ª do artigo 201, que quedan redactadas como segue:

«3.ª O secretario xudicial dará traslado deste escrito ao Ministerio Fiscal, citará aqueles que, segundo a certificación do rexistro, teñan algún dereito real sobre o predio, aquel de quen procedan os bens ou os seus habentes causa, se son coñecidos, e o que teña catastrado ou empadroado o predio ao seu favor, e convocará as persoas ignoradas ás cales poida prexudicar a inscrición solicitada por medio de edictos. Estes fixaranse nos taboleiros de anuncios, do concello e do xulgado a que pertenza o predio, co fin de que, dentro dos dez días seguintes á citación ou á publicación dos edictos, poidan comparecer ante o xulgado para alegar o que conveña ao seu dereito.

Os ditos edictos publicaranse tamén no boletín oficial da provincia se o valor total do predio ou predios comprendidos no expediente é superior a cento cincuenta euros, e se excede os trescentos euros deberán publicarse, ademais, nun dos xornais de maior circulación da provincia.

Nos casos a) e b) da regra 2.ª citaranse, ademais, os titulares dos predios estremeiros, e nos a) e c) desta, o posuidor de feito do predio, se é rústico, ou o porteiro, ou, no seu defecto, un dos inquilinos, se é urbano.»

«7.ª Cando o valor total do predio ou predios comprendidos no expediente sexa inferior a trinta euros, será verbal a audiencia a que se refire a regra 5.ª.»

Sete. Modifícanse as regras 3ª e 7ª do artigo 210, que quedan redactadas como segue:

«3.ª O secretario xudicial citará, persoalmente ou por cédula, na forma determinada pola Lei de axuízamento civil, o titular ou titulares dos ditos asentos ou os seus habentes causa, se o seu domicilio for coñecido; de non o ser, serán citados por edictos, que se publicarán no boletín oficial da provincia, nos taboleiros de anuncios do concello, do xulgado do termo municipal a que pertenza o predio e no do xulgado en que se siga o procedemento.

7.ª No caso de non comparecer, o secretario xudicial publicará novos edictos, por un prazo de vinte días, e se transcorrido este período non compareceren, dará traslado do expediente ao Ministerio Fiscal, co fin de que informe no prazo de oito días sobre se se cumpriron as formalidades previstas nesta lei. Se o Ministerio Fiscal encontra algúns defectos, emendaranse, e se non os acha, así como unha vez emendados os que sinalou, o xuíz ditará sentenza.

Se o titular do asento que se pretenda cancelar fose citado persoalmente, non será necesaria a publicación dos edictos que prevén esta regra.»

Oito. O artigo 229 queda redactado como segue:

«Artigo 229.

As solicitudes dos interesados e os mandamentos dos xuíces, tribunais ou secretarios xudiciais en cuxa virtude deban certificar os rexistradores, expresarán, con toda claridade:

1.º A especie de certificación que conforme o artigo 223 se exixa, e se debe ser literal ou en relación.

2.º Os datos e indicacións que, segundo a especie da dita certificación, basten para dar a coñecer ao rexistrador os bens ou persoas de que se trate.

3.º O período de tempo a que a certificación deba contraerse.»

Nove. O artigo 231 queda redactado como segue:

«Artigo 231.

Agás o disposto no artigo anterior, os rexistradores non certificarán dos asentos do diario coas súas notas, senón cando o xuíz, o tribunal ou o secretario xudicial o mande ou os interesados o pidan expresamente.»

Dez. O artigo 257 queda redactado como segue:

«Artigo 257.

Para que en virtude de resolución xudicial poida facerse calquera asento no rexistro, expedirá o xuíz, tribunal ou secretario xudicial, por duplicado, o mandamento correspondente, excepto cando se trate de executorias.

O rexistrador devolverá un dos exemplares ao mesmo xuíz, tribunal ou secretario xudicial que o expediu ou ao interesado que o presentou, con nota asinada expresiva de quedar cumprido na forma que proceda; e conservará o outro na súa oficina, expedindo nel unha nota rubricada igual á que puxo no exemplar devolto.

Estes documentos archivaranse numerados pola orde da súa presentación.»

Once. A letra d) do parágrafo primeiro do artigo 325 queda redactada como segue:

«d) O Ministerio Fiscal, cando a cualificación se refira a documentos expedidos polos xuíces, tribunais ou secretarios xudiciais no seo dos procesos civís ou penais en que deba ser parte consonte as leis, todo iso sen prexuízo da lexitimación daqueles que posúan a condición de interesados conforme o disposto neste número.»

Doce. O parágrafo terceiro do artigo 328 queda redactado como segue:

«Están lexitimados para a súa interposición os que o estiveren para interpor recurso ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado. Para este fin, recibido o expediente, o secretario xudicial á vista de cantos aparezan como interesados nel, emprazaraos para que poidan comparecer nos autos no prazo de nove días.»

Artigo cuarto. *Modificación da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre hipoteca mobiliaria e peñor sen desprazamento de posesión.*

Modifícase a Lei do 16 de decembro de 1954 sobre hipoteca mobiliaria e peñor sen desprazamento de posesión nos seguintes termos:

Un. O parágrafo segundo do artigo 18 queda redactado como segue:

«O secretario xudicial citará as partes para que comparezan ante o xuíz dentro do terceiro día, e nas vinte e catro horas seguintes á comparecencia con ou sen asistencia do debedor, en vista do alegado e probado, e discrecionalmente o xuíz ditará auto en que se declare que procede ou non procede a intervención, nomeando, se é o caso, interventor. Acordará, así mesmo, que se requira o debedor co fin de que se absteña de executar ningún acto nos bens sen coñecemento previo do interventor na forma prevista no artigo 631 e concordantes da Lei de axuízamento civil, podendo liberarse o debedor desta medida de aseguramento se para responder da depreciación sufrida presta caución suficiente, fixada na súa contía polo xuíz.»

Dous. O parágrafo primeiro do artigo 63 queda redactado como segue:

«O acredor poderá comprobar a existencia dos bens peñorados e inspeccionar o seu estado. A resistencia do dono dos bens ao cumprimento deste deber, despois

de ter sido requirido notarial ou xudicialmente para o efecto, facultará o acredor para solicitar do xulgado competente, acreditando ese requirimento e a subsistencia do peñor inscrito ao seu favor, que sexa autorizado, con intervención xudicial, para penetrar no local ou lugar onde os bens estean depositados. O xuíz, sen máis trámites, decretarao así, e a resolución xudicial servirá de mandamento para que, en unión do acredor, se practique a dilixencia acordada.»

Artigo quinto. *Modificación da Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.*

Modifícase a disposición adicional primeira da Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional primeira.

1. Os membros da carreira fiscal substituiranse entre si, de acordo co disposto neste estatuto, nas normas regulamentarias que o desenvolvan e nas instrucións que, con carácter xeral, dite o fiscal xeral do Estado.

2. Cando non poida acudirse ao sistema de substitucións ordinarias, poderán ser nomeados con carácter excepcional fiscais substitutos nos casos de vacantes, licenzas, servizos especiais ou outras causas que o xustificuen.

3. O réxime xurídico dos fiscais substitutos será obxecto de desenvolvemento regulamentario en termos análogos ao previsto para os maxistrados suplentes e xuíces substitutos na Lei orgánica do poder xudicial, que será aplicable supletoriamente nesta materia.»

Artigo sexto. *Modificación da Lei 4/1985, do 21 de marzo, de extradición pasiva.*

Modifícase a Lei 4/1985, do 21 de marzo, de extradición pasiva nos seguintes termos:

Un. O número 3 do artigo 12 queda redactado como segue:

«3. As resolucións anteriores adoptarán a forma de auto, que se ditará dentro das vinte e catro horas seguintes á comparencia e do cal o secretario xudicial dará traslado inmediato ao Ministerio de Xustiza. Contra este auto só procederá o recurso de reforma polos trámites da Lei de axuízamento criminal.»

Dous. O artigo 13 queda redactado como segue:

«Artigo 13.

1. Recibido o expediente, o secretario xudicial porao de manifesto na oficina xudicial ao fiscal e ao avogado defensor por prazo sucesivo de tres días, e o tribunal poderá reclamar, por petición de calquera dos dous ou de oficio, os antecedentes que xulgue convenientes en relación co artigo seguinte, sen que contra a resolución do tribunal sobre este extremo caiba ningún recurso.

2. Se o reclamado de extradición non tivese defensor, o secretario xudicial solicitará que lle sexa nomeado de oficio antes de poñerlle de manifesto o expediente.»

Tres. O número 1 do artigo 14 queda redactado como segue:

«1. Dentro dos quince días seguintes ao período de instrución, o secretario xudicial sinalará a vista que terá lugar con intervención do fiscal, do reclamado de extradición asistido, se for necesario, de intérprete e do avogado defensor. Na vista poderá intervir, e para tal efecto será citado, o representante do Estado requirente cando así o solicite e o tribunal o acorde atendido o principio de reciprocidade, para

cuxo fin reclamará, se é o caso, a garantía necesaria a través do Ministerio de Xustiza.»

Catro. O parágrafo primeiro do artigo 17 queda redactado como segue:

«Cando sexa firme a resolución denegatoria da extradición, o secretario xudicial, sen dilación, expedirá testemuño dela ao Ministerio de Xustiza, que pola súa vez o comunicará ao de Asuntos Exteriores para a súa notificación á representación diplomática do país que formulou a demanda de extradición.»

Cinco. O número 1 do artigo 18 queda redactado como segue:

«1. Se o tribunal dita auto declarando procedente a extradición, o secretario xudicial expedirá sen dilación testemuño del ao Ministerio de Xustiza. O Goberno decidirá a entrega da persoa reclamada ou denegará a extradición de conformidade co disposto no parágrafo segundo do artigo 6.

Así mesmo, o secretario xudicial notificará as indicacións que o tribunal, de oficio ou por instancia do representante diplomático, considere pertinente formular para a entrega da persoa reclamada, así como do tempo en que esta foi privada de liberdade para fins de extradición, que quedará condicionada a que se compute como período de cumprimento de condena.»

Artigo sétimo. *Modificación da Lei 19/1985, cambiaria e do cheque.*

Os parágrafos primeiro, segundo e terceiro do artigo 85 da Lei 19/1985, cambiaria e do cheque modifícase nos seguintes termos:

«Será tribunal competente o da localidade fixada na letra para o seu pagamento.

Na denuncia que faga o tedor desposuído deberá indicar os requisitos esenciais da letra de cambio e, se se trata dunha letra en branco, os que sexan suficientes para identificala, así como as circunstancias en que veu ser tedor e as que acompañaron a desposesión. Deberá acompañar os elementos de proba de que dispoña e propor aqueles outros medios de proba que poidan servir para fundamentar a denuncia.

Cumpridos os anteriores requisitos, o secretario xudicial admitirá a denuncia. Noutro caso, dará conta ao tribunal para que resolva o que proceda. Admitida a denuncia, o secretario xudicial dará traslado ao librado ou aceptante, ordenándolle que, se fose presentada a letra ao cobramento, reteña o pagamento e poña as circunstancias da presentación en coñecemento do xulgado. Igual traslado se dará ao librador e demais obrigados cando sexan coñecidos e se saiba o seu domicilio. Todos poderán formular ante o xuíz dentro dos dez días seguintes as alegacións que consideren oportunas.»

Artigo oitavo. *Modificación da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.*

Modifícase a Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, nos seguintes termos:

Un. O número 2 do artigo 130 queda redactado como segue:

«2. Cando o xuíz considere que non é presumible que os medios inspeccionados estean servindo para levar a cabo a violación da patente, dará por terminada a dilixencia, ordenará que se forme unha peza separada na cal se incluírán as actuacións, que se manterá secreta, e disporá que o secretario xudicial notifique ao peticionario que non procede darlle a coñecer o resultado das dilixencias realizadas.»

Dous. Os números 1 e 2 do artigo 139 quedan redactados como segue:

«1. No caso de formularse a petición de medidas cautelares antes de exercerse a acción principal, quedarán sen efecto na súa totalidade se a demanda non se presentase no prazo previsto polo artigo 730.2 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil. O secretario xudicial, de oficio, acordará mediante decreto que se alcen ou revoguen os actos de cumprimento que fosen realizados, e quedarán aquelas sen efecto na súa totalidade.»

«2. No suposto previsto no punto anterior, o secretario xudicial, ao decretar o levantamento das medidas cautelares, declarará que o solicitante é responsable dos danos e perdas, que se deberán aboar ao demandado con cargo á caución prestada polo demandante, e cuxa contía deberá determinarse de conformidade co establecido no artigo 712 e concordantes da Lei de axuizamento civil. Cando o importe da caución non fose suficiente para facer fronte á indemnización por danos e perdas, o demandado poderá exercer a correspondente acción de responsabilidade para reclamar o importe restante.»

Artigo noveno. *Modificación da Lei 30/1992, do 29 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

Engádese un número 5 ao artigo 139 da Lei 30/1992, do 29 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coa seguinte redacción:

«5. O Consello de Ministros fixará o importe das indemnizacións que proceda aboar cando o Tribunal Constitucional declarase, por instancia de parte interesada, a existencia dun funcionamento anormal na tramitación dos recursos de amparo ou das cuestións de inconstitucionalidade.

O procedemento para fixar o importe das indemnizacións tramitarao o Ministerio de Xustiza, con audiencia ao Consello de Estado.»

Artigo décimo. *Modificación da Lei de procedemento laboral, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de procedemento laboral.*

Modifícase o Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de procedemento laboral, nos seguintes termos:

Un. O número 1 do artigo 5 queda redactado como segue:

«1. Se os órganos xurisdiccionais se consideran incompetentes para coñecer da demanda por razón da materia, do territorio ou da función, ditarán auto declarándoo así e previndo o demandante ante quen e cómo pode facer uso do seu dereito.»

Dous. O artigo 14 queda redactado como segue:

«Artigo 14.

As cuestións de competencia substanciaranse e decidiranse con suxeición ao disposto na Lei de axuizamento civil, agás o disposto nas seguintes regras:

1.^a As declinatorias proporanse como excepcións e serán resoltas previamente na sentenza, sen suspender o curso dos autos.

2.^a Se se estimase a declinatoria, o demandante poderá deducir a súa demanda ante o órgano territorialmente competente, e se a acción estivese sometida a prazo de caducidade, entenderase suspendida desde a presentación da demanda ata que a sentenza que estime a declinatoria quede firme.»

Tres. Engádesse un número 4 ao artigo 15 coa seguinte redacción:

«4. A abstención e a recusación dos secretarios xudiciais e dos membros dos demais corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza rexeranse polo disposto para cada un deles na Lei de axuizamento civil.»

Catro. O número 1 do artigo 18 queda redactado como segue:

«1. As partes poderán comparecer por si mesmas ou conferir a súa representación a procurador, graduado social ou calquera persoa que se encontre no pleno exercicio dos seus dereitos civís. A representación poderá conferirse mediante poder outorgado por comparecencia ante secretario xudicial ou por escritura pública.»

Cinco. O número 2 do artigo 19 queda redactado como segue:

«2. Cando, conforme o establecido no artigo 29, se acorde a acumulación de procesos correspondentes a varias demandas presentadas contra un mesmo demandado, afectando deste modo o proceso máis de dez demandantes, o secretario xudicial requiriraos para que designen un representante común, podendo recaer a dita designación en calquera dos suxeitos mencionados no punto anterior. Para tal efecto, xunto coa comunicación aos demandantes da resolución de acumulación, o secretario xudicial citaraos de comparecencia dentro dos catro días seguintes para o nomeamento do representante común; se o día da comparecencia non asistise algún dos citados en forma, procederase á designación do representante común, entendéndose que quen non compareza acepta o nomeamento efectuado polo resto.»

Seis. O número 3 do artigo 20 queda redactado como segue:

«3. Se en calquera fase do proceso o traballador expresa na oficina xudicial que non recibiu a comunicación do sindicato ou que téndoa recibido negou a autorización de actuación no seu nome, o xuíz ou tribunal, logo de audiencia do sindicato, acordará o arquivo das actuacións sen máis trámite.»

Sete. Os números 1 e 3 do artigo 21 quedan redactados como segue:

«1. A defensa por avogado terá carácter facultativo na instancia. No recurso de suplicación os litigantes deberán estar defendidos por avogado ou representados tecnicamente por graduado social colexiado. No recurso de casación será preceptiva a defensa de avogado. Cando a defensa sexa facultativa, con excepción do previsto no artigo seguinte, poderaa utilizar porén calquera dos litigantes, caso en que será pola súa conta o pagamento dos honorarios ou dereitos respectivos, coas excepcións fixadas no artigo 2.d) da Lei de asistencia xurídica gratuíta.»

«3. Se en calquera outra actuación, diversa ao acto de xuízo, calquera das partes pretendese actuar asistida de letrado, o secretario xudicial adoptará as medidas oportunas para garantir a igualdade das partes.»

Oito. O número 2 do artigo 23 queda redactado como segue:

«2. En supostos de empresas incursas en procedementos concursais, así como das xa declaradas insolventes ou desaparecidas, o secretario xudicial citará como parte o Fondo de Garantía Salarial, dándolle traslado da demanda co fin de que este poida asumir as súas obrigas legais e instar o que conveña en dereito.»

Nove. O número 2 do artigo 24 queda redactado como segue:

«2. Despachada execución, o secretario xudicial ditará decreto facendo constar a subrogación producida, que se notificará aos traballadores afectados ou aos seus

representantes, aos cales, por se puideren conservar créditos derivados do propio título fronte á empresa executada pola parte non satisfeita polo fondo, se lles ofrecerá a posibilidade de constituírse como executantes no prazo de quince días. As cantidades obtidas aboaranse rateadas entre o fondo e os traballadores en proporción aos importes dos seus respectivos créditos.»

Dez. Suprímese a rúbrica do capítulo IV do título II.

Once. Modifícase a rúbrica do capítulo I do título III, que queda redactada como segue:

«CAPÍTULO I

Da acumulación de accións, procesos e recursos»

Doce. O artigo 27 queda redactado como segue:

«Artigo 27.

1. O demandante poderá acumular na súa demanda cantas accións lle competan contra o demandado, aínda que procedan de diferentes títulos, sempre que todas elas poidan tramitarse ante o mesmo xulgado ou tribunal.

2. Nos mesmos termos poderá o demandado reconvir.

3. Tamén poderán acumularse, exercéndose simultaneamente, as accións que un ou varios demandantes teñan contra un ou varios demandados, sempre que entre esas accións exista un nexa por razón do título ou causa de pedir. Entenderase que o título ou causa de pedir é idéntico ou conexo cando as accións se funden nos mesmos feitos.

4. Non obstante, e sen prexuízo do disposto nos artigos 32 e 33 desta lei, non poderán acumularse a outras nun mesmo xuízo, nin sequera por vía de reconvención, as accións de despedimento, as de extinción do contrato de traballo dos artigos 50 e 52 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, as que versen sobre materia electoral, as de mobilidade xeográfica, as de modificación substancial das condicións de traballo, as de dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral a que se refire o artigo 138 bis, as de impugnación de convenios colectivos, as de impugnación de estatutos dos sindicatos e as de tutela da liberdade sindical e demais dereitos fundamentais. O anterior enténdese sen prexuízo da posibilidade de reclamar, nos anteriores xuízos, a indemnización derivada de discriminación ou lesión de dereitos fundamentais conforme os artigos 180 e 181 desta lei.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, cando para a referida acción de extinción do contrato de traballo do artigo 50 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores se invoque a falta de pagamento do salario pactado recollida na letra b) do número 1 daquel precepto, a reclamación salarial poderase acumular á acción en que se solicite a extinción indemnizada do vínculo.

5. Tampouco serán acumulables entre si as reclamacións en materia de seguranza social, agás cando teñan a mesma causa de pedir.

6. Cando se presenten demandas acumulando obxectiva ou subxectivamente accións, o secretario xudicial verificará que concorren os presupostos indicados nos puntos precedentes.»

Trece. O artigo 28 queda redactado como segue:

«1. Se se exercen accións indebidamente acumuladas, o secretario xudicial requirirá o demandante para que, no prazo de catro días emende o defecto, elixindo a acción que pretende manter. En caso de que non o fixese, ou se se mantivese a circunstancia de non acumulabilidade entre as accións, dará conta ao tribunal para que este, se é o caso, acorde o arquivo da demanda.

2. Non obstante, cando se trate dunha demanda sometida a prazo de caducidade á que indebidamente se tiver acumulado outra acción, aínda que o demandante non opte, seguirase a tramitación do xuízo por aquela e o xuíz ou tribunal terá por non formulada a outra acción acumulada, advertíndose ao demandante do seu dereito a exercela por separado.

Se se acumulou, indebidamente, unha acción por despedimento e outra ou outras accións sometidas igualmente a prazo de caducidade, aínda que o demandante non opte, seguirase a tramitación do xuízo por despedimento e o xuíz ou tribunal terá por non formulada a outra ou outras accións acumuladas, e advertiráselle ao demandante o seu dereito a exercelas por separado.»

Catorce. Modifícase a rúbrica da sección 2.^a do capítulo I do título III, que queda redactada como segue:

«Sección 2.^a Acumulación de procesos»

Quince. O artigo 29 queda redactado como segue:

«Artigo 29.

1. Se no mesmo xulgado ou tribunal se tramitasen varias demandas contra un mesmo demandado, aínda que os demandantes sexan distintos, e se exercesen nelas idénticas accións, acordarase, de oficio ou por instancia de parte, a acumulación dos autos.

2. O secretario xudicial dará traslado, por prazo común de tres días, a todos os que sexan parte nos procesos de cuxa acumulación se trate, co fin de que formulen alegacións acerca daquela. Transcorrido o prazo, o xulgado ou tribunal ditará auto decidindo a acumulación, de se cumpriren os requisitos legais.»

Dezaseis. O artigo 30 queda redactado como segue:

«Artigo 30.

1. Se no caso do artigo anterior as demandas pendesen formuladas en distintos procesos ante dous ou máis xulgados do social dunha mesma circunscrición, tamén se acordará a acumulación de todas elas, de oficio ou por petición de parte. Esta petición deberase formular ante o xulgado ou tribunal que coñecese da demanda que tivese entrada antes no rexistro.

2. O secretario xudicial dará traslado, por prazo común de tres días, a todos os que sexan parte nos procesos de cuxa acumulación se trate, co fin de que formulen alegacións acerca daquela. Transcorrido o prazo, o xulgado ou tribunal ditará auto decidindo a acumulación, de se cumpriren os requisitos legais.»

Dezasete. Engádese un novo artigo 30 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 30 bis.

1. Acordarase tamén a acumulación de procesos que pendan no mesmo ou distinto xulgado ou tribunal cando entre os obxectos dos procesos cuxa acumulación se pretende exista tal conexión que, de seguirse por separado, puidesen ditarse sentenzas con pronunciamentos ou fundamentos contraditorios, incompatibles ou mutuamente excluíntes.

2. Nestes casos, o secretario xudicial dará audiencia, por prazo común de tres días, a todos os que sexan parte nos procesos de cuxa acumulación se trate, co fin de que formulen alegacións.

3. O xuíz ou tribunal resolverá decidindo a acumulación, de se cumpriren os requisitos legais. Contra este auto non caberá máis recurso que o de reposición.»

Dezaioito. O artigo 31 queda redactado como segue:

«Artigo 31.

Aos procesos de oficio iniciados en virtude de comunicación da autoridade laboral regulados no artigo 146 desta lei acumularanse, de acordo coas regras anteriores, as demandas individuais en que concorran identidade de persoas e de causa de pedir respecto da demanda de oficio, aínda que pendan en distintos xulgados da mesma circunscrición. Esa acumulación acordaraa o xulgado ou tribunal mediante auto.»

Dezanove. O artigo 33 queda redactado como segue:

«Artigo 33.

Nas salas do social dos tribunais superiores de xustiza e do Tribunal Supremo poderase acordar de oficio, e deberase decretar se é por instancia de parte, a acumulación de recursos pendentes, cando entre eles exista identidade de obxecto e dalgunha das partes, logo de audiencia dos comparecidos, en todo caso, e do Ministerio Fiscal nos recursos de casación.»

Vinte. Modifícanse os números 1 e 3 do artigo 34, que quedan redactados como segue:

«1. A acumulación de accións e procesos deberá formularse e acordarse antes da celebración dos actos de conciliación, se é o caso, e de xuízo, agás que se propoña por vía de reconvencción.»

«3. Acordada a acumulación de procesos, poderá esta deixarse sen efecto polo xuíz ou tribunal respecto dun ou varios deles, se concorren causas que xustifiquen a súa tramitación separada.»

Vinte e un. O artigo 35 queda redactado como segue:

«Artigo 35.

A acumulación de accións, procesos e recursos cando proceda producirá o efecto de discutirse conxuntamente e resolverse nunha soa resolución todas as cuestións formuladas.»

Vinte e dous. O artigo 37 queda redactado como segue:

«Artigo 37.

1. Cando as accións exercidas tendan a obter a entrega dunha cantidade de diñeiro e existan indicios de que os bens do debedor ou debedores puidesen ser insuficientes para satisfacer a totalidade dos créditos que se executen, o secretario xudicial deberá acordar a acumulación de execucións, de oficio ou por instancia de parte, de seguirse ante un mesmo xulgado, ou por instancia de parte, de coñeceren delas xulgados distintos.

2. Nos demais supostos, o secretario xudicial deberá acordar a acumulación, de oficio ou por instancia de parte, cando así o impongan os criterios de economía e de conexión entre as diversas obrigas cuxa execución se pretenda.»

Vinte e tres. O artigo 38 queda redactado como segue:

«Artigo 38.

1. Os procesos de execución acumularanse ao primeiro en que se ordenou o despacho da execución. Se a dita orde é da mesma data acumularanse atendendo

á antigüidade do título, e en último caso observarase a data de presentación da demanda.

2. Se as execucións cuxa acumulación se pretenda se tramitasen ante órganos xudiciais de diversa circunscrición, e na iniciada con anterioridade non figurase incluída a maior parte dos traballadores e créditos afectados nin embargada con prioridade a maior parte dos bens do debedor común, a acumulación corresponderalle decretala ao secretario xudicial que con prioridade embargou a totalidade ou a maior parte dos referidos bens.»

Vinte e catro. O artigo 39 queda redactado como segue:

«Artigo 39.

1. O incidente de acumulación poderase formular por ou ante o xulgado ou tribunal competente para decretar a acumulación das execucións, nos termos indicados no artigo anterior, de oficio ou por instancia de calquera das partes.

2. De estimar procedente a acumulación, o secretario xudicial acordará mediante decreto, oídas as partes, reclamar a remisión das execucións que se acumularán aos órganos xudiciais en que se tramiten.

3. Se o secretario xudicial do órgano requirido estima procedente o requirimento, ditará decreto accedendo a iso e acordando a remisión do actuado. Contra ese decreto caberá recurso directo de revisión.

4. Se o secretario xudicial competente para decretar a acumulación a estimase improcedente ou se o requirido non acceder a ela, tras ditar o decreto correspondente e firme que sexa este, elevará seguidamente á Sala do Social do Tribunal Superior inmediato común a ambos os órganos xudiciais testemuño suficiente das súas actuacións e, se é o caso, de todas as realizadas no incidente de acumulación, comunicándollo ao outro afectado para que este faga o propio e remita, de non ter aínda intervido, o oportuno informe. A sala resolverá sobre a procedencia da acumulación e determinará o xulgado competente para coñecer das execucións.»

Vinte e cinco. O artigo 40 queda redactado como segue:

«Artigo 40.

A tramitación do incidente de acumulación non suspenderá a das execucións afectadas, agás as actuacións relativas ao pagamento aos executantes das cantidades obtidas con posterioridade á formulación do dito incidente.»

Vinte e seis. O número 1 do artigo 41 queda redactado como segue:

«1. A acumulación de execucións só poderá instarse ou acordarse mentres non quede cumprida a obriga que se execute ou ata que, se é o caso, se declare a insolvencia do executado.»

Vinte e sete. O artigo 42 queda redactado como segue:

«Artigo 42.

As actuacións procesuais deben ser autorizadas polo secretario xudicial na forma establecida na Lei de axuízamento civil e coas especialidades previstas nesta lei.»

Vinte e oito. Os números 1, 3, 4 e 5 do artigo 43 quedan redactados como segue:

«1. As actuacións procesuais deberanse practicar en días e horas hábiles.»

«3. Agás os prazos sinalados para ditar resolución, todos os prazos e termos son perentorios e improrrogables, e só poderán suspenderse e abrirse de novo nos casos taxativamente establecidos nas leis.»

«4. Os días do mes de agosto serán inhábiles, agás para as modalidades procesuais de despedimento, extinción do contrato de traballo dos artigos 50 e 52 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, mobilidade xeográfica, modificación substancial das condicións de traballo, a de dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral a que se refire o artigo 138 bis, vacacións, materia electoral, conflitos colectivos, impugnación de convenios colectivos e tutela da liberdade sindical e demais dereitos fundamentais.

Tampouco serán inhábiles os ditos días para as actuacións que tendan directamente a asegurar a efectividade dos dereitos reclamados ou para as daquelas que, de non adoptarse, poidan producir un prexuízo de difícil reparación.

Será hábil o mes de agosto para o exercicio das accións laborais derivadas dos dereitos establecidos na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.»

«5. O xuíz ou tribunal poderá habilitar días e horas inhábiles para a práctica de actuacións cando non fose posible practicalas en tempo hábil ou sexan necesarias para asegurar a efectividade dunha resolución xudicial. Esta habilitación realizarana os secretarios xudiciais cando teña por obxecto a realización de actuacións procesuais que deban practicarse en materias da súa exclusiva competencia, cando se trate de actuacións por eles ordenadas ou cando sexan tendentes a dar cumprimento ás resolucións ditadas por xuíces ou tribunais. Iniciada unha actuación en tempo hábil poderá continuar ata a súa conclusión sen necesidade de habilitación.»

Vinte e nove. O artigo 45 queda redactado como segue:

«Artigo 45.

1. Cando a presentación dun escrito estea suxeita a prazo, poderá efectuarse ata as quince horas do día hábil seguinte ao do vencemento do prazo, no servizo común procesual creado para tal efecto ou, de non existir este, na sede do órgano xudicial.

2. En ningún caso se admitirá a presentación de escritos no xulgado que preste o servizo de garda.»

Trinta. O artigo 47 queda redactado como segue:

«Artigo 47.

1. Os autos permanecerán na oficina xudicial baixo a custodia do secretario, onde poderán ser examinados polos interesados que acrediten interese lexítimo, aos cales se lles deberán entregar testemuños, certificacións ou copias simples cando o soliciten.

2. Todo interesado poderá ter acceso ao libro de sentenzas a que se refire o artigo 213 da Lei de axuízamento civil e ao libro de decretos referido no artigo 213 bis da mesma lei.»

Trinta e un. O número 2 do artigo 48 queda redactado como segue:

«2. Se transcorrido o prazo concedido para o seu exame non son devoltos os autos, o secretario xudicial, mediante decreto, imporallo ao responsable multa de entre vinte e douscentos euros diarios, agás que a entrega se efectuase por testemuño. Pasados dous días sen que estes fosen devoltos, o secretario xudicial ordenará a súa recollida; se ao intentalo non lle fosen entregados no acto, dará conta ao xuíz para que dispoña o que proceda polo atraso na devolución.»

Trinta e dous. Modifícase a rúbrica do capítulo II do título IV, que queda redactada como segue:

«CAPÍTULO II

Das resolucións procesuais»

Trinta e tres. O artigo 49 queda redactado como segue:

«1. Os xuíces e tribunais do social adoptarán as súas decisións por medio de providencias, autos e sentenzas nos casos e coas formalidades legalmente previstos.

2. Os secretarios xudiciais resolverán por medio de dilixencias e decretos, igualmente nos casos e coas formalidades legalmente previstos.

3. Poderán ditar resolucións orais o xuíz, o tribunal ou o secretario xudicial durante a celebración do xuízo ou outros actos que presidan, documentándose na acta con expresión do ditame e motivación sucinta daquelas resolucións.»

Trinta e catro. Os números 1 e 3 do artigo 50 quedan redactados como segue:

«1. O xuíz, no momento de terminar o xuízo, poderá pronunciar sentenza de viva voz, que se consignará na acta co contido e requisitos establecidos no artigo 97.2 desta lei. Tamén se poderá limitar a pronunciar o ditame, que se documentará na acta, sen prexuízo da redacción posterior da sentenza dentro do prazo e na forma legalmente previstos.»

«3. As partes quedarán notificadas das sentenzas ditadas oralmente. Se, coñecido o ditame, as partes expresan a súa decisión de non interpor recurso, o xuíz no mesmo acto declarará a firmeza da sentenza.»

Trinta e cinco. O artigo 51 queda redactado como segue:

«Artigo 51.

Toda resolución incluírá a mención do lugar e data en que se adopte, o nome de quen a dite, a expresión de se esta é ou non firme e, se é o caso, os recursos que procedan, o órgano ante o que deben interporse e o prazo e requisitos para iso, así como os depósitos e as consignacións que sexan necesarios e a forma de efectualos.»

Trinta e seis. O artigo 52 déixase sen contido.

Trinta e sete. O número 1 do artigo 53 queda redactado como segue:

«1. Os actos de comunicación efectuaranse na forma establecida no capítulo V do título V do libro I da Lei de axuízamento civil, coas especialidades previstas nesta lei.»

Trinta e oito. Os números 1 e 3 do artigo 54 quedan redactados como segue:

«1. As resolucións procesuais notificaranse no mesmo día da súa data ou da publicación, se é o caso, a todos os que sexan parte no xuízo e, non sendo posible, no día hábil seguinte.»

«3. Se durante o proceso debese adoptar o xuíz ou a sala medidas tendentes a garantir os dereitos que puidesen corresponder ás partes ou a asegurar a efectividade da resolución xudicial, e a notificación inmediata ao afectado das actuacións procesuais ou da medida cautelar, preventiva ou executiva adoptada puidese pór en perigo a súa efectividade, o órgano xudicial poderá, motivadamente, acordar a demora na práctica da notificación durante o tempo indispensable para lograr esa efectividade.»

Trinta e nove. O artigo 55 queda redactado como segue:

«Artigo 55.

As citacións, notificacións, emplacements e requirimentos faranse no local da oficina xudicial, se alí comparecen por propia iniciativa os interesados e, noutro caso, no domicilio sinalado para estes efectos.»

Corenta. O artigo 57 queda redactado como segue:

«Artigo 57.

1. Se os actos de comunicación non se puidesen efectuar na forma indicada practícaranse mediante entrega da copia da resolución ou de cédula ao destinatario; se non fose encontrado entregaraselle aquela ao parente máis próximo ou familiar ou empregado, maiores de catorce anos, que estean no domicilio e, no seu defecto, ao porteiro ou conserxe do predio.

2. Sen necesidade de constituírse no domicilio do interesado poderáselle entregar a copia da resolución ou a cédula a calquera das persoas antes mencionadas e a quen, pola súa relación co destinatario, poida garantir o eficaz cumprimento do acto de comunicación.

3. Faráselle saber ao receptor que debe cumprir o deber público que se lle encomenda; que está obrigado a entregar a copia da resolución ou a cédula ao destinatario desta, ou a darlle aviso se sabe o seu paradiro, con advertencia de que pode ser sancionado con multa de entre vinte e douscentos euros se se nega á recepción ou non fai a entrega coa maior brevidade; que debe comunicar á oficina xudicial a imposibilidade de entregar a comunicación ao interesado, e que ten dereito ao resarcimento dos gastos que se lle ocasionen.

4. En todo caso, a comunicación por medio de entrega de copia da resolución ou cédula realizarase conforme o establecido no artigo 161 da Lei de axuízamento civil.»

Corenta e un. O artigo 58 queda redactado como segue:

«Artigo 58.

1. As cédulas conterán os seguintes requisitos:

a) O xuíz, tribunal ou secretario xudicial que ditou a resolución, a data desta e o asunto en que recaese.

b) O nome e apelidos da persoa a quen se faga a citación ou emplacements.

c) O obxecto da citación ou emplacements.

d) Lugar, día e hora en que deba comparecer o citado, ou o prazo dentro do cal deba realizarse a actuación a que se refira o emplacements.

e) A prevención de que se non comparece recaerá sobre el o prexuízo que proceda en dereito.

f) Data de expedición da cédula e sinatura.

2. A entrega da copia da resolución ou da cédula documentarase por medio de dilixencia na cal se fará constar:

a) Data da dilixencia.

b) Nome da persoa destinataria.

c) Nome e sinatura da persoa a quen se lle fíxese a entrega e, se non for o interesado, o seu número do documento nacional de identidade no caso de españois ou o seu número de identidade reflectido na documentación equivalente e que acredite a identidade e nacionalidade do interesado no caso de estranxeiros, domicilio e relación co destinatario.

d) Sinatura do funcionario.»

Corenta e dous. O artigo 59 queda redactado como segue:

«Artigo 59.

1. Cando unha vez intentado o acto de comunicación e tendo utilizado os medios oportunos para a investigación do domicilio, incluída, se é o caso, a investigación a través dos rexistros, organismos, colexios profesionais, entidades e empresas, estes resultasen infrutuosos e non conste o domicilio do interesado ou se ignore o seu paradiro, consignarase por dilixencia.

2. En tal caso, o secretario xudicial mandará que o acto de comunicación se faga por medio de edictos, inserindo un extracto suficiente da resolución ou da cédula no boletín oficial correspondente, coa advertencia de que as seguintes comunicacións se farán expondo copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da oficina xudicial, agás o suposto da comunicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou cando se trate de emprazamento.»

Corenta e tres. O artigo 60 queda redactado como segue:

«Artigo 60.

1. Nas notificacións, citacións e emprazamentos non se admitirá nin consignará ningunha resposta do interesado, a non ser que se mandase na resolución. Nos requirimentos admitirase a resposta que dese o requirido, consignándoo sucintamente na dilixencia.

2. Cando os actos de comunicación deban entenderse cunha persoa xurídica practicaranse, se é o caso, nas delegacións, sucursais, representacións ou axencias establecidas na localidade onde radique o xulgado ou tribunal que coñeza do asunto, aínda que carezan de poder para comparecer en xuízo as persoas que estean á fronte delas.

3. Os actos de comunicación co avogado do Estado, así como cos letrados da Administración da Seguranza Social, practicaranse no seu despacho oficial. Cando dispoñan dos medios técnicos a que se refire o número 5 do artigo 56 desta lei, os actos de comunicación poderán efectuarse por aqueles medios.

Estes actos entenderanse, respecto das comunidades autónomas, con quen establece a súa lexislación propia.

4. Cando se trate de comités de empresa, as dilixencias anteditas entenderanse co seu presidente ou secretario e, no seu defecto, con calquera dos seus membros.»

Corenta e catro. O artigo 62 queda redactado como segue:

«Artigo 62.

O secretario deberá expedir oficios, exhortos, mandamentos e calquera outro acto de comunicación que se acorde solicitando a práctica de actuacións.»

Corenta e cinco. O número 1 do artigo 64 queda redactado como segue:

«1. Exceptúanse deste requisito os procesos que exixan a reclamación previa en vía administrativa, os que versen sobre seguranza social, os relativos ao disfrute de vacacións e a materia electoral, mobilidade xeográfica, modificación substancial das condicións de traballo, os de dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral a que se refire o artigo 138 bis, os iniciados de oficio, os de impugnación de convenios colectivos, os de impugnación dos estatutos dos sindicatos ou da súa modificación e os de tutela dos dereitos fundamentais. Tamén se exceptúa o exercicio das accións laborais derivadas dos dereitos establecidos na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.»

Corenta e seis. O artigo 68 queda redactado como segue:

«Artigo 68.

O acordado en conciliación constituirá título para iniciar accións executivas sen necesidade de ratificación ante o xuíz ou tribunal, e poderá levarse a efecto polos trámites previstos no libro IV desta lei.»

Corenta e sete. O artigo 70 queda redactado como segue:

«Artigo 70.

1. Exceptúanse deste requisito os procesos relativos ao desfrute de vacacións e a materia electoral, os de mobilidade xeográfica, modificación substancial das condicións de traballo, os de dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral a que se refire o artigo 138 bis, os iniciados de oficio, os de conflito colectivo, os de impugnación de convenios colectivos, os de impugnación de estatutos dos sindicatos ou da súa modificación, os de tutela da liberdade sindical e demais dereitos fundamentais e as reclamacións contra o Fondo de Garantía Salarial, ao abeiro do previsto no artigo 33 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

2. Tamén se exceptúa o exercicio das accións laborais derivadas dos dereitos establecidos na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.»

Corenta e oito. Modifícase o número 1 do artigo 74, que queda redactado como segue:

«1. Os xuíces e tribunais da orde xurisdiccional social e os secretarios xudiciais na súa función de ordenación do procedemento e demais competencias atribuídas polo artigo 456 da Lei orgánica do poder xudicial, interpretarán e aplicarán as normas reguladoras do proceso laboral ordinario segundo os principios de inmediatez, oralidade, concentración e celeridade.»

Corenta e nove. Modifícase a rúbrica do capítulo I do título I do libro II, que queda redactada como segue:

«CAPÍTULO I

Dos actos preparatorios, da anticipación e aseguramento da proba e do embargo preventivo»

Cincuenta. Modifícase a rúbrica da sección 2.^a do capítulo I do título I do libro II, que queda redactada como segue:

«Sección 2.^a *Da anticipación e aseguramento da proba»*

Cincuenta e un. Engádese unha sección 3.^a ao capítulo I do título I do libro II, que precede o artigo 79 coa seguinte redacción:

«Sección 3.^a *Do embargo preventivo»*

Cincuenta e dous. O artigo 81 queda redactado como segue:

«Artigo 81.

1. O secretario xudicial advertirá á parte dos defectos ou omisións de carácter formal en que incorrese ao redactar a demanda, co fin de que os emende dentro do prazo de catro días.

2. Se á demanda non se xuntase certificación do acto de conciliación previa, o secretario xudicial advertirá o demandante de que debe acreditar a celebración ou

o intento do expresado acto no prazo de quince días, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación.

3. Realizada a emenda, o secretario xudicial admitirá a demanda. Noutro caso, dará conta ao tribunal para que este resolva sobre a súa admisión.»

Cincuenta e tres. O artigo 82 queda redactado como segue:

«Artigo 82.

1. Admitida a demanda, unha vez verificada a concorrencia dos requisitos exixidos polo artigo 80.1 nas súas alíneas c) e d), o secretario xudicial sinalará, dentro dos dez días seguintes ao da súa presentación, o día e a hora en que deban ter lugar sucesivamente os actos de conciliación e xuízo, debendo mediar un mínimo de quince días entre a citación e a efectiva celebración dos ditos actos. No sinalamento das vistas e xuízos o secretario xudicial atenderá aos criterios establecidos no artigo 182 da Lei de axuízamento civil.

2. A celebración dos actos de conciliación e xuízo, o primeiro ante o secretario xudicial e o segundo ante o xuíz ou maxistrado, terá lugar en única pero sucesiva convocatoria, debendo facerse para este efecto a citación en forma, con entrega aos demandados, aos interesados e, se é o caso, ao Ministerio Fiscal, de copia da demanda e demais documentos. Nas cédulas de citación farase constar que os actos de conciliación e xuízo non poderán suspenderse por incomparecencia do demandado, así como que os litigantes deben concorrer ao xuízo con todos os medios de proba de que intenten valerse.

3. Cando a representación e defensa en xuízo sexa atribuída ao avogado do Estado, concederáselle un prazo de vinte e dous días para a consulta á Avogacía Xeral do Estado –Dirección do Servizo Xurídico do Estado. Cando a representación e defensa en xuízo sexa atribuída ao letrado da Administración da Seguranza Social, concederáselle igualmente un prazo de vinte e dous días para a consulta á Dirección do Servizo Xurídico da Administración da Seguranza Social. Este mesmo prazo entenderase, respecto das comunidades autónomas, para consulta ao organismo que estableza a súa lexislación propia.

O sinalamento do xuízo farase de modo que teña lugar en data posterior ao prazo indicado.»

Cincuenta e catro. O artigo 83 queda redactado como segue:

«Artigo 83.

1. Só por petición de ambas as partes ou por motivos xustificadas, acreditados ante o secretario xudicial, poderá este suspender por unha soa vez os actos de conciliación e xuízo, sinalándose novamente dentro dos dez días seguintes á data da suspensión. Excepcionalmente e por circunstancias graves adecuadamente probadas, poderá acordarse unha segunda suspensión.

2. Se o demandante, citado en forma, non comparecese nin alegase xusta causa que motive a suspensión do acto de conciliación ou do xuízo, o secretario xudicial no primeiro caso e o xuíz ou tribunal no segundo, terano por desistido da súa demanda.

3. A incomparecencia inxustificada do demandado non impedirá a celebración dos actos de conciliación e xuízo, continuando este sen necesidade de declarar a súa rebeldía.»

Cincuenta e cinco. O artigo 84 queda redactado como segue:

«Artigo 84.

1. O secretario xudicial intentará a conciliación, levando a cabo o labor mediador que lle é propio, e advertirá as partes dos dereitos e obrigas que puidesen

corresponderlles. Se as partes alcanzan a avinza, ditará decreto aprobándoa e acordando, ademais, o arquivo das actuacións.

2. Se o secretario xudicial estima que o convido é constitutivo de lesión grave para algunha das partes, de fraude de lei ou de abuso de dereito, non aprobará no decreto o acordo, advertindo ás partes que deben comparecer a presenza xudicial para a celebración do acto do xuízo.

3. En caso de non haber avinza ante o secretario xudicial e procederse á celebración do xuízo, a aprobación do acordo que, se é o caso, alcanzasen as partes corresponderá ao xuíz ou tribunal e só caberá nova intervención do secretario xudicial aprobando un acordo entre as partes se o acto do xuízo se chegase a suspender por calquera causa.

4. Do acto de conciliación expedirase a correspondente acta.

5. O acordo levarase a efecto polos trámites da execución de sentenzas.

6. A acción para impugnar a validez da avinza exercerase ante o mesmo xulgado ou tribunal ao cal correspondese a demanda, polos trámites e cos recursos establecidos nesta lei. A acción caducará aos quince días da data da súa celebración. Para os posibles prexudicados o prazo contará desde que cofecesen o acordo.»

Cincuenta e seis. Modifícase o número 1 e engádese un número 5 ao artigo 85, que quedan redactados como segue:

«1. Se non houberse avinza en conciliación, pasarase seguidamente a xuízo e darase conta do actuado. A continuación, o demandante ratificará ou ampliará a súa demanda aínda que en ningún caso poderá facer nela variación substancial.»

«5. Se non se suscitasen cuestións procesuais ou se, suscitadas, se tivesen contestado, as partes ou os seus defensores co tribunal fixarán os feitos sobre os que exista conformidade ou desconformidade dos litigantes.»

Cincuenta e sete. Os números 2 e 3 do artigo 86 quedan redactados como segue:

«2. No suposto de que fose alegada por unha das partes a falsidade dun documento que poida ser de notoria influencia no preito, porque non poida prescindirse da resolución da causa criminal para a debida decisión ou condicione directamente o contido desta, continuará o acto de xuízo ata o final, e no caso de que o xuíz ou tribunal considere que o documento puidese ser decisivo para resolver sobre o fondo do asunto, acordará a suspensión das actuacións posteriores e concederá un prazo de oito días ao interesado para que presente o documento que acredite que presentou a querela. A suspensión durará ata que se dite sentenza ou auto de sobresemento na causa criminal, feito que deberá ser posto en coñecemento do xuíz ou tribunal por calquera das partes.»

«3. Se calquera outra cuestión pre-xudicial penal dese lugar a sentenza absolutoria por inexistencia do feito ou por non ter participado o suxeito nel, quedará aberta contra a sentenza ditada polo xuíz ou sala do social a vía da revisión regulada na Lei de axuizamento civil.»

Cincuenta e oito. O artigo 88 queda redactado como segue:

«Artigo 88.

1. Terminado o xuízo, e dentro do prazo para ditar sentenza, o xuíz ou tribunal poderá acordar a práctica de cantas probas considere necesarias, como dilixencias finais, con intervención das partes. Na mesma providencia fixarase o prazo dentro do cal se deberá practicar a proba, durante o cal se porá de manifesto ás partes o resultado das dilixencias co fin de que estas poidan alegar por escrito canto consideren conveniente acerca do seu alcance ou importancia. Transcorrido ese prazo sen se poder levar a efecto, o órgano xudicial ditará un novo provemento, fixando outro prazo para a execución do acordo, expedindo as comunicacións

oportunas. Se dentro deste tampouco se puidese practicar a proba, o xuíz ou tribunal, logo de audiencia das partes, acordará que os autos queden definitivamente conclusos para sentenza.

2. Se a dilixencia consiste no interrogatorio de parte ou en pedir algún documento a unha parte e esta non comparece ou non o presenta sen causa xustificada no prazo que se fixase, poderán estimarse probadas as alegacións feitas pola contraria en relación coa proba acordada.»

Cincuenta e nove. O artigo 89 queda redactado como segue:

«Artigo 89.

1. O desenvolvemento das sesións do xuízo oral rexistrárase en soporte apto para a gravación e reprodución do son e da imaxe. O secretario xudicial deberá custodiar o documento electrónico que sirva de soporte á gravación. As partes poderán pedir, á súa custa, copia das gravacións orixinais.

2. Sempre que se conte cos medios tecnolóxicos necesarios, o secretario xudicial garantirá a autenticidade e integridade do gravado ou reproducido mediante a utilización da sinatura electrónica recoñecida ou outro sistema de seguranza que conforme a lei ofrezca tales garantías. Neste caso, a celebración do acto non requirirá a presenza na sala do secretario xudicial agás que o solicitasen as partes, polo menos dous días antes da celebración da vista, ou que excepcionalmente o considere necesario o secretario xudicial, atendendo á complexidade do asunto, ao número e natureza das probas que se van practicar, ao número de intervinientes, á posibilidade de que se produzan incidencias que non puidesen rexistrarse, ou á concorrencia doutras circunstancias igualmente excepcionais que o xustifiquen; suposto no cal o secretario xudicial expedirá acta sucinta nos termos previstos no punto seguinte.

3. Se os mecanismos de garantía previstos no punto anterior non se puidesen utilizar, o secretario xudicial deberá consignar na acta, polo menos, os seguintes datos: lugar e data de celebración, xuíz ou tribunal que preside o acto, peticións e propostas das partes, medios de proba propostos por elas, declaración da súa pertinencia ou impertinencia, resolucións que adopte o xuíz ou tribunal, así como as circunstancias e incidencias que non puidesen constar naquel soporte.

4. Cando os medios de rexistro previstos neste artigo non se puidesen utilizar por calquera causa, o secretario xudicial expedirá acta de cada sesión, en que se fará constar:

a) Lugar, data, xuíz ou tribunal que preside o acto, partes comparecentes, representantes e defensores que os asisten.

b) Breve resumo das alegacións das partes, medios de proba propostos por elas, declaración expresa da súa pertinencia ou impertinencia, razóns da negación e protesta, se é o caso.

c) En canto ás probas admitidas e practicadas:

1.º) Resumo suficiente das de interrogatorio de parte e de testemuñas.

2.º) Relación circunstanciada dos documentos presentados, ou datos suficientes que permitan identificalos, no caso de que o seu excesivo número faga desaconsellable a citada relación.

3.º) Relación das incidencias presentadas no xuízo respecto á proba documental.

4.º) Resumo suficiente dos informes periciais, así como tamén da resolución do xuíz ou tribunal sobre as recusacións propostas dos peritos.

5.º) Resumo das declaracións dos asesores, no caso de que o ditame destes non fose elaborado por escrito e incorporado aos autos.

d) Conclusións e peticións concretas formuladas polas partes; en caso de que fose de condena a cantidade, deberán expresarse na acta as cantidades que fosen obxecto dela.

e) Declaración feita polo xuíz ou tribunal de conclusión dos autos, mandando traelos á vista para sentenza.

5. A acta prevista nos números 3 e 4 deste artigo expedirase por procedementos informáticos, sen que poida ser manuscrita máis que nas ocasións en que a sala en que se estea celebrando a actuación careza de medios informáticos. O secretario xudicial resolverá, sen ulterior recurso, calquera observación que se fixese sobre o contido da acta. A acta será asinada polo xuíz ou tribunal en unión das partes ou dos seus representantes ou defensores e dos peritos, facendo constar se algún deles non asina por non poder, non querer facelo ou non estar presente, asinándoa, por último, o secretario.

6. Da acta do xuízo deberáselles entregar copia a aqueles que fosen partes no proceso, se o solicitaren.»

Sesenta. O número 2 do artigo 90 queda redactado como segue:

«2. Poderán así mesmo solicitar, polo menos con dez días de antelación á data do xuízo, aquelas probas que, debendo practicarse nel, requiran dilixencias de citación ou requirimento.»

Sesenta e un. O artigo 91 queda redactado como segue:

«Artigo 91.

1. As preguntas para a proba de interrogatorio de parte proporanse verbalmente, sen admisión de pregos.

2. Se o chamado ao interrogatorio non comparece sen xusta causa á primeira citación, refusa declarar ou persiste en non responder afirmativa ou negativamente, malia o apercibimento que se lle fixese, poderán considerarse recoñecidos como certos, na sentenza, os feitos a que se refiran as preguntas, sempre que o interrogado interviñese neles persoalmente e a súa fixación como certos lle resulta prexudicial en todo ou en parte.

3. O interrogatorio das persoas xurídicas privadas practicarase por quen legalmente as represente e teña facultades para responder a tal interrogatorio.

4. En caso de que o interrogatorio non se refira a feitos persoais, admitirase a súa resposta por un terceiro que coñeza persoalmente os feitos, se a parte así o solicita e acepta a responsabilidade da declaración.»

Sesenta e dous. O número 1 do artigo 92 queda redactado como segue:

«1. Non se admitirán escritos de preguntas e repreguntas para a proba de interrogatorio de testemuñas. Cando o número de testemuñas fose excesivo e, a criterio do órgano xudicial, as súas manifestacións puidesen constituír inútil reiteración do testemuño sobre feitos suficientemente esclarecidos, aquel poderá limitalos discrecionalmente.»

Sesenta e tres. O número 1 do artigo 93 queda redactado como segue:

«1. A práctica da proba pericial levarase a cabo no acto do xuízo, presentando os peritos o seu informe e ratificándoo.»

Sesenta e catro. Os números 1 e 3 do artigo 95 quedan redactados como segue:

«1. Poderá o xuíz ou tribunal, se o considera procedente, oír o ditame dunha ou varias persoas expertas na cuestión obxecto do preito, no momento do acto do xuízo ou, terminado este, como dilixencia final.»

«3. Cando no proceso se suscitase unha cuestión de discriminación por razón de sexo, orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual, o xuíz ou tribunal poderá solicitar o ditame dos organismos públicos competentes.»

Sesenta e cinco. O número 3 do artigo 97 queda redactado como segue:

«3. A sentenza, motivadamente, poderá impor ao litigante que obrou de mala fe ou con notoria temeridade unha sanción pecuniaria cuxa contía máxima, na instancia, non excederá os seiscentos euros. En tales casos, e cando o condenado sexa o empresario, deberá aboar tamén os honorarios dos avogados.»

Sesenta e seis. O artigo 100 queda redactado como segue:

«Artigo 100.

No texto da sentenza indicárase se esta é ou non firme e, se é o caso, os recursos que procedan, o órgano ante o que deben interporse e o prazo e requisitos para iso, así como os depósitos e as consignacións que sexan necesarios e forma de efectualos.»

Sesenta e sete. O artigo 101 queda redactado como segue:

«Artigo 101.

Se a sentenza fose condenatoria para o empresario, este virá obrigado a lle aboar ao demandante que persoalmente comparecese o importe dos salarios correspondentes aos días en que se celebrasen os actos de conciliación e xuízo ante o secretario xudicial, xuíz ou tribunal e, se é o caso, a conciliación previa ante o órgano correspondente.»

Sesenta e oito. O número 3 do artigo 110 queda redactado como segue:

«3. A opción deberá exercerse mediante escrito ou comparecencia ante a oficina do xulgado do social, dentro do prazo de cinco días desde a notificación da sentenza que declare o despedimento improcedente, sen esperar á firmeza desta, se fose a de instancia.»

Sesenta e nove. O número 1 do artigo 118 queda redactado como segue:

«1. Admitida a demanda, o secretario xudicial sinalará día para o xuízo nos cinco seguintes, citando para o efecto o traballador, o empresario e o avogado do Estado, sen que se suspenda o procedemento para que este poida elevar consulta á Dirección Xeral do Servizo Xurídico do Estado.»

Setenta. Reestrutúrase o número 2 do artigo 122, que pasa a ter a seguinte numeración:

2. A decisión extintiva será nula cando:

- a) Non se cumprisen as formalidades legais da comunicación escrita, con mención de causa.
- b) Non se puxese á disposición do traballador a indemnización correspondente, agás naqueles supostos en que tal requisito non viñese legalmente exixido.
- c) Resulte discriminatoria ou contraria aos dereitos fundamentais e liberdades públicas do traballador.
- d) Se efectuase en fraude de lei eludindo as normas establecidas polos despedimentos colectivos, nos casos a que se refire o último parágrafo do artigo 51.1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

e) A dos traballadores durante o período de suspensión do contrato de traballo por maternidade, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural, enfermidades causadas por embarazo, parto ou lactación natural, adopción ou acollemento ou paternidade a que se refire a letra d) do número 1 do artigo 45 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou o notificado nunha data tal que o prazo de aviso previo concedido finalice dentro do dito período.

f) A das traballadoras embarazadas, desde a data de inicio do embarazo ata o comezo do período de suspensión a que se refire a letra e), e a dos traballadores que solicitasen un dos permisos a que se refiren os números 4, 4 bis e 5 do artigo 37 do Estatuto dos traballadores, ou estean desfrutando deles, ou solicitasen ou estean desfrutando a excedencia prevista no número 3 do artigo 46 do Estatuto dos traballadores; e a das traballadoras vítimas de violencia de xénero polo exercicio dos dereitos de redución ou reordenación do seu tempo de traballo, de mobilidade xeográfica, de cambio de centro de traballo ou de suspensión da relación laboral, nos termos e condicións recoñecidos no Estatuto dos traballadores.

g) A dos traballadores despois de terse reintegrado ao traballo ao finalizar os períodos de suspensión do contrato por maternidade, adopción ou acollemento ou paternidade, sempre que non transcorresen máis de nove meses desde a data de nacemento, adopción ou acollemento do fillo.

O establecido nas letras e), f) e g) será de aplicación, agás que, neses casos, se declare a procedencia da decisión extintiva por motivos non relacionados co embarazo ou co exercicio do dereito aos permisos e excedencias sinalados.

Setenta e un. Modifícase a rúbrica do capítulo V do título II do libro II que pasa a ter a seguinte redacción:

«CAPÍTULO V

Vacacións, materia electoral, mobilidade xeográfica, modificacións substanciais de condicións de traballo e dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral recoñecidos legal ou convencionalmente»

Setenta e dous. O artigo 126 queda redactado como segue:

«Artigo 126.

O procedemento será urxente e daráselle tramitación preferente. O acto da vista deberao sinalar o secretario xudicial dentro dos cinco días seguintes ao da admisión da demanda. A sentenza, que non terá recurso, deberá ser ditada no prazo de tres días.»

Setenta e tres. O artigo 130 queda redactado como segue:

«Artigo 130.

Se examinada a demanda o secretario xudicial considera que pode non ter sido dirixida contra todos os afectados, citará as partes para que comparezan ante o órgano xudicial, dentro do día seguinte, a unha audiencia preliminar en que este, oíndo as partes sobre a posible situación de litisconsorcio pasivo necesario, resolverá sobre ela no acto.»

Setenta e catro. O número 1 do artigo 132 queda redactado como segue:

«1. Este proceso tramitárase con urxencia e terá as seguintes especialidades:

a) Ao admitir a demanda, acordarase solicitar da oficina pública texto do laudo arbitral, así como copia do expediente administrativo relativo ao proceso electoral. A documentación referida deberá ser enviada polo requirido dentro do día seguinte.

b) O acto do xuízo deberá celebrarse dentro dos cinco días seguintes á admisión da demanda. A sentenza, contra a que non cabe recurso, deberase ditar no prazo de tres días, debendo ser comunicada ás partes e á oficina pública.

c) A substanciación deste proceso non suspenderá o desenvolvemento do procedemento electoral, agás que o acorde motivadamente o xuíz, por petición de parte, caso de concorrer causa xustificativa.»

Setenta e cinco. O número 1 do artigo 135 queda redactado como segue:

«1. Este proceso tramitarase con urxencia. Na resolución pola que se admita a demanda requirirase á oficina pública competente o envío do expediente administrativo, que deberá ser remitido no prazo de dous días.»

Setenta e seis. O número 2 do artigo 137 queda redactado como segue:

«2. Na resolución pola que se admita a demanda, solicitarase informe da Inspección de Traballo e Seguranza Social, remitíndolle copia da demanda e documentos que a acompañen. O informe versará sobre os feitos invocados e circunstancias concorrentes relativas á actividade do demandante e deberá emitirse no prazo de quince días.»

Setenta e sete. O número 4 do artigo 138 queda redactado como segue:

«4. O procedemento será urxente e daráselle tramitación preferente. O acto da vista deberase sinalar dentro dos cinco días seguintes ao da admisión da demanda.

A sentenza, que non terá recurso agás no suposto e cos requisitos recollidos na letra b) do número 1 do artigo 189, e que será inmediatamente executiva, deberá ser ditada no prazo de cinco días.»

Setenta e oito. Modifícase a rúbrica da sección 5.^a do capítulo V do título II do libro II, que pasa a ter a seguinte redacción:

«*Sección 5.^a Dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral recoñecidos legal ou convencionalmente*»

Setenta e nove. Modifícase o artigo 138 bis, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 138 bis.

O procedemento para o exercicio dos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral recoñecidos legal ou convencionalmente rexerase polas seguintes regras:

a) O traballador disporá dun prazo de vinte días, a partir de que o empresario lle comunique a súa desconformidade coa concreción horaria e o período de desfrute proposto por aquel, para presentar demanda ante o xulgado do social.

b) O procedemento será urxente e daráselle tramitación preferente. O acto da vista deberase sinalar dentro dos cinco días seguintes ao da admisión da demanda. A sentenza, que será firme, deberá ser ditada no prazo de tres días.»

Oitenta. O artigo 139 queda redactado como segue:

«Artigo 139.

Nas demandas formuladas en materia de seguranza social contra as entidades xestoras ou servizos comúns, incluídas aquelas en que se invoque a lesión dun

dereito fundamental, acreditárase ter cumprido o trámite da reclamación previa regulado no artigo 71 desta lei. En caso de omitirse, o secretario xudicial disporá que se emende o defecto no prazo de catro días. Realizada a emenda, admitirase a demanda. Noutro caso, dará conta ao tribunal para que este resolva sobre a admisión da demanda.»

Oitenta e un. O artigo 141 queda redactado como segue:

«Artigo 141.

1. Se nas demandas por accidente de traballo ou enfermidade profesional non se consignase o nome da entidade xestora ou, se é o caso, da mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguranza Social, o secretario xudicial, antes do sinalamento do xuízo, requirirá o empresario demandado para que no prazo de catro días presente o documento acreditativo da cobertura de risco. Se transcorrido este prazo non o presentase, vistas as circunstancias que concorran e oíndo a Tesouraría Xeral da Seguranza Social, o xuíz acordará o embargo de bens do empresario en cantidade suficiente para asegurar o resultado do xuízo.

2. Nos procesos por accidentes de traballo, na resolución pola que se admita a demanda a trámite deberase solicitar da Inspección Provincial de Traballo e Seguranza Social, de non figurar xa nos autos, informe relativo ás circunstancias en que sobreveu o accidente, traballo que realizaba o accidentado, salario que percibía e base de cotización, que será expedido necesariamente no prazo máximo de dez días. Antes da celebración do xuízo, o secretario xudicial deberá reiterar a presentación do dito informe se este non tivo aínda entrada nos autos.»

Oitenta e dous. O número 1 do artigo 142 queda redactado como segue:

«1. Ao admitirse a trámite a demanda reclamarase á entidade xestora ou servizo común a remisión do expediente orixinal ou copia del ou das actuacións e, se é o caso, informe dos antecedentes que posúa en relación co contido da demanda, en prazo de dez días. Se se remitise o expediente orixinal, o secretario xudicial devolverao á entidade de procedencia, cando sexa firme a sentenza, deixando nos autos nota diso.»

Oitenta e tres. O artigo 144 queda redactado como segue:

«Artigo 144.

A falta de remisión do expediente notificaralla o secretario xudicial ao director da entidade xestora ou do servizo común, para os efectos da posible existencia de responsabilidade disciplinaria ao funcionario.»

Oitenta e catro. Os números 2 e 3 do artigo 145 bis quedan redactados como segue:

«2. O secretario xudicial examinará a demanda, para o efecto de comprobar se reúne todos os requisitos exixidos, advertindo á entidade xestora, se é o caso, os defectos ou omisións de carácter formal que padeza, co fin de que sexan emendados no termo de dez días. Realizada a emenda, admitirase a demanda. Noutro caso, dará conta ao tribunal para que este resolva sobre a admisión da demanda.

3. Admitida a trámite a demanda, continuará o procedemento conforme as normas xerais desta lei, coas especialidades seguintes:

a) O empresario e o traballador que celebren os reiterados contratos temporais terán a consideración de parte no proceso, ben que non poderán solicitar a suspensión do proceso nin o traballador desistir. Incluso sen a súa asistencia, o procedemento seguirase de oficio.

b) As afirmacións de feitos que se conteñan na comunicación base do proceso farán fe, agás proba en contrario, incumbindo a carga da proba ao empresario demandado.»

Oitenta e cinco. O número 2 do artigo 147 queda redactado como segue:

«2. Sempre que as expresadas demandas afecten máis de dez traballadores, o secretario xudicial requiriraos para que designen representantes na forma prevista no artigo 19 desta lei.»

Oitenta e seis. O artigo 148 queda redactado como segue:

«Artigo 148.

1. O secretario xudicial examinará a demanda, para o efecto de comprobar se reúne todos os requisitos formais exixidos, advertindo á autoridade laboral, se é o caso, os defectos ou omisións que padeza co fin de que sexan emendados no termo de dez días. Realizada a emenda, admitirá a demanda. Noutro caso, dará conta ao tribunal para que este resolva sobre a admisión da demanda.

2. Admitida a trámite a demanda, continuará o procedemento conforme as normas xerais deste texto, coas especialidades seguintes:

a) O procedemento seguirase de oficio, incluso sen asistencia dos traballadores prexudicados, que terán a consideración de parte, ben que non poderán desistir nin solicitar a suspensión do proceso.

b) A conciliación tan só a poderá autorizar o secretario xudicial cando fose cumpridamente satisfeita a totalidade dos prexuízos causados pola infracción.

c) Os pactos entre traballadores e empresarios posteriores á acta de infracción tan só terán eficacia no suposto de que fosen celebrados en presenza do inspector de traballo que expediu a acta, ou da autoridade laboral.

d) As afirmacións de feitos que se conteñan na resolución ou comunicación base do proceso farán fe agás proba en contrario, incumbindo toda a carga da proba á parte demandada.

e) As sentenzas que se diten nestes procesos deberanse executar sempre de oficio.»

Oitenta e sete. O artigo 156 queda redactado como segue:

«Artigo 156.

O proceso poderá iniciarse tamén mediante comunicación da autoridade laboral, por instancia das representacións referidas no artigo 152. Na dita comunicación conteranse idénticos requisitos aos exixidos para a demanda no artigo anterior. O secretario xudicial advertirá a autoridade laboral dos defectos ou omisións de carácter formal que puidese conter a comunicación, co fin de que se emenden no prazo de dez días.»

Oitenta e oito. O artigo 157 queda redactado como segue:

«Artigo 157.

Este proceso terá carácter urxente. A preferencia no despacho destes asuntos será absoluta sobre calquera outro, agás os de tutela da liberdade sindical e demais dereitos fundamentais.»

Oitenta e nove. O número 1 do artigo 158 queda redactado como segue:

«1. Unha vez admitida a demanda ou a comunicación da autoridade laboral, o secretario xudicial citará as partes para a celebración do acto do xuízo, que deberá

ter lugar, en única convocatoria, dentro dos cinco días seguintes ao da admisión a trámite da demanda.»

Noventa. O artigo 159 queda redactado como segue:

«Artigo 159.

Contra as resolucións que se diten na súa tramitación non caberá recurso, agás o de declaración inicial de incompetencia.»

Noventa e un. O artigo 160 queda redactado como segue:

«Artigo 160.

De recibirse no xulgado ou tribunal comunicación das partes de que quedou solucionado o conflito, o secretario xudicial procederá sen máis ao arquivo das actuacións, calquera que sexa o estado da súa tramitación anterior á sentenza.»

Noventa e dous. O número 3 do artigo 162 queda redactado como segue:

«3. O secretario xudicial advertirá a autoridade laboral dos defectos ou omisións de carácter formal que puidese conter a comunicación, co fin de que se emenden no prazo de dez días.»

Noventa e tres. O número 1 do artigo 164 queda redactado como segue:

«1. Admitida a trámite a comunicación de oficio ou a demanda, o secretario xudicial sinalará para xuízo, con citación do Ministerio Fiscal e, se é o caso, das partes a que se refire o número 4 do artigo 162 desta lei. Na súa comparecencia a xuízo, as ditas partes alegarán en primeiro termo a postura procesual que adopten, de conformidade ou oposición, respecto da pretensión interposta.»

Noventa e catro. O artigo 168 queda redactado como segue:

«Artigo 168.

Dentro do seguinte día hábil á admisión da demanda, o secretario xudicial requirirá da oficina pública competente o envío do expediente, que deberá ser remitido no prazo de cinco días.»

Noventa e cinco. O artigo 172 queda redactado como segue:

«Artigo 172.

Admitida a demanda, o secretario xudicial requirirá á oficina pública correspondente a remisión da copia autorizada do expediente, debendo esa oficina enviala no prazo de cinco días.»

Noventa e seis. Modifícase a rúbrica do capítulo XI do título II do libro II, que queda redactada como segue:

«CAPÍTULO XI

Da tutela dos dereitos fundamentais»

Noventa e sete. O número 2 do artigo 178 queda redactado como segue:

«2. Dentro do día seguinte á admisión da demanda, o secretario xudicial citará as partes e o Ministerio Fiscal para que, no día e hora que se sinale dentro das corenta e oito horas seguintes, comparezan a unha audiencia preliminar, na que só se admitirán alegacións e probas sobre a suspensión solicitada.»

Noventa e oito. O número 1 do artigo 179 queda redactado como segue:

«1. Admitida a trámite a demanda, o secretario xudicial citará as partes para os actos de conciliación e xuízo, que deberán ter lugar dentro do prazo improrrogable dos cinco días seguintes ao da admisión da demanda. En todo caso, deberá mediar un mínimo de dous días entre a citación e a efectiva celebración daqueles actos.»

Noventa e nove. O artigo 182 queda redactado como segue:

«Artigo 182.

Non obstante o disposto nos artigos anteriores, as demandas por despedimento e polas demais causas de extinción do contrato de traballo, as de modificacións substanciais de condicións de traballo, as de desfrute de vacacións, as de materia electoral, as de impugnación de estatutos dos sindicatos ou da súa modificación, as de mobilidade xeográfica, as de dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral a que se refire o artigo 138 bis e as de impugnación de convenios colectivos en que se invoque lesión da liberdade sindical ou outro dereito fundamental tramitaranse inescusablemente, conforme a modalidade procesual correspondente.»

Cent. Modifícase a rúbrica do capítulo I do libro III, que queda redactada como segue:

«CAPÍTULO I

Dos recursos contra providencias, autos, dilixencias de ordenación e decretos»

Cento un. O artigo 184 queda redactado como segue:

«Artigo 184.

1. Contra as dilixencias de ordenación e decretos non definitivos caberá recurso de reposición ante o secretario xudicial que ditou a resolución impugnada, excepto nos casos en que a lei prevea recurso directo de revisión.

2. Contra todas as providencias e autos caberá recurso de reposición ante o mesmo xuíz ou tribunal que ditou a resolución impugnada.

3. A interposición do recurso de reposición non terá efectos suspensivos respecto da resolución impugnada.

4. Non procederá o recurso de reposición contra as providencias, autos, dilixencias de ordenación e decretos que se diten nos procesos de conflitos colectivos e nos de impugnación de convenios colectivos.»

Cento dous. O artigo 185 queda redactado como segue:

«Artigo 185.

1. O recurso de reposición deberá interporse no prazo de cinco días, expresándose a infracción en que a resolución incorrese a xuízo do recorrente.

2. Se non se cumprisen os requisitos establecidos no punto anterior, inadmitirase, mediante providencia non susceptible de recurso, a reposición interposta fronte a providencias e autos, e mediante decreto directamente impugnado en revisión a formulada contra dilixencias de ordenación e decretos non definitivos.

3. Admitido a trámite o recurso de reposición, o secretario xudicial concederá ás demais partes que compareceron un prazo común de cinco días para impugnalos, se o consideran conveniente.

4. Transcorrido o prazo de impugnación, presentánsese ou non escritos, o xuíz ou tribunal se se tratase de reposición interposta fronte a providencias ou autos, ou o secretario xudicial se fose formulada fronte a dilixencias de ordenación ou

decretos, resolverán sen máis trámites mediante auto ou decreto, respectivamente, nun prazo de cinco días.

5. Contra o auto resolutorio do recurso de reposición non se dará novo recurso, agás nos supostos expresamente establecidos nesta lei, sen prexuízo da responsabilidade civil que, se é o caso, proceda.»

Cento tres. O artigo 186 queda redactado como segue:

«Artigo 186.

1. Contra o decreto resolutivo da reposición non se dará recurso ningún, sen prexuízo de reproducir a cuestión ao impugnar, se for procedente, a resolución definitiva.

Caberá recurso directo de revisión contra os decretos polos que se poña fin ao procedemento ou impidan a súa continuación. Ese recurso carecerá de efectos suspensivos sen que, en ningún caso, proceda actuar en sentido contrario ao que se resolvese.

Caberá interpor igualmente recurso directo de revisión contra os decretos naqueles casos en que expresamente se prevexa.

2. O recurso de revisión deberá interporse no prazo de cinco días mediante escrito en que se deberá citar a infracción en que a resolución incorrese.

Cumpridos os anteriores requisitos, o secretario xudicial, mediante dilixencia de ordenación, admitirá o recurso, concedendo ás demais partes que compareceron un prazo común de cinco días para impugnalos se o consideran conveniente.

Se non se cumprisen os requisitos de admisibilidade do recurso, o xuíz ou tribunal inadmitirao mediante providencia.

Transcorrido o prazo para impugnación, presentáense ou non escritos, o xuíz ou tribunal resolverá sen máis trámites, mediante auto, nun prazo de cinco días.

Contra as resolucións sobre admisión ou inadmisión non caberá recurso ningún.

3. Contra o auto ditado que resolve o recurso de revisión unicamente caberá recurso de suplicación ou de casación cando así expresamente se prevexa nesta lei.»

Cento catro. O artigo 187 queda redactado como segue:

«Artigo 187.

Os recursos de queixa de que coñezan as salas do social dos tribunais superiores de xustiza ou a Sala do Social do Tribunal Supremo, segundo os casos, tramitaranse sempre de conformidade co disposto na Lei de axuízamento civil para recorrer en queixa.»

Cento cinco. Modifícanse o número 1 no seu parágrafo primeiro e na letra c) e o número 2 do artigo 189, que quedan redactados como segue:

«Son recorribles en suplicación:

1. As sentenzas que diten os xulgados do social nos procesos que ante eles se tramiten, calquera que sexa a natureza do asunto, agás as que recaian nos procesos relativos á data de desfrute das vacacións, concreción horaria e determinación do período de desfrute en permisos polos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral a que se refire o artigo 138 bis, nos de materia electoral, nos de clasificación profesional, nos de impugnación de sanción por falta que non sexa moi grave, así como por falta moi grave non confirmada xudicialmente, e as ditadas en reclamacións cuxa contía litixiosa non exceda os mil oitocentos euros. Procederá, en todo caso, a suplicación:»

«c) Nos procesos que versen sobre recoñecemento ou denegación do dereito a obter prestacións da Seguranza Social, incluídas as de desemprego, así como sobre o grao de incapacidade permanente aplicable.»

«2. Os autos que decidan o recurso de reposición interposto contra os que en execución de sentenza diten os xulgados do social e o recurso de revisión interposto contra os decretos do secretario xudicial sempre que a sentenza executoria for impugnada en suplicación, cando resolvan puntos substanciais non controvertidos no preito, non decididos na sentenza ou que contradigan o executado.»

Cento seis. Os números 2, 3 e 4 do artigo 192 quedan redactados como segue:

«2. Nas sentenzas ditadas en materia de seguranza social que recoñezan ao beneficiario o dereito a percibir prestacións, para que poida impugnar o condenado ao pagamento da dita prestación será necesario que ingresase na Tesouraría Xeral da Seguranza Social correspondente o capital importe da prestación declarada no ditame, con obxecto de aboala aos beneficiarios durante a substanciación do recurso, presentando na oficina xudicial o oportuno xustificante, que se testemuñará en autos, quedando baixo a custodia do secretario.»

«3. No suposto referido no número anterior e unha vez anunciado o recurso, o secretario xudicial ditará dilixencia ordenando que se dea traslado á entidade xestora ou servizo común para que se fixe o capital importe da pensión que se percibirá. Recibida esta comunicación, notificará ao recorrente para que no prazo de cinco días efectúe a consignación requirida na Tesouraría Xeral da Seguranza Social, baixo apercibimento de que, de non facelo así, se porá fin ao trámite do recurso.»

«4. Se na sentenza se condena a entidade xestora, esta quedará exenta do ingreso previsto no número 2, pero deberá presentar ante a oficina xudicial, ao anunciar o seu recurso, certificación acreditativa de que comeza o aboamento da prestación de pagamento periódico e que o proseguirá puntualmente durante a tramitación do recurso. De non se cumprir efectivamente este aboamento porase fin ao trámite do recurso.»

Cento sete. O artigo 193 queda redactado como segue:

«Artigo 193.

1. Se a resolución fose impugnada en suplicación e a parte anunciase o recurso en tempo e forma e cumprise as demais prevencións establecidas nesta lei, o secretario xudicial terá por anunciado o recurso e acordará por os autos á disposición do letrado ou graduado social colexiado designado para que no prazo dunha audiencia se faga cargo daqueles e interpoña o recurso no dos dez días seguintes ao do vencemento da dita audiencia. Este prazo contarase calquera que sexa o momento en que o letrado ou o graduado social colexiado recollese os autos postos á súa disposición.

2. Se a resolución impugnada non fose impugnada en suplicación, se o recorrente infrinxise o seu deber de consignar ou de asegurar a cantidade obxecto de condena, ou se o recurso non se anunciase en tempo, o órgano xudicial declarará, mediante auto motivado, ter por non anunciado o recurso. Igual regra se aplicará cando o recurso verse sobre prestacións da Seguranza Social e se omitisen as prevencións contidas no artigo anterior. Contra este auto poderá recorrerse en queixa ante a sala.

3. Se o recorrente incorreu en defectos ou omisións consistentes na insuficiencia de consignar a condena ou de asegurala, ou de presentar o xustificante do depósito a que se refire o artigo 227 desta lei, ou non se acreditou a representación debida por parte de quen anuncia o recurso, o secretario xudicial concederá á parte o tempo que considere pertinente para a presentación dos documentos omitidos ou para a emenda dos defectos apreciados, que en ningún caso será superior a cinco

días. De non o efectuar, ditarase auto que poña fin ao trámite do recurso, quedando firme a sentenza impugnada. Contra o dito auto poderase recorrer en queixa ante a sala.»

Cento oito. O artigo 195 queda redactado como segue:

«Artigo 195.

Interposto o recurso en tempo e forma ou emendados os seus defectos ou omisións, o secretario xudicial proverá no prazo de dous días dando traslado del á parte ou partes impugnadas por un prazo único de cinco días para todas. Transcorrido este prazo, presentáense ou non escritos de impugnación, elevaranse os autos á Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza, xunto co recurso e con aqueles escritos, dentro dos dous días seguintes.»

Cento nove. O artigo 197 queda redactado como segue:

«Artigo 197.

Se, recibidos os autos, o secretario xudicial apreciase defectos ou omisións emendables no recurso, concederá á parte o prazo que considere suficiente e en ningún caso superior a oito días para que se presenten os documentos omitidos ou se emenden os defectos apreciados. De non efectuarse, a sala ditará auto declarando a inadmisión do recurso e a firmeza da resolución impugnada, con devolución do depósito constituído e remisión das actuacións ao xulgado de procedencia. Contra ese auto só cabe recurso de reposición.»

Cento dez. O número 3 do artigo 198 queda redactado como segue:

«3. A resolución de inadmisión do recurso deberá ditarse motivadamente dentro dos tres días seguintes ao transcurso do prazo de audiencia concedido á parte, tramitáense ou non as alegacións. Contra o auto de inadmisión non cabe recurso de reposición e notificarase ás partes e á Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza.»

Cento once. O número 2 do artigo 199 queda redactado como segue:

«2. Firme que sexa a sentenza, o secretario xudicial acordará a devolución dos autos, xunto coa certificación daquela, ao xulgado de procedencia.»

Cento doce. O artigo 204 queda redactado como segue:

«Artigo 204.

Son recorribles en casación:

Primeiro.—As sentenzas ditadas en única instancia polas salas a que se refire o artigo anterior.

Segundo.—Os autos que decidan o recurso de reposición interposto contra os que en execución de sentenza diten esas salas e os autos que decidan o recurso de revisión interposto contra os decretos do secretario xudicial, cando resolvan puntos substanciais non controvertidos no preito, non decididos na sentenza ou que contradigan o executado.

Terceiro.—Os autos que resolvan o recurso de reposición interposto contra a resolución en que a sala, acto seguido á presentación da demanda, se declare incompetente por razón da materia.»

Cento trece. Os números 1 e 3 do artigo 207 quedan redactados como segue:

«1. Cumpridos os requisitos establecidos para recorrer, o secretario xudicial terá por preparado o recurso ou os recursos de casación. Noutro caso, dará conta á

sala para que resolva o que proceda. Preparado o recurso, o secretario xudicial emprazará as partes para que comparezan persoalmente ou por medio de avogado ou representante ante a Sala do Social do Tribunal Supremo no prazo de quince días hábiles, se tivesen o seu domicilio na península, ou de vinte cando residan fóra dela, e o secretario xudicial remitirá os autos dentro dos cinco días seguintes ao do emprazamento.»

«3. Se o recorrente tivese incorrido en defectos ou omisións emendables, o secretario xudicial concederalle o tempo suficiente para que se emenden os defectos apreciados, que en ningún caso será superior a dez días. De non efectualo, a sala ditará auto que poña fin ao trámite do recurso, quedando firme a sentenza impugnada. Contra ese auto poderase recorrer en queixa.»

Cento catorce. O número 3 do artigo 208 queda redactado como segue:

«3. Se o recorrente non comprendido no número anterior deixase transcorrer o tempo concedido para o emprazamento sen comparecer ante a sala do social, o secretario xudicial declarará deserto o recurso e devolverá as actuacións á sala de procedencia.»

Cento quince. O artigo 209 queda redactado como segue:

«Artigo 209.

De non se teren presentado os poderes que acrediten a representación da parte ou o xustificante de ter constituído o depósito legalmente exixido, ou de se apreciar neles algún defecto, o secretario xudicial concederá á parte o prazo que considere pertinente, sen que exceda os dez días, para que presente os documentos omitidos ou emende os defectos apreciados. De non efectuarse, a sala ditará auto declarando a inadmisión do recurso e a firmeza da resolución impugnada, con devolución do depósito constituído e remisión das actuacións á sala de procedencia. Contra ese auto só cabe recurso de reposición.»

Cento dezaseis. O artigo 210 queda redactado como segue:

«Artigo 210.

Recibidos os autos na sala cuarta, o secretario xudicial acordará a súa entrega ao avogado do recorrente para que formalice o recurso no prazo de vinte días, prazo que se empezará a contar, calquera que sexa o momento en que os retire, a partir da data en que se lle notifique que están os autos á súa disposición.»

Cento dezasete. O número 3 do artigo 211 queda redactado como segue:

«3. A audiencia sobre a inadmisión do recurso tramitará a parte dentro dos tres días seguintes a aquel en que lle foi notificada a resolución da sala, e o secretario xudicial conferirá traslado dos autos ao Ministerio Fiscal por prazo de oito días para que informe sobre a inadmisión de todos os motivos do recurso ou dalgún deles.»

Cento dezoito. Os números 1, 2 e 3 do artigo 212 quedan redactados como segue:

«1. De admitirse parcial ou totalmente o recurso, o secretario xudicial entregará os autos por prazo de dez días á parte ou partes contra as que se recorre e que comparecen, para que formalicen escrito de impugnación, prazo que se empezará a contar, calquera que sexa o momento en que se retiren, a partir da data en que se les notifique que están os autos á súa disposición.»

«2. Se o Ministerio Fiscal non tivese sido parte no preito, o secretario pasará seguidamente os autos para que no prazo de dez días informe sobre a procedencia ou improcedencia da casación pretendida.»

«3. Devoltos os autos polo Ministerio Fiscal, xunto co seu informe, se a sala o considera necesario, o secretario xudicial sinalará día e hora para a celebración da vista. Noutro caso, o tribunal sinalará día e hora para deliberación, votación e ditame, debendo celebrarse unha ou outros dentro dos dez días seguintes.»

Cento dezanove. O artigo 220 queda redactado como segue:

«Artigo 220.

Cumpridos os requisitos para recorrer, terase por preparado o recurso seguíndose os trámites establecidos nos artigos 207, 208 e 209 desta lei.»

Cento vinte. O número 1 do artigo 221 queda redactado como segue:

«1. A parte que preparese o recurso presentará ante a Sala do Social do Tribunal Supremo, dentro dos vinte días seguintes á data en que foi emprazada, o escrito de interposición do recurso. De non facelo así, o secretario xudicial ditará decreto pondo fin ao trámite do recurso.»

Cento vinte e un. O artigo 222 queda redactado como segue:

«Artigo 222.

O escrito de interposición do recurso deberá conter unha relación precisa e circunstanciada da contradición alegada, con presentación certificada da sentenza ou sentenzas contrarias e con fundamentación da infracción legal cometida na sentenza impugnada, así como do quebranto producido na unificación da interpretación do dereito e a formación da xurisprudencia. A non presentación da certificación da sentenza ou sentenzas contrarias deberá emendarse no prazo de dez días, a menos que a parte acredite tela solicitado en tempo oportuno e non térselle expedido, caso en que o secretario da Sala Cuarta do Tribunal Supremo a reclamará de oficio.»

Cento vinte e dous. O número 3 do artigo 223 queda redactado como segue:

«3. Cando a sala entendese que o recurso se interpuxo con propósito dilatorio, poderá impor ademais ao recorrente unha sanción pecuniaria que non poderá exceder os novecentos euros.»

Cento vinte e tres. O artigo 224 queda redactado como segue:

«Artigo 224.

1. De admitirse o recurso, o secretario xudicial dará traslado do escrito de interposición á parte ou partes que compareceron para que formalicen a súa impugnación dentro do prazo de dez días, que se empezará a contar, calquera que sexa o momento en que se retiren, a partir da data en que se lle notifique que están os autos á súa disposición.

2. Se o Ministerio Fiscal non fose o recorrente, o secretario pasarálle seguidamente os autos para que no prazo de dez días informe sobre a procedencia ou improcedencia da casación pretendida.»

Cento vinte e catro. Os números 1 e 2 do artigo 227 quedan redactados como segue:

«1. Todo o que sen ter a condición de traballador ou habente causa seu ou beneficiario do réxime público da Seguranza Social intente interpor recurso de suplicación ou casación, consignará como depósito:

- a) Cento cincuenta euros, se se trata de recurso de suplicación.
- b) Trescentos euros, se o recurso fose o de casación incluído o de casación para a unificación de doutrina.»

«2. Os depósitos constituiranse na conta de depósitos e consignacións correspondente ao órgano que ditou a resolución contra a que se recorre. O secretario xudicial verificará na conta a realización do ingreso, debendo quedar constancia da dita actuación no procedemento.

Se non se constituísen estes depósitos na forma indicada, observarase o establecido nesta lei.»

Cento vinte e cinco. O artigo 228 queda redactado como segue:

«Artigo 228.

Cando a sentenza impugnada condenase ao pagamento de cantidade, será indispensable que o recorrente que non goce do dereito de asistencia xurídica gratuíta acredite, ao anunciar o recurso de suplicación ou ao preparar o recurso de casación, ter consignado na oportuna entidade de crédito e na conta de depósitos e consignacións aberta a nome do órgano xurisdiccional a cantidade obxecto da condena, podendo substituírse a consignación en metálico polo aseguramento mediante aval bancario, no que deberá facerse constar a responsabilidade solidaria do avalista. Neste último caso, o documento de aseguramento quedará rexistrado e depositado na oficina xudicial. O secretario expedirá testemuño deste para a súa unión aos autos, facilitando o oportuno recibo.»

Cento vinte e seis. O artigo 229 queda redactado como segue:

«1. Se o recurso que se interpón é o de suplicación, o nomeamento de letrado ou de graduado social colexiado farase ante o xulgado no momento de anunciálo. Se o recurso é o de casación, tanto ordinario como para a unificación de doutrina, o nomeamento de letrado realizarase ante a sala do social de procedencia se se verifica dentro do prazo sinalado para preparalo, ou ante a Sala do Social do Tribunal Supremo dentro do de emprazamento.

2. A designación poderase facer por comparecencia ou por escrito. Neste caso, e de non xuntar poder notarial, non haberá necesidade de ratificarse.

3. Se non houber designación expresa de representante, entenderase que o letrado ou o graduado social colexiado leva tamén a representación do seu defendido.

4. Cando o recorrente non faga designación expresa de letrado ou de graduado social colexiado, se é un traballador ou un empresario que goce do dereito de asistencia xurídica gratuíta, nomearalle un letrado de oficio o xulgado no día seguinte a aquel en que conclúa o prazo para anunciar o recurso, ou a Sala Cuarta do Tribunal Supremo dentro do día seguinte ao que venza o tempo de emprazamento.»

Cento vinte e sete. O número 1 do artigo 230 queda redactado como segue:

«1. Se o letrado recorrente fose designado de oficio, o secretario xudicial entregaralle os autos co fin de que interpoña o recurso de suplicación ou formalice o de casación dentro do prazo de dez ou vinte días, respectivamente. Estes prazos empezarán a contarse desde a data en que se lle notifique que están os autos á súa disposición.

2. Se o letrado de oficio estimase improcedente o recurso, exporao por escrito sen razoar a súa opinión no prazo de tres días. Neste caso, dentro dos dous seguintes nomearase novo letrado, e se este opina como o anterior, o que exporá na forma e no prazo antes indicado, farase saber á parte o resultado habido para que dentro dos tres días seguintes poida valerse, se así o desexa, de avogado da súa libre designación, que deberá formalizar o dito recurso dentro do prazo sinalado na lei. A parte comunicará a designación de avogado ao xulgado ou á sala dentro do mesmo prazo de tres días, e estes acordarán a entrega dos autos ao designado na forma que se dispón no punto anterior. Noutro caso, porase fin ao trámite do recurso.

Se o recurso que se interpón é o de suplicación, a parte tamén poderá valerse para a súa representación técnica de graduado social colexiado da súa libre designación.»

Cento vinte e oito. O número 1 do artigo 231 queda redactado como segue:

«1. A sala non admitirá ás partes documento ningún nin alegacións de feitos que non resulten dos autos. Non obstante, se o recorrente presenta algún documento dos comprendidos no artigo 270 da Lei de axuízamento civil ou escrito que conteña elementos de xuízo necesarios para evitar a vulneración dun dereito fundamental, a sala, oída a parte contraria dentro do prazo de tres días, disporá nos dous días seguintes o que proceda mediante auto motivado contra o que non caberá recurso de reposición.»

Cento vinte e nove. O número 1 do artigo 232 queda redactado como segue:

«1. A sala poderá acordar de oficio e deberá decretar se é por instancia de parte, antes do sinalamento para votación e ditame, ou para vista, se é o caso, a acumulación dos recursos en trámite nos cales exista identidade de obxecto e dalgunha das partes. Antes de acordar o que proceda sobre a acumulación, a sala oirá, dentro do prazo único e común de cinco días, as partes comparecidas nos recursos que se van acumular. A audiencia versará sobre a existencia ou non de identidade obxectiva.»

Cento trinta. O número 1 do artigo 233 queda redactado como segue:

«1. A sentenza imporá as custas á parte vencida no recurso, excepto cando goce do beneficio de xustiza gratuíta. As custas incluírán os honorarios do avogado ou do graduado social colexiado da parte contraria que actuase no recurso, sen que eses honorarios poidan superar a cantidade de seiscientos euros en recurso de suplicación, e de novecentos euros en recurso de casación.»

Cento trinta e un. Modifícase a rúbrica do capítulo VI do libro III, que queda redactada como segue:

«CAPÍTULO VI

Da revisión de sentenzas»

Cento trinta e dous. O artigo 234 queda redactado como segue:

«Artigo 234.

Contra calquera sentenza ditada polos órganos da orde xurisdiccional social procederá a revisión prevista na Lei de axuízamento civil, que se solicitará á Sala do Social do Tribunal Supremo e deberá ser resolta conforme o disposto na dita Lei de axuízamento, ben que o depósito para recorrer terá a contía que se sinala nesta lei para os recursos de casación.»

Cento trinta e tres. O artigo 236 queda redactado como segue:

«Artigo 236.

As cuestións incidentais que se promovan en execución substanciaranse citando de comparecencia, no prazo de cinco días, as partes, que poderán alegar e probar canto conveña ao seu dereito, concluíndo por auto ou, se é o caso, por decreto, que se deberá ditar no prazo de tres días.

Cando a comparecencia se celebre ante o maxistrado, rexistrarse en soporte apto para a gravación e reprodución do son e da imaxe conforme o previsto no artigo 89.»

Cento trinta e catro. O número 2 do artigo 237 queda redactado como segue:

«2. Iniciada a execución, esta tramitarase de oficio, ditándose para efecto as resolucións necesarias.»

Cento trinta e cinco. Os números 1 e 2 do artigo 239 quedan redactados como segue:

«1. A execución levarase a efecto nos propios termos establecidos no título que se executa.»

«2. Fronte á parte que, requirida para o efecto, deixase transcorrer inxustificadamente o prazo concedido sen efectuar o ordenado, e mentres non cumpra ou non acredite a imposibilidade do seu cumprimento específico, o secretario xudicial, co fin de obter e asegurar o cumprimento da obriga que execute, poderá, tras audiencia das partes, impor constrinximentos pecuniarios cando execute obrigas de dar, facer ou non facer ou para obter o cumprimento das obrigas legais impostas nunha resolución xudicial. Para fixar a contía dos ditos constrinximentos terase en conta a súa finalidade, a resistencia ao cumprimento e a capacidade económica do requirido, podendo modificarse ou deixarse sen efecto, atendidas a ulterior conduta e a xustificación que sobre aqueles extremos puidese efectuar o constrinxido. A cantidade fixada, que se ingresará no Tesouro Público, non poderá exceder, por cada día de atraso no cumprimento, a suma de trescentos euros.»

Cento trinta e seis. O número 2 do artigo 242 queda redactado como segue:

«2. Suspendido ou paralizado o proceso por petición ou por causa imputable ao executante e transcorrido un mes sen que instase a súa continuación, o secretario xudicial requirirá a este co fin de que manfeste, no prazo de cinco días, se a execución debe seguir adiante e solicite o que conveña ao seu dereito, coa advertencia de que transcorrido este último prazo se arquivarán provisionalmente as actuacións.»

Cento trinta e sete. O número 1 do artigo 243 queda redactado como segue:

«1. Se o cumprimento inmediato da obriga que se executa puidese ocasionar a traballadores dependentes do executado prexuízos desproporcionados en relación aos que ao executante se lle derivarían do non cumprimento exacto, por pór en perigo certo a continuidade das relacións laborais subsistentes na empresa debedora, o secretario xudicial, mediante decreto recorrible directamente en revisión, poderá, logo de audiencia dos interesados e nas condicións que estableza, conceder un aprazamento polo tempo imprescindible.»

Cento trinta e oito. O número 1 do artigo 247 queda redactado como segue:

«1. O executado está obrigado a efectuar, por requirimento do secretario xudicial, manifestación sobre os seus bens ou dereitos, coa precisión necesaria para garantir as súas responsabilidades. Deberá, así mesmo, indicar as persoas que posúan dereitos de calquera natureza sobre os seus bens e, de estar suxeitos a outro proceso, concretar os extremos deste que poidan interesar á execución.»

Cento trinta e nove. O artigo 248 queda redactado como segue:

«Artigo 248.

1. Se non se ten coñecemento da existencia de bens suficientes, o secretario xudicial deberase dirixir aos pertinentes organismos e rexistros públicos co fin de que faciliten a relación de todos os bens ou dereitos do debedor de que teñan constancia, tras a realización por estes, se for preciso, das indagacións legalmente posibles.

2. Tamén poderá o secretario xudicial, dentro dos límites do dereito á intimidade persoal, dirixirse ou solicitar a información precisa para lograr a efectividade da obriga pecuniaria que execute, de entidades financeiras ou depositarias ou doutras persoas privadas que polo obxecto da súa normal actividade ou polas súas relacións xurídicas co executado deban ter constancia dos bens ou dereitos deste ou puidesen resultar debedoras del.»

Cento corenta. O artigo 250 queda redactado como segue:

«Artigo 250.

Atendida a cantidade obxecto de constrinximento, os autos en que se despache a execución e as resolucións en que se decreten embargos notificaranse aos representantes dos traballadores da empresa debedora, para efectos de que poidan comparecer no proceso.»

Cento corenta e un. Os números 1 e 3 do artigo 251 quedan redactados como segue:

«1. O Fondo de Garantía Salarial e as entidades xestoras ou servizos comúns da Seguraza Social, cando estean lexitimados para intervir no proceso, quedan obrigados a asumir o depósito, a administración, intervención ou peritación dos bens embargados, designando, para tal fin, persoa idónea, desde que sexan requiridos polo secretario xudicial mediante decreto. De tal obriga poderán liberarse se xustifican ante o secretario a imposibilidade de cumprila ou a súa desproporcionada gravosidade.»

«3. As actuacións materiais relativas ao depósito, conservación, transporte, administración e publicidade para a súa venda dos bens xudicialmente embargados poderá encomendarse a entidades autorizadas administrativamente con tal fin, ou ás entidades previstas para este fin na Lei de axuizamento civil, se así o acordase o secretario xudicial.»

Cento corenta e dous. O artigo 253 queda redactado como segue:

«Artigo 253.

1. Se os bens embargados son inmobles ou outros inscribibles en rexistros públicos, o secretario xudicial ordenará de oficio que se expida e remita directamente ao rexistrador mandamento para que practique o asento que corresponda relativo ao embargo trabado, expida certificación de telo feito, da titularidade dos bens e, se é o caso, das súas cargas e gravames.

2. O rexistrador deberá comunicar á oficina xudicial a existencia de ulteriores asentos que poidan afectar o embargo anotado.»

Cento corenta e tres. Modifícanse os números 2 e 3 e engádese un número 4 no artigo 254, coa seguinte redacción:

«2. Con tal fin, o secretario xudicial citará de comparecencia ante si mesmo as partes para que cheguen a un acordo e, unha vez alcanzado, se é o caso, establecerá mediante decreto os termos da administración xudicial en consonancia co acordo.»

«3. Para o suposto de que non se alcance acordo, o secretario convocaraos a comparecencia ante o xuíz ou maxistrado que ditou a orde xeral de execución, co fin de que efectúen as alegacións e probas que consideren oportunas sobre a necesidade ou non de nomeamento de administrador ou interventor, persoa que deba desempeñar tal cargo, exixencia ou non de fianza, forma de actuación, rendición de contas e retribución procedente, resolvéndose mediante auto o que proceda.»

«4. O administrador ou, se é o caso, o interventor nomeado deberá render conta final da súa xestión.»

Cento corenta e catro. O artigo 255 queda redactado como segue:

«Artigo 255.

Pode ser designado depositario o executante ou o executado, agás oposición xustificada da parte contraria. Tamén poderá o secretario xudicial aprobar a designación como depositario dun terceiro, de existir común acordo das partes ou por proposta dunha delas, sen oposición xustificada da contraria.»

Cento corenta e cinco. Os números 1 e 2 do artigo 256 quedan redactados como segue:

«1. De estaren previamente embargados os bens, o secretario xudicial que acordase o reembolso adoptará as medidas oportunas para a súa efectividade.»

«2. A oficina xudicial ou administrativa á que se comunique o reembolso acordará o procedente para garantilo e, no prazo máximo de dez días, informará o reembargante sobre as circunstancias e valor dos bens, cantidade obxecto de constrinximento da que respondan e estado das súas actuacións.»

Cento corenta e seis. O número 1 do artigo 257 queda redactado como segue:

«1. O secretario xudicial, tras a dación de conta polo xestor procesual e administrativo da dilixencia de embargo positiva ratificará ou modificará o efectuado pola comisión executiva, acordando, se é o caso, a adopción das garantías necesarias para asegurar a traba segundo a natureza dos bens embargados.»

Cento corenta e sete. O número 3 do artigo 258 queda redactado como segue:

«3. Admitida a solicitude, seguirase o trámite incidental regulado nesta lei. O secretario xudicial suspenderá as actuacións relativas á liquidación dos bens discutidos ata a resolución do incidente.»

Cento corenta e oito. O número 1 do artigo 259 queda redactado como segue:

«1. Cando for necesario taxar os bens embargados previamente á súa realización, o secretario xudicial designará o perito taxador que corresponda de entre os que presten servizo na Administración de xustiza, e ademais, ou no seu defecto, poderá requirir a designación de persoa idónea ás entidades obrigadas legalmente a asumir a peritación.»

Cento corenta e nove. O número 1 do artigo 261 queda redactado como segue:

«1. Para a liquidación dos bens embargados, poderanse empregar estes procedementos:

a) Por venda en entidade autorizada administrativamente ou nas entidades previstas na Lei de axuízamento civil con tal fin, se así o acordase o secretario xudicial, calquera que for o valor dos bens.

b) Por poxa ante fedatario público nos termos que se establezan regulamentariamente.

c) Mediante poxa xudicial, nos casos en que non se empreguen os procedementos anteriores.»

Cento cincuenta. O artigo 262 queda redactado como segue:

«Artigo 262.

A realización dos bens embargados axustarase ao disposto na lexislación procesual civil, coa única excepción de que para o caso de resultar deserta a poxa

terán os executantes ou, no seu defecto, os responsables legais solidarios ou subsidiarios, o dereito a adxudicarse os bens polo 30 por cento da taxación, dándolles, para tal fin, o prazo común de dez días. De non facerse uso deste dereito, alzarase o embargo.»

Cento cincuenta e un. O artigo 265 queda redactado como segue:

«Artigo 265.

1. Non será preceptivo documentar en escritura pública o decreto de adxudicación.

2. Será título bastante para a inscrición o testemuño do decreto de adxudicación, expedido polo secretario xudicial.»

Cento cincuenta e dous. O número 2 do artigo 266 queda redactado como segue:

«2. Se fose aprobado previamente polo xuíz, o secretario xudicial poderá anticipar ao pagamento do principal o aboamento dos gastos que necesariamente requirise a propia execución e o dos acreditados por terceiros obrigados a prestar a colaboración xudicialmente requirida.»

Cento cincuenta e tres. Os números 2 e 3 do artigo 269 quedan redactados como segue:

«2. Se as cantidades obtidas non son suficientes para cubrir a totalidade dos créditos, procederase do seguinte modo:

a) Se ningún dos acredores concorrentes alegase preferencia para o cobramento, o secretario xudicial disporá a distribución proporcional de cantidades conforme se vaian obtendo.

b) Se algún deles alega preferencia, poderán presentar os acredores ou seren requiridos polo secretario xudicial para que o fagan, no prazo que se lles fixe, unha proposta común de distribución.»

«3. Non presentándose ou non coincidindo as propostas formuladas, o secretario xudicial, no prazo de cinco días, ditará decreto establecendo provisionalmente os criterios de distribución e concretando as cantidades correspondentes a cada acredor conforme a aqueles.»

Cento cincuenta e catro. O artigo 270 queda redactado como segue:

«Artigo 270.

1. Da proposta común ou da formulada polo secretario xudicial darase traslado, se é o caso, aos acredores non propoñentes, ao executado e ao Fondo de Garantía Salarial, para que manifesten a súa conformidade ou desconformidade no prazo de tres días.

2. Se non se formulase oposición, o secretario xudicial deberá aprobar a proposta común presentada ou entenderase definitiva a distribución por el practicada. De formularse aquela, convocarase a todos os interesados a unha comparecencia, dándose traslado dos escritos presentados.»

Cento cincuenta e cinco. O artigo 271 queda redactado como segue:

«Artigo 271.

1. Se na comparecencia se lograse un acordo de distribución, poderao aprobar no mesmo acto o secretario xudicial. Os interesados que non comparezan inxustificadamente teranse por conformes co acordado polos comparecentes.

2. De non lograrse acordo, o secretario citará os interesados a unha comparecencia ante o xuíz ou tribunal, quen continuará o incidente, efectuándose as alegacións e probas relativas, se é o caso, á existencia ou subsistencia das preferencias invocadas. Resolveranse, mediante auto, as cuestións formuladas e establecerase a forma de distribución.»

Cento cincuenta e seis. Modifícanse os números 1, 2, 3 e 4 do artigo 274, que quedan redactados como segue:

«1. Previamente á declaración de insolvencia, se o Fondo de Garantía Salarial non fose chamado con anterioridade, o secretario xudicial daralle audiencia, por un prazo máximo de quince días, para que poida instar a práctica das dilixencias que conveña ao seu dereito e designe bens do debedor principal que lle consten.»

«2. Dentro dos trinta días seguintes á práctica das dilixencias instadas polo Fondo de Garantía Salarial, o secretario xudicial ditará decreto declarando, cando proceda, a insolvencia total ou parcial do executado, fixando neste caso o valor pericial dado aos bens embargados. A insolvencia entenderase para todos os efectos como provisional ata que se lle coñezan bens ao executado ou se realicen os bens embargados.»

«3. Declarada a insolvencia dunha empresa, iso constituirá base suficiente para estimar a súa pervivencia noutras execucións, podéndose ditar o decreto de insolvencia sen necesidade de reiterar os trámites de indagación de bens establecidos no artigo 248 desta lei, ben que, en todo caso, se deberá dar audiencia previa á parte demandante e ao Fondo de Garantía Salarial para que poidan sinalar a existencia de novos bens.»

«4. De estaren determinadas na sentenza que se execute as cantidades legalmente a cargo do Fondo de Garantía Salarial, cando sexa firme a declaración de insolvencia, o secretario xudicial requirirao, se é o caso, para o aboamento, no prazo de dez días e, de non efectualo, continuará a execución contra este.»

Cento cincuenta e sete. O artigo 278 queda redactado como segue:

«Artigo 278.

Instada a execución do ditame, o xuíz competente ditará auto que conteña a orde xeral de execución e que a despache. Seguidamente, o secretario citará de comparecencia as partes ante o xuíz dentro dos catro días seguintes. O día da comparecencia, se os interesados fosen citados en forma e non asistise o traballador ou persoa que o represente, terase por desistido da súa solicitude; se non comparecese o empresario ou o seu representante, celebrárase o acto sen a súa presenza.»

Cento cincuenta e oito. O número 2 do artigo 280 queda redactado como segue:

«2. Para tal fin, en calquera dos supostos mencionados no número anterior, unha vez solicitada a readmisión, o xuíz competente ditará auto que conteña a orde xeral de execución e que a despache, e acordará requirir o empresario para que repoña o traballador no seu posto no prazo de tres días, sen prexuízo de que adopte, por instancia de parte, as medidas que dispón o artigo 282.»

Cento cincuenta e nove. O número 1 do artigo 281 queda redactado como segue:

«1. Nos supostos a que se refire o artigo anterior, se o empresario non procedese á readmisión ou o fíxese en condicións distintas ás que rexían antes de producirse o despedimento, o traballador poderá acudir ante o xulgado do social, solicitando a execución regular do ditame, dentro dos vinte días seguintes ao terceiro que, como prazo máximo para a reincorporación, dispón o artigo precedente.»

Cento sesenta. O artigo 282 queda redactado como segue:

«Artigo 282.

Cando o empresario non dese cumprimento á orde de reposición a que se refire o artigo anterior, o secretario xudicial acordará as medidas seguintes:

a) Que o traballador continúe percibindo o seu salario coa mesma periodicidade e contía que a declarada na sentenza, cos incrementos que por vía de convenio colectivo ou mediante norma estatal se produzan ata a data da readmisión en debida forma. Para tal fin, cubrirá a autorización contida no auto que despache execución en tantas ocasións como fose necesario, por unha cantidade equivalente a seis meses de salario, facéndose efectivas ao traballador con cargo a esta as retribucións que fosen vencendo, ata que, unha vez efectuada a readmisión en forma regular, acorde a devolución ao empresario do saldo existente nesa data.

b) Que o traballador continúe en alta e con cotización na Seguranza Social, o que porá en coñecemento da entidade xestora ou servizo común para os efectos procedentes.

c) Que o delegado de persoal, membro do comité de empresa ou delegado sindical continúe desenvolvendo, no seo da empresa, as funcións e actividades propias do seu cargo, advertindo o empresario de que, de impedir ou opor algún obstáculo ao dito exercicio, se porán os feitos en coñecemento da autoridade laboral para os efectos de sancionar a súa conduta de acordo co que dispón a Lei de infraccións e sancións na orde social.»

Cento sesenta e un. O número 1 do artigo 283 queda redactado como segue:

«1. Cando recaia resolución firme en que se declare a extinción do contrato de traballo, se o traballador ocupa vivenda por razón deste deberá abandonala no prazo dun mes. O secretario xudicial, se existe motivo fundado, poderá prorrogar ese prazo por dous meses máis.»

Cento sesenta e dous. O artigo 286 queda redactado como segue:

«Artigo 286.

1. Nos procesos seguidos por prestacións de pagamento periódico da Seguranza Social, unha vez que sexa firme a sentenza condenatoria á constitución de capital, o secretario xudicial remitirá copia certificada á entidade xestora ou servizo común competente.

2. O indicado organismo deberá, no prazo máximo de dez días, comunicar á oficina xudicial o importe do capital que se vai ingresar, o que se notificará ás partes, e o secretario requirirá a condenada para que o ingrese no prazo de dez días.»

Cento sesenta e tres. Os números 2 e 3 do artigo 288 quedan redactados como segue:

«2. Se para recorrer contra a sentenza que provisionalmente se execute se tivese efectuado consignación en metálico, mediante aval ou por calquera outro medio admitido, o secretario xudicial disporá o anticipo con cargo a aquela, garantindo o Estado a devolución ao empresario, se é o caso, das cantidades que se aboan ao traballador.

Se o importe da condena se garante mediante aval ou por calquera outro medio admitido, o secretario xudicial, antes de dispor o anticipo previsto no parágrafo anterior, requirirá a empresa para que, no prazo de catro días, proceda a consignar en metálico a cantidade que se vai anticipar, dispoñendo, logo de acreditada a consignación, a devolución do aval ou do correspondente medio de garantía inicialmente constituído, contra entrega simultánea do novo aval ou medio de

garantía pola menor contía relicta. Neste suposto rexerá igualmente a garantía polo Estado nos termos establecidos no parágrafo anterior.»

«3. De non ter sido preceptivo consignar para recorrer, o anticipo aboarallo ao traballador directamente o Estado. Neste suposto, o secretario xudicial remitirá ao organismo xestor testemuño suficiente do actuado e requirirao para que no prazo de dez días efectúe o aboamento ao traballador.»

Cento sesenta e catro. O número 1 do artigo 291 queda redactado como segue:

«1. Se se incumpre a obriga de reintegro, será título bastante para iniciar a execución destinada a facela efectiva a resolución firme en que se acordaba a execución provisional xunto coa certificación, expedida polo secretario xudicial ou polo organismo xestor, en que se determinasen as cantidades aboadas.»

Cento sesenta e cinco. O artigo 301 queda redactado como segue:

«Artigo 301.

As sentenzas que recaian nos procesos de conflitos colectivos, nos de impugnación dos convenios colectivos e nos de tutela da liberdade sindical e demais dereitos fundamentais, serán executivas desde que se ditén, segundo a natureza da pretensión recoñecida, non obstante o recurso que contra elas puidese interporse.»

Cento sesenta e seis. O artigo 302 queda redactado como segue:

«Artigo 302.

Fronte ás resolucións ditadas polo xuíz ou tribunal en execución provisional, só procederá o recurso de reposición.

Fronte ás resolucións ditadas polo secretario xudicial en execución provisional procederá recurso de reposición, agás que sexan directamente impugnables en revisión.»

Cento sesenta e sete. O número 2 da disposición adicional segunda queda redactado como segue:

«2. Igualmente, e tras os informes mencionados, poderá modificar as cantidades que se establecen nesta lei respecto dos honorarios a que teñen dereito os letrados e graduados sociais colexiados das partes impugnadas, das sancións pecuniarias e multas, e da contía dos depósitos para recorrer en suplicación, casación e revisión.»

Cento sesenta e oito. Suprímese a disposición adicional quinta.

Artigo décimo primeiro. *Modificación da Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.*

O número 4 do artigo 15 da Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual queda redactado como segue:

«4. O secretario xudicial coidará de que a vítima dun feito que presente signos de delito, no mesmo momento de realizar a denuncia ou, en todo caso, na súa primeira comparecencia ante o órgano competente, sexa informada en termos claros das posibilidades de obter no proceso penal a restitución e reparación do dano sufrido e das posibilidades de lograr o beneficio da xustiza gratuíta. Igualmente, coidará de que a vítima sexa informada da data e lugar de celebración do xuízo correspondente e de que lle sexa notificada persoalmente a resolución que recaia, aínda que non sexa parte no proceso.»

Artigo décimo segundo. *Modificación da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuita.*

A Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuita modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 3 do artigo 7 queda redactado como segue:

«3. Cando a competencia para o coñecemento dos recursos a que se refire o punto anterior corresponda a un órgano xurisdiccional cuxa sede se encontre en distinta localidade, o secretario xudicial, unha vez recibido o expediente xudicial, requirirá aos respectivos colexios a designación de avogado e procurador de oficio exercentes na dita sede xurisdiccional.»

Dous. O parágrafo segundo do artigo 16 queda redactado como segue:

«Non obstante, co fin de evitar que o transcurso dos prazos poida provocar a preclusión dun trámite ou a indefensión de calquera das partes, o xuíz, de oficio ou por petición destas, poderá decretar a suspensión ata que se produza a decisión sobre o recoñecemento ou a denegación do dereito a litigar gratuitamente, ou a designación provisional de avogado e procurador se a súa intervención fose preceptiva ou requirida en interese da xustiza, sempre que a solicitude do dereito se formulase nos prazos establecidos nas leis procesuais.»

Tres. Os parágrafos terceiro e cuarto do artigo 20 quedan redactados como segue:

«Recibido o escrito de impugnación e os documentos e certificación a que alude o parágrafo anterior, o secretario xudicial citará de comparecencia as partes e o avogado do Estado ou o letrado da comunidade autónoma correspondente cando dela dependa a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuita, dentro dos oito días seguintes e, o xuíz ou tribunal, tras oílos e practicar a proba que considere pertinente no prazo dos cinco días seguintes, ditará auto no prazo dos cinco días seguintes mantendo ou revogando a resolución impugnada.»

«O xuíz ou tribunal competente para coñecer da impugnación, no auto polo que resolva sobre esta, poderá impor a quen a promoveu de maneira temeraria ou con abuso de dereito unha sanción pecuniaria de entre 30 e 300 euros.»

Catro. O parágrafo segundo do artigo 21 queda redactado como segue:

«O secretario xudicial comunicará esa resolución polo medio máis rápido posible aos colexios de avogados e de procuradores, e tramitará a continuación a solicitude segundo o previsto nos artigos precedentes.»

Cinco. O número 3 do artigo 46 queda redactado como segue:

«3. No ámbito de aplicación deste capítulo, as súas disposicións prevalecerán entre os Estados membros sobre os convenios e tratados multilaterais e bilaterais ratificados por eles. Nas relacións cos demais Estados, a aplicación deste capítulo non afectará os restantes convenios e tratados multilaterais e bilaterais ratificados por España.»

Artigo décimo terceiro. *Modificación da Lei 7/1998, sobre condicións xerais da contratación.*

O artigo 22 da Lei 7/1998, sobre condicións xerais da contratación modifícase nos seguintes termos:

«En todo caso en que prosperase unha acción colectiva ou unha acción individual de nulidade ou non incorporación relativa a condicións xerais, o secretario xudicial

dirixirá mandamento ao titular do Rexistro de Condicións Xerais da Contratación para a inscrición da sentenza nel.»

Artigo décimo cuarto. *Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

Modifícase a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, nos seguintes termos:

Un. Engádesse un parágrafo segundo á regra segunda do número 1 do artigo 14, coa seguinte redacción:

«Cando o recurso teña por obxecto actos das administracións das comunidades autónomas ou das entidades da Administración local, a elección a que se refire esta regra segunda entenderase limitada á circunscrición do Tribunal Superior de Xustiza en que teña a súa sede o órgano que ditou o acto orixinario impugnado.»

Dous. O número 2 do artigo 35 queda redactado como segue:

«2. Se o secretario xudicial non estima pertinente a acumulación, dará conta ao tribunal, quen, se é o caso, ordenará á parte que interpoña por separado os recursos no prazo de trinta días. Se non o efectuase, o xuíz terá por caducado aquel recurso respecto do cal non se dese cumprimento ao ordenado.»

Tres. O número 2 do artigo 36 queda redactado como segue:

«2. Desta petición, que producirá a suspensión do curso do procedemento, o secretario xudicial dará traslado ás partes para que presenten alegacións no prazo común de cinco días.»

Catro. Os números 2 e 3 do artigo 37 quedan redactados como segue:

«2. Cando ante un xuíz ou tribunal estivese pendente unha pluralidade de recursos con idéntico obxecto, o órgano xurisdiccional, se non se acumulasen, deberá tramitar un ou varios con carácter preferente logo de audiencia das partes por prazo común de cinco días, suspendendo o curso dos demais ata que se dite sentenza nos primeiros.

3. Unha vez firme, o secretario xudicial levará testemuño da sentenza aos recursos suspendidos e notificará aos recorrentes afectados pola suspensión co fin de que no prazo de cinco días poidan solicitar a extensión dos seus efectos nos termos previstos no artigo 111, a continuación do procedemento ou ben desistir do recurso.»

Cinco. O número 2 do artigo 38 queda redactado como segue:

«2. O secretario xudicial porá en coñecemento do xuíz ou tribunal os procesos que se tramiten na oficina xudicial nos cales poidan concorrer os supostos de acumulación que prevén este capítulo.»

Seis. O artigo 40 queda redactado como segue:

«Artigo 40.

1. O secretario xudicial fixará a contía do recurso contencioso-administrativo unha vez formulados os escritos de demanda e contestación, nos cales as partes poderán expor, por medio de outrosí, o seu parecer ao respecto.

2. Cando así non se faga, o secretario xudicial requirirá o demandante para que fixe a contía, concedéndolle para o efecto un prazo non superior a dez días, transcorrido o cal sen telo realizado observárase a que fixe o secretario xudicial, logo de audiencia do demandado.

3. Cando o demandado non estea de acordo coa contía fixada polo demandante, exporao por escrito dentro do termo de dez días, resolvendo o secretario xudicial o procedente. Neste caso, o xuíz ou tribunal, na sentenza, resolverá definitivamente a cuestión.

4. A parte prexudicada pola resolución prevista no punto anterior poderá fundar o recurso de queixa na indebida determinación da contía se por causa desta non se tivese por preparado o recurso de casación ou non se admitise o recurso de casación para a unificación de doutrina ou o de apelación.»

Sete. O número 2 do artigo 42 modifícase nos seguintes termos:

«2. Reputaranse de contía indeterminada os recursos dirixidos a impugnar directamente as disposicións xerais, incluídos os instrumentos normativos de planeamento urbanístico, os que se refiran aos funcionarios públicos cando non versen sobre dereitos ou sancións susceptibles de valoración económica, así como aqueles en que xunto a pretensións avaliadas economicamente se acumulen outras non susceptibles de tal valoración.

Tamén se reputarán de contía indeterminada os recursos interpostos contra actos, en materia de seguranza social, que teñan por obxecto a inscrición de empresas, formalización da protección fronte a riscos profesionais, tarificación, cobertura da prestación de incapacidade temporal, afiliación, alta, baixa e variacións de datos de traballadores.»

Oito. O número 3 do artigo 45 queda redactado como segue:

«3. O secretario xudicial examinará de oficio a validez da comparecencia tan pronto como se presente o escrito de interposición. Se considera que é válida, admitirá a trámite o recurso. Se co escrito de interposición non se xuntan os documentos expresados no punto anterior ou os presentados son incompletos e, en xeral, sempre que o secretario xudicial considere que non concorren os requisitos exixidos por esta lei para a validez da comparecencia, requirirá inmediatamente a emenda destes, sinalando un prazo de dez días para que o recorrente poida levala a efecto e, de non o facer, o xuíz ou tribunal pronunciarase sobre o arquivo das actuacións.»

Nove. O artigo 47 queda redactado como segue:

«Artigo 47.

1. Unha vez cumprido o disposto no artigo 45.3, o secretario xudicial no seguinte día hábil acordará, se o solicita o recorrente, que se anuncie a interposición do recurso e remitirá o oficio para a súa publicación polo órgano competente, sen prexuízo de que sexa pagada polo recorrente, no diario oficial que proceda atendendo ao ámbito territorial de competencia do órgano autor da actividade administrativa impugnada. O secretario xudicial poderá tamén acordar de oficio a publicación, se o considera conveniente.

2. Se se iniciase o recurso mediante demanda nos supostos previstos polo artigo 45.5 e este se dirixe contra unha disposición xeral, deberá procederse á publicación do anuncio de interposición daquel, no que se concederán quince días para a comparecencia daqueles que teñan interese lexítimo en soste a conformidade a dereito da disposición, acto ou conduta impugnados. Transcorrido este prazo, o secretario xudicial procederá a dar traslado da demanda e dos documentos que a acompañen para que sexa contestada primeiro pola Administración e logo polos demais demandados que comparecesen.»

Dez. Os números 1, 5 e 7 do artigo 48 quedan redactados como segue:

«1. O secretario xudicial, ao acordar o previsto no número 1 do artigo anterior, ou mediante dilixencia se a publicación non for necesaria, requirirá á Administración

que lle remita o expediente administrativo, ordenándolle que practique os emprazamentos previstos no artigo 49. O expediente reclamarase ao órgano autor da disposición ou acto impugnado ou a aquel ao que se impute a inactividade ou vía de feito. Farase sempre unha copia autenticada dos expedientes tramitados en graos ou fases anteriores, antes de devolvelos á súa oficina de procedencia.»

«5. Cando o recurso contra a disposición se iniciase por demanda, o tribunal poderá solicitar de oficio ou por petición do demandante o expediente de elaboración. Recibido o expediente, o secretario xudicial porao de manifesto ás partes por cinco días para que formulen alegacións.»

«7. Transcorrido o prazo de remisión do expediente sen terse recibido completo, reiterarase a reclamación e, se non se enviase no prazo de dez días contados como dispón o número 3, tras constatare a súa responsabilidade, logo de apercebimento do secretario xudicial notificado persoalmente para formulación de alegacións, o xuíz ou tribunal impondrá unha multa coercitiva de entre trescentos e mil douscentos euros á autoridade ou empregado responsable. A multa será reiterada cada vinte días, ata o cumprimento do requirido.

De darse a causa de imposibilidade de determinación individualizada da autoridade ou empregado responsable, a Administración será a responsable do pagamento da multa sen prexuízo de que se repercuta contra o responsable.»

Once. Os números 3 e 4 do artigo 49 quedan redactados como segue:

«3. Recibido o expediente, o secretario xudicial, á vista do resultado das actuacións administrativas e do contido do escrito de interposición e documentos anexos, comprobará que se efectuaron as debidas notificacións para emprazamento e, se advirte que son incompletas, ordenará á Administración que se practiquen as necesarias para asegurar a defensa dos interesados que sexan identificables.

4. Cando non fose posible emprazar algún interesado no domicilio que conste, o secretario xudicial mandará inserir o correspondente edicto no diario oficial que proceda atendendo ao ámbito territorial de competencia do órgano autor da actividade administrativa impugnada. Os emprazados por edictos poderán comparecer ata o momento en que houbese que darlles traslado para contestar á demanda.»

Doce. O inciso primeiro do número 1 do artigo 51 queda redactado como segue:

«1. O xulgado ou sala, tras o exame do expediente administrativo, declarará que non procede a admisión do recurso cando conste de modo inequívoco e manifesto:»

Trece. O número 1 do artigo 52 queda redactado como segue:

«1. Recibido o expediente administrativo no xulgado ou tribunal e comprobados, e se é o caso completados, os emprazamentos, o secretario xudicial acordará que se entregue ao recorrente para que se deduza a demanda no prazo de vinte días, agás que conorra algún dos supostos do artigo 51, caso en que dará conta ao tribunal para que resolva o que proceda. Cando os recorrentes fosen varios, e aínda que non actuasen baixo unha mesma dirección, a demanda formularana simultaneamente todos eles. A entrega do expediente efectuarase en orixinal ou copia.»

Catorce. O artigo 53 queda redactado como segue:

«Artigo 53.

1. Transcorrido o prazo para a remisión do expediente administrativo sen que este fose enviado, a parte recorrente poderá pedir, por si ou por iniciativa do secretario xudicial, que se lle conceda prazo para formalizar a demanda.

2. Se despois de que a parte demandante fixese uso do dereito establecido no punto anterior se recibise o expediente, o secretario xudicial porá este de manifesto ás partes demandantes e, se é o caso, demandadas por prazo común de dez días para que poidan efectuar as alegacións complementarias que consideren oportunas.»

Quince. O artigo 54 queda redactado como segue:

«Artigo 54.

1. Presentada a demanda, o secretario xudicial dará traslado dela, con entrega do expediente administrativo, ás partes demandadas que comparecesen, para que a contesten no prazo de vinte días. Se a demanda se formalizase sen terse recibido o expediente administrativo, emprazará a Administración demandada para contestar, apercibíndoa de que non se admitirá a contestación se non vai acompañada do dito expediente.

2. Se o defensor da Administración demandada considera que a disposición ou actuación administrativa impugnada puidese non axustarse a dereito, poderá solicitar a suspensión do procedemento por un prazo de vinte días para comunicar o seu parecer razoado a aquela. O secretario xudicial, logo de audiencia do demandante, acordará o procedente.

3. A contestación formularaa primeiro a Administración demandada. Cando o tivesen que facer, ademais da Administración, outros demandados, e aínda que non actúen baixo unha mesma dirección, a contestación formularana simultaneamente todos eles. Neste caso non procederá a entrega do expediente administrativo, que será posto de manifesto na oficina xudicial, pero si da súa copia, cos gastos por conta destes demandados.

4. Se a Administración demandada fose unha entidade local e non comparecese no proceso malia ter sido emprazada, daráselle non obstante traslado da demanda para que, no prazo de vinte días, poida designar representante en xuízo ou comunicar ao órgano xudicial, por escrito, os fundamentos polos que estime improcedente a pretensión do demandante.»

Dezaseis. O número 3 do artigo 55 queda redactado como segue:

«3. O secretario xudicial resolverá o pertinente no prazo de tres días. A Administración, ao remitir de novo o expediente, deberá indicar no índice a que se refire o artigo 48.4 os documentos que se engadiron.»

Dezasete. O número 2 do artigo 56 queda redactado como segue:

«2. O secretario xudicial examinará de oficio a demanda e requirirá que se emenden as faltas que padeza en prazo non superior a dez días. Realizada a emenda, admitirá a demanda. Noutro caso, dará conta ao xuíz para que resolva o que proceda sobre a súa admisión.»

Dezaoito. O artigo 57 queda redactado como segue:

«Artigo 57.

O secretario xudicial declarará concluso o preito, sen máis trámite, para sentenza unha vez contestada a demanda, agás que o xuíz ou tribunal faga uso da facultade que lle atribúe o artigo 61 nos seguintes supostos:

1.º Se o demandante pide por outrosí na súa demanda que o recurso se resolva sen necesidade de recibimento a proba nin tampouco de vista ou conclusións e a parte demandada non se opón.

2.º Se nos escritos de demanda e contestación non se solicita o recibimento a proba nin os trámites de vista ou conclusións, agás que o xuíz ou tribunal,

excepcionalmente, atendida a índole do asunto, acorde a celebración de vista ou a formulación de conclusións escritas.

Nos dous supostos anteriores, se o demandado solicita a inadmisión do recurso, darase traslado ao demandante para que no prazo de cinco días formule as alegacións que considere procedentes sobre a posible causa de inadmisión, e seguidamente declarárase concluído o preito.»

Dezanove. Os números 1 e 4 do artigo 59 quedan redactados como segue:

«1. Do escrito que formula alegacións previas o secretario xudicial dará traslado por cinco días ao demandante, o cal poderá emendar o defecto, se procedese, no prazo de dez días.»

«4. O auto estimatorio das alegacións previas declarará a inadmisibilidade do recurso e, unha vez firme, o secretario xudicial ordenará a devolución do expediente administrativo á oficina de onde procedese. Se se declarase a falta de xurisdición ou de competencia, observarase o que determinan os artigos 5.º 3 e 7.º 3.»

Vinte. Os números 2 e 6 do artigo 60 quedan redactados como segue:

«2. Se da contestación á demanda resultasen novos feitos de transcendencia para a resolución do preito, o recorrente poderá pedir o recibimento a proba dentro dos cinco días seguintes a aquel en que se dese traslado desta, sen prexuízo de que poida facer uso do seu dereito a presentar documentos conforme o disposto no número 4 do artigo 56.»

«6. No acto de emisión da proba pericial, o xuíz outorgará, por petición de calquera das partes, un prazo non superior a cinco días para que as partes poidan solicitar aclaracións ao ditame emitido.»

Vinte e un. O número 4 do artigo 61 queda redactado como segue:

«4. Se o xuíz ou tribunal fixese uso da súa facultade de acordar de oficio a práctica dunha proba, e as partes carecesen de oportunidade para alegar sobre iso na vista ou no escrito de conclusións, o secretario xudicial porá de manifesto o resultado da proba ás partes, as cales poderán, no prazo de cinco días, alegar canto consideren conveniente acerca do seu alcance e importancia.»

Vinte e dous. Os números 2 e 3 do artigo 62 quedan redactados como segue:

«2. A dita solicitude deberase formular por medio de outrosí nos escritos de demanda ou contestación ou por escrito presentado no prazo de cinco días contados desde que se notifique a dilixencia de ordenación que declara concluído o período de proba.»

«3. O secretario xudicial proverá segundo o que coincidentemente solicitasen as partes. Noutro caso, só acordará a celebración de vista ou a formulación de conclusións escritas cando o solicite o demandante ou cando, téndose practicado proba, o solicite calquera das partes; todo iso sen prexuízo do disposto no número 4 do artigo 61.»

Vinte e tres. O artigo 63 queda redactado como segue:

«Artigo 63.

1. Se se acordase a celebración de vista, o secretario xudicial sinalará a data da audiencia por rigorosa orde de antigüidade dos asuntos, excepto os referentes a materias que por prescrición da lei ou por acordo motivado do órgano xurisdiccional, fundado en circunstancias excepcionais, deban ter preferencia, os cales, estando

conclusos, poderán ser antepostos aos demais cuxo sinalamento aínda non se fixese. No sinalamento das vistas o secretario xudicial atenderá, así mesmo, aos criterios establecidos no artigo 182 da Lei de axuízamento civil.

2. No acto da vista darase a palabra ás partes pola súa orde para que de forma sucinta expoñan as súas alegacións. O xuíz ou o presidente da sala, por si ou a través do maxistrado relator, poderá invitar os defensores das partes, antes ou despois dos informes orais, a que concreten os feitos e puntualicen, aclaren ou rectifiquen canto sexa preciso para delimitar o obxecto de debate.

3. O desenvolvemento da vista rexistrarase en soporte apto para a gravación e reprodución do son e da imaxe. O secretario xudicial deberá custodiar o documento electrónico que sirva de soporte á gravación. As partes poderán pedir, á súa custa, copia das gravacións orixinais.

4. Sempre que se conte cos medios tecnolóxicos necesarios, o secretario xudicial garantirá a autenticidade e integridade do gravado ou reproducido mediante a utilización da sinatura electrónica recoñecida ou outro sistema de seguranza que conforme a lei ofrezca tales garantías. Neste caso, a celebración do acto non requirirá a presenza na sala do secretario xudicial, agás que o solicitasen as partes, polo menos dous días antes da celebración da vista, ou que excepcionalmente o secretario xudicial o considere necesario, atendendo á complexidade do asunto, ao número e natureza das probas que se van practicar, ao número de intervenientes, á posibilidade de que se produzan incidencias que non puidesen rexistrarse, ou á concorrencia doutras circunstancias igualmente excepcionais que o xustifiquen, suposto no cal o secretario xudicial expedirá acta sucinta nos termos previstos no punto seguinte.

5. Se os mecanismos de garantía previstos no punto anterior non se puidesen utilizar, o secretario xudicial deberá consignar na acta os seguintes extremos: número e clase de procedemento, lugar e data de celebración, tempo de duración, asistentes ao acto, alegacións das partes, resolucións que adopte o xuíz ou tribunal, así como as circunstancias e incidencias que non puidesen constar naquel soporte. A esta acta incorporaranse os soportes da gravación das sesións.

6. Cando os medios de rexistro previstos neste artigo non se puidesen utilizar por calquera causa, o secretario xudicial expedirá acta de cada sesión, recollendo nela, coa extensión e detalle necesarios, as alegacións das partes, as incidencias e reclamacións producidas e as resolucións adoptadas.

7. A acta prevista nos números 5 e 6 deste artigo expedirase por procedementos informáticos, sen que poida ser manuscrita máis que nas ocasións en que a sala en que se estea celebrando a actuación carecese de medios informáticos. Nestes casos, ao terminar a sesión o secretario xudicial lerá a acta, facendo nela as rectificacións que as partes reclamen, se as considera procedentes. Esta acta asinaráa o secretario xudicial tras o xuíz ou presidente, as partes, os seus representantes ou defensores e os peritos, se é o caso.»

Vinte e catro. Os números 3, 4 e 8 do artigo 74 quedan redactados como segue:

«3. O secretario xudicial dará traslado ás demais partes, e nos supostos de acción popular, ao Ministerio Fiscal, por prazo común de cinco días. Se prestasen a súa conformidade á desistencia ou non se opuxesen a ela, ditará decreto no cal declarará terminado o procedemento, ordenando o arquivo dos autos e a devolución do expediente administrativo á oficina de procedencia.»

«4. No outro caso, ou cando apreciase dano para o interese público, dará conta ao xuíz ou tribunal para que resolva o que proceda.»

«8. Desistido un recurso de apelación ou de casación, o secretario xudicial, sen máis trámites, declarará terminado o procedemento por decreto, ordenando o arquivo dos autos e a devolución das actuacións recibidas ao órgano xurisdiccional de procedencia.»

Vinte e cinco. O número 2 do artigo 76 queda redactado como segue:

«2. O secretario xudicial mandará oír as partes por prazo común de cinco días e, logo de comprobación do alegado, o xuíz ou tribunal ditará auto en que declarará terminado o procedemento e ordenará o arquivo do recurso e a devolución do expediente administrativo, se o recoñecemento non infrinxise manifestamente o ordenamento xurídico. Neste último caso ditará sentenza axustada a dereito.»

Vinte e seis. Modifícanse os números 3, 4, 5, 13, 18, 21 e 22 do artigo 78 que quedan redactados da seguinte maneira:

«3. Presentada a demanda, o secretario xudicial, apreciada a xurisdición e competencia obxectiva do tribunal, admitirá a demanda. Noutro caso, dará conta a este para que resolva o que proceda.

Admitida a demanda, o secretario xudicial acordará o seu traslado ao demandado, citando as partes para a celebración de vista, con indicación de día e hora, e requirirá á Administración demandada que remita o expediente administrativo con polo menos quince días de antelación do termo sinalado para a vista. No sinalamento das vistas atenderá aos criterios establecidos no artigo 182 da Lei de axuízamento civil.»

«4. Recibido o expediente administrativo, o secretario xudicial remitirá ao demandante e aos interesados que comparecesen para que poidan facer alegacións no acto da vista.»

«5. Comparecidas as partes, ou algunha delas, o xuíz declarará aberta a vista.

Se as partes non compareceren ou comparecese só o demandado, o xuíz ou tribunal terá o demandante por desistido do recurso e condenarao en custas, e se comparecese só o demandante, acordará que prosiga a vista en ausencia do demandado.»

«13. As preguntas para a proba de interrogatorio de parte proporanse verbalmente, sen admisión de pregos.»

«18. Se o xuíz estimase que algunha proba relevante non pode practicarse na vista, sen mala fe por parte de quen tivese a carga de achegala, suspenderaa, sinalando o secretario xudicial competente, no acto e sen necesidade de nova notificación, o lugar, día e hora en que deba reiniciarse.»

«21. A vista documentarase na forma establecida nos números 3 e 4 do artigo 63.»

«22. Se os mecanismos de garantía previstos no punto anterior non se puidesen utilizar deberán consignarse na acta os seguintes extremos: número e clase de procedemento, lugar e data de celebración, tempo de duración, asistentes ao acto, alegacións das partes, resolucións que adopte o xuíz ou tribunal, así como as circunstancias e incidencias que non puidesen constar naquel soporte. A esta acta incorporaranse os soportes da gravación das sesións.

Cando non se puidesen utilizar os medios de rexistro por calquera causa, o secretario xudicial expedirá acta de cada sesión, en que se fará constar:

a) Lugar, data, xuíz que preside o acto, partes comparecentes, representantes, se é o caso, e defensores que as asisten.

b) Breve resumo das alegacións das partes, medios de proba propostos por elas, declaración expresa da súa pertinencia ou impertinencia, razóns da denegación e protesta, se é o caso.

c) En canto ás probas admitidas e practicadas:

1.º Resumo suficiente das de interrogatorio de parte e testifical.

2.º Relación circunstanciada dos documentos presentados, ou datos suficientes que permitan identificalos, no caso de que o seu excesivo número faga desaconsellable a citada relación.

3.º Relación das incidencias formuladas no xuízo respecto á proba documental.

4.º Resumo suficiente dos informes periciais, así como tamén da resolución do xuízo sobre as propostas de recusación dos peritos.

5.º Resumo das declaracións realizadas na vista.

d) Conclusións e peticións concretas formuladas polas partes; en caso de que fosen de condena a cantidade, esta deberá recollese na acta.

e) Declaración feita polo xuíz de conclusión dos autos, mandando traelos á vista para sentenza.

As actas previstas neste punto expediranse por procedementos informáticos, sen que poidan ser manuscritas máis que nas ocasións en que a sala en que se estea celebrando a actuación carecese de medios informáticos. Nestes casos, ao terminar a sesión o secretario xudicial lerá a acta, facendo nela as rectificacións que as partes reclamen, se as considera procedentes. Esta acta asinaráa o secretario xudicial tras o xuíz ou presidente, as partes, os seus representantes ou defensores e os peritos, se é o caso.»

Vinte e sete. Modifícase a rúbrica do capítulo III do título IV, que queda redactada como segue:

«CAPÍTULO III

Recursos contra resolucións procesuais»

Vinte e oito. Suprímese o número 5 e modifícanse os números 2 e 4 do artigo 79, que quedan redactados como segue:

«2. Non é admisible o recurso de reposición contra as resolucións expresamente exceptuadas del nesta lei, nin contra os autos que resolvan os recursos de reposición e os de aclaración.»

«4. Interposto o recurso en tempo e forma, o secretario xudicial dará traslado das copias do escrito ás demais partes, por termo común de cinco días, co fin de que poidan impugnalos se o consideran conveniente. Transcorrido o dito prazo, o órgano xurisdiccional resolverá por auto dentro do terceiro día.»

Vinte e nove. O número 1 do artigo 81 queda redactado como segue:

«1. As sentenzas dos xulgados do contencioso-administrativo e dos xulgados centrais do contencioso-administrativo serán susceptibles de recurso de apelación, agás que se ditasen nos asuntos seguintes:

- a) Aqueles cuxa contía non exceda os dezoito mil euros.
- b) Os relativos a materia electoral comprendidos no artigo 8.º 4.»

Trinta. O número 4 do artigo 84 queda redactado como segue:

«4. Logo de audiencia das demais partes por prazo común de cinco días, o xuíz resolverá sobre a execución provisional no termo dos cinco días seguintes.»

Trinta e un. Modifícanse os números 1, 2, 4, 5 e 8 do artigo 85, que quedan redactados como segue:

«1. O recurso de apelación interporase ante o xulgado que ditase a sentenza que se apele, dentro dos quince días seguintes ao da súa notificación, mediante escrito razoado que deberá conter as alegacións en que se fundamente o recurso. Transcorrido o prazo de quince días sen terse interposto o recurso de apelación, o secretario xudicial declarará a firmeza da sentenza.»

«2. Se o escrito presentado cumpre os requisitos previstos no punto anterior e se refire a unha sentenza susceptible de apelación, o secretario xudicial ditará resolución admitindo o recurso, contra a que non caberá recurso ningún, e dará traslado del ás demais partes para que, no prazo común de quince días, poidan formalizar a súa oposición. Noutro caso, porao en coñecemento do xuíz que, se o considera oportuno, denegará a admisión por medio de auto, contra o que poderá interporse recurso de queixa, que se substanciará na forma establecida na Lei de axuizamento civil.»

«4. No escrito de oposición, a parte apelada, se entendese admitida indebidamente a apelación, deberá facelo constar, caso en que o secretario xudicial dará vista á apelante, por cinco días, desta alegación. Tamén poderá o apelado, no mesmo escrito, adherirse á apelación, razoando os puntos en que crea que lle é prexudicial a sentenza, e neste caso o secretario dará traslado ao apelante do escrito de oposición por prazo de dez días, para o único efecto de que poida oporse á adhesión.»

«5. Transcorridos os prazos a que se refiren os números 2 e 4 anteriores, o xulgado elevará os autos e o expediente administrativo, en unión dos escritos presentados, ordenándose o emprazamento das partes para a súa comparecencia no prazo de trinta días ante a sala do contencioso-administrativo competente, que resolverá, se é o caso, o que proceda sobre a discutida admisión do recurso ou sobre o recibimento a proba.»

«8. O secretario xudicial acordará a celebración de vista, caso en que fará o oportuno sinalamento, ou a presentación de conclusións se o solicitasen todas as partes ou se se practicase proba. A sala tamén poderá acordar que se celebre vista, que sinalará o secretario, ou que se presenten conclusións escritas cando o considere necesario, atendida a índole do asunto. Será de aplicación a estes trámites o disposto nos artigos 63 a 65.

Celebrada a vista ou presentadas as conclusións, o secretario xudicial declarará que o preito quedou concluso para sentenza.»

Trinta e dous. Modifícase a letra b) do número 2 do artigo 86, que queda redactada como segue:

«b) As recaídas, calquera que for a materia, en asuntos cuxa contía non exceda os 150.000 euros, excepto cando se trate do procedemento especial para a defensa dos dereitos fundamentais, caso en que procederá o recurso calquera que sexa a contía do asunto litixioso.»

Trinta e tres. O número 4 do artigo 89 terá a seguinte redacción:

«4. Transcorrido o prazo de dez días sen terse preparado o recurso de casación, a sentenza ou resolución quedará firme, declarándoo así o secretario xudicial mediante decreto.»

Trinta e catro. O artigo 90 queda redactado como segue:

«Artigo 90.

1. Se o escrito de preparación cumpre os requisitos previstos no artigo anterior, e se refire a unha resolución susceptible de casación, o secretario xudicial terá por preparado o recurso. Noutro caso, dará conta á sala para que resolva o que proceda.

Se se tiver por preparado o recurso, o secretario xudicial emprazará as partes para a súa comparecencia e interposición do recurso dentro do prazo de trinta días ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo. Practicados os emprazamentos, remitirá os autos orixinais e o expediente administrativo dentro dos cinco días seguintes.

2. Se non se tivese por preparado, a sala ditará auto motivado denegando o emprazamento das partes e a remisión das actuacións ao Tribunal Supremo. Contra este auto unicamente poderá interporse recurso de queixa, que se substanciará na forma establecida pola Lei de axuizamento civil.

3. Contra a resolución na que se teña por preparado o recurso de casación, a parte impugnada non poderá interpor recurso ningún, pero poderá oporse á súa admisión ao tempo de comparecer ante o Tribunal Supremo, se o fixer dentro do termo do emprazamento.»

Trinta e cinco. Os números 3 e 4 do artigo 91 quedan redactados como segue:

«3. O xuíz ou tribunal denegará a execución provisional cando poida crear situacións irreversibles ou causar prexuízos de difícil reparación.»

«4. Cando se teña por preparado un recurso de casación, o secretario xudicial deixará testemuño bastante dos autos e da resolución impugnada para os efectos previstos neste artigo.»

Trinta e seis. Os números 2 e 4 do artigo 92 quedan redactados como segue:

«2. Transcorrido o dito prazo sen presentar o escrito de interposición, o secretario xudicial declarará deserto o recurso, ordenando a devolución das actuacións recibidas á sala de que procedesen.»

«4. Se o recurso non se sostivese ou non se formulase o escrito de interposición no prazo antes sinalado, declararao deserto o secretario xudicial.»

Trinta e sete. O número 1 do artigo 93 terá a seguinte redacción:

«1. Interposto o recurso de casación, o secretario xudicial pasará as actuacións ao maxistrado relator para que se instrúa e someta á deliberación da sala o que se teña que resolver sobre a admisión ou inadmisión do recurso interposto.»

Trinta e oito. Os números 1 e 2 do artigo 94 quedan redactados como segue:

«1. De admitirse o recurso por todos ou algún dos seus motivos, o secretario xudicial entregará copia del á parte ou partes contra as que se recorre e que comparecen para que formalicen por escrito a súa oposición no prazo común de trinta días. Durante ese prazo estarán de manifesto as actuacións na oficina xudicial.

No escrito de oposición poderanse alegar causas de inadmisibilidade do recurso, sempre que non fosen rexeitadas polo tribunal no trámite establecido no artigo 93.»

«2. Transcorrido o prazo, presentásenle ou non escritos de oposición, o secretario xudicial sinalará día e hora para celebración da vista, de acordalo así a sala ou, de non ser así, declarará que o preito está concluído para sentenza.»

Trinta e nove. O número 3 do artigo 96 queda redactado como segue:

«3. Só serán susceptibles de recurso de casación para a unificación de doutrina aquelas sentenzas que non sexan impugnables en casación conforme o establecido na letra b) do artigo 86.2, sempre que a contía litixiosa sexa superior a 18.000 euros.»

Corenta. Os números 2, 3, 4 e 6 do artigo 97 quedan redactados como segue:

«2. A este escrito xuntarase certificación da sentenza ou sentenzas alegadas con mención da súa firmeza ou, no seu defecto, copia simple do seu texto e xustificación documental de terse solicitado aquela, caso en que o secretario xudicial a reclamará de oficio. Se a sentenza foi publicada conforme o disposto no artigo 72.2, bastará con indicar o diario oficial en que apareza publicada.»

«3. Se o escrito de interposición cumpre os requisitos previstos nos puntos anteriores e se refire a unha sentenza susceptible de casación para a unificación da doutrina, o secretario xudicial admitirá o recurso. Noutro caso, dará conta á sala para que resolva o que proceda.

Admitido o recurso, o secretario xudicial dará traslado deste, con entrega de copia, á parte ou partes impugnadas para que formalicen por escrito a súa oposición no prazo de trinta días, quedando mentres de manifesto as actuacións na oficina xudicial. O traslado do recurso á parte ou partes impugnadas exixirá, se é o caso, que previamente se trouxese aos autos a certificación reclamada.»

«4. Se non se admitise o recurso ditarase auto motivado, pero antes de resolver a sala porá de manifesto sucintamente a posible causa de inadmisión ás partes, no prazo común de cinco días, para que formulen as alegacións que consideren procedentes. Contra o auto de inadmisión poderá interporse recurso de queixa, que se substanciará conforme o establecido na Lei de axuizamento civil.»

«6. Presentado o escrito ou escritos de oposición ao recurso, ou transcorrido o prazo para iso, a sala sentenciadora elevará os autos e o expediente administrativo á Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, ordenándose o emprazamento das partes para a súa comparecencia no prazo de trinta días.»

Corenta e un. O número 2 do artigo 99 queda redactado como segue:

«2. Este recurso unicamente procederá contra sentenzas que non sexan susceptibles de recurso de casación ou de recurso de casación para a unificación de doutrina por aplicación exclusiva do previsto no artigo 86.4 e cando a contía litixiosa supere os 18.000 euros.»

Corenta e dous. Os números 3, 4 e 5 do artigo 100 quedan redactados como segue:

«3. O recurso interporase no prazo de tres meses, directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, mediante escrito razoado en que se fixará a doutrina legal que se postule, acompañando copia certificada da sentenza impugnada en que deberá constar a data da súa notificación. Se non se cumpren estes requisitos ou o recurso fose extemporáneo, a sala ordenará de plano o seu arquivo.

4. Interposto o recurso en tempo e forma, o secretario xudicial do Tribunal Supremo reclamará os autos orixinais ao órgano xurisdiccional sentenciador e mandará emprazar a cantos foron parte neles, para que no prazo de quince días comparezan no recurso.

5. Do escrito de interposición do recurso o secretario dará traslado, con entrega de copia, ás partes que compareceron para que no prazo de trinta días formulen as alegacións que consideren procedentes, poñéndolles mentres de manifesto as actuacións na oficina xudicial. Este traslado entenderase sempre co defensor da Administración cando non for alegante.»

Corenta e tres. Modifícase a rúbrica da Sección 6.^a do capítulo III do título IV, que queda redactada como segue:

«Sección 6.^a Da revisión de sentenzas»

Corenta e catro. Os números 2 e 3 do artigo 102 quedan redactados como segue:

«2. No referente a prazos, procedemento e efectos das sentenzas ditas neste procedemento de revisión rexerán as disposicións da Lei de axuizamento civil. Non obstante, só procederá a celebración de vista cando o pidan todas as partes ou a sala o considere necesario.

3. A revisión en materia de responsabilidade contable procederá nos casos establecidos na Lei de funcionamento do Tribunal de Contas.»

Corenta e cinco. Engádesse unha nova sección 7.^a ao capítulo III do título IV, coa seguinte redacción:

«Sección 7.^a Recursos contra as resolucións do secretario xudicial

Artigo 102 bis.

1. Contra as dilixencias de ordenación e decretos non definitivos do secretario xudicial caberá recurso de reposición ante o secretario que ditou a resolución impugnada, excepto nos casos en que a lei prevexa recurso directo de revisión.

O recurso de reposición interporase no prazo de cinco días contado desde o seguinte ao da notificación da resolución impugnada.

Se non se cumprisen os requisitos establecidos no parágrafo anterior, inadmitirase mediante decreto directamente impugnable en revisión.

Interposto o recurso en tempo e forma, o secretario xudicial dará traslado das copias do escrito ás demais partes, por termo común de tres días, co fin de que poidan impugnalos se o consideran conveniente. Transcorrido ese prazo, o secretario xudicial resolverá mediante decreto dentro do terceiro día.

2. Contra o decreto resolutivo da reposición non se dará recurso ningún, sen prexuízo de reproducir a cuestión ao recorrer, se for procedente, contra a resolución definitiva.

Caberá recurso directo de revisión contra os decretos polos que se poña fin ao procedemento ou impidan a súa continuación. O dito recurso carecerá de efectos suspensivos sen que, en ningún caso, proceda actuar en sentido contrario ao que se resolvese.

Caberá interpor igualmente recurso directo de revisión contra os decretos naqueles casos en que expresamente se prevexa.

3. O recurso de revisión deberá interporse no prazo de cinco días mediante escrito no cal deberá citarse a infracción en que a resolución incorrese.

Cumpridos os anteriores requisitos, o secretario xudicial, mediante dilixencia de ordenación, admitirá o recurso, concedendo ás demais partes que compareceron un prazo común de cinco días para impugnalos, se o consideran conveniente.

Se non se cumprisen os requisitos de admisibilidade do recurso, o xulgado ou tribunal inadmitirao mediante providencia.

Transcorrido o prazo para impugnación, presentáense ou non escritos, o xulgado ou tribunal resolverá sen máis trámites, mediante auto, nun prazo de cinco días.

Contra as resolucións sobre admisión ou inadmisión non caberá recurso ningún.

4. Contra o auto ditado resolvendo o recurso de revisión unicamente caberá recurso de apelación e de casación nos supostos previstos nos artigos 80 e 87 desta lei, respectivamente.

Corenta e seis. O número 1 do artigo 104 queda redactado como segue:

«Artigo 104.

1. Despois de que sexa firme unha sentenza, o secretario xudicial comunicarao no prazo de dez días ao órgano, que realizase a actividade obxecto do recurso, co fin de que, unha vez xustificada a recepción da comunicación, en idéntico prazo desde tal recepción a leve a puro e debido efecto e practique o que exixa o cumprimento das declaracións contidas no ditame, e no mesmo prazo indique o órgano responsable do cumprimento daquel.»

Corenta e sete. O artigo 107 queda redactado como segue:

«Artigo 107.

1. Se a sentenza firme anulase total ou parcialmente o acto impugnado, o secretario xudicial disporá, por instancia de parte, a inscrición do ditame nos rexistros

públicos a que tivese acceso o acto anulado, así como a súa publicación nos diarios oficiais ou privados, se concorrese causa bastante para iso, por conta da parte executada. Cando a publicación sexa en xornais privados, deberase acreditar ante o órgano xurisdiccional un interese público que o xustifique.

2. Se a sentenza anulase total ou parcialmente unha disposición xeral ou un acto administrativo que afecte unha pluralidade indeterminada de persoas, o secretario do órgano xudicial ordenará a súa publicación en diario oficial no prazo de dez días contado desde a firmeza da sentenza.»

Corenta e oito. O número 2 do artigo 109 queda redactado como segue:

«2. Do escrito que formula a cuestión incidental, o secretario xudicial dará traslado ás partes para que, en prazo común que non excederá os vinte días, aleguen o que consideren procedente.»

Corenta e nove. O número 4 do artigo 110 queda redactado como segue:

«4. Antes de resolver, nos vinte días seguintes, o secretario xudicial solicitará da Administración os antecedentes que considere oportunos e, en todo caso, un informe detallado sobre a viabilidade da extensión solicitada, pondo de manifesto o resultado desas actuacións ás partes para que aleguen por prazo común de cinco días, con emprazamento se é o caso dos interesados directamente afectados polos efectos da extensión. Unha vez executado o trámite, o xuíz ou tribunal resolverá sen máis por medio de auto, no que non poderá recoñecerse unha situación xurídica distinta á definida na sentenza firme de que se trate.»

Cincuenta. O artigo 111 queda redactado como segue:

«Artigo 111.

Cando se acordase suspender a tramitación dun ou máis recursos conforme o previsto no artigo 37.2, unha vez declarada a firmeza da sentenza ditada no preito que se tramitase con carácter preferente, o secretario xudicial requirirá os recorrentes afectados pola suspensión para que, no prazo de cinco días, soliciten a extensión dos efectos da sentenza ou a continuación do preito suspendido, ou ben manifesten se desisten do recurso.

Se se solicitase a extensión dos efectos daquela sentenza, o xuíz ou tribunal acordaraa, agás que concorra a circunstancia prevista no artigo 110.5.b) ou algunha das causas de inadmisibilidade do recurso recollidas no artigo 69 desta lei.»

Cincuenta e un. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 112, que queda redactado como segue:

«Singularmente, acreditada a súa responsabilidade, logo de apercibimento do secretario xudicial notificado persoalmente para formulación de alegacións, o xuíz ou a sala poderán:

a) Impor multas coercitivas de entre cento cincuenta e mil cincocentos euros ás autoridades, funcionarios ou axentes que incumpran os requirimentos do xulgado ou da sala, así como reiterar estas multas ata a completa execución do ditame xudicial, sen prexuízo doutras responsabilidades patrimoniais que procedan. Á imposición destas multas seralles aplicable o previsto no artigo 48.

b) Deducir o oportuno testemuño de particulares para exixir a responsabilidade penal que puidese corresponder.»

Cincuenta e dous. Os números 1 e 5 do artigo 116 quedan redactados como segue:

«1. No mesmo día da presentación do recurso ou no seguinte, o secretario xudicial requirirá con carácter urgente o órgano administrativo correspondente,

xuntando copia do escrito de interposición, para que, no prazo máximo de cinco días contados desde a recepción do requirimento, remita o expediente acompañado dos informes e datos que considere procedentes, con apercibimento de canto se establece no artigo 48.»

«5. Cando o expediente administrativo se recibise no xulgado ou sala unha vez transcorrido o prazo establecido no número 1 deste artigo, o secretario xudicial porao de manifesto ás partes por prazo de corenta e oito horas, no que poderán facer alegacións, e sen alteración do curso do procedemento.»

Cincuenta e tres. Os números 1 e 2 do artigo 117 quedan redactados como segue:

«1. Recibido o expediente ou transcorrido o prazo para a súa remisión e, se é o caso, o do emprazamento aos demais interesados, o secretario xudicial, dentro do seguinte día, ditará decreto mandando seguir as actuacións. Se considera que non procede a admisión, dará conta ao tribunal quen, se é o caso, comunicará ás partes o motivo en que puidese fundarse a inadmisión do procedemento.

2. No suposto de posibles motivos de inadmisión do procedemento, o secretario xudicial convocará as partes e o Ministerio Fiscal a unha comparecencia, que deberá ter lugar antes de transcorreren cinco días, na cal serán oídos sobre a procedencia de dar ao recurso a tramitación prevista neste capítulo.»

Cincuenta e catro. O artigo 118 queda redactado como segue:

«Artigo 118.

Acordada a prosecución do procedemento especial deste capítulo, o secretario xudicial porá de manifesto ao recorrente o expediente e demais actuacións para que no prazo improrrogable de oito días poida formalizar a demanda e presentar os documentos.»

Cincuenta e cinco. O artigo 119 queda redactado como segue:

«Artigo 119.

Formalizada a demanda, o secretario xudicial dará traslado dela ao Ministerio Fiscal e ás partes demandadas para que, á vista do expediente, presenten as súas alegacións no prazo común e improrrogable de oito días e presenten os documentos que consideren oportunos.»

Cincuenta e seis. O número 2 do artigo 122 queda redactado como segue:

«2. O secretario xudicial, no prazo improrrogable de catro días, e pondo de manifesto o expediente se se recibise, convocará o representante legal da Administración, o Ministerio Fiscal e os recorrentes ou a persoa que estes designen como representante a unha audiencia na que o tribunal, de maneira contradictoria, oír a todos os que comparezan e resolverá sen ulterior recurso.

En canto se refire á gravación da audiencia e á súa documentación, serán aplicables as disposicións contidas no artigo 63.»

Cincuenta e sete. O artigo 124 queda redactado como segue:

«Artigo 124.

1. Formulada a cuestión, o secretario xudicial remitirá urxentemente, xunto coa certificación do auto de formulación, copia testemuñada dos autos principais e do expediente administrativo.

2. Acordará igualmente a publicación do auto de formulación da cuestión no mesmo diario oficial en que o fose a disposición cuestionada.»

Cincuenta e oito. Os números 2 e 3 do artigo 125 quedan redactados como segue:

«2. Terminado o prazo de comparecencia e alegacións, o secretario xudicial declarará concluído o procedemento. A sentenza ditarase nos dez días seguintes á dita declaración. Non obstante, poderá o tribunal rexeitar, en trámite de admisión, mediante auto e sen necesidade de audiencia das partes, a cuestión de ilegalidade cando falten as condicións procesuais.»

«3. O prazo para ditar sentenza quedará interrompido se, para mellor prover, o tribunal acordase reclamar o expediente de elaboración da disposición cuestionada ou practicar algunha proba de oficio. Nestes casos o secretario xudicial acordará oír as partes por prazo común de cinco días sobre o expediente ou o resultado da proba.»

Cincuenta e nove. O número 3 do artigo 126 queda redactado como segue:

«3. Fírme a sentenza que resolva a cuestión de ilegalidade, o secretario xudicial comunicarlle ao xuíz ou tribunal que a formulou.»

Sesenta. Os números 3 e 4 do artigo 127 quedan redactados como segue:

«3. Interposto o recurso ou trasladado o acordo suspendido, o secretario xudicial requirirá a corporación ou entidade que o ditou para que no prazo de dez días remita o expediente administrativo, alegue o que considere conveniente en defensa daquel e notifique a cantos tivesen interese lexítimo no seu mantemento ou anulación a existencia do procedemento, para os efectos da súa comparecencia ante o órgano xurisdiccional no prazo de dez días.»

«4. Recibido o expediente administrativo, o secretario xudicial porao de manifesto xunto coas actuacións aos comparecidos no procedemento, convocándoos para a celebración da vista, que se celebrará, como mínimo, aos dez días da posta de manifesto do expediente.»

Sesenta e un. O número 1 do artigo 128 queda redactado como segue:

«1. Os prazos son improrrogables e, unha vez transcorridos, o secretario xudicial correspondente terá por caducado o dereito e por perdido o trámite que deixase de utilizarse. Non obstante, admitirase o escrito que proceda, e producirá os seus efectos legais, se se presentase dentro do día en que se notifique a resolución, agás cando se trate de prazos para preparar ou interpor recursos.»

Sesenta e dous. O artigo 131 queda redactado como segue:

«Artigo 131.

O incidente cautelar substanciárase en peza separada, con audiencia da parte contraria, que ordenará o secretario xudicial por prazo que non excederá os dez días, e será resolto por auto dentro dos cinco días seguintes. Se a Administración demandada aínda non compareceu, a audiencia entenderase co órgano autor da actividade impugnada.»

Sesenta e tres. Engádesse un parágrafo segundo ao artigo 135, coa seguinte redacción:

«En todo o que se refire á gravación da comparecencia e á súa documentación, serán aplicables as disposicións contidas no artigo 63.»

Sesenta e catro. O número 2 do artigo 136 queda redactado como segue:

«2. Nos supostos do punto anterior, as medidas tamén poderán solicitarse antes da interposición do recurso, tramitándose conforme o disposto no artigo

precedente. En tal caso, o interesado deberá pedir a súa ratificación ao interpor o recurso, o que deberá facerse inescusablemente no prazo de dez días contados desde a notificación da adopción das medidas cautelares. Nos tres días seguintes, o secretario xudicial convocará a comparecencia a que fai referencia o artigo anterior.

De non interporse o recurso, quedarán automaticamente sen efecto as medidas acordadas, debendo o solicitante indemnizar dos danos e perdas que a medida cautelar producise.»

Sesenta e cinco. O número 2 do artigo 138 queda redactado como segue:

«2. Cando o xulgado ou tribunal de oficio aprecie a existencia dalgún defecto emendable, o secretario xudicial ditará dilixencia de ordenación en que o sinale e outorgue o mencionado prazo para a emenda, con suspensión, se é o caso, do fixado para ditar sentenza.»

Sesenta e seis. Os números 5 e 7 da disposición adicional cuarta quedan redactados como segue:

«5. Os actos administrativos ditados pola Axencia Española de Protección de Datos, Comisión Nacional de Enerxía, Comisión do Mercado das Telecomunicacións, Consello Económico e Social, Instituto Cervantes, Consello de Seguranza Nuclear e Consello de Universidades, directamente, en única instancia, ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.»

«7. As resolucións administrativas ditadas polo ministro de Industria, Turismo e Comercio, que resolven recursos de alzada contra actos ditados pola Comisión Nacional de Enerxía, así como as disposicións ditadas pola citada entidade, directamente, en única instancia, ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.»

Sesenta e sete. Introdúcese unha disposición adicional oitava co seguinte contido:

«Oitava. Referencias ao recurso de súplica.

As referencias no articulado desta lei ao recurso de súplica entenderanse feitas ao recurso de reposición.»

Artigo décimo quinto. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 3 do artigo 13 queda redactado como segue:

«3. Admitida a intervención, non se retrotraerán as actuacións, pero o interviniente será considerado parte no proceso para todos os efectos e poderá defender as pretensións formuladas polo seu litisconsorte ou as que o propio interviniente formule, se tiver oportunidade procesual para iso, aínda que o seu litisconsorte renuncie, se conforme, desista ou se aparte do procedemento por calquera outra causa.

Tamén se permitirán ao interviniente as alegacións necesarias para a súa defensa, que non tiver efectuado por corresponderen a momentos procesuais anteriores á súa admisión no proceso. Destas alegacións o secretario xudicial dará traslado, en todo caso, ás demais partes, por prazo de cinco días.

O interviniente poderá, así mesmo, utilizar os recursos que procedan contra as resolucións que considere prexudiciais para o seu interese, aínda que as consinta o seu litisconsorte.»

Dous. O número 2 do artigo 14 queda redactado como segue:

«2. Cando a lei permita ao demandado chamar un terceiro para que interveña no proceso, procederáse conforme as seguintes regras:

1.^a O demandado solicitará do tribunal que sexa notificada ao terceiro a pendencia do xuízo. A solicitude deberá presentarse dentro do prazo outorgado para contestar a demanda ou, cando se trate de xuízo verbal, polo menos cinco días antes da vista.

2.^a O secretario xudicial ordenará a interrupción do prazo para contestar a demanda ou a suspensión do acto de xuízo, en caso de que fose verbal, e acordará oír o demandante no prazo de dez días, resolvendo o tribunal mediante auto o que proceda.

3.^a O prazo concedido ao demandado para contestar a demanda reiniciarase coa notificación ao demandado da desestimación da súa petición ou, se é estimada, co traslado do escrito de contestación presentado polo terceiro e, en todo caso, ao expirar o prazo concedido a este último para contestar á demanda. Se se tratase dun xuízo verbal e o tribunal estimase a solicitude, o secretario xudicial fará novo sinalamento para a vista, citando as partes e o terceiro chamado ao proceso.

4.^a Se comparecido o terceiro, o demandado considerase que o seu lugar no proceso debe ser ocupado por aquel, procederáse conforme o disposto no artigo 18.

5.^a En caso de que na sentenza resultase absolto o terceiro, as custas poderanse impor a quen solicitou a súa intervención conforme os criterios xerais do artigo 394 desta lei.»

Tres. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 15, que quedan redactados da seguinte maneira:

«1. Nos procesos promovidos por asociacións ou entidades constituídas para a protección dos dereitos e intereses dos consumidores e usuarios, ou polos grupos de afectados, chamaranse ao proceso os que teñan a condición de prexudicados por teren sido consumidores do produto ou usuarios do servizo que deu orixe ao proceso, para que fagan valer o seu dereito ou interese individual. Este chamamento farao o secretario xudicial publicando a admisión da demanda en medios de comunicación con difusión no ámbito territorial en que se manifestase a lesión daqueles dereitos ou intereses.

2. Cando se trate dun proceso en que estean determinados ou sexan facilmente determinables os prexudicados polo feito danoso, o demandante ou demandantes deberán ter comunicado previamente o seu propósito de presentación da demanda a todos os interesados. Neste caso, tras o chamamento, o consumidor ou usuario poderá intervir no proceso en calquera momento, pero só poderá realizar os actos procesuais non precluídos.

3. Cando se trate dun proceso en que o feito danoso prexudique unha pluralidade de persoas indeterminadas ou de difícil determinación, o chamamento suspenderá o curso do proceso por un prazo que non excederá os dous meses e que o secretario xudicial determinará en cada caso atendendo ás circunstancias ou complexidade do feito e ás dificultades de determinación e localización dos prexudicados. O proceso proseguirase coa intervención de todos aqueles consumidores que acudisen ao chamamento e non se admitirá a comparecencia individual de consumidores ou usuarios nun momento posterior, sen prexuízo de que estes poidan facer valer os seus dereitos ou intereses conforme o disposto nos artigos 221 e 519 desta lei.»

Catro. O artigo 16 queda redactado como segue:

«Artigo 16. *Sucesión procesual por morte.*

1. Cando se transmita *mortis causa* o que sexa obxecto do xuízo, a persoa ou persoas que sucedan o causante poderán continuar ocupando no dito xuízo a mesma posición que este, para todos os efectos.

Comunicada a defunción de calquera litigante por quen deba sucedelo, o secretario xudicial acordará a suspensión do proceso e dará traslado ás demais partes. Acreditados a defunción e o título sucesorio e cumpridos os trámites pertinentes, o secretario xudicial terá, se é o caso, por comparecido o sucesor en nome do litigante defunto, e o tribunal terao en conta na sentenza que dite.

2. Cando a defunción dun litigante conste ao tribunal que coñece do asunto e non comparecese o sucesor no prazo dos cinco días seguintes, o secretario xudicial por medio de dilixencia de ordenación permitirá ás demais partes pedir, con identificación dos sucesores e do seu domicilio ou residencia, que se lles notifique a existencia do proceso, emprazándoos para comparecer no prazo de dez días.

Na mesma resolución do secretario xudicial pola que se acorde a notificación, acordarase a suspensión do proceso ata que comparezan os sucesores ou finalice o prazo para a comparecencia.

3. Cando o litigante falecido sexa o demandado e as demais partes non coñeceren os sucesores ou estes non puidesen ser localizados ou non quixesen comparecer, o proceso seguirá adiante, declarando o secretario xudicial a rebeldía da parte demandada.

Se o litigante falecido fose o demandante e os seus sucesores non comparecesen por calquera das dúas primeiras circunstancias expresadas no parágrafo anterior, o secretario xudicial ditará decreto no que tendo por desistido o demandante, se ordene o arquivo das actuacións, agás que o demandado se opuxer, caso en que se aplicará o disposto no punto terceiro do artigo 20. Se a non comparecencia dos sucesores se debese a que non quixesen comparecer, entenderase que a parte demandante renuncia á acción exercida.»

Cinco. O número 1 do artigo 17 queda redactado como segue:

«1. Cando se transmitise, pendente un xuízo, o que sexa obxecto deste, o adquirente poderá solicitar, acreditando a transmisión, ser tido como parte na posición que ocupaba o transmitente. O secretario xudicial ditará dilixencia de ordenación pola que acordará a suspensión das actuacións e outorgará un prazo de dez días á outra parte para que alegue o que conveña ao seu dereito.

Se esta non se opuxese dentro do dito prazo, o secretario xudicial, mediante decreto, alzará a suspensión e disporá que o adquirente ocupe no xuízo a posición que o transmitente tivese nel.»

Seis. O artigo 18 queda redactado como segue:

«Artigo 18. *Sucesión nos casos de intervención provocada.*

No caso a que se refire a regra 4.^a do número 2 do artigo 14, da solicitude presentada polo demandado o secretario xudicial dará traslado ás demais partes para que aleguen o que conveña ao seu dereito, por prazo de cinco días, decidindo a continuación o tribunal por medio de auto, o que resulte procedente con relación á conveniencia ou non da sucesión.»

Sete. O número 4 do artigo 19 queda redactado como segue:

«4. Así mesmo, as partes poderán solicitar a suspensión do proceso, que será acordada polo secretario xudicial mediante decreto sempre que non prexudique o

interese xeral ou a terceiro e que o prazo da suspensión non supere os sesenta días.»

Oito. O número 3 do artigo 20 queda redactado como segue:

«3. Emprazado o demandado, do escrito de desistencia daráselle traslado por prazo de dez días.

Se o demandado está conforme coa desistencia ou non se opón a ela dentro do prazo expresado no parágrafo anterior, o secretario xudicial ditará decreto en que se acorde o sobresemento e o demandante poderá promover novo xuízo sobre o mesmo obxecto.

Se o demandado se opón á desistencia, o xuíz resolverá o que estime oportuno.»

Nove. Modifícase o número 1, o parágrafo primeiro do número 2 e o parágrafo primeiro do número 4 do artigo 22, que quedan redactados como segue:

«1. Cando, por circunstancias sobrevidas á demanda e á reconvencción, deixase de haber interese lexítimo en obter a tutela xudicial pretendida, por se ter satisfeito, fóra do proceso, as pretensións do demandante e, se é o caso, do demandado reconveniente ou por calquera outra causa, porase de manifesto esta circunstancia e, se houber acordo das partes, o secretario xudicial decretará a terminación do proceso, sen que proceda condena en custas.»

«2. Se algunha das partes sostivese a subsistencia de interese lexítimo, negando motivadamente que se dese satisfacción extraprocesual ás súas pretensións ou con outros argumentos, o secretario xudicial convocará as partes, no prazo de dez días, a unha comparecencia ante o tribunal que versará sobre ese único obxecto.»

«4. Os procesos de desafuizamento de predio urbano ou rústico por falta de pagamento das rendas ou cantidades debidas polo arrendatario terminarán mediante decreto ditado para o efecto polo secretario xudicial se, antes da celebración da vista, o arrendatario paga ao demandante ou pon á súa disposición no tribunal ou notarialmente o importe das cantidades reclamadas na demanda e o das que deba no momento do dito pagamento enervador do desafuizamento. Se o demandante se opuxese á enervación por non cumprirse os anteriores requisitos, citaranse as partes á vista prevista no artigo 443 desta lei, tras a cal o xuíz ditará sentenza pola que declarará enervada a acción ou, noutro caso, estimará a demanda procedendo o desafuizamento.»

Dez. Engádesse un novo número 3 ao artigo 23 coa seguinte redacción:

«3. O procurador legalmente habilitado poderá comparecer en calquera tipo de procesos sen necesidade de avogado, cando o realice para os únicos efectos de oír e recibir actos de comunicación e efectuar comparecencias de carácter non persoal dos representados que fosen solicitados polo xuíz, tribunal ou secretario xudicial. Ao realizar eses actos non poderá formular solicitude ningunha. É incompatible o exercicio simultáneo das profesións de avogado e procurador dos tribunais.»

Once. O artigo 24 queda redactado como segue:

«Artigo 24. *Apoderamento do procurador.*

1. O poder en que a parte outorgue a súa representación ao procurador deberá estar autorizado por notario ou ser conferido por comparecencia ante o secretario xudicial de calquera oficina xudicial.

2. A escritura de poder xuntarase ao primeiro escrito que o procurador presente ou, se é o caso, ao realizar a primeira actuación; e o outorgamento “apud acta”

deberá ser efectuado ao mesmo tempo que a presentación do primeiro escrito ou, se é o caso, antes da primeira actuación, sen necesidade de que ao dito outorgamento concorra o procurador.»

Doce. Introdúcese un ordinal 8.º ao número 2 do artigo 26, que queda redactado como segue:

«8.º Á realización dos actos de comunicación e outros actos de cooperación coa Administración de xustiza que o seu representado lle solicite, de conformidade co previsto nas leis procesuais.»

Trece. O número 2 do artigo 29 queda redactado como segue:

«2. Se, despois de iniciado un proceso, o poderdante non habilitase o seu procurador cos fondos necesarios para continualo, poderá este pedir que aquel sexa constringido a verificalo.

Esta pretensión deducirase ante o tribunal que coñeza do asunto. Deducida esa pretensión, o secretario xudicial dará traslado ao poderdante polo prazo de dez días e o secretario xudicial resolverá mediante decreto o que proceda, fixando, se é o caso, a cantidade que estime necesaria e o prazo en que deba entregarse, baixo apercibimento de constringimento.»

Catorce. O número 1 do artigo 30 queda redactado como segue:

«1. O procurador cesará na súa representación:

1.º Pola revogación expresa ou tácita do poder, logo de que conste nos autos. Entenderase revogado tacitamente o poder polo nomeamento posterior doutro procurador que comparecese no asunto.

Se, neste último caso, o procurador que veña actuando no xuízo suscita cuestión sobre a efectiva existencia ou sobre a validez da representación que se atribúa o que pretenda substituílo, logo de audiencia da persoa ou persoas que aparezan como outorgantes dos respectivos poderes, resolverase a cuestión por medio de decreto.

2.º Por renuncia voluntaria ou por cesar na profesión ou ser sancionado coa suspensión no seu exercicio. Nos dous primeiros casos, estará o procurador obrigado a pór o feito, con anticipación e de modo que faga fe, en coñecemento do seu poderdante e do tribunal. En caso de suspensión, o colexio de procuradores correspondente farao saber ao tribunal.

Mentres non acredite nos autos a renuncia ou a cesación e sexa tido por renunciante ou cesante, non poderá o procurador abandonar a representación do seu poderdante, na que deberá continuar ata que este provexa a designación doutro dentro do prazo de dez días.

Transcorridos estes sen que se designase novo procurador, o secretario xudicial ditará resolución en que terá aquel por definitivamente apartado da representación que estaba a desempeñar.

3.º Por falecemento do poderdante ou do procurador.

No primeiro caso, estará o procurador obrigado a pór o feito en coñecemento do tribunal, acreditando en forma o falecemento e, se non presentase novo poder dos herdeiros ou habentes causa do finado, observarase o disposto no artigo 16.

Cando faleza o procurador, o secretario xudicial fará saber ao poderdante a defunción, co fin de que proceda á designación de novo procurador no prazo de dez días.

4.º Por separarse o poderdante da pretensión ou da oposición que formulase e, en todo caso, por ter terminado o asunto ou terse realizado o acto para o que se outorgou o poder.»

Quince. O número 5 do artigo 32 queda redactado como segue:

«5. Cando a intervención de avogado e procurador non sexa preceptiva, da eventual condena en custas da parte contraria á que se servise dos ditos profesionais excluíranse os dereitos e honorarios devengados por eles, agás que o tribunal aprecie temeridade na conduta do condenado en custas ou que o domicilio da parte representada e defendida estea en lugar distinto a aquel en que se tramitou o xuízo, operando neste último caso as limitacións a que se refire o número 3 do artigo 394 desta lei. Tamén se excluírán, en todo caso, os dereitos devengados polo procurador como consecuencia daquelas actuacións de carácter meramente facultativo que puidesen ser practicadas polas oficinas xudiciais.»

Dezaseis. O número 2 do artigo 33 queda redactado como segue:

«2. Non obstante, o litigante que non teña dereito á asistencia xurídica gratuíta poderá pedir que se lle designe avogado, procurador ou ambos profesionais, cando a súa intervención sexa preceptiva ou cando, non séndoo, a parte contraria comunicase ao tribunal que actuará defendida por avogado e representada por procurador.

No caso de que a petición a realice o demandado, deberá formulala no prazo dos tres días seguintes a recibir a cédula de emprazamento ou citación.

Estas peticións faranse e decidíranse conforme o disposto na Lei de asistencia xurídica gratuíta, sen necesidade de acreditar o dereito a obter esa asistencia, sempre que o solicitante se comprometa a pagar os honorarios e dereitos dos profesionais que se lle designen.»

Dezasete. Os números 1 e 2 do artigo 34 quedan redactados como segue:

«1. Cando un procurador teña que exixir do seu poderdante moroso as cantidades que este lle deba polos dereitos e gastos que suplise para o asunto, poderá presentar ante o secretario xudicial do lugar en que este radique conta detallada e xustificada, manifestando que lle son debidas e non satisfeitas as cantidades que dela resulten e reclame. Igual dereito que os procuradores terán os seus herdeiros respecto aos créditos desta natureza que aqueles lles deixen.

2. Presentada a conta, o secretario xudicial requirirá o poderdante para que pague esa suma, coas custas, ou impugne a conta, no prazo de dez días, baixo apercibimento de constrinximento se non paga nin formula impugnación.

Se, dentro do dito prazo, o poderdante se opón, o secretario xudicial examinará a conta e as actuacións procesuais, así como a documentación presentada e ditará, no prazo de dez días, decreto determinando a cantidade que haxa que satisfacer ao procurador, baixo apercibimento de constrinximento se o pagamento non se efectuase dentro dos cinco días seguintes á notificación.

O decreto a que se refire o parágrafo anterior non será susceptible de recurso, pero non prexulgará, nin sequera parcialmente, a sentenza que poida recaer en xuízo ordinario ulterior.»

Dezaoito. O número 2 do artigo 35 queda redactado como segue:

«2. Presentada esta reclamación, o secretario xudicial requirirá o debedor para que pague a dita suma, coas custas, ou impugne a conta, no prazo de dez días, baixo apercibimento de constrinximento se non paga nin formula impugnación.

Se, dentro do citado prazo, os honorarios se impugnasen por indebidos, observarase o disposto nos parágrafos segundo e terceiro do número 2 do artigo anterior.

Se se impugnasen os honorarios por excesivos, procederase previamente á súa regulación conforme o previsto nos artigos 241 e seguintes, agás que o avogado

acredite a existencia de orzamento previo en escrito aceptado polo impugnante, e dítarase decreto fixando a cantidade debida, baixo apercibimento de constrinximento se non se pagase dentro dos cinco días seguintes á notificación.

Ese decreto non será susceptible de recurso, pero non prexulgará, nin sequera parcialmente, a sentenza que poida recaer en xuízo ordinario ulterior.»

Dezanove. Modifícanse os números 5 e 6 do artigo 40, que quedan redactados da seguinte forma:

«5. No caso a que se refire o punto anterior o tribunal non acordará a suspensión, ou o secretario xudicial alzará a que aquel acordase, se a parte a que poida favorecer o documento renuncia a el. Feita a renuncia, o secretario xudicial ordenará que o documento sexa separado dos autos.

6. As suspensións a que se refire este artigo alzaráas o secretario xudicial cando se acredite que o xuízo criminal terminou ou que se encontra paralizado por motivo que impidise a súa normal continuación.»

Vinte. Engádesse un novo número 3 ao artigo 41 co seguinte teor:

«3. Contra a resolución do secretario xudicial que acorde o alzamento da suspensión poderá ser interposto recurso directo de revisión.»

Vinte e un. O número 3 do artigo 42 queda redactado como segue:

«3. Non obstante o disposto nos puntos precedentes, cando o estableza a lei ou o pidan as partes de común acordo ou unha delas co consentimento da outra, o secretario xudicial suspenderá o curso das actuacións, antes de que fose ditada sentenza, ata que a cuestión pre-xudicial sexa resolta, nos seus respectivos casos, pola Administración pública competente, polo Tribunal de Contas ou polos tribunais da orde xurisdiccional que corresponda. Neste caso, o tribunal civil quedará vinculado á decisión dos órganos indicados acerca da cuestión pre-xudicial.»

Vinte e dous. O número 3 do artigo 48 queda redactado nos seguintes termos:

«3. Nos casos a que se refiren os puntos anteriores, o secretario xudicial oirá as partes e o Ministerio Fiscal por prazo común de dez días, resolvendo o tribunal por medio de auto.»

Vinte e tres. O número 2 do artigo 56 queda redactado como segue:

«2. O demandado, polo feito de facer, despois de comparecido no xuízo tras a interposición da demanda, calquera xestión que non sexa a de propor en forma a declinatoria. Tamén se considerará tacitamente sometido o demandado que, emprazado ou citado en forma, non compareza en xuízo ou o faga cando preclúise a facultade de propor a declinatoria.»

Vinte e catro. O artigo 58 queda redactado como segue:

«Cando a competencia territorial veña fixada por regras imperativas, o secretario xudicial examinará a competencia territorial inmediatamente despois de presentada a demanda e, logo de audiencia do Ministerio Fiscal e das partes comparecidas, se entende que o tribunal carece de competencia territorial para coñecer do asunto, dará conta ao xuíz para que resolva o que proceda mediante auto, remitindo, se é o caso, as actuacións ao tribunal que considere territorialmente competente. Se fosen de aplicación foros electivos observárase o que manifeste o demandante, tras o requirimento que se lle dirixirá para tales efectos.»

Vinte e cinco. O número 1 do artigo 64 queda redactado como segue:

«1. A declinatoria deberase propor dentro dos dez primeiros días do prazo para contestar a demanda, ou nos cinco primeiros días posteriores á citación para vista, e producirá o efecto de suspender, ata que sexa resolta, o prazo para contestar, ou o cómputo para o día da vista, e o curso do procedemento principal, suspensión que acordará o secretario xudicial.»

Vinte e seis. O número 2 do artigo 68 queda redactado como segue:

«2. Os secretarios xudiciais non permitirán que se curse ningún asunto suxeito a repartición se non consta nel a dilixencia correspondente. En caso de que non conste esa dilixencia, anularase, por instancia de calquera das partes, calquera actuación que non consista en ordenar que o asunto pase a repartición.»

Vinte e sete. O artigo 69 queda redactado como segue:

«Artigo 69. *Prazo en que debe efectuarse a repartición.*

Os asuntos serán repartidos e remitidos á oficina xudicial que corresponda dentro dos dous días seguintes á presentación do escrito ou solicitude de incoación das actuacións.»

Vinte e oito. O artigo 73 queda redactado como segue:

«Artigo 73. *Admisibilidade por motivos procesuais da acumulación de accións.*

1. Para que sexa admisible a acumulación de accións será preciso:

1.º Que o tribunal que deba entender da acción principal posúa xurisdición e competencia por razón da materia ou por razón da contía para coñecer da acumulada ou acumuladas. Porén, á acción que se deba substanciar en xuízo ordinario poderá acumularse a acción que, por si soa, se debería dirimir, por razón da súa contía, en xuízo verbal.

2.º Que as accións acumuladas non se deban, por razón da súa materia, dirimir en xuízos de diferente tipo.

3.º Que a lei non prohiba a acumulación nos casos en que se exerzan determinadas accións en razón da súa materia ou por razón do tipo de xuízo que se deba seguir.

2. Tamén se acumularán nunha mesma demanda distintas accións cando así o dispoñan as leis, para casos determinados.

3. De se teren acumulado varias accións indebidamente, o secretario xudicial requirirá o demandante, antes de proceder a admitir a demanda, para que emende o defecto no prazo de cinco días, mantendo as accións cuxa acumulación sexa posible. Transcorrido o termo sen que se produza a emenda, ou se se mantén a circunstancia de non acumulabilidade entre as accións que pretenda manter o demandante, dará conta ao tribunal para que este resolva sobre a admisión da demanda.»

Vinte e nove. O artigo 75 queda redactado como segue:

«Artigo 75. *Lexitimación para solicitar a acumulación de procesos. Acumulación acordada de oficio.*

A acumulación poderá ser solicitada por quen sexa parte en calquera dos procesos cuxa acumulación se pretende ou será acordada de oficio polo tribunal, sempre que se estea en algún dos casos previstos no artigo seguinte.»

Trinta. O artigo 76 queda redactado como segue:

«Artigo 76. *Casos en que procede a acumulación de procesos.*

1. A acumulación de procesos deberá ser acordada sempre que:

1.º A sentenza que deba recaer nun dos procesos poida producir efectos prexudiciais no outro.

2.º Entre os obxectos dos procesos de cuxa acumulación se trate exista tal conexión que, de seguirse por separado, se puidesen ditar sentenzas con pronunciamentos ou fundamentos contraditorios, incompatibles ou mutuamente excluíntes.

2. Así mesmo, procederá a acumulación nos seguintes casos:

1.º Cando se trate de procesos incoados para a protección dos dereitos e intereses colectivos ou difusos que as leis recoñezan a consumidores e usuarios, susceptibles de acumulación conforme o disposto no número 1.1.º deste artigo e no artigo 77, cando a diversidade de procesos non se puidese evitar mediante a acumulación de accións ou a intervención prevista no artigo 15 desta lei.

2.º Cando o obxecto dos procesos susceptibles de acumulación fose a impugnación de acordos sociais adoptados nunha mesma xunta ou asemblea ou nunha mesma sesión de órgano colexiado de administración. Neste caso acumularanse todos os procesos incoados en virtude de demandas nas cales se solicite a declaración de nulidade ou de anulabilidade dos ditos acordos, sempre que estas fosen presentadas nun período de tempo non superior a corenta días desde a presentación da primeira das demandas.

En todo caso, nos lugares onde haxa máis dun xulgado que teña asignadas competencias en materia mercantil, as demandas que se presenten con posterioridade a outra repartiranse ao xulgado a que corresponda coñecer da primeira.»

Trinta e un. O número 1 do artigo 77 queda redactado como segue:

«1. Agás o disposto no artigo 555 desta lei sobre a acumulación de procesos de execución, só procederá a acumulación de procesos declarativos que se substancien polos mesmos trámites ou cuxa tramitación poida unificarse sen perda de dereitos procesuais, sempre que concorra algunha das causas expresadas neste capítulo.

Entenderase que non hai perda de dereitos procesuais cando se acorde a acumulación dun xuízo ordinario e un xuízo verbal, que proseguirán polos trámites do xuízo ordinario, ordenando o tribunal no auto polo que acorde a acumulación, e de ser necesario, retrotraer ata o momento de admisión da demanda as actuacións do xuízo verbal que fose acumulado, co fin de que siga os trámites previstos para o xuízo ordinario.»

Trinta e dous. Modifícanse os números 2 e 4 do artigo 78, que quedan redactados da seguinte maneira:

«2. Tampouco procederá a acumulación de procesos por instancia de parte cando non se xustifique que, coa primeira demanda ou, se é o caso, coa ampliación desta ou coa reconvenção, non puido promoverse un proceso que comprendese pretensións e cuestións substancialmente iguais ás suscitadas nos procesos distintos, cuxa acumulación se pretenda.»

«4. O disposto nos puntos anteriores non será de aplicación aos procesos a que se refire o número 2.1.º do artigo 76.»

Trinta e tres. O artigo 79 queda redactado como segue:

«Artigo 79. *Proceso en que se debe pedir ou acordar de oficio a acumulación.*

1. A acumulación de procesos solicitarase sempre ao tribunal que coñeza do proceso máis antigo, ao que se acumularán os máis modernos. De incumprirse este requisito, o secretario xudicial ditará decreto inadmitindo a solicitude.

Corresponderá, segundo o disposto no artigo 75, ao tribunal que coñeza do proceso máis antigo, ordenar de oficio a acumulación.

2. A antigüidade determinarase pola data da presentación da demanda, debendo presentarse coa solicitude de acumulación o documento que acredite esa data.

Se as demandas se presentasen o mesmo día, considerarase máis antigo o proceso que se repartise primeiro.

Se, por pender ante distintos tribunais ou por calquera outra causa, non fose posible determinar cal das demandas foi repartida en primeiro lugar, a solicitude poderá pedirse en calquera dos procesos cuxa acumulación se pretende.»

Trinta e catro. O número 2 do artigo 80 queda redactado como segue:

«2. Cando a acumulación fose promovida de oficio, o tribunal, se non o realizou antes conforme o previsto na seguinte sección, oírás partes e resolverá conforme o disposto no parágrafo que antecede.»

Trinta e cinco. O parágrafo segundo do artigo 81 queda redactado como segue:

«A solicitude de acumulación de procesos non suspenderá o curso dos que se pretenda acumular, a salvo do establecido no artigo 88.2, aínda que o tribunal deberá absterse de ditar sentenza en calquera deles ata que decida sobre a procedencia da acumulación.»

Trinta e seis. O artigo 83 queda redactado como segue:

«Artigo 83. *Substanciación e decisión do incidente de acumulación de procesos. Recursos.*

1. Solicitada en forma a acumulación de procesos, o secretario xudicial dará traslado ás demais partes comparecidas e a todos os que sexan parte en calquera dos procesos cuxa acumulación se pretende, aínda que non o sexan naquel en que se solicitou, co fin de que, no prazo común de dez días, formulen alegacións acerca da acumulación.

2. Transcorrido ese prazo, ou recibidas as alegacións, cando todas as partes do incidente estivesen conformes coa solicitude de acumulación, o tribunal, se entende que concorren os presupostos necesarios, acordará a acumulación, dentro dos cinco días seguintes.

3. Cando entre as partes non exista acordo, ou cando ningunha delas formule alegacións, o tribunal resolverá o que considere procedente, outorgando ou denegando a acumulación solicitada.

4. Cando a acumulación fose promovida de oficio, o tribunal dará audiencia por un prazo común de dez días a todos os que sexan parte nos procesos de cuxa acumulación se trate, co fin de que formulen alegacións.

5. Contra o auto que decida sobre a acumulación solicitada non caberá outro recurso que o de reposición.»

Trinta e sete. O número 2 do artigo 84 queda redactado como segue:

«2. Se os procesos acumulados non estivesen na mesma fase dentro da primeira instancia, o secretario xudicial acordará a suspensión do que estivese máis avanzado, ata que os outros estean no mesmo estado, debendo observarse, se é o caso, o disposto no artigo 77.1, parágrafo segundo.»

Trinta e oito. O artigo 88 queda redactado como segue:

«Artigo 88. *Efecto non suspensivo da solicitude ou do inicio de actuacións de oficio para a acumulación de procesos.*

1. A solicitude ou inicio de actuacións de oficio para a acumulación de procesos non suspenderá o curso dos procesos afectados, agás desde o momento en que algún deles quede pendente só de sentenza. En tal caso suspenderase o prazo para ditala.

2. Non obstante o anterior, o tribunal poderá acordar a suspensión do acto do xuízo ou da vista co fin de evitar que a celebración dos ditos actos poida afectar o resultado e o desenvolvemento das probas que se practiquen nos demais procesos.

3. Tan pronto como se pida a acumulación o secretario xudicial dará noticia deste feito, polo medio máis rápido, ao outro tribunal, co fin de que se absteña en todo caso de ditar sentenza ou poida decidir sobre a suspensión prevista no punto anterior, ata que se decida definitivamente sobre a acumulación pretendida.

4. O secretario xudicial dará traslado ás demais partes comparecidas da solicitude de acumulación para que, no prazo común de dez días, formulen alegacións sobre a procedencia da acumulación, e tras iso resolverá o tribunal no prazo de cinco días e segundo o disposto no artigo 83 desta lei. Cando a acumulación se denegue, o secretario xudicial comunicarllo ao outro tribunal, que poderá ditar sentenza ou, se é o caso, proceder á celebración do xuízo ou vista.»

Trinta e nove. O artigo 90 queda redactado como segue:

«Artigo 90. *Recepción do requirimento de acumulación polo tribunal requirido e vista aos litigantes.*

1. Recibidos o oficio e o testemuño polo tribunal requirido, o secretario xudicial dará traslado deles aos litigantes que ante o tribunal comparecesen.

2. Se algún dos comparecidos ante o tribunal requirido non o estivese no proceso ante o tribunal requirente, disporá dun prazo de cinco días para instruírse do oficio e do testemuño na oficina xudicial, e para presentar escrito manifestando o que conveña ao seu dereito sobre a acumulación.»

Corenta. O artigo 92 queda redactado como segue:

«Artigo 92. *Efectos da aceptación da acumulación polo tribunal requirido.*

1. Aceptado o requirimento de acumulación, o secretario xudicial notificarallo de inmediato a aqueles que fosen partes no proceso seguido ante o tribunal requirido, para que no prazo de dez días poidan comparecer ante o tribunal requirente, ao cal remitirá os autos, para que, se é o caso, sigan o seu curso ante el.

2. Acordada a acumulación de procesos, o secretario acordará a suspensión do curso do proceso máis avanzado ata que o outro chegue ao mesmo estado procesual, momento en que se efectuará a acumulación.»

Corenta e un. O número 2 do artigo 95 queda redactado como segue:

«2. Se se acorda a acumulación de procesos, ordenarase o establecido no artigo 92 desta lei. Se se denega, os procesos deberán seguir o seu curso por separado, alzando, se é o caso, o secretario xudicial a suspensión acordada.»

Corenta e dous. O número 2 do artigo 96 queda redactado como segue:

«2. Cando un mesmo tribunal fose requirido de acumulación respecto de dous ou máis procedementos seguidos en distintos xulgados ou tribunais, o secretario xudicial remitirá os autos ao superior común a todos eles e comunicarllelo a todos

os requirentes para que se difira a decisión ao dito superior. Neste caso, observarase o disposto nos dous artigos anteriores.»

Corenta e tres. O número 2 do artigo 97 queda redactado como segue:

«2. O secretario xudicial rexeitará mediante decreto ditado para o efecto a solicitude formulada. Se, malia anterior prohibición, se substanciase o novo incidente, tan pronto como conste o feito o tribunal declarará a nulidade do actuado a causa da solicitude, con imposición das custas ao que a presentou.»

Corenta e catro. O número 2 do artigo 100 queda redactado como segue:

«2. O mesmo deber terán o secretario xudicial e os funcionarios do corpo de xestión procesual e administrativa, do corpo de tramitación procesual e administrativa ou do corpo de auxilio xudicial, o membro do Ministerio Fiscal ou o perito designado polo tribunal en quen concorra algunha das causas que sinala a lei.»

Corenta e cinco. Os números 2 e 3 do artigo 102 quedan redactados da seguinte maneira:

«2. A abstención do xuíz ou maxistrado suspenderá o curso do proceso mentres non se resolva sobre ela, suspensión que será acordada polo secretario xudicial.

3. Se o tribunal a que se refire o número 1 deste artigo non estima xustificada a abstención, ordenará ao xuíz ou maxistrado que continúe o coñecemento do asunto, sen prexuízo do dereito das partes a facer valer a recusación. Recibida a orde, o secretario xudicial ditará dilixencia de ordenación pondo fin á suspensión do proceso.»

Corenta e seis. O artigo 103 queda redactado como segue:

«Artigo 103. *Abstención dos secretarios xudiciais.*

A abstención dos secretarios xudiciais rexerá polas normas establecidas na Lei orgánica do poder xudicial.»

Corenta e sete. O artigo 104 queda redactado como segue:

«Artigo 104. *Abstención dos funcionarios pertencentes aos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial.*

1. A abstención dos funcionarios pertencentes aos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa, e auxilio xudicial comunicárase por escrito motivado a quen sexa competente para ditar a resolución que poña termo ao preito ou causa na respectiva instancia, que decidirá sobre a súa procedencia.

2. En caso de ser estimada a abstención, o funcionario en quen concorra causa legal será substituído no proceso por quen legalmente o deba substituír. De ser desestimada, deberá continuar actuando no asunto.»

Corenta e oito. O artigo 105 queda redactado como segue:

«Artigo 105. *Abstención dos peritos.*

1. O perito designado polo xuíz, sección ou sala que coñeza do asunto ou, se é o caso, polo secretario xudicial, deberá absterse se concorren algunha das causas legalmente previstas. A abstención poderá ser oral ou escrita, sempre que estea debidamente xustificada.

2. Se a causa de abstención existe ao tempo de ser designado, o perito non aceptará o cargo, e será substituído no acto polo perito suplente, cando este fose designado. Se o perito suplente tamén se nega a aceptar o cargo, por concorrer nel a mesma ou outra causa de abstención, aplicarase o disposto no número 2 do artigo 342 desta lei. Se a causa é coñecida ou se produce despois da aceptación do cargo de perito, a abstención decidiráa, logo de audiencia das partes, quen realizou a designación. Contra a resolución que se dite non se dará recurso ningún.»

Corenta e nove. Modifícase o número 1 e créase un número 4 no artigo 107, que quedan redactados como segue:

«1. A recusación deberá proporse tan pronto como se teña coñecemento da causa en que se funde, pois, noutro caso, non se admitirá a trámite. Concretamente, inadmitiranse as recusacións:

1.º Cando non se propoñan no prazo de dez días desde a notificación da primeira resolución pola que se coñeza a identidade do xuíz ou maxistrado que se recusa, se o coñecemento da concorrencia da causa de recusación fose anterior a aquel.

2.º Cando se propuxesen, pendente xa un proceso, se a causa de recusación se coñecese con anterioridade ao momento procesual en que a recusación se propoña.»

«4. No día hábil seguinte á finalización do prazo previsto no punto anterior, o recusado deberase pronunciar sobre se admite ou non a causa ou causas de recusación formuladas.»

Cincuenta. O número 1 do artigo 108 queda redactado como segue:

«1. Instruirán os incidentes de recusación:

1.º Cando o recusado sexa o presidente ou un maxistrado do Tribunal Supremo ou dun tribunal superior de xustiza, un maxistrado da sala á que pertenza o recusado, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

2.º Cando o recusado sexa un presidente de audiencia provincial, un maxistrado da sala do civil e penal do tribunal superior de xustiza correspondente, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

3.º Cando o recusado sexa un maxistrado dunha audiencia, un maxistrado desa mesma audiencia, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade, sempre que non pertenza á mesma sección que o recusado.

4.º Cando se recusen todos os maxistrados dunha sala de xustiza, un maxistrado dos que integren o tribunal correspondente, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade, sempre que non estea afectado pola recusación.

5.º Cando o recusado sexa un xuíz ou maxistrado titular dun órgano unipersonal, un maxistrado da audiencia provincial, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

6.º Cando o recusado sexa un xuíz de paz, o xuíz de primeira instancia do partido correspondente ou, se hai varios xulgados de primeira instancia, o designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

A antigüidade rexerese pola orde de escalafón na carreira xudicial.»

Cincuenta e un. Modifícanse o número 1, o parágrafo segundo do número 3 e o número 4 do artigo 109, coa seguinte redacción:

«1. Dentro do mesmo día en que finalice o prazo a que se refire o número 3 do artigo 107, ou no seguinte día hábil, o secretario xudicial pasará o preito ou causa

ao coñecemento do substituto, debendo remitirse ao tribunal a que corresponda instruír o incidente o escrito e os documentos da recusación.

Tamén deberá xuntarse un informe do recusado relativo a se admite ou non a causa de recusación.»

«Recibidas as actuacións polo tribunal competente para decidir a recusación, o secretario xudicial dará traslado delas ao Ministerio Fiscal para informe por prazo de tres días. Transcorrido ese prazo, con ou sen informe do Ministerio Fiscal, decidirase o incidente dentro dos cinco días seguintes. Contra esa resolución non caberá recurso ningún.»

«4. A recusación suspenderá o curso do preito ata que se decida o incidente de recusación.»

Cincuenta e dous. O artigo 110 queda redactado como segue:

«Artigo 110. *Competencia para decidir o incidente de recusación.*

Decidirán os incidentes de recusación:

1.º A sala prevista no artigo 61 da Lei orgánica do poder xudicial, cando o recusado sexa o presidente do Tribunal Supremo, o presidente da Sala do Civil ou dous ou máis maxistrados da dita sala.

2.º A Sala do Civil do Tribunal Supremo, cando se recuse un dos maxistrados que a integran.

3.º A sala a que se refire o artigo 77 da Lei orgánica do poder xudicial, cando se recuse o presidente do tribunal superior de xustiza, o presidente da sala do civil e penal do dito tribunal superior, o presidente de audiencia provincial con sede na comunidade autónoma correspondente ou dous ou máis maxistrados da sala civil e penal dos tribunais superiores de xustiza ou dous ou máis maxistrados dunha sección ou dunha audiencia provincial.

4.º A sala do civil e penal dos tribunais superiores de xustiza, cando se recuse un ou varios maxistrados destes tribunais.

Para os efectos sinalados nos puntos que anteceden, o recusado non formará parte da sala.

5.º Cando o recusado sexa maxistrado dunha audiencia provincial, a audiencia provincial, sen que forme parte dela o recusado, ou, se esta se compón de dúas ou máis seccións, a sección na que non se encontre integrado o recusado ou a sección que siga en orde numérica a aquela da que o recusado forme parte.

6.º Cando o recusado sexa un xuíz de primeira instancia ou xuíz do mercantil, a sección da audiencia provincial que coñeza dos recursos contra as súas resolucións, e, se fosen varias, establecerase unha quenda comezando pola sección primeira.

7.º Cando o recusado sexa un xuíz de paz, resolverá o mesmo xuíz instructor do incidente de recusación.»

Cincuenta e tres. O número 1 do artigo 111 queda redactado como segue:

«1. Nos procesos que se substancien polas canles do xuízo verbal, se o xuíz recusado non acepta no acto como certa a causa de recusación, pasarán as actuacións ao que corresponda instruír o incidente, quedando entremetres en suspenso o asunto principal. O secretario xudicial convocará as partes a presenza do instructor, dentro dos cinco días seguintes, e, oídas as partes e practicada a proba declarada pertinente, o instructor resolverá mediante providencia no mesmo acto sobre se procede ou non a recusación.»

Cincuenta e catro. Modifícase a rúbrica do capítulo IV do título IV, que queda redactada como segue:

«CAPÍTULO IV

Da recusación dos secretarios xudiciais dos tribunais civís»

Cincuenta e cinco. O artigo 114 queda sen contido.

Cincuenta e seis. O artigo 115 queda redactado como segue:

«Artigo 115. *Recusación. Competencia para instruír e resolver os incidentes de recusación.*

1. Serán aplicables á recusación dos secretarios as prescricións que establece a Lei orgánica do poder xudicial para xuíces e maxistrados, coas seguintes especialidades:

a) Os secretarios xudiciais non poderán ser recusados durante a práctica de calquera dilixencia ou actuación de que estivesen encargados.

b) A peza de recusación instruírana e resolverana os mesmos xuíces ou maxistrados competentes para coñecer da abstención.»

Cincuenta e sete. O artigo 116 queda redactado como segue:

«Artigo 116. *Informe do recusado.*

Presentado o escrito de recusación o secretario xudicial recusado informará detalladamente por escrito se recoñece ou non como certa e lexítima a causa alegada, dando traslado do dito escrito ao instrutor, para que este dea conta á sala ou sección que deba coñecer da recusación.»

Cincuenta e oito. O artigo 118 queda redactado como segue:

«Artigo 118. *Oposición do recusado e substanciación da recusación.*

Cando o recusado negue a certeza da causa alegada como fundamento da recusación, se o instrutor admitise a trámite a recusación proposta, ordenará a práctica, no prazo de dez días, da proba solicitada que considere pertinente e útil, dándose traslado ao Ministerio Fiscal por prazo de tres días. Transcorrido este prazo, con ou sen informe do Ministerio Fiscal, decidirá o incidente dentro dos cinco días seguintes. Contra esa resolución non caberá recurso ningún.»

Cincuenta e nove. Modifícase a rúbrica do capítulo V do título IV, que queda coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO V

Da recusación dos funcionarios pertencentes aos corpos de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa, e de auxilio xudicial»

Sesenta. O artigo 120 queda sen contido.

Sesenta e un. O artigo 121 queda redactado como segue:

«Artigo 121. *Recusación. Competencia para instruír e resolver o incidente de recusación.*

1. A recusación dos funcionarios pertencentes aos corpos de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa, e de auxilio xudicial só será posible polas causas legalmente previstas.

2. Será competente para instruír o incidente de recusación o secretario do cal xerarquicamente dependan, e decidiraos quen sexa competente para ditar a

resolución que poña fin ao preito ou causa na respectiva instancia. Contra a resolución que resolva o incidente non se dará recurso ningún.»

Sesenta e dous. O artigo 122 queda redactado como segue:

«Artigo 122. *Inadmisión do escrito de recusación.*

Se, á vista do escrito de recusación, o secretario xudicial estima que a causa non é das tipificadas na lei, inadmitirá no acto a petición expresando as razóns en que se funde tal inadmisión. Contra esta resolución non se dará recurso ningún.»

Sesenta e tres. O artigo 126 queda redactado como segue:

«Artigo 126. *Admisión do escrito de recusación.*

Proposta en tempo e forma a recusación, darase traslado de copia do escrito ao perito recusado e ás partes. O recusado deberá manifestar ante o secretario xudicial se é ou non certa a causa en que a recusación se funda. Se a recoñece como certa e o secretario considera fundado o recoñecemento terao por recusado sen máis trámites e será substituído, se é o caso, polo suplente. Se o recusado é o suplente, e recoñece a certeza da causa, observarase o disposto no artigo 342 desta lei.»

Sesenta e catro. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 127, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Cando o perito negue a certeza da causa de recusación ou non se acepte o recoñecemento realizado polo perito da concorrencia da dita causa, o secretario xudicial ordenará ás partes que comparezan a presenza do tribunal o día e hora que sinale, coas probas de que intenten valerse e asistidas dos seus avogados e procuradores, se a súa intervención é preceptiva no proceso.

2. Se non comparece o recusante, o secretario xudicial terao por desistido da recusación.»

Sesenta e cinco. Modifícase o título e o número 1 do artigo 129, que queda redactado como segue:

«Artigo 129. *Lugar das actuacións xudiciais.*

1. As actuacións xudiciais realizaranse na sede da oficina xudicial, agás aquelas que pola súa natureza se deban practicar noutro lugar.»

Sesenta e seis. O número 2 do artigo 130 queda redactado como segue:

«2. Son días inhábiles para efectos procesuais os sábados e domingos, e os días 24 e 31 de decembro, os días de festa nacional e os festivos para efectos laborais na respectiva comunidade autónoma ou localidade. Tamén serán inhábiles os días do mes de agosto.»

Sesenta e sete. Modifícanse os números 1 e 4 do artigo 131, que quedan redactados como segue:

«1. De oficio ou por instancia de parte, os tribunais poderán habilitar os días e horas inhábiles, cando haxa causa urxente que o exixa. Esta habilitación realizarana os secretarios xudiciais cando teña por obxecto a realización de actuacións procesuais que deban practicarse en materias da súa exclusiva competencia, cando se trate de actuacións ordenadas por eles ou cando sexan tendentes a dar cumprimento ás resolucións ditadas polos tribunais.

4. Contra as resolucións de habilitación de días e horas inhábiles non se admitirá recurso ningún.»

Sesenta e oito. O número 1 do artigo 132 queda redactado como segue:

«1. As actuacións do proceso practícaranse nos termos ou dentro dos prazos sinalados para cada unha delas.»

Sesenta e nove. Modifícanse os números 2 e 4 do artigo 133, que quedan redactados como segue:

«2. No cómputo dos prazos sinalados por días exclúiranse os inhábiles.

Para os prazos que se sinalasen nas actuacións urxentes a que se refire o número 2 do artigo 131 non se considerarán inhábiles os días do mes de agosto e só se exclúiran do cómputo os sábados, domingos e festivos.

4. Os prazos que conclúan en sábado, domingo ou outro día inhábil entenderanse prorrogados ata o seguinte hábil.»

Setenta. O número 2 do artigo 134 queda redactado como segue:

«2. Poderán, non obstante, interromperse os prazos e demorarse os termos en caso de forza maior que impida cumprilos, e o seu cómputo proseguirá no momento en que cese a causa determinante da interrupción ou demora. A concorrencia de forza maior deberá ser apreciada polo secretario xudicial mediante decreto, de oficio ou por instancia da parte que a sufriu, con audiencia das demais. Contra este decreto poderase interpor recurso de revisión que producirá efectos suspensivos.»

Setenta e un. No artigo 137, o vixente número 3 pasa a numerarse como 4 e introdúcese un novo número 3 coa seguinte redacción:

«3. O disposto nos puntos anteriores será de aplicación aos secretarios xudiciais respecto daquelas actuacións que se deban realizar unicamente ante eles.»

Setenta e dous. Introdúcese un parágrafo segundo ao número 3 do artigo 138, que queda redactado como segue:

«Os secretarios xudiciais poderán adoptar mediante decreto a mesma medida naquelas actuacións procesuais que deban practicarse en materias da súa exclusiva competencia. Fronte a este decreto só caberá recurso de reposición.»

Setenta e tres. O número 1 do artigo 143 queda redactado como segue:

«1. Cando algunha persoa que non coñeza o castelán nin, se é o caso, a lingua oficial propia da comunidade tivese que ser interrogada ou prestar algunha declaración, ou cando for preciso darlle a coñecer persoalmente algunha resolución, o secretario, por medio de decreto, poderá habilitar como intérprete calquera persoa coñecedora da lingua de que se trate, exixíndolle xuramento ou promesa de fiel tradución.

Sen prexuízo do anterior, garantírase en todo caso a prestación dos servizos de interpretación nos litixios transfronteirizos a aquela persoa que non coñeza o castelán nin, se é o caso, a lingua oficial propia da comunidade autónoma, nos termos establecidos na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, reguladora da asistencia xurídica gratuíta.

Das actuacións que nestes casos se practiquen redactarase acta en que constarán os textos no idioma orixinal e a súa tradución para o idioma oficial, e que será asinada tamén polo intérprete.»

Setenta e catro. O parágrafo primeiro do número 2 do artigo 144 queda redactado como segue:

«2. A dita tradución poderá ser feita privadamente e, en tal caso, se algunha das partes a impugna dentro dos cinco días seguintes desde o traslado, manifestando que non a ten por fiel e exacta e expresando as razóns da discrepancia, o secretario xudicial ordenará, respecto da parte que exista discrepancia, a tradución oficial do documento, á custa de quen o presentase.»

Setenta e cinco. O artigo 145 queda redactado como segue:

«Artigo 145. *Fe pública xudicial.*

1. Corresponde ao secretario xudicial, con exclusividade e plenitude, o exercicio da fe pública xudicial nas actuacións procesuais.

Concretamente, o secretario xudicial:

1.º Dará fe, por si ou mediante o rexistro correspondente, de cuxo funcionamento será responsable, da recepción de escritos cos documentos e recibos que os acompañen, expedindo, se é o caso, as certificacións que nesta materia sexan solicitadas polas partes.

2.º Deixará constancia que faga fe da realización de actos procesuais no tribunal ou ante este e da produción de feitos con transcendencia procesual, mediante as oportunas actas e dilixencias calquera que sexa o soporte que se utilice.

3.º Expedirá certificacións ou testemuños das actuacións xudiciais non declaradas secretas nin reservadas ás partes, con expresión do destinatario e o fin para o cal se solicitan.

4.º Autorizará e documentará conforme o previsto no artigo 24 desta lei o outorgamento de poderes para preitos.

2. No exercicio destas funcións non precisará da intervención adicional de testemuñas.»

Setenta e seis. Os números 1 e 2 do artigo 146 quedan redactados como segue:

«1. As actuacións procesuais que non consistan en escritos e documentos documentaranse por medio de actas e dilixencias. Cando se utilicen medios técnicos de gravación ou reprodución, o secretario xudicial garantirá a autenticidade do gravado ou reproducido.»

«2. Cando a lei dispoña que se redacte acta, recollerase nela, coa necesaria extensión e detalle, todo o actuado.

De se tratar de actuacións que, conforme esta lei, teñan que rexistrarse en soporte apto para a gravación e reprodución, e o secretario xudicial dispuxese de sinatura electrónica recoñecida ou outro sistema de seguranza que conforme a lei garanta a autenticidade e integridade do gravado, o documento electrónico así xerado constituirá a acta para todos os efectos.

Se os mecanismos de garantía previstos no parágrafo anterior non se puidesen utilizar, o secretario xudicial deberá consignar na acta os seguintes extremos: número e clase de procedemento, lugar e data de celebración, tempo de duración, asistentes ao acto, peticións e propostas das partes, en caso de proposición de probas, declaración de pertinencia e orde na práctica destes, resolucións que adopte o xuíz ou tribunal, así como as circunstancias e incidencias que non puidesen constar naquel soporte.

Nestes casos, ou cando os medios de rexistro previstos neste artigo non se puidesen utilizar por calquera causa, a acta expedirase por procedementos

informáticos, sen que poida ser manuscrita máis que nas ocasións en que a sala en que se estea celebrando a actuación careza de medios informáticos.»

Setenta e sete. O artigo 147 queda redactado como segue:

«Artigo 147. *Documentación das actuacións mediante sistemas de gravación e reprodución da imaxe e o son.*

As actuacións orais en vistas, audiencias e comparecencias celebradas ante o tribunal rexistraranse en soporte apto para a gravación e reprodución do son e a imaxe.

Sempre que se conte cos medios tecnolóxicos necesarios, o secretario xudicial garantirá a autenticidade e integridade do gravado ou reproducido mediante a utilización da sinatura electrónica recoñecida ou outro sistema de seguranza que, conforme a lei, ofrezca tales garantías. Neste caso, a celebración do acto non requirirá a presenza na sala do secretario xudicial agás que o solicitasen as partes, polo menos dous días antes da celebración da vista, ou que excepcionalmente o considere necesario o secretario xudicial atendendo á complexidade do asunto, ao número e natureza das probas que se van practicar, ao número de intervenientes, á posibilidade de que se produzan incidencias que non puidesen rexistrarse, ou á concorrencia doutras circunstancias igualmente excepcionais que o xustifiquen. Nestes casos, o secretario xudicial expedirá acta sucinta nos termos previstos no artigo anterior.

O secretario xudicial deberá custodiar o documento electrónico que sirva de soporte á gravación.

As partes poderán pedir, á súa custa, copia das gravacións orixinais.»

Setenta e oito. O artigo 148 queda redactado como segue:

«Artigo 148. *Formación, custodia e conservación dos autos.*

Os secretarios xudiciais responderán da debida formación dos autos deixando constancia das resolucións que diten os tribunais, ou eles mesmos cando así o autorice a lei. Igualmente, responderán da súa conservación e custodia, agás o tempo en que estivesen en poder do xuíz ou maxistrado relator ou outros maxistrados integrantes do tribunal.»

Setenta e nove. O artigo 149 queda redactado como segue:

«Artigo 149. *Clases de actos de comunicación.*

Os actos procesuais de comunicación serán:

1.º Notificacións, cando teñan por obxecto dar noticia dunha resolución ou actuación.

2.º Emprazamentos, para comparecer e para actuar dentro dun prazo.

3.º Citacións, cando determinen lugar, data e hora para comparecer e actuar.

4.º Requirimentos para ordenar, conforme a lei, unha conduta ou inactividade.

5.º Mandamentos, para ordenar a expedición de certificacións ou testemuños e a práctica de calquera actuación cuxa execución corresponda aos rexistradores da propiedade, mercantís, de buques, de vendas a prazos de bens mobles, notarios, ou funcionarios ao servizo da Administración de xustiza.

6.º Oficios, para as comunicacións con autoridades non xudiciais e funcionarios distintos dos mencionados no número anterior.»

Oitenta. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 150, que quedan redactados como segue:

«1. As resolucións procesuais notificaranse a todos os que sexan parte no proceso.»

«2. Por disposición do tribunal, tamén se notificará a pendencia do proceso ás persoas que, segundo os mesmos autos, poidan verse afectadas pola resolución que poña fin ao procedemento. Esta comunicación levarase a cabo, cos mesmos requisitos, cando o tribunal advirta indicios de que as partes están utilizando o proceso con fins fraudulentos.»

Oitenta e un. O artigo 152 queda redactado como segue:

«Artigo 152. *Forma dos actos de comunicación. Resposta.*

1. Os actos de comunicación realizaranse baixo a dirección do secretario xudicial, que será o responsable da adecuada organización do servizo. Tales actos executaranos:

- 1.º Os funcionarios do corpo de auxilio xudicial.
- 2.º O procurador da parte que así o solicite, á súa custa.

Teranse por validamente realizados estes actos de comunicación cando quede constancia suficiente de que se practicaron na persoa ou no domicilio do destinatario.

Para estes efectos, o procurador acreditará, baixo a súa responsabilidade, a identidade e condición do receptor do acto de comunicación, coidando de que na copia quede constancia da súa sinatura e da data en que se realice.

2. Os actos de comunicación efectuaranse nalgunha das formas seguintes, segundo dispoña esta lei:

1.ª A través de procurador, tratándose de comunicacións a quen estea comparecido no proceso con representación daquel.

2.ª Remisión do que teña que comunicarse mediante correo, telegrama ou calquera outro medio técnico que permita deixar nos autos constancia que faga fe da recepción, da súa data e do contido do comunicado.

3.ª Entrega ao destinatario de copia literal da resolución que se lle teña que notificar, do requirimento que o tribunal ou o secretario xudicial lle dirixa, ou da cédula de citación ou empraçamento.

3. A cédula expresará o tribunal ou secretario xudicial que ditou a resolución, e o asunto en que recae, o nome e apelidos da persoa a quen se faga a citación ou empraçamento, o obxecto destes e o lugar, día e hora en que deba comparecer o citado, ou o prazo dentro do cal deba realizarse a actuación a que se refira o empraçamento, coa prevención dos efectos que, en cada caso, a lei estableza.

4. Nas notificacións, citacións e empraçamentos non se admitirá nin consignará resposta ningunha do interesado, a non ser que así se mandase. Nos requirimentos admitirase a resposta que dea o requirido, consignándoa sucintamente na dilixencia.»

Oitenta e dous. Os números 1 e 5 do artigo 155 quedan redactados como segue:

«1. Cando as partes non actúen representadas por procurador ou se trate do primeiro empraçamento ou citación ao demandado, os actos de comunicación faranse por remisión ao domicilio dos litigantes. Na cédula de empraçamento ou citación farase constar o dereito a solicitar asistencia xurídica gratuíta e o prazo para solicitala.»

«5. Cando as partes cambien o seu domicilio durante a substanciación do proceso, comunicaranos inmediatamente á oficina xudicial.

Así mesmo, deberán comunicar os cambios relativos ao seu número de teléfono, fax, enderezo de correo electrónico ou similares, sempre que estes últimos estean sendo utilizados como instrumentos de comunicación coa oficina xudicial.»

Oitenta e tres. Os números 1, 3 e 4 do artigo 156 quedan redactados como segue:

«1. Nos casos en que o demandante manifieste que lle é imposible designar un domicilio ou residencia do demandado, para efectos da súa comparecencia, o secretario xudicial utilizará os medios oportunos para investigar esas circunstancias, podendo dirixirse, se é o caso, aos rexistros, organismos, colexios profesionais, entidades e empresas a que se refire o número 3 do artigo 155.

Ao recibir estas comunicacións, os rexistros e organismos públicos procederán conforme as disposicións que regulen a súa actividade.»

«3. Se das investigacións a que se refire o número 1 resulta o coñecemento dun domicilio ou lugar de residencia, practicarase a comunicación da segunda forma establecida no número 2 do artigo 152, e será de aplicación, se é o caso, o previsto no artigo 158.»

«4. Se estas investigacións resultan infrutuosas, o secretario xudicial ordenará que a comunicación se leve a cabo mediante edictos.»

Oitenta e catro. O artigo 157 queda redactado como segue:

«Artigo 157. *Rexistro Central de Rebeldes Civís.*

1. Cando as investigacións a que se refire o artigo anterior fosen infrutuosas, o secretario xudicial ordenará que se comunique o nome do demandado e os demais datos de identidade ao Rexistro Central de Rebeldes Civís, que existirá con sede no Ministerio de Xustiza, con indicación da data da resolución de comunicación edictal do demandado para proceder á súa inscrición.

2. Calquera secretario xudicial que deba investigar o domicilio dun demandado poderá dirixirse ao Rexistro Central de Rebeldes Civís para comprobar se o demandado consta no dito rexistro e se os datos que nel aparecen son os mesmos de que dispón. En tal caso, mediante dilixencia de ordenación, poderá acordar directamente a comunicación edictal do demandado.

3. Calquera órgano xudicial, por instancia do interesado ou por iniciativa propia, que teña coñecemento do domicilio dunha persoa que figure inscrita no Rexistro Central de Rebeldes Civís deberá solicitar a cancelación da inscrición comunicando o domicilio ao cal se lle poden dirixir as comunicacións xudiciais. O rexistro remitirá ás oficinas xudiciais en que conste que existe proceso contra o dito demandado, o domicilio indicado por este para efecto de comunicacións, resultando válidas as practicadas a partir dese momento nese domicilio.

4. Con independencia do anterior, calquera tribunal que necesite coñecer o domicilio actual do demandado nun procedemento, que se encontre en ignorado paradorio con posterioridade á fase de comparecencia, poderá dirixirse ao Rexistro Central de Rebeldes Civís para que se practique a oportuna anotación tendente a que lle sexa facilitado o domicilio a onde poidan dirixírselle as comunicacións xudiciais se este dato chegase a coñecemento do citado rexistro.»

Oitenta e cinco. Os números 2 e 3 do artigo 159 quedan redactados como segue:

«2. Cando conste en autos o fracaso da comunicación mediante remisión ou as circunstancias do caso o aconsellen, atendidos o obxecto da comunicación e a natureza das actuacións que dependen dela, o secretario xudicial ordenará que se proceda conforme o disposto no artigo 161.

3. As persoas a que se refire este artigo deberán comunicar á oficina xudicial calquera cambio de domicilio que se produza durante a substanciación do proceso. Na primeira comparecencia que efectúen serán informadas desta obriga.»

Oitenta e seis. O número 1 artigo 160 queda redactado como segue:

«1. Cando proceda a remisión da copia da resolución ou da cédula por correo certificado ou telegrama con notificación da recepción, ou por calquera outro medio semellante que permita deixar nos autos constancia que faga fe de que se recibiu a notificación, da data da recepción, e do seu contido, o secretario xudicial dará fe nos autos da remisión e do contido do remitido, e unirá a aqueles, se é o caso, a notificación da recepción ou o medio a través do cal quede constancia da recepción ou a documentación achegada polo procurador que así o acredite, de ter procedido este á comunicación.»

Oitenta e sete. No artigo 161 modifícanse o parágrafo segundo do número 1, o número 2, o parágrafo primeiro do número 3 e introdúcese un número 5, que quedan coa seguinte redacción:

«A entrega documentarase por medio de dilixencia que será asinada polo funcionario ou, se é o caso, polo procurador que a efectúe e pola persoa a quen se faga, cuxo nome se fará constar.»

«2. Cando o destinatario da comunicación sexa achado no domicilio e se negue a recibir a copia da resolución ou a cédula ou non queira asinar a dilixencia acreditativa da entrega, o funcionario ou, se é o caso, o procurador que asuma a súa práctica, faralle saber que a copia da resolución ou a cédula queda á súa disposición na oficina xudicial, producíndose os efectos da comunicación, de todo o cal quedará constancia na dilixencia.»

«3. Se o domicilio onde se pretende practicar a comunicación for o lugar en que o destinatario teña o seu domicilio segundo o padrón municipal, ou para efectos fiscais, ou segundo rexistro oficial ou publicacións de colexios profesionais, ou for a vivenda ou local arrendado ao demandado, e non se encontrar alí o dito destinatario, poderá efectuarse a entrega a calquera empregado, familiar ou persoa coa que conviva, maior de 14 anos, que se encontre nese lugar, ou ao conserxe do predio, se o tiver, advertíndolle ao receptor que está obrigado a entregar a copia da resolución ou a cédula ao destinatario desta, ou a darlle aviso, se sabe o seu paradiro.»

«5. Cando os actos de comunicación fosen realizados polo procurador e non os puidese entregar ao seu destinatario por algunha das causas previstas nos números 2, 3 e 4 deste artigo, aquel deberá acreditar a concorrencia das circunstancias a que se refiren os puntos anteriores, para o que poderá auxiliarse de dúas testemuñas ou de calquera outro medio idóneo.»

Oitenta e oito. Modifícase o parágrafo cuarto do número 1 do artigo 162, que queda dividido en dous parágrafos, coa seguinte redacción:

«En calquera caso, cando constando a correcta remisión do acto de comunicación polos ditos medios técnicos, agás os practicados a través dos servizos de notificacións organizados polos colexios de procuradores, transcorresen tres días sen que o destinatario acceda ao seu contido, entenderase que a comunicación foi efectuada legalmente producindo plenamente os seus efectos.

Exceptuaranse aqueles supostos en que o destinatario xustifique a falta de acceso ao sistema de notificacións durante ese período. Se a falta de acceso se debese a causas técnicas e estas persistisen no momento de poñelas en coñecemento, o acto de comunicación practicarase mediante entrega de copia da resolución. En calquera caso, a notificación entenderase validamente recibida no momento en que conste a posibilidade de acceso ao sistema.»

Oitenta e nove. O artigo 163 queda redactado como segue:

«Artigo 163. *Servizo común procesual de actos de comunicación.*

Nas localidades onde estea establecido, o servizo común procesual de actos de comunicación practicará os actos de comunicación que deba realizar a oficina xudicial, excepto os que resulten encomendados ao procurador por telo solicitado así a parte á cal represente.»

Noventa. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 164, que queda redactado como segue:

«Cando, practicadas, se é o caso, as indagacións a que se refire o artigo 156, non se poida coñecer o domicilio do destinatario da comunicación, ou cando non poida ser encontrado nin efectuarse a comunicación con todos os seus efectos, conforme o establecido nos artigos anteriores, ou cando así se acorde no caso a que se refire o número 2 do artigo 157, o secretario xudicial, consignadas estas circunstancias, mandará que se faga a comunicación fixando a copia da resolución ou a cédula no taboleiro de anuncios da oficina xudicial, salvagardando, en todo caso, os dereitos e intereses de menores, así como outros dereitos e liberdades que puidesen verse afectados pola súa publicidade. Tal publicidade poderá ser substituída, nos termos que regulamentariamente se determinen, pola utilización de medios telemáticos, informáticos ou electrónicos, conforme o previsto no artigo 236 da Lei orgánica do poder xudicial.»

Noventa e un. O artigo 165 queda redactado como segue:

«Artigo 165. *Actos de comunicación mediante auxilio xudicial.*

Cando os actos de comunicación se teñan que practicar segundo o disposto no artigo 161 desta lei por tribunal distinto do que os ordenou, xuntarásele ao despacho a copia ou cédula correspondente e o demais que en cada caso proceda.

Estes actos de comunicación practicaranse nun prazo non superior a vinte días, contados a partir da súa recepción. Cando non se realice no tempo indicado, para cuxo efecto se requirirá o secretario xudicial para a súa observancia, expresaranse, se é o caso, as causas da dilación.

Eses actos poderán ser realizados, por instancia de parte, por procurador legalmente habilitado para actuar ante o órgano exhortado, encargándose do seu cumprimento nos mesmos termos e prazos establecidos no parágrafo anterior.»

Noventa e dous. O artigo 167 queda redactado como segue:

«Artigo 167. *Remisión de oficios e mandamentos.*

1. Os mandamentos e oficios remitiraos directamente o secretario xudicial que os expida á autoridade ou funcionario a que vaian dirixidos, podendo utilizarse os medios previstos no artigo 162 desta lei.

Non obstante, se así o solicitaron, as partes poderán dilixenciar persoalmente os mandamentos e oficios.

2. En todo caso, a parte por cuxa instancia se expidan os oficios e mandamentos a que se refire este artigo deberá satisfacer os gastos que requira o seu cumprimento.»

Noventa e tres. O artigo 168 queda redactado como segue:

«Artigo 168. *Responsabilidade dos funcionarios e profesionais intervinientes na comunicación procesual.*

1. O secretario xudicial ou o funcionario dos corpos ao servizo da Administración de xustiza que, no desempeño das funcións que por este capítulo se lle asignan,

de a lugar, por malicia ou negligencia, a atrasos ou dilacións indebidas, será corrixido disciplinariamente pola autoridade de quen dependa e incorrerá ademais en responsabilidade polos danos e perdas que ocasione.

2. O procurador que incorra en dolo, negligencia ou morosidade nos actos de comunicación cuxa práctica asumise ou non respecte algunha das formalidades legais establecidas, causando prexuízo a terceiro, será responsable dos danos e perdas ocasionados e poderá ser sancionado conforme o disposto nas normas legais ou estatutarias.»

Noventa e catro. O artigo 170 queda redactado como segue:

«Artigo 170. *Órgano a que corresponde prestar o auxilio xudicial.*

Corresponderá prestar o auxilio xudicial á oficina do xulgado de primeira instancia do lugar en cuxa circunscrición deba practicarse. Non obstante o anterior, se no dito lugar ten a súa sede un xulgado de paz, e o auxilio xudicial consiste nun acto de comunicación, corresponderalle a este practicar a actuación.»

Noventa e cinco. O parágrafo primeiro do número 1 do artigo 171 queda redactado como segue:

«1. O auxilio xudicial será solicitado polo tribunal que o requira mediante exhorto dirixido á oficina xudicial do que deba prestalo e que conterà:»

Noventa e seis. O artigo 173 queda redactado como segue:

«Artigo 173. *Cumprimento do exhorto.*

O responsable da oficina xudicial que reciba o exhorto disporá o seu cumprimento e o necesario para que se practiquen as actuacións que nel se soliciten dentro do prazo sinalado.

Cando non ocorra así, o secretario xudicial do órgano exhortante, de oficio ou por instancia de parte, recordará ao exhortado a urxencia do cumprimento. Se a situación persiste, o órgano para o que se solicitou o auxilio porá os feitos en coñecemento da sala de goberno correspondente ao tribunal exhortado.»

Noventa e sete. O número 1 do artigo 177 queda redactado como segue:

«1. Os despachos para a práctica de actuacións xudiciais no estranxeiro cursaranse conforme o establecido nas normas comunitarias que resulten de aplicación, nos tratados internacionais en que España sexa parte e, no seu defecto, na lexislación interna que resulte aplicable.»

Noventa e oito. O artigo 178 queda redactado como segue:

«Artigo 178. *Dación de conta.*

1. Os secretarios xudiciais darán conta á sala, ao relator ou ao xuíz, en cada caso, dos escritos e documentos presentados no mesmo día ou no seguinte día hábil, cando conteñan peticións ou pretensións que exixan pronunciamento daqueles.

O mesmo farán respecto das actas que se autorizen fóra da presenza xudicial.

2. Tamén darán conta, no seguinte día hábil, do transcurso dos prazos procesuais e do conseqüente estado dos autos cando no momento do seu vencemento deba ditar a oportuna resolución o xuíz ou maxistrado, así como das resolucións que ditaron que non fosen de mera tramitación.

3. Os funcionarios do corpo de xestión procesual e administrativa darán pola súa vez conta ao secretario xudicial da tramitación dos procedementos, en particular

cando esta exixa unha interpretación de lei ou de normas procesuais, sen prexuízo de informar o titular do órgano xudicial cando sexan requiridos para iso.»

Noventa e nove. O artigo 179 queda redactado como segue:

«Artigo 179. *Impulso procesual e suspensión do proceso por acordo das partes.*

1. Agás que a lei dispoña outra cousa, o secretario xudicial dará de oficio ao proceso o curso que corresponda, ditando para o efecto as resolucións necesarias.

2. O curso do procedemento poderase suspender de conformidade co que se establece no número 4 do artigo 19 desta lei, e proseguirase se o solicita calquera das partes. Se, transcorrido o prazo polo que se acordou a suspensión, ninguén pide, nos cinco días seguintes, a prosecución do proceso, o secretario xudicial acordará archivar provisionalmente os autos e permanecerán en tal situación mentres non se solicite a continuación do proceso ou se produza a caducidade de instancia.»

Cen. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 180, que quedan redactados como segue:

«1. Nos tribunais colexiados, o secretario xudicial determinará, para cada asunto, o maxistrado relator, segundo a quenda establecida para a sala ou sección ao principio de cada ano xudicial exclusivamente sobre a base de criterios obxectivos.

2. A designación farase na primeira resolución que o secretario xudicial dite no proceso e notificaráselles ás partes o nome do maxistrado relator e, se é o caso, do que conforme a quenda xa establecida o substitúa, con expresión das causas que motiven a substitución.»

Cento un. O artigo 181 queda redactado como segue:

«Artigo 181. *Funcións do maxistrado relator.*

Nos tribunais colexiados, corresponderá ao maxistrado relator:

1.º O despacho ordinario e o coidado da tramitación dos asuntos que lle fosen aquendados, sen prexuízo do impulso que corresponda ao secretario xudicial.

2.º Examinar a proposición de medios de proba que as partes presenten e informar sobre a súa admisibilidade, pertinencia e utilidade.

3.º Informar sobre os recursos interpostos contra as decisións do tribunal e os recursos interpostos contra as decisións do secretario xudicial que deba resolver o tribunal.

4.º Ditar as providencias e propor as demais resolucións que deba ditado o tribunal.

5.º Redactar as resolucións que dite o tribunal, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 203.»

Cento dous. Modifícase a rúbrica da sección 2.ª do capítulo VII do título V do libro I que terá a seguinte redacción:

«Sección 2.ª *Das vistas e das comparencias*»

Cento tres. O artigo 182 queda redactado como segue:

«Artigo 182. *Sinalamento das vistas.*

1. Corresponderalles aos presidentes de sala e aos de sección dos órganos colexiados o sinalamento de data e hora para a deliberación e votación dos asuntos que deban ditaminarse sen celebración de vista.

Do mesmo modo, correspóndelle ao xuíz ou presidente o sinalamento cando a decisión de convocar, proseguir ou sinalar de novo un xuízo, vista ou trámite equivalente se adopte no transcurso de calquera acto procesual xa iniciado e que presidan, sempre que poidan facela no mesmo acto, e tendo en conta as necesidades da axenda programada de sinalamentos.

2. Os titulares de órganos xurisdicionais unipersoais e os presidentes de sala ou sección nos tribunais colexiados fixarán os criterios xerais e darán as concretas e específicas instrucións conforme os cales se realizará o sinalamento das vistas ou trámites equivalentes.

3. Eses criterios e instrucións abarcarán:

1.º A fixación dos días predeterminados para tal fin, que deberá suxeitarse á dispoñibilidade de sala prevista para cada órgano xudicial e á necesaria coordinación cos restantes órganos xudiciais.

2.º Horas de audiencia.

3.º Número de sinalamentos.

4.º Duración aproximada da vista en concreto, segundo puidesen determinar unha vez estudado o asunto ou preito de que se trate.

5.º Natureza e complexidade dos asuntos.

6.º Calquera outra circunstancia que se considere pertinente.

4. Os secretarios xudiciais establecerán a data e hora das vistas ou trámites equivalentes suxeitándose aos criterios e instrucións anteriores e xestionando unha axenda programada de sinalamentos e tendo en conta as seguintes circunstancias:

1.º A orde en que os procedementos cheguen a estado en que deba celebrarse vista ou xuízo, agás as excepcións legalmente establecidas ou os casos en que o órgano xurisdicional excepcionalmente estableza que deben ter preferencia. En tales casos serán antepostos aos demais cuxo sinalamento non se fixese.

2.º A dispoñibilidade de sala prevista para cada órgano xudicial.

3.º A organización dos recursos humanos da oficina xudicial.

4.º O tempo que sexa preciso para as citacións e comparecencias dos peritos e testemuñas.

5.º A coordinación co Ministerio Fiscal nos procedementos en que as leis prevexan a súa intervención.

5. A medida que se inclúan os sinalamentos na axenda programada e, en todo caso, antes da súa notificación ás partes, darase conta ao xuíz ou presidente. No caso de que non se axusten aos criterios e instrucións establecidos, o xuíz ou presidente decidirá sobre o sinalamento.»

Cento catro. O artigo 183 queda redactado como segue:

«Artigo 183. *Solicitud de novo sinalamento de vista.*

1. Se a calquera dos que teñan que acudir a unha vista lles resulta imposible asistir a ela no día sinalado, por causa de forza maior ou outro motivo de análoga entidade, manifestarao de inmediato ao tribunal, acreditando cumpridamente a causa ou motivo e solicitando sinalamento de nova vista ou resolución que atenda á situación.

2. Cando sexa o avogado dunha das partes quen considere imposible acudir á vista, se se considera atendible e acreditada a situación que se alegue, o secretario xudicial fará novo sinalamento de vista.

3. Cando sexa a parte quen alegue a situación de imposibilidade, prevista no punto primeiro, o secretario xudicial, se considera atendible e acreditada a situación que se alegue, adoptará unha das seguintes resolucións:

1.^a Se a vista é de procesos nos cales a parte non estea asistida de avogado ou representada por procurador, efectuará novo sinalamento.

2.^a Se a vista é para actuacións en que, aínda estando a parte asistida por avogado ou representada por procurador, é necesaria a presenza persoal da parte, efectuará igualmente novo sinalamento de vista.

En particular, se a parte foi citada á vista para responder ao interrogatorio regulado nos artigos 301 e seguintes, o secretario xudicial efectuará novo sinalamento, coas citacións que sexan procedentes. O mesmo resolverá cando estea citada para interrogatorio unha parte contraria á que alegou e acredita a imposibilidade de asistir.

4. O secretario xudicial porá en coñecemento do tribunal a data e hora fixadas para o novo sinalamento, no mesmo día ou no día hábil seguinte a aquel en que fose acordado.

5. Cando unha testemuña ou un perito que fose citado a vista polo tribunal manifeste e acredite encontrarse na mesma situación de imposibilidade expresada no primeiro punto deste precepto, o secretario xudicial disporá que se oian as partes por prazo común de tres días sobre se se deixa sen efecto o sinalamento da vista e se efectúa un novo ou se se cita a testemuña ou o perito para a práctica da actuación probatoria fóra da vista sinalada. Transcorrido o prazo, o tribunal decidirá o que estime conveniente, e se non considerase atendible ou acreditada a escusa da testemuña ou do perito, manterá o sinalamento da vista e o secretario xudicial notificarállelo así a aqueles, requiríndoos para compareceren, co apercibimento que prevé o punto segundo do artigo 292.

6. Cando o secretario xudicial, ao resolver sobre as situacións a que se refiren os números 2 e 3 anteriores, entenda que o avogado ou o litigante puideron proceder con dilación inustificada ou sen fundamento ningún, dará conta ao xuíz ou tribunal, quen poderá imporlles multa de ata seiscentos euros, sen prexuízo do que o secretario resolva sobre o novo sinalamento.

A mesma multa poderá impor o tribunal nos supostos previstos no número 5 deste artigo, de entender que concorren as circunstancias a que se alude no parágrafo anterior.»

Cento cinco. O número 1 do artigo 185 queda redactado como segue:

«1. Constituído o tribunal na forma que dispón esta lei, o xuíz ou presidente declarará que se procede a celebrar vista pública, excepto cando o acto se celebra a porta pechada. Iniciada a vista, relacionaranse sucintamente os antecedentes do caso ou as cuestións que se vaian tratar.»

Cento seis. O parágrafo primeiro do artigo 186 queda redactado como segue:

«Durante o desenvolvemento das vistas correspóndelle ao xuíz ou presidente, ou ao secretario xudicial no caso de vistas celebradas exclusivamente ante el, a dirección dos debates e, en particular:»

Cento sete. O número 1 do artigo 187 queda redactado como segue:

«1. O desenvolvemento da vista rexistrarase en soporte apto para a gravación e reprodución do son e da imaxe ou, se non for posible, só do son, conforme o disposto no artigo 147 desta lei.

As partes poderán, en todo caso, solicitar á súa custa unha copia dos soportes en que quedase gravada a vista.»

Cento oito. O artigo 188 queda redactado como segue:

«Artigo 188. *Suspensión das vistas.*

1. A celebración das vistas no día sinalado só poderá suspenderse nos seguintes supostos:

1.º Por impedila a continuación doutra pendente do día anterior.

2.º Por faltar o número de maxistrados necesario para ditar resolución ou por indisposición sobrevida do xuíz ou do secretario xudicial, se non pode ser substituído.

3.º Por solicitalo de acordo as partes, alegando xusta causa a xuízo do secretario xudicial.

4.º Por imposibilidade absoluta de calquera das partes citadas para seren interrogadas no xuízo ou vista, sempre que tal imposibilidade, xustificada suficientemente a xuízo do secretario xudicial, se producise cando xa non sexa posible solicitar novo sinalamento conforme o disposto no artigo 183.

5.º Por morte, enfermidade ou imposibilidade absoluta ou baixa por maternidade ou paternidade do avogado da parte que pediu a suspensión, xustificadas suficientemente, a xuízo do secretario xudicial, sempre que tales feitos se producisen cando xa non sexa posible solicitar novo sinalamento conforme o disposto no artigo 183, sempre que se garanta o dereito á tutela xudicial efectiva e non se cause indefensión.

Igualmente, serán equiparables aos supostos anteriores e cos mesmos requisitos outras situacións análogas previstas noutros sistemas de previsión social e polo mesmo tempo polo que se outorgue a baixa e a prestación dos permisos previstos na lexislación da Seguranza Social.

6.º Por ter o avogado defensor dous sinalamentos de vista para o mesmo día en distintos tribunais, resultando imposible, polo horario fixado, a súa asistencia a ambos, sempre que acredite suficientemente que, ao abeiro do artigo 183, intentou, sen resultado, un novo sinalamento que evitase a coincidencia.

Neste caso, terá preferencia a vista relativa a causa criminal con preso e, en defecto desta actuación, a do sinalamento máis antigo, e se os dous sinalamentos fosen da mesma data, suspenderase a vista correspondente ao procedemento máis moderno.

Non se acordará a suspensión da vista se a comunicación da solicitude para que aquela se acorde se produce con máis de tres días de atraso desde a notificación do sinalamento que se reciba en segundo lugar. Para estes efectos deberá xuntárselle á solicitude copia da notificación do citado sinalamento.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación ás vistas relativas a causa criminal con preso, sen prexuízo da responsabilidade en que se puidese ter incorrido.

7.º Por terse acordado a suspensión do curso das actuacións ou resultar procedente tal suspensión de acordo co disposto por esta lei.

2. Toda suspensión que o secretario xudicial acorde farase saber no mesmo día ou no día hábil seguinte ao tribunal e o secretario comunicarllelo ás partes comparecidas e a quen fose citado xudicialmente en calidade de testemuña, perito ou noutra condición.»

Cento nove. O número 1 do artigo 189 queda redactado como segue:

«1. En caso de suspensión da vista o secretario xudicial fará o novo sinalamento ao acordarse a suspensión e, se non for posible, tan pronto como desapareza o motivo que a ocasionou.»

Cento dez. Engádesse un novo artigo 189 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 189 bis. *Das comparecencias.*

Observarase o contido dos artigos 188 e 189, no que resulten de aplicación para as comparecencias que se celebren exclusivamente ante o secretario xudicial.»

Cento once. O número 2 do artigo 190 queda redactado como segue:

«2. Se se formula a recusación a que se refire o punto anterior, suspenderase a vista e tramitarase o incidente segundo o disposto nesta lei, facéndose o novo sinalamento unha vez resolta a recusación.

A recusación que se formule verbalmente deberá conter expresión sucinta da causa ou causas e deberá formalizarse por escrito no prazo de tres días. De non facerse así dentro do dito prazo, non será admitida e imporase ao recusante unha multa de cento cincuenta a seiscentos euros, condenándoo, ademais, ao pagamento das custas ocasionadas coa suspensión. No mesmo día en que se dite a anterior resolución, o secretario xudicial fará o novo sinalamento para a vista o antes posible.»

Cento doce. Engádesse un novo artigo 192 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 192 bis. *Cambio do secretario xudicial despois do sinalamento. Posible recusación.*

O disposto nos tres artigos anteriores será de aplicación aos secretarios xudiciais respecto daquelas actuacións que se vaian celebrar unicamente ante eles.»

Cento trece. Os números 1 e 3 do artigo 193 quedan redactados como segue:

«1. Unha vez iniciada a celebración dunha vista, só poderá interromperse:

1.º Cando o tribunal deba resolver algunha cuestión incidental que non poida decidir no acto.

2.º Cando se deba practicar algunha dilixencia de proba fóra da sede do tribunal e non poida verificarse no tempo intermedio entre unha e outra sesión.

3.º Cando non comparezan as testemuñas ou os peritos citados xudicialmente e o tribunal considere imprescindible a declaración ou o informe deles.

4.º Cando, despois de iniciada a vista, se produza algunha das circunstancias que terían determinado a suspensión da celebración, e así o acorde o xuíz ou presidente.»

«3. Cando poida proseguir a vista dentro dos vinte días seguintes á súa interrupción, así como en todos os casos en que o novo sinalamento poida realizarse ao mesmo tempo de acordar a interrupción, farao o xuíz ou presidente, que terá en conta as necesidades da axenda programada de sinalamentos e as demais circunstancias contidas no artigo 182.4.

Cando non poida proseguir a vista dentro dos vinte días seguintes á súa interrupción nin poida sinalarse nova data no mesmo acto, a data fixaraa o secretario xudicial, conforme as previsións do artigo 182, para a data máis inmediata posible.»

Cento catorce. Engádesse un novo artigo 194 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 194 bis. *Secretarios xudiciais aos cales corresponda resolver.*

O disposto no artigo anterior será de aplicación aos secretarios xudiciais que deban ditar resolución despois de celebrados os actos e comparecencias previstos nesta lei.»

Cento quince. O artigo 200 queda redactado como segue:

«Artigo 200. *Impedimento do xuíz ou do secretario xudicial que asistise á vista ou comparecencia.*

1. Nos tribunais unipersoais, cando despois da vista se imposibilite o xuíz que asistise a ela e non poida ditar a resolución nin sequera coa asistencia do secretario xudicial, celebrárase nova vista presidida polo xuíz que substitúa o impedido.

O mesmo se fará cando o xuíz que participou na vista non poida ditar a resolución por se achar comprendido nalgún dos casos previstos no número 2 do artigo 194.

2. O anterior será de aplicación aos secretarios xudiciais que non puideron ditar resolución, ben porque se imposibilitaron ou porque incorreron nos supostos recollidos no artigo 194 bis, despois de celebrada a comparecencia ante eles.»

Cento dezaseis. Modifícase a rúbrica do capítulo VIII do título V do libro I, que queda redactado como segue:

«CAPÍTULO VIII

Das resolucións procesuais»

Cento dezasete. O artigo 206 queda redactado como segue:

«Artigo 206. *Clases de resolucións.*

1. Son resolucións xudiciais as providencias, autos e sentenzas ditadas polos xuíces e tribunais.

Nos procesos de declaración, cando a lei non exprese a clase de resolución xudicial que teña que empregarse, observaranse as seguintes regras:

1.^a Dítarase providencia cando a resolución se refira a cuestións procesuais que requiran unha decisión xudicial por así establecelo a lei, sempre que en tales casos non exixa expresamente a forma de auto.

2.^a Dítaranse autos cando se decidan recursos contra providencias ou decretos, cando se resolva sobre admisión ou inadmisión de demanda, reconvención, acumulación de accións, admisión ou inadmisión da proba, aprobación xudicial de transaccións e convenios, medidas cautelares e nulidade ou validez das actuacións.

Tamén revestirán a forma de auto as resolucións que versen sobre presupostos procesuais, anotacións e inscricións rexistradas e cuestións incidentais, teñan ou non sinalada nesta lei tramitación especial, sempre que en tales casos a lei exixa decisión do tribunal, así como as que poñan fin ás actuacións dunha instancia ou recurso antes de que conclúa a súa tramitación ordinaria, agás que, respecto destas últimas, a lei dispuxese que deban finalizar por decreto.

3.^a Dítarase sentenza para pór fin ao proceso, en primeira ou segunda instancia, unha vez que conclúese a súa tramitación ordinaria prevista na lei. Tamén se resolverán mediante sentenza os recursos extraordinarios e os procedementos para a revisión de sentenzas firmes.

2. As resolucións dos secretarios xudiciais denominaranse dilixencias e decretos.

Cando a lei non exprese a clase de resolución que hai que empregar, observaranse as seguintes regras:

1.^a Dítarase dilixencia de ordenación cando a resolución teña por obxecto dar aos autos o curso que a lei estableza.

2.^a Dítarase decreto cando se admita a trámite a demanda, cando se poña termo ao procedemento do que o secretario teña atribuída competencia exclusiva e,

en calquera clase de procedemento, cando for preciso ou conveniente razoar o resolto.

3.^a Dítanse dilixencias de constancia, comunicación ou execución para os efectos de reflectir en autos feitos ou actos con transcendencia procesual.

3. Nos procesos de execución seguiranse, no que resulten aplicables, as regras establecidas nos puntos anteriores.»

Cento dezaioito. O artigo 208 queda redactado como segue:

«Artigo 208. *Forma das resolucións.*

1. As dilixencias de ordenación e as providencias limitaranse a expresar o que por elas se mande e incluírán ademais unha sucinta motivación cando así o dispoña a lei ou quen deba ditalas o estime conveniente.

2. Os decretos e os autos serán sempre motivados e conterán en parágrafos separados e numerados os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito en que se basee a subseguinte parte dispositiva ou resolución.

3. Se se tratase de sentenzas e autos deberase indicar o tribunal que as ditou, con expresión do xuíz ou maxistrados que o integren e a súa sinatura e indicación do nome do relator, cando o tribunal sexa colexiado. No caso de providencias ditas por salas de xustiza, bastará coa sinatura do relator.

Nas resolucións ditas polos secretarios xudiciais indicarase sempre o nome do que a ditou, con extensión da súa sinatura.

4. Toda resolución incluírá a mención do lugar e data en que se adopte e se esta é firme ou se cabe algún recurso contra ela, con expresión, neste último caso, do recurso que proceda, do órgano ante o que debe interperse e do prazo para recorrer.»

Cento dezanove. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 210, que quedan redactados como segue:

«1. Agás que a lei permita diferir o pronunciamento, as resolucións que deban ditarse na celebración dunha vista, audiencia ou comparecencia ante o tribunal ou secretario xudicial pronunciaranse oralmente no mesmo acto, documentándose este con expresión da resolución e motivación sucinta daquelas resolucións.»

«2. Pronunciada oralmente unha resolución, se todas as persoas que foron parte no proceso están presentes no acto, por si ou debidamente representadas, e expresan a súa decisión de non interpor recurso, declararase, no mesmo acto, a firmeza da resolución.

Fóra deste caso, o prazo para recorrer comezará a contar desde a notificación da resolución debidamente redactada.»

Cento vinte. O número 1 do artigo 211 queda redactado como segue:

«1. As resolucións de tribunais e secretarios xudiciais serán ditas dentro do prazo que a lei estableza.»

Cento vinte e un. O artigo 212 queda redactado como segue:

«Artigo 212. *Publicación e arquivo das sentenzas.*

1. As sentenzas e demais resolucións definitivas, unha vez expedidas e asinadas por quen as ditou, serán publicadas e depositadas na oficina xudicial, o secretario xudicial ordenará a súa notificación e arquivo, e daráselles publicidade na forma permitida ou ordenada na Constitución e as leis.

2. Permitiráselle a calquera interesado o acceso ao texto das sentenzas ou a determinados extremos delas. Este acceso poderá quedar restrinxido cando poida afectar o dereito á intimidade, os dereitos das persoas que requiran un especial

deber de tutela, a garantía do anonimato dos prexudicados, cando proceda, así como, con carácter xeral, para evitar que as sentenzas poidan ser usadas con fins contrarios ás leis.

3. As sentenzas que se ditén nos procedementos sobre a aplicación dos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea ou os artigos 1 e 2 da Lei de defensa da competencia comunicarallas o secretario xudicial á Comisión Nacional da Competencia.

4. Os secretarios xudiciais porán nos autos certificación literal das sentenzas e demais resolucións definitivas.»

Cento vinte e dous. Engádesse un novo artigo 213 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 213 bis. *Libro de decretos.*

En cada tribunal levarase, baixo a responsabilidade e custodia do secretario xudicial, un libro de decretos, no que se incluírán asinados todos os definitivos, que serán ordenados cronoloxicamente.»

Cento vinte e tres. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 214 e engádesse un novo número 4 coa seguinte redacción:

«2. As aclaracións a que se refire o punto anterior poderaas facer de oficio o tribunal ou secretario xudicial, segundo corresponda, dentro dos dous días hábiles seguintes ao da publicación da resolución, ou por petición de parte ou do Ministerio Fiscal formulada dentro do mesmo prazo; neste caso será resolta por quen ditou a resolución de que se trate dentro dos tres días seguintes ao da presentación do escrito en que se solicite a aclaración.

3. Os erros materiais manifestos e os aritméticos en que incorran as resolucións dos tribunais e secretarios xudiciais poderán ser rectificadas en calquera momento.

4. Non caberá recurso ningún contra a resolución que decida sobre a aclaración ou corrección, sen prexuízo dos recursos que procedan, se é o caso, contra a resolución a que se refira a solicitude ou actuación de oficio.»

Cento vinte e catro. Modifícanse os números 2 e 4 e introdúcese un novo número 5 no artigo 215, coa seguinte redacción:

«2. De tratarse de sentenzas ou autos que omitisen manifestamente pronunciamentos relativos a pretensións oportunamente deducidas e substanciadas no proceso, o tribunal, por solicitude escrita de parte no prazo de cinco días contados desde a notificación da resolución, logo de traslado polo secretario xudicial da dita solicitude ás demais partes, para alegacións escritas por outros cinco días, ditará auto polo que resolverá completar a resolución co pronunciamento omitido ou que non procede completala.»

«4. Do mesmo modo ao establecido nos puntos anteriores procederá o secretario xudicial cando se precise emendar ou completar os decretos que ditou.»

«5. Non caberá ningún recurso contra os autos ou decretos en que se completen ou se denegue completar as resolucións a que se refiren os anteriores números deste artigo, sen prexuízo dos recursos que procedan, se é o caso, contra a sentenza, auto ou decreto a que se refira a solicitude ou a actuación de oficio do tribunal ou secretario xudicial. Os prazos para estes recursos, de seren procedentes, interromperanse desde que se solicite a súa aclaración, rectificación, emenda ou complemento, continuando o cómputo desde o día seguinte ao da notificación da resolución que recoñecese ou negase a omisión de pronunciamento e acordase ou denegase remediala.»

Cento vinte e cinco. Déixanse sen contido os artigos 223 e 224 que constituían a sección 3.^a do capítulo VIII do título V do libro I.

Cento vinte e seis. Modifícase a rúbrica do capítulo IX do título V do libro I, que queda redactada como segue:

«CAPÍTULO IX

Da nulidade das actuacións»

Cento vinte e sete. O artigo 225 queda redactado como segue:

«Artigo 225. *Nulidade de pleno dereito.*

Os actos procesuais serán nulos de pleno dereito nos casos seguintes:

- 1.^o Cando se produzan por ou ante tribunal con falta de xurisdición ou de competencia obxectiva ou funcional.
- 2.^o Cando se realicen baixo violencia ou intimidación.
- 3.^o Cando se prescindida de normas esenciais do procedemento, sempre que, por esa causa, se puidese producir indefensión.
- 4.^o Cando se realicen sen intervención de avogado, nos casos en que a lei a estableza como obrigatoria.
- 5.^o Cando se celebren vistas sen a preceptiva intervención do secretario xudicial.
- 6.^o Cando se resolvesen mediante dilixencias de ordenación ou decreto cuestións que, conforme a lei, deban ser resoltas por medio de providencia, auto ou sentenza.
- 7.^o Nos demais casos en que esta lei así o estableza.»

Cento vinte e oito. O artigo 228 queda redactado como segue:

«Artigo 228. *Incidente excepcional de nulidade de actuacións.*

1. Non se admitirán con carácter xeral incidentes de nulidade de actuacións. Porén, excepcionalmente, os que sexan parte lexítima ou deberon selo poderán pedir por escrito que se declare a nulidade de actuacións fundada en calquera vulneración dun dereito fundamental dos referidos no artigo 53.2 da Constitución, sempre que non se puidese denunciar antes de recaer resolución que poña fin ao proceso e sempre que esa resolución non sexa susceptible de recurso ordinario nin extraordinario.

Será competente para coñecer deste incidente o mesmo tribunal que ditou a resolución que adquirise firmeza. O prazo para pedir a nulidade será de vinte días, desde a notificación da resolución ou, en todo caso, desde que se tivo coñecemento do defecto causante de indefensión, sen que, neste último caso, poida solicitarse a nulidade de actuacións despois de transcorridos cinco anos desde a notificación da resolución.

O tribunal non admitirá a trámite, mediante providencia sucintamente motivada, calquera incidente en que se pretenda suscitar outras cuestións. Contra a resolución pola que se inadmita a trámite o incidente non caberá ningún recurso.

2. Admitido a trámite o escrito en que se pida a nulidade fundada nos vicios a que se refire o punto anterior deste artigo, non quedará en suspenso a execución e eficacia da sentenza ou resolución non susceptibles de recurso, agás que se acorde de forma expresa a suspensión para evitar que o incidente puidese perder a súa finalidade, o secretario xudicial dará traslado do dito escrito, xunto con copia dos documentos que se xuntasen, se é o caso, para acreditar o vicio ou defecto en que a petición se funde, ás demais partes, que no prazo común de cinco días poderán formular por escrito as súas alegacións, ás que xuntarán os documentos que se estimen pertinentes.

De estimarse a nulidade, reporanse as actuacións ao estado inmediatamente anterior ao defecto que a orixinou e seguirase o procedemento legalmente establecido. De desestimarse a solicitude de nulidade, condenarase, por medio de auto, o solicitante en todas as custas do incidente e, en caso de que o tribunal entenda que se promoveu con temeridade, imporalle, ademais, unha multa de noventa a seiscentos euros.

Contra a resolución que resolva o incidente non caberá ningún recurso.»

Cento vinte e nove. O artigo 230 queda redactado como segue:

«Artigo 230. *Conservación dos actos.*

A nulidade dun acto non implicará a dos sucesivos que sexan independentes daquel nin a daqueles cuxo contido non variase aínda que non se cometese a infracción que deu lugar á nulidade.»

Cento trinta. O artigo 231 queda redactado como segue:

«Artigo 231. *Emenda.*

O tribunal e o secretario xudicial coidarán de que poidan ser emendados os defectos en que incorran os actos procesuais das partes.»

Cento trinta e un. Modifícase a rúbrica do capítulo X do título V do libro I, que queda redactada como segue:

«CAPÍTULO X

Da reconstrución dos autos»

Cento trinta e dous. O número 1 do artigo 232 queda redactado como segue:

«1. Será competente para tramitar a reconstitución total ou parcial de todo tipo de actuacións xudiciais o secretario da oficina xudicial en que a desaparición ou mutilación aconteceu.»

Cento trinta e tres. O parágrafo primeiro do artigo 233 queda redactado como segue:

«O tribunal, ou o secretario xudicial en actuacións da súa exclusiva competencia, de oficio, ou as partes ou os seus herdeiros, se é o caso, poderán instar a reconstrución dos autos. Se o procedemento se iniciou por instancia de parte, deberá comezar mediante escrito que conterá os seguintes extremos:»

Cento trinta e catro. O artigo 234 queda redactado como segue:

«Artigo 234. *Citación a comparecencia das partes. Efectos da súa inasistencia.*

1. Acordado polo tribunal mediante providencia ou, se é o caso, polo secretario xudicial mediante dilixencia, o inicio do procedemento de reconstrución das actuacións, o secretario xudicial mandará citar as partes, a unha comparecencia ante si mesmo, que se deberá celebrar dentro do prazo máximo de dez días. A este acto deberán asistir as partes e os seus avogados, sempre que a intervención destes sexa preceptiva no proceso cuxas actuacións se pretenden reconstruír.

2. A inasistencia dalgunha das partes non impedirá a prosecución da comparecencia coas que estean presentes. Cando non compareza ningunha substanciarase o trámite co Ministerio Fiscal.»

Cento trinta e cinco. O artigo 235 queda redactado como segue:

«Artigo 235. *Inicio da comparecencia. Inexistencia de controversia. Proba e decisión.*

1. A comparecencia iniciárase requirindo as partes para que manifesten a súa conformidade ou desconformidade coa exactitude dos escritos e documentos presentados pola parte que instou o procedemento, así como con aqueles que puidesen achegar as demais partes no mesmo acto.

2. O secretario xudicial, oídas as partes e examinados os escritos e documentos presentados, logo de informe do fiscal, determinará os extremos en que houberse acordo entre os litigantes e aqueloutros en que, prescindindo de diferenzas accidentais, mediase desconformidade.

3. Cando non exista ningunha controversia sobre os puntos a que afecte a reconstrución, o secretario xudicial ditará decreto para declarar reconstituídas as actuacións e para fixar a situación procesual da que deba partirse para o ulterior curso do xuízo de que se trate.

4. Cando entre as partes exista desacordo total ou parcial, o secretario xudicial convocará as partes e o Ministerio Fiscal a vista ante o tribunal, que se deberá celebrar nos dez días seguintes e na que se proporá a proba que sexa precisa, que se practicará no mesmo acto, ou se iso non fose posible, no prazo de quince días. O tribunal resolverá mediante auto a forma en que deben quedar reconstituídas as actuacións, ou a imposibilidade da súa reconstituición. Contra ese auto poderá interperse recurso de apelación.»

Cento trinta e seis. O número 2 do artigo 237 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Contra o decreto que declare a caducidade só caberá recurso de revisión.»

Cento trinta e sete. O número 3 do artigo 242 queda redactado como segue:

«3. Unha vez firme a resolución en que se impuxese a condena, os procuradores, avogados, peritos e demais persoas que interviñesen no xuízo e que teñan algún crédito contra as partes que deba ser incluído na taxación de custas poderán presentar ante a oficina xudicial minuta detallada dos seus dereitos ou honorarios e conta detallada e xustificada dos gastos que suplisen.»

Cento trinta e oito. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 243, que quedan redactados como segue:

«1. En todo tipo de procesos e instancias, a taxación de custas practicaraa o secretario do tribunal que coñeceu do proceso ou recurso, respectivamente, ou, se é o caso, o secretario xudicial encargado da execución.»

«2. Non se incluírán na taxación os dereitos correspondentes a escritos e actuacións que sexan inútiles, superfluas ou non autorizadas pola lei, nin as partidas das minutas que non se expresen detalladamente ou que se refiran a honorarios que non se devengasen no preito.

Tampouco serán incluídos na taxación de custas os dereitos dos procuradores devengados por actuacións meramente facultativas, que puidesen ser practicadas noutro caso polas oficinas xudiciais.

O secretario xudicial reducirá o importe dos honorarios dos avogados e demais profesionais que non estean suxeitos a tarifa ou arancel, cando os reclamados excedan o límite a que se refire o número 3 do artigo 394 e non se declare a temeridade do litigante condenado en custas.»

Cento trinta e nove. Modifícase a rúbrica do artigo 244 e engádesse un novo número 3 coa seguinte redacción:

«Artigo 244. *Traslado ás partes. Aprobación.*»

«3. Transcorrido o prazo establecido no punto primeiro sen ter sido impugnada a taxación de custas practicada, o secretario xudicial aprobaraa mediante decreto. Contra esta resolución cabe recurso directo de revisión, e contra o auto que resolve o recurso de revisión non cabe ningún recurso.»

Cento corenta. O número 4 do artigo 245 queda redactado como segue:

«4. No escrito de impugnación deberanse mencionar as contas ou minutas e as partidas concretas a que se refira a discrepancia e as razóns desta. De non efectuarse esa mención, o secretario xudicial, mediante decreto, inadmitirá a impugnación a trámite. Fronte ao dito decreto caberá interpor unicamente recurso de reposición.»

Cento corenta e un. Modifícanse os números 3 e 4 do artigo 246, que quedan redactados como segue:

«3. O secretario xudicial, á vista do actuado e dos ditames emitidos, ditará decreto que manteña a taxación realizada ou, se é o caso, introducirá as modificacións que estime oportunas.

Se a impugnación é totalmente desestimada, imporánselle as custas do incidente ao impugnante. Se é total ou parcialmente estimada, imporánselle ao avogado ou ao perito cuxos honorarios se considerasen excesivos.

Contra o dito decreto cabe recurso de revisión.

Contra o auto que resolve o recurso de revisión non cabe ningún recurso.

4. Cando sexa impugnada a taxación por se ter incluído nela partidas de dereitos ou honorarios indebidas, ou por non se ter incluído naquela gastos debidamente xustificados e reclamados, o secretario xudicial dará traslado á outra parte por tres días para que se pronuncie sobre a inclusión ou exclusión das partidas reclamadas.

O secretario xudicial resolverá nos tres días seguintes mediante decreto. Fronte a esta resolución poderá ser interposto recurso directo de revisión e contra o auto que resolve o recurso de revisión non cabe ningún recurso.»

Cento corenta e dous. Modifícase o número 3 e engádesse un novo número 5 no artigo 247, coa seguinte redacción:

«3. Se os tribunais estiman que algunha das partes actuou conculcando as regras da boa fe procesual, poderán imporlle, en peza separada, mediante acordo motivado, e respectando o principio de proporcionalidade, unha multa que poderá oscilar de cento oitenta a seis mil euros, sen que en ningún caso poida superar a terceira parte da contía do litixio.

Para determinar a contía da multa o tribunal deberá ter en conta as circunstancias do feito de que se trate, así como os prexuízos que ao procedemento ou á outra parte se lle puidesen ter causado.

En todo caso, o secretario xudicial fará constar o feito que motive a actuación correctora, as alegacións do implicado e o acordo que adopte o xuíz ou a sala.»

«5. As sancións impostas ao amparo deste artigo sométense ao réxime de recursos previstos no título V do libro VII da Lei orgánica do poder xudicial.»

Cento corenta e tres. Modifícase o número 2 do artigo 249, que queda redactado como segue:

«2. Decidiranse tamén no xuízo ordinario as demandas cuxa contía exceda os seis mil euros e aquelas cuxo interese económico resulte imposible de calcular, nin sequera de modo relativo.»

Cento corenta e catro. A última regra do número 1 pasa a ser a regra 13.^a O número 2 do artigo 250 queda redactado como segue:

«2. Decidiranse tamén no xuízo verbal as demandas cuxa contía non exceda os seis mil euros e non se refiran a ningunha das materias previstas no número 1 do artigo anterior.»

Cento corenta e cinco. Modifícanse os números 1, 2 e 4 do artigo 254, que quedan redactados como segue:

«1. Ao xuízo daráselle inicialmente a tramitación que indicase o demandante na súa demanda.

Non obstante, se á vista das alegacións da demanda o secretario xudicial advirte que o xuízo elixido polo demandante non corresponde ao valor sinalado ou á materia a que se refire a demanda, acordará por dilixencia de ordenación que se dea ao asunto a tramitación que corresponda. Contra esta dilixencia caberá recurso directo de revisión ante o tribunal, que non producirá efectos suspensivos.

O tribunal non estará vinculado polo tipo de xuízo solicitado na demanda.»

«2. Se, en contra do sinalado polo demandante, o secretario xudicial considera que a demanda é de contía inestimable ou non determinable, nin sequera en forma relativa, e que por tanto non procede seguir as canles do xuízo verbal, deberá, mediante dilixencia, dar de oficio ao asunto a tramitación do xuízo ordinario, sempre que conste a designación de procurador e a sinatura de avogado.»

«4. En ningún caso poderá o tribunal inadmitir a demanda porque entenda inadecuado o procedemento por razón da contía. Pero se a demanda se limita a indicar sen máis a clase de xuízo que corresponde, ou se, tras apreciar de oficio o secretario que a contía fixada é incorrecta, non existen naquela elementos suficientes para calculala correctamente, non se dará curso aos autos ata que o demandante non emende o defecto de que se trate.

O prazo para a emenda será de dez días, pasados os cales o tribunal resolverá o que proceda.»

Cento corenta e seis. O número 3 do artigo 258 queda redactado como segue:

«3. Se a caución ordenada polo tribunal non se presta en tres días, contados desde que se dite o auto en que conceda as dilixencias, procederá o secretario xudicial, mediante decreto ditado para o efecto, ao arquivo definitivo das actuacións.»

Cento corenta e sete. Os números 1 e 2 do artigo 259 quedan redactados como segue:

«1. No auto en que se acceda á solicitude, citaranse e requiriranse os interesados para que, na sede da oficina xudicial ou no lugar e do modo que se consideren oportunos, e dentro dos dez días seguintes, leven a cabo a dilixencia, que fose solicitada e acordada.

2. Para o exame dos documentos e títulos a que se refiren as dilixencias sinaladas no número 1 do artigo 256, o solicitante poderá acudir á sede da oficina xudicial asesorado por un experto na materia, que actuará sempre á custa do solicitante.»

Cento corenta e oito. Modifícase o número 2 do artigo 271, que queda redactado como segue:

«2. Exceptúanse do disposto no punto anterior as sentenzas ou resolucións xudiciais ou de autoridade administrativa, ditadas ou notificadas en data non anterior ao momento de formular as conclusións, sempre que puidesen resultar condicionantes ou decisivas para resolver en primeira instancia ou en calquera recurso.

Estas resolucións poderanse presentar incluso dentro do prazo previsto para ditar sentenza, dándose traslado por dilixencia de ordenación ás demais partes, para que, no prazo común de cinco días, poidan alegar e pedir o que estimen conveniente, con suspensión do prazo para ditar sentenza.

O tribunal resolverá sobre a admisión e alcance do documento na mesma sentenza.»

Cento corenta e nove. O parágrafo segundo do artigo 275 queda redactado como segue:

«Esta omisión faralla notar o secretario xudicial á parte, que a deberá emendar no prazo de cinco días. Cando a omisión non se remedie dentro do dito prazo, o secretario xudicial expedirá as copias dos escritos e documentos á custa da parte que deixase de presentalas, agás que se trate dos escritos de demanda ou contestación, ou dos documentos que deban acompañalos; caso en que se terán aqueles por non presentados ou estes por non presentados, para todos os efectos.»

Cento cincuenta. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 276, que quedan redactados como segue:

«1. Cando as partes estiveren representadas por procurador, cada un destes deberá trasladar con carácter previo aos procuradores das restantes partes as copias dos escritos e documentos que vaia presentar ao tribunal.

2. O procurador efectuará o traslado entregando ao servizo de recepción de notificacións a que alude o número 3 do artigo 28, a copia ou copias dos escritos e documentos, que irán destinadas aos procuradores das restantes partes e litisconsortes. O encargado do servizo recibirá as copias presentadas, que datará e selará, debendo ademais entregar ao presentante un xustificante de que se realizou o traslado. Ese xustificante deberase entregar xunto cos escritos e documentos que se presenten ao tribunal.

Cando se utilicen os medios técnicos a que se refiren os números 5 e 6 do artigo 135 desta lei, o traslado de copias farase de forma simultánea á presentación telemática do escrito e documentos de que se trate e entenderase efectuado na data e hora que conste no xustificante acreditativo da súa presentación. En caso de que o traslado teña lugar en día e hora inhábil para efectos procesuais conforme a lei entenderase efectuado o primeiro día e hora hábil seguinte.»

Cento cincuenta e un. O artigo 277 queda redactado como segue:

«Artigo 277. *Efectos da omisión do traslado mediante procurador.*

Cando sexan de aplicación os dous primeiros puntos do artigo anterior o secretario xudicial non admitirá a presentación de escritos e documentos se non consta que se realizou o traslado das copias correspondentes ás demais partes constituídas.»

Cento cincuenta e dous. O número 1 do artigo 279 queda redactado como segue:

«1. As pretensións das partes deduciranse en vista das copias dos escritos, dos documentos e das resolucións do tribunal ou secretario xudicial, que cada litigante deberá conservar no seu poder.»

Cento cincuenta e tres. O número 2 do artigo 286 queda redactado como segue:

«2. Do escrito de ampliación de feitos o secretario xudicial dará traslado á parte contraria, para que, dentro do quinto día, manfeste se recoñece como certo o feito alegado ou o nega. Neste caso, poderá aducir canto aclare ou desvirtúe o feito que se afirme no escrito de ampliación.»

Cento cincuenta e catro. O número 3 do artigo 289 queda redactado como segue:

«3. Levaranse a cabo ante o secretario xudicial a presentación de documentos orixinais ou copias auténticas, a presentación doutros medios ou instrumentos probatorios, o recoñecemento da autenticidade dun documento privado, a formación de corpos de escritura para o cotexo de letras e a mera ratificación da autoría do ditame pericial, sempre que teñan lugar fóra da vista pública ou o secretario xudicial estea presente no acto. Pero o tribunal deberá examinar por si mesmo a proba documental, os informes e ditames escritos e calquera outro medio ou instrumento que se acheguen.»

Cento cincuenta e cinco. O artigo 290 queda redactado como segue:

«Artigo 290. *Sinalamento para actos de proba que se practiquen separadamente.*

Todas as probas se practicarán en unidade de acto. Excepcionalmente, o tribunal poderá acordar, mediante providencia, que determinadas probas se celebren fóra do acto de xuízo ou vista; nestes casos, o secretario xudicial sinalará, con polo menos cinco días de antelación, o día e a hora en que se deban practicar os actos de proba que non sexa posible levar a cabo no xuízo ou vista. Se, excepcionalmente, a proba non se practica na sede do tribunal, determinarase e notificarase o lugar de que se trate.

Estas probas practicaranse, en todo caso, antes do xuízo ou vista.»

Cento cincuenta e seis. Os números 1 e 2 do artigo 292 quedan redactados como segue:

«1. As testemuñas e os peritos citados terán o deber de comparecer no xuízo ou vista que finalmente se sinalase. A infracción deste deber sancionaraa o tribunal, logo audiencia por cinco días, con multa de cento oitenta a seiscientos euros.

2. No momento de impor a multa a que se refire o punto anterior, o tribunal requirirá, mediante providencia, o multado para que compareza cando o cite de novo o secretario xudicial, baixo apercibimento de proceder contra el por desobediencia á autoridade.»

Cento cincuenta e sete. O número 2 do artigo 294 queda redactado como segue:

«2. Se o tribunal estima fundada a petición, accederá a ela, dispendo, por medio de providencia, que as actuacións se practiquen cando se considere necesario, sempre con anterioridade á celebración do xuízo ou vista; e o secretario xudicial realizará o oportuno sinalamento.»

Cento cincuenta e oito. O parágrafo terceiro do número 1 do artigo 330 queda redactado como segue:

«Cando estean dispostos a exhibilos voluntariamente, non se lles obrigará que os presenten na oficina xudicial, senón que, se así o exixen, irá o secretario xudicial ao seu domicilio para testemuñalos.»

Cento cincuenta e nove. O número 1 do artigo 337 queda redactado como segue:

«1. De non lles ser posible ás partes achegar ditames elaborados por peritos designados por elas, xunto coa demanda ou contestación expresarán nunha ou

outra os ditames de que, se é o caso, pretendan valerse, que deberán achegar, para o seu traslado á parte contraria, en canto dispoñan deles, e en todo caso cinco días antes de iniciarse a audiencia previa ao xuízo ordinario ou da vista non verbal.»

Cento sesenta. O número 2 do artigo 338 queda redactado como segue:

«2. Os ditames cuxa necesidade ou utilidade veña suscitada pola contestación á demanda ou polo alegado e pretendido na audiencia previa ao xuízo serán achegados polas partes, para o seu traslado ás contrarias, con polo menos cinco días de antelación á celebración do xuízo ou da vista, nos xuízos verbais con trámite de contestación escrita, manifestando as partes ao tribunal se consideran necesario que concorran aos ditos xuízo ou vista os peritos autores dos ditames, con expresión do que se sinala no número 2 do artigo 337.

O tribunal poderá acordar tamén neste caso a presenza dos peritos no xuízo ou vista nos termos sinalados no número 2 do artigo anterior.»

Cento sesenta e un. Os números 1 e 2 do artigo 339 quedan redactados como segue:

«1. Se calquera das partes fose titular do dereito de asistencia xurídica gratuíta, non terá que presentar coa demanda ou a contestación o ditame pericial, senón simplemente anunciálo, para os efectos de que se proceda á designación xudicial de perito, conforme o que se establece na Lei de asistencia xurídica gratuíta.

De se tratar de xuízos verbais sen trámite de contestación escrita, o demandado beneficiario de xustiza gratuíta deberá solicitar a designación xudicial de perito polo menos con dez días de antelación ao que se sinalase para a celebración do acto da vista, co fin de que o perito designado poida emitir o seu informe con anterioridade ao dito acto.

2. O demandante ou o demandado, aínda que non se achen no caso do punto anterior, tamén poderán solicitar nos seus respectivos escritos iniciais ou o demandado coa antelación prevista no parágrafo segundo do punto anterior deste artigo, que se proceda á designación xudicial de perito, se entenden conveniente ou necesario para os seus intereses a emisión de informe pericial. En tal caso, o tribunal procederá á designación, sempre que considere pertinente e útil o ditame pericial solicitado. Este ditame será á custa de quen o pedise, sen prexuízo do que poida acordarse en materia de custas.

Agás que se refira a alegacións ou pretensións non contidas na demanda, non se poderá solicitar, con posterioridade á demanda ou á contestación ou unha vez transcorrido o prazo sinalado nos números 1 e 2 deste artigo para a proba pericial dos xuízos verbais sen contestación escrita, informe pericial elaborado por perito designado xudicialmente.

A designación xudicial de perito deberá realizarse no prazo de cinco días desde a presentación da contestación á demanda, con independencia de quen solicitase esa designación, ou no prazo de dous días contados desde a presentación da solicitude nos supostos recollidos no parágrafo segundo do número 1 e no número 2 deste precepto. Cando ambas as partes a pedisen inicialmente, o tribunal poderá designar, se aquelas se mostran conformes, un único perito que emita o informe solicitado. En tal caso, o aboamento dos honorarios do perito corresponderalles realizalo a ambos os litigantes por partes iguais, sen prexuízo do que poida acordarse en materia de custas.»

Cento sesenta e dous. O artigo 342 queda redactado como segue:

«Artigo 342. *Chamamento ao perito designado, aceptación e nomeamento. Provisión de fondos.*

1. No mesmo día ou no seguinte día hábil ao da designación, o secretario xudicial comunicará esta ao perito titular, requiríndoo para que no prazo de dous

días manfeste se acepta o cargo. En caso afirmativo, efectuarase o nomeamento e o perito fará, na forma en que se dispoña, a manifestación baixo xuramento ou promesa que ordena o número 2 do artigo 335.

2. De o perito designado aducir xusta causa que lle impida a aceptación, e o secretario xudicial a considera suficiente, será substituído polo seguinte da lista, e así sucesivamente, ata que se poida efectuar o nomeamento.

3. O perito designado poderá solicitar, nos tres días seguintes ao seu nomeamento, a provisión de fondos que considere necesaria, que será á conta da liquidación final. O secretario xudicial, mediante decreto, decidirá sobre a provisión solicitada e ordenará á parte ou partes que propuxesen a proba pericial e non tivesen dereito á asistencia xurídica gratuíta, que procedan a aboar a cantidade fixada na conta de depósitos e consignacións do tribunal, no prazo de cinco días.

Transcorrido o dito prazo, se non se depositou a cantidade establecida, o perito quedará eximido de emitir o ditame, sen que poida procederse a unha nova designación.

Cando o perito designado o fose de común acordo, e un dos litigantes non realizase a parte da consignación que lle correspondese, o secretario xudicial ofrecerá ao outro litigante a posibilidade de completar a cantidade que faltase, indicando en tal caso os puntos sobre os que deba pronunciarse o ditame, ou de recuperar a cantidade depositada, caso en que se aplicará o disposto no parágrafo anterior.»

Cento sesenta e tres. O artigo 346 queda redactado como segue:

«Artigo 346. *Emisión e ratificación do ditame polo perito que o tribunal designe.*

O perito que o tribunal designe emitirá por escrito o seu ditame, que fará chegar ao tribunal no prazo que se lle sinala. Deste ditame daralles traslado o secretario xudicial ás partes por se consideran necesario que o perito concorra ao xuízo ou á vista para os efectos de que achegue as aclaracións ou explicacións que sexan oportunas. O tribunal poderá acordar, en todo caso, mediante providencia, que considera necesaria a presenza do perito no xuízo ou na vista para comprender e valorar mellor o ditame realizado.»

Cento sesenta e catro. O número 3 do artigo 353 queda redactado como segue:

«3. Acordada polo tribunal a práctica do recoñecemento xudicial, o secretario sinalará con cinco días de antelación, polo menos, o día e hora en que teña que practicarse este.»

Cento sesenta e cinco. O parágrafo primeiro do artigo 359 queda redactado como segue:

«Utilizaranse medios de gravación de imaxe e son ou outros instrumentos semellantes para deixar constancia do que sexa obxecto de recoñecemento xudicial e das manifestacións dos que interveñan nel, pero non se omitirá a confección da acta e consignarase nela canto sexa necesario para a identificación das gravacións, reproducións ou exames levados a cabo, que os deberá conservar o secretario xudicial de modo que non sufran alteracións.»

Cento sesenta e seis. O número 1 do artigo 368 queda redactado como segue:

«1. As preguntas que se lle realicen á testemuña deberán formularse oralmente e coa debida claridade e precisión. Non deberán incluír valoracións nin cualificacións, e se estas se incorporaran, teranse por non realizadas.»

Cento sesenta e sete. O artigo 375 queda redactado como segue:

«Artigo 375. *Indemnizacións ás testemuñas.*

1. As testemuñas que atendendo á citación realizada comparezan ante o tribunal terán dereito a obter da parte que as propuxo unha indemnización polos gastos e prexuízos que a súa comparecencia lles orixinase, sen prexuízo do que poida acordarse en materia de custas. Se varias partes propoñen unha mesma testemuña, o importe da indemnización ratearase entre elas.

2. O importe da indemnización fixarao o secretario xudicial mediante decreto, que terá en conta os datos e circunstancias que se achegasen. Este decreto ditarase unha vez finalizado o xuízo ou a vista.

Se a parte ou partes que teñan que indemnizar non o fixesen no prazo de dez días desde a firmeza da resolución mencionada no parágrafo anterior, a testemuña poderá acudir directamente ao procedemento de constrinximento.»

Cento sesenta e oito. O parágrafo terceiro do número 2 do artigo 381 queda redactado como segue:

«Recibidas as respostas escritas, o secretario xudicial dará traslado delas ás partes, para os efectos previstos no punto seguinte.»

Cento sesenta e nove. O número 2 do artigo 383 queda redactado como segue:

«2. O material que conteña a palabra, a imaxe ou o son reproducidos deberá ser conservado polo secretario xudicial, con referencia aos autos do xuízo, de modo que non sufra alteracións.»

Cento setenta. O número 3 do artigo 393 queda redactado como segue:

«3. O secretario xudicial dará traslado do escrito en que se formule a cuestión ás demais partes, que poderán contestar o que estimen oportuno no prazo de cinco días e, transcorrido este prazo, o secretario, sinalando día e hora, citará as partes a unha comparecencia ante o tribunal, que se celebrará conforme o disposto para as vistas dos xuízos verbais.»

Cento setenta e un. O artigo 404 queda redactado como segue:

«Artigo 404. *Admisión da demanda, emprazamento ao demandado e prazo para a contestación.*

1. O secretario xudicial, examinada a demanda, ditará decreto admitíndoa e dará traslado dela ao demandado para que a conteste no prazo de vinte días.

2. O secretario xudicial, non obstante, dará conta ao tribunal para que resolva sobre a admisión nos seguintes casos:

- 1) Cando estime falta de xurisdición ou competencia do tribunal ou
- 2) Cando a demanda padecese defectos formais e non os emendase o demandante no prazo concedido para iso polo secretario xudicial.

3. Nos procesos en que sexan de aplicación os artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea ou os artigos 1 e 2 da Lei de defensa da competencia, o secretario xudicial dará traslado á Comisión Nacional da Competencia da resolución admitindo a demanda no prazo previsto no parágrafo primeiro.»

Cento setenta e dous. Engádese un novo número 4 ao artigo 405 coa seguinte redacción:

«4. En canto á emenda dos posibles defectos do escrito de contestación á demanda, será de aplicación o disposto no subnúmero 2 do número 2 do artigo anterior.»

Cento setenta e tres. O número 2 do artigo 408 queda redactado como segue:

«2. De o demandado aducir na súa defensa feitos determinantes da nulidade absoluta do negocio en que se funda a pretensión ou pretensións do demandante e na demanda se dese por suposta a validez do negocio, o demandante poderá pedir ao secretario xudicial contestar á referida alegación de nulidade no mesmo prazo establecido para a contestación á reconvenção, e así o disporá o secretario xudicial mediante decreto.»

Cento setenta e catro. O número 1 do artigo 414 queda redactado como segue:

«1. Unha vez contestada a demanda e, se é o caso, a reconvenção, ou transcorridos os prazos correspondentes, o secretario xudicial, dentro do terceiro día, convocará as partes a unha audiencia, que se deberá celebrar no prazo de vinte días desde a convocatoria.

Esta audiencia levarase a cabo, conforme o establecido nos artigos seguintes, para intentar un acordo ou transacción das partes que poña fin ao proceso, examinar as cuestións procesuais que puidesen obstar á prosecución deste e á súa terminación mediante sentenza sobre o seu obxecto, fixar con precisión este obxecto e os extremos, de feito ou de dereito, sobre os que exista controversia entre as partes e, se é o caso, propor e admitir a proba.»

Cento setenta e cinco. O número 4 do artigo 420 queda redactado como segue:

«4. Transcorrido o prazo outorgado ao demandante para constituír o litisconsorcio sen ter achegado copias da demanda e documentos anexos, dirixidas a novos demandados, porase fin ao proceso por medio de auto e procederase ao arquivo definitivo das actuacións.»

Cento setenta e seis. O parágrafo segundo do número 2 do artigo 422 queda redactado como segue:

«Se correspondese seguir os trámites do xuízo verbal, o xuíz porá fin á audiencia, procedéndose a sinalar data para a vista do dito xuízo, agás que a demanda aparecese interposta fóra do prazo de caducidade que, por razón da materia, establece a lei. Neste caso, o xuíz declarará sobresido o proceso.

Sempre que o sinalamento poida facerse no mesmo acto, farao o xuíz, tendo en conta as necesidades da axenda programada de sinalamentos e as demais circunstancias contidas no artigo 182.4.

Nos restantes casos fixará a data o secretario xudicial, conforme o previsto no artigo 182.»

Cento setenta e sete. O número 3 do artigo 423 queda redactado como segue:

«3. Se o procedemento adecuado fose o do xuízo verbal, ao declaralo así disporase que o secretario xudicial cite as partes para a vista, agás que a demanda aparecese interposta fóra do prazo de caducidade que, por razón da materia, establece a lei. Neste caso, declararase sobresido o proceso.

Tamén disporá o tribunal o sobreseimento se, ao iniciarse a vista, non aparecesen cumpridos os requisitos especiais que as leis exixan, por razón da materia, para a admisión da demanda.»

Cento setenta e oito. Os números 2, 3 e 7 do artigo 429 quedan redactados como segue:

«2. Unha vez admitidas as probas pertinentes e útiles procederase a sinalar a data do xuízo, que deberá celebrarse no prazo dun mes desde a conclusión da audiencia.

Sempre que o sinalamento poida facerse no mesmo acto, farao o xuíz, tendo en conta as necesidades da axenda programada de sinalamentos e as demais circunstancias contidas no artigo 182.4.

Nos restantes casos fixará a data o secretario xudicial, conforme o previsto no artigo 182.»

«3. Por solicitude de parte, cando toda a proba ou gran parte dela teña que realizarse fóra do lugar en que teña a súa sede o tribunal que coñeza do preito, o tribunal poderá acordar que o xuízo o sinale o secretario xudicial para a súa celebración dentro do prazo de dous meses.»

«7. Cando, de maneira excepcional e motivada, e por razón das probas admitidas, fose de prever que o xuízo non poderá finalizar nunha soa sesión dentro do día sinalado, a citación expresarao así, indicando se a sesión ou sesións ulteriores se levarán a cabo no día ou días inmediatamente sucesivos ou noutros, que sinalará o secretario xudicial, con expresión, en todo caso, da hora en que as sesións do xuízo teñan que dar comezo.»

Cento setenta e nove. O número 1 do artigo 436 queda redactado como segue:

«1. As dilixencias que se acorden segundo o disposto nos artigos anteriores levaranse a cabo, dentro do prazo de vinte días e na data que sinale para tal efecto, de resultar necesario, o secretario xudicial, na forma establecida nesta lei para as probas da súa clase. Unha vez practicadas, as partes poderán, dentro do quinto día, presentar escrito en que resuman e valoren o resultado.»

Cento oitenta. Modifícase o número 1 do artigo 440, que queda coa seguinte redacción:

«1. O secretario xudicial, examinada a demanda, admitiraa ou dará conta dela ao tribunal para que resolva o que proceda conforme o previsto no artigo 404. Admitida a demanda, o secretario xudicial citará as partes para a celebración de vista no día e hora que para tal efecto sinale, debendo mediar dez días, polo menos, desde o seguinte á citación e sen que poidan exceder os vinte.

Na citación farase constar que a vista non se suspenderá por inasistencia do demandado e advertiráselles aos litigantes que deben concorrer cos medios de proba de que intenten valerse, coa prevención de que se non asisten e se propón e admite a súa declaración, poderán considerarse admitidos os feitos do interrogatorio conforme o disposto no artigo 304. Así mesmo, demandante e demandado serán previstos do disposto, no artigo 442, para o caso de non compareceren á vista.

A citación indícaralles tamén ás partes que, no prazo dos tres días seguintes á recepción da citación, deben indicar as persoas que, por non podelas presentar elas mesmas, deben ser citadas polo secretario xudicial á vista para que declaren en calidade de partes ou de testemuñas. Para tal fin, facilitarán todos os datos e circunstancias precisos para levar a cabo a citación. No mesmo prazo de tres días poderán as partes pedir respostas escritas a cargo de persoas xurídicas ou entidades públicas, polos trámites establecidos no artigo 381 desta lei.»

Cento oitenta e un. Modifícanse os números 1, 3 e 4 do artigo 441, que quedan redactados como segue:

«1. Interposta a demanda no caso do punto 3.º do número 1 do artigo 250, o secretario xudicial chamará as testemuñas propostas polo demandante e, segundo as súas declaracións, o tribunal ditará auto no que denegará ou outorgará, sen prexuízo de mellor dereito, a posesión solicitada, levando a cabo as actuacións que repute conducentes para tal efecto. O auto será publicado por edictos, que se inserirán nun lugar visible da sede do tribunal no boletín oficial da provincia e nun

dos xornais de maior circulación nela, por conta do demandante, instando os interesados a compareceren e reclamaren, no prazo de corenta días, se consideran ter mellor dereito que o demandante.

Se ninguén comparece, confirmarase o demandante na posesión; pero en caso de que se presenten reclamantes, logo do traslado dos seus escritos ao demandante, o secretario xudicial citarao, con todos os comparecentes, á vista, substanciándose en diante as actuacións do modo que se dispón nos artigos seguintes.»

«3. Nos casos do número 7 do número 1 do artigo 250, tan pronto se admita a demanda, o tribunal adoptará as medidas solicitadas que, segundo as circunstancias, fosen necesarias para asegurar, en todo caso, o cumprimento da sentenza que recaía.»

«4. No caso do punto 10.º do número 1 do artigo 250, admitida a demanda, o tribunal ordenará a exhibición dos bens ao seu posuidor, baixo apercebimento de incorrer en desobediencia á autoridade xudicial, e o seu inmediato embargo preventivo, que se asegurará mediante depósito, conforme o previsto nesta lei. Cando, ao abeiro do disposto no punto 11.º do número 1 do artigo 250, se exerzan accións baseadas no incumprimento dun contrato de arrendamento financeiro ou contrato de venda a prazos con reserva de dominio, admitida a demanda o tribunal ordenará o depósito do ben cuxa entrega se reclame. Non se exixirá caución ao demandante para a adopción destas medidas cautelares, nin se admitirá oposición do demandado a elas. Tampouco se admitirán solicitudes de modificación ou de substitución das medidas por caución.

Ademais do disposto no parágrafo anterior, o secretario xudicial emprazará o demandado por cinco días para que compareza nas actuacións, por medio de procurador, co obxecto de anunciar a súa oposición á demanda por algunha das causas previstas no número 3 do artigo 444. Se o demandado deixa transcorrer o prazo sen anunciar a súa oposición, ou se pretende fundar esta en causa non comprendida no número 3 do artigo 444, ditarase, sen máis trámites, sentenza estimatoria das pretensións do demandante.

Cando o demandado anuncie a súa oposición á reclamación conforme o previsto no parágrafo anterior, o secretario xudicial citará as partes para a vista e, se o demandado non asiste a ela sen concorrer xusta causa ou asiste, pero non formula oposición ou pretende fundar esta en causa non comprendida no número 3 do artigo 444, ditarase, sen máis trámites, sentenza estimatoria das pretensións do demandante. Nestes casos o demandado, ademais, será sancionado con multa de ata a quinta parte do valor da reclamación, cun mínimo de cento oitenta euros.

Contra a sentenza que se dite nos casos de ausencia de oposición a que se refiren os dous parágrafos anteriores non se dará ningún recurso.»

Cento oitenta e dous. O número 1 do artigo 448 queda redactado como segue:

«1. Contra as resolucións dos tribunais e secretarios xudiciais que as afecten desfavorablemente, as partes poderán interpor os recursos previstos na lei.»

Cento oitenta e tres. O número 6 do artigo 449 modifícase nos seguintes termos:

«6. Nos casos dos puntos anteriores, antes de que se rexeiten ou declaren desertos os recursos, o secretario xudicial observará o disposto no artigo 231 desta lei cando o recorrente manifestase a súa vontade de aboar, consignar, depositar ou avalar as cantidades correspondentes, pero non acreditase documentalmente o cumprimento de tales requisitos.»

Cento oitenta e catro. Modifícase a rúbrica do capítulo II do título IV do libro II, que queda redactada como segue:

«CAPÍTULO II

Dos recursos de reposición e revisión»

Cento oitenta e cinco. O artigo 451 queda redactado como segue:

«Artigo 451. *Resolucións susceptibles de recurso en reposición. Inexistencia de efectos suspensivos.*

1. Contra as dilixencias de ordenación e decretos non definitivos caberá recurso de reposición ante o secretario xudicial que ditou a resolución obxecto de recurso, excepto nos casos en que a lei prevexa recurso directo de revisión.
2. Contra todas as providencias e autos non definitivos caberá recurso de reposición ante o mesmo tribunal que ditou a resolución obxecto de recurso.
3. A interposición do recurso de reposición non terá efectos suspensivos respecto da resolución obxecto de recurso.»

Cento oitenta e seis. O artigo 452 queda redactado como segue:

«Artigo 452. *Prazo, forma e inadmisión do recurso de reposición.*

1. O recurso de reposición deberá interporse no prazo de cinco días, expresándose a infracción en que a resolución incorreu a xuízo do recurrente.
2. De non se cumpriren os requisitos establecidos no punto anterior, non se admitirá, mediante providencia non susceptible de recurso, a reposición interposta fronte a providencias e autos non definitivos, e mediante decreto directamente recorrible en revisión a formulada contra dilixencias de ordenación e decretos non definitivos.»

Cento oitenta e sete. O artigo 453 queda redactado como segue:

«Artigo 453. *Da audiencia ás partes obxecto de recurso e da resolución.*

1. Admitido a trámite o recurso de reposición polo secretario xudicial, concederáselles ás demais partes constituídas un prazo común de cinco días para impugnalas, se o estiman conveniente.
2. Transcorrido o prazo de impugnación, presentánselle ou non escritos, o tribunal se se trata de reposición interposta fronte a providencias ou autos, ou o secretario xudicial se fose formulada fronte a dilixencias de ordenación ou decretos, resolverán sen máis trámites, mediante auto ou decreto, respectivamente, nun prazo de cinco días.»

Cento oitenta e oito. Modifícase a rúbrica do artigo 454, que queda redactada como segue:

«Artigo 454. *Imposibilidade de recurso contra o auto que resolve a reposición contra resolucións xudiciais.»*

Cento oitenta e nove. Engádesse un novo artigo 454 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 454 bis. *Recurso de revisión.*

1. Contra o decreto resolutivo da reposición non se dará ningún recurso, sen prexuízo de reproducir a cuestión ao recorrer, se fose procedente, contra a resolución definitiva. Esta reprodución efectuarase, necesariamente, na primeira audiencia ante o tribunal tras a toma da decisión e, se non fose posible polo estado dos autos, poderase solicitar antes de que se dite a resolución definitiva para que se solucione nela.

Caberá recurso directo de revisión contra os decretos polos que se poña fin ao procedemento ou impidan a súa continuación. Este recurso carecerá de efectos

suspensivos sen que, en ningún caso, proceda actuar en sentido contrario ao que se resolvese.

Caberá interpor igualmente recurso directo de revisión contra os decretos naqueles casos en que expresamente se prevexa.

2. O recurso de revisión deberá interporse no prazo de cinco días mediante escrito en que deberá citarse a infracción en que a resolución incorreu. Cumpridos os anteriores requisitos, o secretario xudicial, mediante dilixencia de ordenación, admitirá o recurso concedendo ás demais partes constituídas un prazo común de cinco días para impugnalas, se o estiman conveniente.

De non se cumpriren os requisitos de admisibilidade do recurso, o tribunal non o admitirá mediante providencia.

Transcorrido o prazo para impugnación, presentácese ou non escritos, o tribunal resolverá sen máis trámites, mediante auto, nun prazo de cinco días.

Contra as resolucións sobre admisión ou inadmisión non caberá ningún recurso.

3. Contra o auto ditado que resolve o recurso de revisión só caberá recurso de apelación cando poña fin ao procedemento ou impida a súa continuación.»

Cento noventa. Modifícanse os números 3, 4 e 5 do artigo 457, que quedan redactados como segue:

«3. Se a resolución impugnada é apelable e o recurso se preparase dentro de prazo, o secretario xudicial terá por preparado o recurso e emprazará a parte recorrente por vinte días para que o interpoña, conforme o disposto nos artigos 458 e seguintes.

4. Se o secretario xudicial entende que non se cumpren os requisitos a que se refire o punto anterior respecto da preparación do recurso, porao en coñecemento do tribunal para que se pronuncie sobre a preparación do recurso.

Se o tribunal entende que se cumpren os requisitos do número 3 ditará providencia téndoo por preparado; en caso contrario, ditará auto denegándoo. Contra este auto só poderá interporse o recurso de queixa.

5. Contra a dilixencia de ordenación ou providencia polas que se teña por preparada a apelación non caberá ningún recurso, pero a parte contra a que se recorre poderá alegar a inadmisibilidade da apelación no trámite de oposición ao recurso a que se refire o artigo 461 desta lei.»

Cento noventa e un. O número 2 do artigo 458 queda redactado como segue:

«2. Se o apelante non presenta o escrito de interposición dentro de prazo, o secretario xudicial declarará deserto o recurso de apelación e quedará firme a resolución contra a que se recorreu.

A resolución que declare deserta a apelación imporá ao apelante as custas causadas, se as houber.»

Cento noventa e dous. Os números 1 e 4 do artigo 461 quedan redactados como segue:

«1. Do escrito de interposición do recurso de apelación, o secretario xudicial dará traslado ás demais partes, emprazándoas por dez días para que presenten, ante o tribunal que ditou a resolución contra a que se apela, escrito de oposición ao recurso ou, se é o caso, de impugnación da resolución contra a que se apela en que lle resulte desfavorable.»

«4. Dos escritos de impugnación a que se refiren os números 1 e 2 deste artigo, o secretario xudicial dará traslado ao apelante principal, para que no prazo de dez días manifeste o que teña por conveniente sobre a admisibilidade da impugnación e, se é o caso, sobre os documentos achegados e probas propostas polo apelado.»

Cento noventa e tres. O artigo 463 queda redactado como segue:

«1. Interpostos os recursos de apelación e presentados, se é o caso, os escritos de oposición ou impugnación, o secretario xudicial ordenará a remisión dos autos ao tribunal competente para resolver a apelación, con emprazamento das partes por termo de trinta días.

Se o apelante non comparece dentro de prazo sinalado, o secretario xudicial declarará deserto o recurso de apelación e quedará firme a resolución obxecto de recurso.

2. De se ter solicitado a execución provisional, quedará no de primeira instancia testemuño do necesario para esa execución.

Cando se solicite despois de se teren remitido os autos ao tribunal competente para resolver a apelación, o solicitante deberá obter previamente deste testemuño do que sexa necesario para a execución.»

Cento noventa e catro. O artigo 464 queda redactado como segue:

«Artigo 464. *Admisión de probas e sinalamento de vista.*

1. Recibidos os autos polo tribunal que teña que resolver sobre a apelación, se se achegaron novos documentos ou se propuxo proba, acordará o que proceda sobre a súa admisión no prazo de dez días. Se houberse que practicar proba, o secretario xudicial sinalará o día para a vista, que se celebrará, dentro do mes seguinte, conforme o previsto para o xuízo verbal.

2. Se non se propuxese proba ou se toda a proposta non fose admitida, poderá acordarse tamén, mediante providencia, a celebración de vista sempre que así o solicitase algunha das partes ou o tribunal o considere necesario. En caso de acordarse a súa celebración, o secretario xudicial sinalará día e hora para o dito acto.»

Cento noventa e cinco. O artigo 465 queda redactado como segue:

«Artigo 465. *Resolución da apelación.*

1. O tribunal resolverá sobre o recurso de apelación mediante auto cando este fose interposto contra un auto e mediante sentenza en caso contrario.

2. A resolución deberá ser ditada dentro dos dez días seguintes á terminación da vista. Se non se celebrou vista, o auto ou a sentenza deberanse ditar no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que se recibisen os autos no tribunal competente para a apelación.

3. Se a infracción procesual alegada se cometeu ao ditar sentenza na primeira instancia, o tribunal de apelación, tras revogar a sentenza obxecto de apelación, resolverá sobre a cuestión ou cuestións que fosen obxecto do proceso.

4. Cando non sexa de aplicación o disposto no punto anterior deste artigo e a infracción procesual sexa das que orixinan a nulidade radical das actuacións ou de parte delas, o tribunal declarará así mediante providencia, repóndoas ao estado en que se achasen cando a infracción se cometeu.

Non se declarará a nulidade de actuacións se o vicio ou defecto procesual pode ser emendado na segunda instancia, para o que o tribunal concederá un prazo non superior a dez días, agás que o vicio se poña de manifesto na vista e sexa emendable no acto.

Producida a emenda e, se é o caso, oídas as partes e practicada a proba admisible, o tribunal de apelación ditará resolución sobre a cuestión ou cuestións obxecto do preito.

5. O auto ou sentenza que se dite en apelación deberá pronunciarse exclusivamente sobre os puntos e cuestións formulados no recurso e, se é o caso, nos escritos de oposición ou impugnación a que se refire o artigo 461. A resolución

non poderá prexudicar o apelante, agás que o prexuízo proveña de estimar a impugnación da resolución de que se trate, formulada polo inicialmente apelado.

6. Poderase suspender o prazo para ditar sentenza nos procedementos sobre a aplicación dos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea ou dos artigos 1 e 2 da Lei de defensa da competencia cando o tribunal teña coñecemento da existencia dun expediente administrativo ante a Comisión Europea, a Comisión Nacional da Competencia ou os órganos competentes das comunidades autónomas e resulte necesario coñecer o pronunciamento do órgano administrativo. Esta suspensión adoptarase motivadamente, logo de audiencia das partes, e notificarase ao órgano administrativo. Este, pola súa vez, deberá dar traslado da súa resolución ao tribunal.

Contra o auto de suspensión do proceso só se dará recurso de reposición.»

Cento noventa e seis. Os números 2, 3 e 4 do artigo 470 quedan redactados como segue:

«2. Presentado o escrito de preparación do recurso e transcorridos os prazos de que dispoñan todas as partes para preparar o recurso extraordinario por infracción procesual, o secretario xudicial terao por preparado sempre que a resolución sexa recorrible, se alegue algún dos motivos previstos no artigo 469 e, se é o caso, se procedese conforme o disposto no número 2 do dito artigo.

3. Se o secretario xudicial entende que non se cumpren os requisitos a que se refire o punto anterior, porao en coñecemento do tribunal para que se pronuncie sobre a preparación do recurso.

Se o tribunal entende que se cumpren os requisitos do número 2 ditará providencia téndoo por preparado; en caso contrario, ditará auto denegándoo. Contra este auto unicamente poderá interporse recurso de queixa.

4. Contra a dilixencia de ordenación ou providencia en que se teña por preparado o recurso extraordinario por infracción procesual, a parte impugnada non poderá interpor ningún recurso, pero poderá oporse á admisión do recurso extraordinario por infracción procesual ao comparecer ante o tribunal superior de xustiza.»

Cento noventa e sete. O parágrafo terceiro do artigo 471 queda redactado como segue:

«Finalizado o prazo para interpor o recurso sen ter presentado o escrito de interposición, o secretario xudicial declararao deserto e condenará o recorrente nas custas causadas, se as houber.»

Cento noventa e oito. Engádesse un segundo parágrafo ao artigo 472 co seguinte contido:

«Se o recorrente non comparece dentro do prazo sinalado, o secretario xudicial declarará deserto o recurso e quedará firme a resolución obxecto de recurso.»

Cento noventa e nove. O artigo 480 queda redactado como segue:

«1. Se o recurso ou recursos de casación que se prepararon cumpren os requisitos establecidos no artigo anterior, o secretario xudicial teraos por preparados. Se os requisitos non se cumpren, porao en coñecemento do tribunal para que se pronuncie sobre a preparación do recurso.

Se o tribunal entende que se cumpren os requisitos ditará providencia téndoo por preparado; en caso contrario, ditará auto rexeitándoo. Contra este auto unicamente poderá interporse recurso de queixa.

2. Contra a dilixencia de ordenación ou providencia en que se teña por preparado o recurso de casación, a parte obxecto de recurso non poderá interpor

ningún recurso, pero poderá oporse á admisión do recurso ao comparecer ante o tribunal de casación.»

Douscentos. O número 4 do artigo 481 queda redactado como segue:

«4. Finalizado o prazo para interpor o recurso de casación sen ter presentado o escrito de interposición, o secretario xudicial declarará deserto o recurso e imporalle ao recorrente as custas causadas, se as houber.»

Douscentos un. O artigo 482 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 482. *Remisión dos autos. Negativa a expedir certificacións.*

1. Presentado o escrito de interposición, dentro dos cinco días seguintes o secretario xudicial remitirá todos os autos orixinais ao tribunal competente para coñecer do recurso de casación, con emprazamento das partes por termo de trinta días.

Se o recorrente non comparece dentro do prazo sinalado, o secretario xudicial declarará deserto o recurso e quedará firme a resolución obxecto de recurso.»

«2. Se o recorrente non puido obter a certificación de sentenza a que se refire o artigo 481, efectuarase, non obstante, a remisión dos autos disposta no punto anterior. A negativa ou resistencia a expedir a certificación será corrixida disciplinariamente e, se for necesario, a sala de casación reclamaraas do secretario xudicial que deba expedilas.»

Douscentos dous. O artigo 485 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 485. *Admisión e traslado ás outras partes.*

Admitido o recurso de casación, o secretario xudicial dará traslado do escrito de interposición, cos seus documentos adxuntos, á parte ou partes obxecto de recurso, para que formalicen a súa oposición por escrito no prazo de vinte días e manifesten se consideran necesaria a celebración de vista.

No escrito de oposición tamén se poderán alegar as causas de inadmisibilidade do recurso que se consideren existentes e que non fosen xa rexeitadas polo tribunal.»

Douscentos tres. O artigo 486 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 486. *Votación e resolución. Vista eventual.*

1. Transcorrido o prazo a que se refire o artigo anterior, presentánsese ou non os escritos de oposición, se todas as partes solicitaron a celebración de vista o secretario xudicial sinalará día e hora para a súa celebración. De igual modo se procederá cando o tribunal resolvese, mediante providencia, por consideralo conveniente para a mellor impartición de xustiza, a celebración do dito acto. En caso contrario, a sala sinalará día e hora para a votación e resolución do recurso de casación.

2. A vista comezara co informe da parte recorrente, para despois proceder ao da parte obxecto de recurso. De seren varias as partes recorrentes, observarase a orde de interposición dos recursos, e sendo varias as partes obxecto de recurso, á orde das comparecencias.»

Douscentos catro. O número 3 do artigo 492 queda redactado como segue:

«3. Do escrito ou escritos de interposición, cos seus documentos anexos, o secretario xudicial daralles traslado a aqueles que comparecesen como partes nos procesos en que recaesen as sentenzas obxecto do recurso, para que, no prazo de

vinte días, poidan formular alegacións expresando os criterios xurídicos que consideren máis fundados.»

Douscentos cinco. O número 1 do artigo 496 queda redactado como segue:

«1. O secretario xudicial declarará en rebeldía o demandado que non compareza en forma na data ou no prazo sinalado na citación ou emprazamento, excepto nos supostos previstos nesta lei en que a declaración de rebeldía corresponda ao tribunal.»

Douscentos seis. Modifícase o número 2 e introdúcense os números 3 e 4 no artigo 497 co seguinte contido:

«2. A sentenza ou resolución que poña fin ao proceso notificaráselle ao demandado persoalmente, na forma prevista no artigo 161 desta lei. Pero se o demandado se achar en paradiro descoñecido, a notificación farase publicando un extracto desta por medio de edicto, que se publicará no boletín oficial da comunidade autónoma ou no «Boletín Oficial del Estado».

O mesmo será de aplicación para as sentenzas ditadas en apelación, en recurso extraordinario por infracción procesual ou en casación.

3. Non será necesaria a publicación de edictos no boletín oficial da comunidade autónoma ou no «Boletín Oficial del Estado» naqueles procedementos en que a sentenza non teña efecto de cousa xulgada. Nestes casos bastará a publicidade do edicto no taboleiro de anuncios da oficina xudicial.

4. Esta publicación poderá ser substituída, nos termos que regulamentariamente se determinen, pola utilización de medios telemáticos, informáticos ou electrónicos, conforme o previsto no artigo 236 da Lei orgánica do poder xudicial.»

Douscentos sete. O parágrafo segundo do artigo 500 queda redactado nos seguintes termos:

«Os mesmos recursos poderá utilizar o demandado rebelde a quen non fose notificada persoalmente a sentenza, pero neste caso, o prazo para interpoles contarase desde o día seguinte ao da publicación do edicto de notificación da sentenza no «Boletín Oficial del Estado», boletín oficial da comunidade autónoma ou boletín oficial da provincia ou, se é o caso, polos medios telemáticos, informáticos ou electrónicos a que se refire o número 2 do artigo 497 desta lei ou do modo establecido no número 3 do mesmo artigo.»

Douscentos oito. O número 2 do artigo 513 queda redactado como segue:

«2. A falta ou insuficiencia do depósito mencionado, cando non se emende dentro do prazo que o secretario xudicial sinala para o efecto, que non será en ningún caso superior a cinco días, determinará que o tribunal repela de plano a demanda.»

Douscentos nove. O número 1 do artigo 514 queda redactado como segue:

«1. Presentada e admitida a demanda de revisión, o secretario xudicial solicitará que se remitan ao tribunal todas as actuacións do preito cuxa sentenza se impugne, e emprazará a cantos nel litigaron, ou os seus habentes causa, para que dentro do prazo de vinte días contesten a demanda, sostendo o que conveña ao seu dereito.»

Douscentos dez. O artigo 518 queda redactado como segue:

«Artigo 518. *Caducidade da acción executiva fundada en sentenza xudicial ou resolución arbitral.*

A acción executiva fundada en sentenza, en resolución do tribunal ou do secretario xudicial que aprobe unha transacción xudicial ou un acordo alcanzado no

proceso ou en resolución arbitral, caducará se non se interpón a correspondente demanda executiva dentro dos cinco anos seguintes á firmeza da sentenza ou resolución.»

Douscentos once. Os números 1 e 5 do artigo 524 quedan redactados como segue:

«1. A execución provisional solicitarase por demanda ou simple solicitude, segundo o disposto no artigo 549 desta lei.»

«5. A execución provisional das sentenzas en que se tutelén dereitos fundamentais terá carácter preferente.»

Douscentos doce. Os números 1 e 2 do artigo 527 quedan redactados como segue:

«1. A execución provisional poderá pedirse en calquera momento desde a notificación da resolución en que se teña por preparado o recurso de apelación ou, se é o caso, desde o traslado á parte apelante do escrito do apelado polo que se adhira ao recurso, e sempre antes de que recaese sentenza neste.

2. Cando se solicite a execución provisional despois de terse remitido os autos ao tribunal competente para resolver a apelación, o solicitante deberá obter previamente deste testemuño do que sexa necesario para a execución e acompañar deste testemuño á solicitude.

Se a execución provisional se solicitou antes da remisión dos autos a que se refire o parágrafo anterior, o secretario xudicial expedirá o testemuño antes de facer a remisión.»

Douscentos trece. O número 2, o terceiro parágrafo do número 3 e o número 4 do artigo 528 quedan redactados como segue:

«2. A oposición á execución provisional poderá fundarse unicamente, e sen prexuízo do establecido no número 4 deste artigo, nas seguintes causas:

1.º En todo caso, terse despachado a execución provisional con infracción do artigo anterior.

2.º Se a sentenza fose de condena non monetaria, resulta imposible ou de extrema dificultade, atendida a natureza das actuacións executivas, restaurar a situación anterior á execución provisional ou compensar economicamente o executado mediante o resarcimento dos danos e perdas que se lle causasen, se aquela sentenza fose revogada.»

«Se o executado non indica medidas alternativas nin ofrece prestar caución, non procederá en ningún caso a oposición á execución e así o decretará de inmediato o secretario xudicial. Contra o dito decreto caberá recurso directo de revisión que non producirá efectos suspensivos.»

«4. Ademais das causas citadas nos puntos que preceden, a oposición poderá estar fundada no pagamento ou cumprimento do ordenado na sentenza, que se deberá xustificar documentalmente, así como na existencia de pactos ou transaccións que se conviñesen e documentasen no proceso para evitar a execución provisional. Estas causas de oposición tramitaranse conforme o disposto para a execución ordinaria ou definitiva.»

Douscentos catorce. O artigo 531 queda redactado como segue:

«Artigo 531. *Suspensión da execución provisional en caso de condenas en diñeiro.*

O secretario xudicial suspenderá mediante decreto a execución provisional de pronunciamentos de condena ao pagamento de cantidades de diñeiro líquidas cando o executado poña á disposición do xulgado, para a súa entrega ao executante,

sen prexuízo do disposto na sección seguinte, a cantidade a que foi condenado, máis os xuros correspondentes e as custas polas que se despachou execución. Liquidados aqueles e taxadas estas, o secretario xudicial responsable da execución provisional decidirá sobre a continuación ou o arquivo da execución. O decreto ditado para o efecto será susceptible de recurso directo de revisión ante o tribunal que autorizou a execución.»

Douscentos quince. O número 1 do artigo 533 queda redactado como segue:

«1. Se o pronunciamento provisionalmente executado é de condena ao pagamento de diñeiro e se revoga totalmente, o secretario xudicial sobreserá a execución provisional e o executante deberá devolver a cantidade que, se é o caso, percibiu, reintegrar ao executado as custas da execución provisional que este pagou e resarcilo dos danos e perdas que a dita execución lle ocasionase.»

Douscentos dezaseis. O número 2 do artigo 539 queda redactado como segue:

«2. Nas actuacións do proceso de execución para as que esta lei prevexa expresamente pronunciamento sobre custas, as partes deberán satisfacer os gastos e custas que lles correspondan conforme o previsto no artigo 241 desta lei, sen prexuízo dos reembolsos que procedan tras a decisión do tribunal ou, se é o caso, do secretario xudicial sobre as custas.

As custas do proceso de execución non comprendidas no parágrafo anterior serán por conta do executado sen necesidade de imposición expresa, pero, ata a súa liquidación, o executante deberá satisfacer os gastos e custas que se vaian producindo, agás os que correspondan a actuacións que se realicen por instancia do executado ou doutros suxeitos, que deberán ser pagados por quen solicitase a actuación de que se trate.»

Douscentos dezasete. O número 3 do artigo 540 queda redactado como segue:

«3. Se a sucesión non consta en documentos que fagan fe ou o tribunal non os considera suficientes, da petición que deduza o executante mandará que o secretario xudicial dea traslado a quen conste como executado no título e a quen se pretenda que é o seu sucesor e, oídos todos eles en comparecencia sinalada polo secretario, o tribunal decidirá o que proceda sobre a sucesión para os únicos efectos do despacho da execución.»

Douscentos dezaoitto. Modifícanse os números 1, 2 e 4 e introdúcese os novos números 5, 6 e 7 no artigo 545, coa seguinte redacción:

«1. Se o título executivo consiste en resolucións xudiciais, resolucións ditas por secretarios xudiciais ás que esta lei recoñeza carácter de título executivo ou transaccións e acordos xudicialmente homologados ou aprobados, será competente para ditar o auto que conteña a orde xeral de execución e despacho dela o tribunal que coñeceu do asunto en primeira instancia ou no que se homologou ou aprobou a transacción ou acordo.»

«2. Cando o título sexa un laudo arbitral, será competente para denegar ou autorizar a execución e o correspondente despacho o xulgado de primeira instancia do lugar en que se ditou o dito laudo.»

«4. En todos os supostos sinalados nos puntos que anteceden corresponderalle ao secretario xudicial a concreción dos bens do executado a que se deba estender o despacho da execución, a adopción de todas as medidas necesarias para a efectividade do despacho, ordenando os medios de investigación patrimonial que sexan necesarios conforme o establecido nos artigos 589 e 590 desta lei, así como as medidas executivas concretas que procedan.»

«5. Nos procesos de execución adoptarán a forma de auto as resolucións do tribunal que:

- 1.º Conteñan a orde xeral de execución pola que se autoriza e despacha esta.
- 2.º Decidan sobre oposición á execución definitiva baseada en motivos procesuais ou de fondo.
- 3.º Resolvan as terzarías de dominio.
- 4.º Aqueloutras que se sinalen nesta lei.»

«6. Adoptarán a forma de decreto as resolucións do secretario xudicial que determinen os bens do executado a que se deba estender o despacho da execución e aqueloutras que se sinalen nesta lei.»

«7. O tribunal decidirá por medio de providencia nos supostos en que así expresamente se sinale, e nos demais casos, as resolucións que procedan ditaraas o secretario xudicial a través de dilixencias de ordenación, agás cando proceda resolver por decreto.»

Douscentos dezanove. O artigo 548 queda redactado como segue:

«Artigo 548. *Prazo de espera da execución de resolucións procesuais ou arbitrais.*

Non se despachará execución de resolucións procesuais ou arbitrais, dentro dos vinte días posteriores a aquel en que a resolución de condena ou de aprobación do convenio lle sexa notificada ao executado.»

Douscentos vinte. O número 2 do artigo 549 queda redactado como segue:

«2. Cando o título executivo sexa unha resolución do secretario xudicial ou unha sentenza ou resolución ditada polo tribunal competente para coñecer da execución, a demanda executiva poderá limitarse á solicitude de que se despache a execución, identificando a sentenza ou resolución cuxa execución se pretenda.»

Douscentos vinte e un. Modifícase o ordinal primeiro do número 1 do artigo 550, que queda redactado como segue:

«1.º O título executivo, agás que a execución se funde en sentenza, decreto, acordo ou transacción que conste nos autos.

Cando o título sexa un laudo, xuntaránselle, ademais, o convenio arbitral e os documentos acreditativos da notificación daquel ás partes.»

Douscentos vinte e dous. O artigo 551 queda redactado como segue:

«Artigo 551. *Orde xeral de execución e despacho da execución.*

1. Presentada a demanda executiva, o tribunal, sempre que concorran os presupostos e requisitos procesuais, o título executivo non padeza de ningunha irregularidade formal e os actos de execución que se solicitan sexan conformes coa natureza e contido do título, ditará auto que conteña a orde xeral de execución e que a despache.

2. O citado auto expresará:

1.º A persoa ou persoas a cuxo favor se despacha a execución e a persoa ou persoas contra quen se despacha esta.

2.º Se a execución se despacha en forma mancomunada ou solidaria.

3.º A cantidade, se é o caso, pola que se despacha a execución, por todos os conceptos.

4.º As precisións que resulte necesario realizar respecto das partes ou do contido da execución, segundo o disposto no título executivo, e así mesmo respecto dos responsables persoais da débeda ou propietarios de bens especialmente afectos ao seu pagamento ou aos que se deba estender a execución, segundo o establecido no artigo 538 desta lei.

3. Ditado o auto polo xuíz ou maxistrado, o secretario xudicial responsable da execución, no mesmo día ou no seguinte día hábil a aquel en que sexa ditado o auto que despache execución, ditará decreto no cal se conterán:

1.º As medidas executivas concretas que resultaren procedentes, incluído, se fose posible, o embargo de bens.

2.º As medidas de localización e investigación dos bens do executado que procedan, conforme o previsto nos artigos 589 e 590 desta lei.

3.º O contido do requirimento de pagamento que deba facerse ao debedor; nos casos en que a lei estableza este requirimento.

4. Contra o auto que autoriza e despacha a execución non se dará ningún recurso, sen prexuízo da oposición que poida formular o executado.

5. Contra o decreto ditado polo secretario xudicial caberá interpor recurso directo de revisión, sen efecto suspensivo, ante o tribunal que ditou a orde xeral de execución.»

Douscentos vinte e tres. O artigo 553 queda redactado como segue:

«Artigo 553. *Notificación.*

O auto que autorice e despache execución así como o decreto que, se é o caso, ditou o secretario xudicial, xunto con copia da demanda executiva, serán notificados simultaneamente ao executado ou, se é o caso, ao procurador que o represente, sen citación nin emprazamento, para que en calquera momento poida comparecer na execución, entendéndose con el, en tal caso, as posteriores actuacións.»

Douscentos vinte e catro. O artigo 554 queda redactado como segue:

«Artigo 554. *Medidas inmediatas tras o auto de despacho da execución.*

1. Nos casos en que non se estableza requirimento de pagamento, as medidas a que se refire o número 2.º do número 3 do artigo 551 levaranse a efecto de inmediato, sen oír previamente o executado nin esperar á notificación do decreto ditado para efecto.

2. Aínda que deba efectuarse requirimento de pagamento, procederase tamén na forma prevista no punto anterior cando así o solicite o executante, xustificando, a xuízo do secretario xudicial responsable da execución, que calquera demora na localización e investigación de bens podería frustrar a boa fin de execución.»

Douscentos vinte e cinco. Os números 1 e 2 do artigo 555 quedan redactados como segue:

«1. Por instancia de calquera das partes, ou de oficio, o secretario xudicial acordará a acumulación dos procesos de execución pendentes entre o mesmo acredor executante e o mesmo debedor executado.

2. Os procesos de execución que se sigan fronte ao mesmo executado poderán acumularse, por instancia de calquera dos executantes, se o secretario xudicial competente no proceso máis antigo o considera máis conveniente para a satisfacción de todos os acredores executantes.»

Douscentos vinte e seis. O artigo 556 queda redactado como segue:

«Artigo 556. *Oposición á execución de resolucións procesuais ou arbitrais.*

1. Se o título executivo fose unha resolución procesual ou arbitral de condena, o executado, dentro dos dez días seguintes á notificación do auto en que se despache execución, poderá oporse a ela por escrito alegando o pagamento ou cumprimento do ordenado na sentenza, que deberá xustificar documentalmente.

2. A oposición que se formule nos casos do punto anterior non suspenderá o curso da execución.

3. Non obstante o disposto nos puntos anteriores, cando a execución se despachase en virtude do auto a que se refire o punto 8º do número 2 do artigo 517, unha vez que o secretario xudicial tivese por formulada oposición á execución, na mesma resolución ordenará a suspensión desta. Esta oposición poderá fundarse en calquera das causas previstas no artigo seguinte e nas que se expresan a continuación:

- 1.^a Culpa exclusiva da vítima.
- 2.^a Forza maior estraña á condución ou ao funcionamento do vehículo.
- 3.^a Concorrencia de culpas.»

Douscentos vinte e sete. O número 2 do artigo 557 queda redactado como segue:

«2. Se se formula a oposición prevista no punto anterior, o secretario xudicial mediante dilixencia de ordenación suspenderá o curso da execución.»

Douscentos vinte e oito. O artigo 558 queda redactado como segue:

«Artigo 558. *Oposición por pluspetición. Especialidades.*

1. A oposición fundada exclusivamente en pluspetición ou exceso non suspenderá o curso da execución, a non ser que o executado poña á disposición do tribunal, para a súa inmediata entrega polo secretario xudicial ao executante, a cantidade que considere debida. Fóra deste caso, a execución continuará o seu curso, pero o produto da venda de bens embargados, no que exceda a cantidade recoñecida como debida polo executado, non se entregará ao executante mentres a oposición non sexa resolta.

2. Nos casos a que se refiren os artigos 572 e 574, sobre saldos de contas e xuros variables, o secretario xudicial encargado da execución, por solicitude do executado, poderá designar mediante dilixencia de ordenación perito que, logo provisión de fondos, emita ditame sobre o importe da débeda. Deste ditame darase traslado a ambas as partes para que no prazo común de cinco días presenten as súas alegacións sobre o ditame emitido. Se ambas as partes están conformes co ditaminado ou non presentan alegacións no prazo para iso concedido, o secretario xudicial ditará decreto de conformidade con aquel ditame. Contra este decreto caberá interpor recurso directo de revisión, sen efectos suspensivos, ante o tribunal.

En caso de controversia ou cando soamente unha das partes presentase alegacións, o secretario xudicial sinalará día e hora para a celebración de vista ante o tribunal que ditou a orde xeral de execución.»

Douscentos vinte e nove. O parágrafo segundo do artigo 560 queda redactado como segue:

«As partes, nos seus respectivos escritos de oposición e de impugnación desta, poderán solicitar a celebración de vista, que o tribunal acordará mediante providencia se a controversia sobre a oposición non se puiden resolver cos documentos

presentados, e o secretario xudicial sinalará día e hora para a súa celebración dentro dos dez seguintes á conclusión do trámite de impugnación.»

Douscentos trinta. Modifícanse os ordinais 1.º e 3.º do número 1 e o número 2 do artigo 562, que quedan redactados como segue:

«1.º Por medio do recurso de reposición establecido nesta lei se a infracción constase ou se cometese en resolución do tribunal da execución ou do secretario xudicial.»

«3.º Mediante escrito dirixido ao tribunal se non existise resolución expresa contra a cal recorrer. No escrito expresárase con claridade a resolución ou actuación que se pretende para remediar a infracción alegada.»

«2. Se se alega que a infracción entraña nulidade de actuacións ou o tribunal o estima así, observárase disposto nos artigos 225 e seguintes. Cando a dita nulidade sexa alegada ante o secretario xudicial ou este entenda que hai causa para declarala, dará conta ao tribunal que autorizou a execución para que resolva sobre iso.»

Douscentos trinta e un. O artigo 563 queda redactado como segue:

«1. Cando, téndose despachado execución en virtude de sentenzas ou resolucións xudiciais, o tribunal competente para a execución provexa en contradición co título executivo, a parte prexudicada poderá interpor recurso de reposición e, de se desestimar, de apelación.

Se a resolución contraria ao título executivo é ditada polo secretario xudicial, caberá contra ela recurso directo de revisión.

2. Nos casos do punto anterior, a parte que recorra poderá pedir a suspensión da concreta actividade executiva impugnada, que se concederá se, a xuízo do tribunal, presta caución suficiente para responder dos danos que o atraso poida causar á outra parte.

Poderase constituír a caución en calquera das formas previstas no parágrafo segundo do número 3 do artigo 529.»

Douscentos trinta e dous. Os números 2 e 3 do artigo 566 quedan redactados como segue:

«2. Alzarse a suspensión da execución e ordenárase que continúe cando lle conste ao secretario xudicial responsable da execución a desestimación da revisión ou da demanda de rescisión de sentenza ditada en rebeldía.»

«3. O secretario xudicial sobreseerá a execución cando se estime a revisión ou cando, despois de rescindida a sentenza ditada en rebeldía, se dite sentenza absolutoria do demandado.»

Douscentos trinta e tres. O artigo 567 queda redactado como segue:

«Artigo 567. *Interposición de recursos ordinarios e suspensión.*

A interposición de recursos ordinarios non suspenderá, por si mesma, o curso das actuacións executivas. Porén, se o executado acredita que a resolución fronte á que recorre lle produce dano de difícil reparación poderá solicitar do tribunal que despachou a execución a suspensión da actuación contra a que se recorre, prestando, nas formas permitidas por esta lei, caución suficiente para responder dos prexuízos que o atraso puidese producir.»

Douscentos trinta e catro. O artigo 568 queda redactado como segue:

«Artigo 568. *Suspensión en caso de situacións concursais.*

1. Non se ditará auto que autorice e despache a execución cando conste ao tribunal que o demandado se acha en situación de concurso.

2. O secretario xudicial decretará a suspensión da execución no estado en que se ache en canto lle sexa notificado que o executado se encontra en situación de concurso. O inicio da execución e a continuación do procedemento xa iniciado que se dirixa exclusivamente contra bens hipotecados e peñorados estarán suxeitos a canto establece a Lei concursal.

3. Se existen varios demandados, e só algún ou algúns deles se encontrasen no suposto a que se refiren os dous puntos anteriores, a execución non se suspenderá respecto dos demais.»

Douscentos trinta e cinco. O parágrafo segundo do número 1 e o número 3 do artigo 569 quedan redactados como segue:

«Porén, de se encontrar pendente causa criminal en que se investiguen feitos de aparencia delituosa que, de seren certos, determinarían a falsidade ou nulidade do título ou a invalidez ou ilicitude do despacho da execución, o tribunal que a autorizou, oídas as partes e o Ministerio Fiscal, acordará a suspensión da execución.»

«3. Non obstante o disposto no punto primeiro deste artigo, a execución poderá seguir adiante se o executante presta, en calquera das formas previstas no parágrafo segundo do número 3 do artigo 529, caución suficiente, a xuízo do tribunal que a despachou, para responder do que perciba e dos danos e perdas que a execución produza ao executado.»

Douscentos trinta e seis. Engádese un punto novo ao artigo 570, que queda redactado como segue:

«A execución forzosa só terminará coa completa satisfacción do acreedor executante, o que se acordará por decreto do secretario xudicial, contra o cal poderá interperse recurso directo de revisión.»

Douscentos trinta e sete. O artigo 580 queda redactado como segue:

«Artigo 580. *Casos en que non procede o requirimento de pagamento.*

Cando o título executivo consista en resolucións do secretario xudicial, resolucións xudiciais ou arbitrais ou que aproben transaccións ou convenios alcanzados dentro do proceso, que obriguen a entregar cantidades determinadas de diñeiro, non será necesario requirirlle pagamento ao executado para proceder ao embargo dos seus bens.»

Douscentos trinta e oito. O número 1 do artigo 581 queda redactado como segue:

«1. Cando a execución para a entrega de cantidades determinadas de diñeiro non se funde en resolucións procesuais ou arbitrais, despachada a execución, requiríraselle pagamento ao executado pola cantidade reclamada en concepto de principal e xuros devengados, se é o caso, ata a data da demanda e se non pagase no acto, o tribunal procederá ao embargo dos seus bens na medida suficiente para responder da cantidade pola que se despachase execución e as custas desta.»

Douscentos trinta e nove. Modifícase o número 1 do artigo 583 e engádese un novo número 3, que quedan redactados como segue:

«1. Se o executado paga no acto do requirimento ou antes do despacho da execución, o secretario xudicial porá a suma de diñeiro correspondente á disposición do executante, e entregará ao executado xustificante do pagamento realizado.»

«3. Satisfeitos xuros e custas, de se teren devengado, o secretario xudicial ditará decreto en que dá por terminada a execución.»

Douscentos corenta. O número 1 do artigo 587 queda redactado como segue:

«1. O embargo entenderase feito desde que o decreto o secretario xudicial ou se inclúa a descrición dun ben na acta da dilixencia de embargo, aínda que non se adoptasen aínda medidas de garantía ou publicidade da traba. O secretario xudicial adoptará inmediatamente as ditas medidas de garantía e publicidade, expedindo de oficio os despachos precisos, dos que, se é o caso, se fará entrega ao procurador do executante que así o solicitase.»

Douscentos corenta e un. O número 2 do artigo 588 queda redactado como segue:

«2. Non obstante o disposto no punto anterior, poderán embargarse os depósitos bancarios e os saldos favorables que presenten as contas abertas en entidades de crédito, sempre que, en razón do título executivo, o secretario xudicial determine unha cantidade como límite máximo.

Do que exceda ese límite poderá o executado dispor libremente.»

Douscentos corenta e dous. Os números 1 e 3 do artigo 589 quedan redactados como segue:

«1. Agás que o executante sinala bens cuxo embargo estime suficiente para o fin da execución, o secretario xudicial requirirá, mediante dilixencia de ordenación, de oficio o executado para que manifieste relacionadamente bens e dereitos suficientes para cubrir a contía da execución, con expresión, se é o caso, de cargas e gravames, así como, no caso de inmobles, se están ocupados, por qué persoas e con qué título.»

«3. O secretario xudicial poderá tamén, mediante decreto, impor multas coercitivas periódicas ao executado que non responda debidamente ao requirimento a que se refire o punto anterior.

Para fixar a contía das multas, terase en conta a cantidade pola que se despachou execución, a resistencia á presentación da relación de bens e a capacidade económica do requirido, podendo modificarse ou deixarse sen efecto o constrinximento económico en atención á ulterior conduta do requirido e ás alegacións que poida efectuar para xustificarse.

Fronte a estas resolucións do secretario caberá recurso directo de revisión, sen efecto suspensivo, ante o tribunal que coñeza da execución.»

Douscentos corenta e tres. O artigo 590 queda redactado como segue:

«Artigo 590. *Investigación xudicial do patrimonio do executado.*

Por instancia do executante que non poida designar bens do executado suficientes para o fin da execución, o secretario xudicial acordará, por dilixencia de ordenación, dirixirse ás entidades financeiras, organismos e rexistros públicos e persoas físicas e xurídicas que o executante indique, para que faciliten a relación de bens ou dereitos do executado dos que teñan constancia. Ao formular estas indicacións, o executante deberá expresar sucintamente as razóns polas que estime que a entidade, organismo, rexistro ou persoa de que se trate dispón de información sobre o patrimonio do executado. Cando o solicite o executante e á súa custa, o seu procurador poderá intervir no dilixenciamento dos oficios que fosen expedidos para tal efecto e recibilos unha vez formalizados, sen prexuízo do previsto no número 1 do artigo seguinte.

O secretario xudicial non reclamará datos de organismos e rexistros cando o executante puidese obtelos por si mesmo, ou a través do seu procurador, debidamente facultado para o efecto polo seu poderdante.»

Douscentos corenta e catro. O artigo 591 queda redactado como segue:

«Artigo 591. *Deber de colaboración.*

1. Todas as persoas e entidades públicas e privadas están obrigadas a prestar a súa colaboración nas actuacións de execución e a entregar ao secretario xudicial encargado da execución ou ao procurador do executante, cando así o solicite o seu representado e á súa custa, cantos documentos e datos teñan no seu poder, e cuxa entrega fose acordada polo secretario xudicial, sen máis limitacións que as que impoñen o respecto aos dereitos fundamentais ou aos límites que, para casos determinados, expresamente impoñan as leis. Cando estas persoas ou entidades alegasen razóns legais ou de respecto aos dereitos fundamentais para non realizar a entrega deixando sen atender a colaboración que lles fose requirida, o secretario xudicial dará conta ao tribunal para que este acorde o procedente.

2. O tribunal, logo de audiencia dos interesados, poderá, en peza separada, acordar a imposición de multas coercitivas periódicas ás persoas e entidades que non presten a colaboración que o tribunal lles requirise conforme o punto anterior. Na aplicación destes constrinximentos, o tribunal terá en conta os criterios previstos no número 3 do artigo 589.

3. As sancións impostas ao abeiro deste artigo sométense ao réxime de recursos previstos no título V do libro VII da Lei orgánica do poder xudicial.»

Douscentos corenta e cinco. O número 1 do artigo 592 queda redactado como segue:

«1. Se acreedor e debedor non pactan outra cousa, dentro ou fóra da execución, o secretario xudicial responsable da execución embargará os bens do executado procurando ter en conta a maior facilidade do seu alleamento e a menor onerosidade desta para o executado.»

Douscentos corenta e seis. O artigo 593 queda redactado como segue:

«Artigo 593. *Pertenza ao executado. Prohibición de alzamento de oficio do embargo.*

1. Para xulgar sobre a pertenza ao executado dos bens que se propoña embargar, o secretario xudicial, sen necesidade de investigacións nin outras actuacións, basearase en indicios e signos externos dos que razoablemente poida deducir aquela.

2. Cando por percepción directa ou por manifestacións do executado ou doutras persoas, o secretario xudicial teña motivos racionais para entender que os bens que se propón trabar poden pertencer a un terceiro, ordenará mediante dilixencia de ordenación que se lle faga saber a inminencia da traba. Se, no prazo de cinco días, o terceiro non comparece ou non dá razóns, o secretario xudicial ditará decreto en que mande trabar os bens, a non ser que as partes, dentro do mesmo prazo concedido ao terceiro, manifesten a súa conformidade en que non se realice o embargo. Se o terceiro se opón razoadamente ao embargo presentando, se é o caso, os documentos que xustifiquen o seu dereito, o secretario xudicial, logo de traslado ás partes por prazo común de cinco días, remitirá os autos ao tribunal para que resolva o que proceda.

3. Tratándose de bens cuxo dominio sexa susceptible de inscrición rexistral, ordenarase, en todo caso, o seu embargo a non ser que o terceiro acredite ser titular rexistral mediante a correspondente certificación do rexistrador, quedando a salvo o dereito dos eventuais titulares non inscritos, que poderá exercerse contra quen e como corresponda.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando o ben de cuxo embargo se trate sexa a vivenda familiar do terceiro e este presente ao tribunal o documento privado que xustifique a súa adquisición, o secretario xudicial dará traslado ás partes

e, se estas, no prazo de cinco días, manifestan a súa conformidade en que non se realice o embargo, o secretario absterase de acordalo.»

Douscentos corenta e sete. Os números 1, 2 e 3 do artigo 598 quedan redactados como segue:

«1. A admisión da demanda de terzaría só suspenderá a execución respecto do ben a que se refira, debendo o secretario xudicial adoptar as medidas necesarias para dar cumprimento á suspensión acordada.»

«2. Admitida a demanda polo secretario xudicial, o tribunal, logo de audiencia das partes se o considera necesario, poderá condicionar a suspensión da execución respecto do ben a que se refire a demanda de terzaría a que o terceirista preste caución polos danos e perdas que puidese producir ao acredor executante. Esta caución poderá outorgarse en calquera das formas previstas no parágrafo segundo do número 3 do artigo 529.

3. A admisión dunha terzaría de dominio será razón suficiente para que o secretario xudicial, por instancia de parte, ordene, mediante decreto, a mellora do embargo.»

Douscentos corenta e oito. O artigo 599 queda redactado como segue:

«Artigo 599. *Competencia e substanciación.*

A terzaría de dominio, que se deberá interpor ante o secretario xudicial responsable da execución, resolveraa o tribunal que ditou a orde xeral e despacho desta e substanciarase polos trámites previstos para o xuízo ordinario.»

Douscentos corenta e nove. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 600, que queda redactado como segue:

«Aínda que non se dirixise a demanda de terzaría fronte ao executado, poderá este intervir no procedemento cos mesmos dereitos procesuais que as partes da terzaría, para cuxo fin se lle notificará en todo caso a admisión a trámite da demanda para que poida ter a intervención que conveña ao seu dereito.»

Douscentos cincuenta. Modifícanse os números 3 e 4 e engádese un novo número 7 ao artigo 607, que quedan redactados como segue:

«3. Se o executado é beneficiario de máis dunha percepción, acumularanse todas elas para deducir unha soa vez a parte inembargable. Igualmente serán acumulables os salarios, soldos e pensións, retribucións ou equivalentes dos cónxuxes cando o réxime económico que rexa para eles non sexa o de separación de bens e rendas de toda clase, circunstancia que deberán acreditar ao secretario xudicial.»

«4. En atención ás cargas familiares do executado, o secretario xudicial poderá aplicar unha rebaixa de entre un 10 a un 15 por cento nas porcentaxes establecidas nos puntos 1.º, 2.º, 3.º e 4.º do número 2 deste artigo.»

«7. As cantidades embargadas de conformidade co previsto neste precepto poderán ser entregadas directamente á parte executante, na conta que esta designe previamente, se así o acorda o secretario xudicial encargado da execución.

Neste caso, tanto a persoa ou entidade que practique a retención e a súa posterior entrega como o executante, deberán informar trimestralmente o secretario xudicial sobre as sumas remitidas e recibidas, respectivamente, quedando a salvo en todo caso as alegacións que o executado poida formular, xa sexa porque considere que a débeda está aboada totalmente e en consecuencia debe deixarse sen efecto a traba, ou porque as retencións ou entregas non se estivesen realizando conforme o acordado polo secretario xudicial.

Contra a resolución do secretario xudicial que acorda tal entrega directa caberá recurso directo de revisión ante o tribunal.»

Douscentos cincuenta e un. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 609, que queda redactado como segue:

«O executado poderá denunciar esta nulidade ante o tribunal mediante os recursos ordinarios ou por simple comparecencia ante o secretario xudicial se non se constituíu como parte na execución nin desexa facelo, resolvendo o tribunal sobre a nulidade denunciada.»

Douscentos cincuenta e dous. O número 3 do artigo 610 queda redactado como segue:

«3. Os executantes dos procesos en que se decrete o reembargo poderán solicitar do secretario xudicial que adopte medidas de garantía desta traba sempre que non entorpezan unha execución anterior e non sexan incompatibles coas adoptadas a favor de quen primeiro logrou o embargo.»

Douscentos cincuenta e tres. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 611, que queda redactado como segue:

«A cantidade que así se obteña ingresarase na conta de depósitos e consignacións para a súa disposición no proceso onde se ordenou o embargo do sobrante.»

Douscentos cincuenta e catro. Modifícase o número 2 e introdúcese un novo número 3 no artigo 612, coa seguinte redacción:

«2. O secretario xudicial resolverá mediante decreto sobre estas peticións. Contra o dito decreto caberá recurso directo de revisión que non producirá efectos suspensivos.»

«3. Poderá acordarse tamén a mellora do embargo nos casos previstos no punto cuarto do artigo seguinte.»

Douscentos cincuenta e cinco. Engádese un número 3 ao artigo 617 coa seguinte redacción:

«3. Aínda cando non sexa demandado, notificaráselle en todo caso ao executado a admisión a trámite da demanda, co fin de que poida realizar a intervención que conveña ao seu dereito.»

Douscentos cincuenta e seis. O artigo 619 queda redactado como segue:

«Artigo 619. *Conformidade e desistencia do executante. Participación do terceirista de preferencia nas custas da execución.*

1. Cando o crédito do terceirista conste en título executivo, se o executante se conforma coa terzaría de mellor dereito, dítarase, sen máis trámites, auto polo que se ordene seguir adiante coa execución para satisfacer en primeiro termo o terceirista, pero o secretario xudicial non lle fará entrega de ningunha cantidade sen lle satisfacer antes ao executante as tres quintas partes das custas e gastos orixinados polas actuacións levadas a cabo por instancia súa ata a notificación da demanda de terzaría.

Se o crédito do terceirista non constase en título executivo, o executado que estea constituído como parte na terzaría deberá expresar se está de acordo ou en desacordo coa conformidade do executante dentro dos cinco días seguintes a aquel en que se lle dese traslado do escrito de conformidade. Se o executado se mostra conforme coa conformidade ou deixa transcorrer o prazo sen expresar o seu

desacordo, procederáse segundo o disposto no parágrafo anterior. Cando o executado se opoña á conformidade, ditarase auto polo que se ten por conforme o executante e polo que se manda seguir a terzaría co executado.

2. Se, notificada a demanda de terzaría, o executante desistise da execución, sempre que o crédito do terceirista constase en título executivo, o secretario xudicial ditará decreto ordenando seguir adiante a execución para satisfacer en primeiro termo o terceirista. Se non fose así, ditará decreto de desistencia do proceso de execución, e dará por finalizada esta, agás que o executado se mostre de acordo en que prosiga para satisfacer o crédito do terceirista.»

Douscentos cincuenta e sete. Os números 2 e 3 do artigo 621 quedan redactados como segue:

«2. Cando se embarguen saldos favorables en contas de calquera clase abertas en entidades de crédito, aforro ou financiamento, o secretario xudicial responsable da execución enviará á entidade orde de retención das cantidades concretas que sexan embargadas ou co límite máximo a que se refire o punto segundo do artigo 588. Esta orde poderá ser dilixenciada polo procurador da parte executante. A entidade requirida deberá formalizala no mesmo momento da súa presentación, expedindo recibo acreditativo da recepción da orde no cal fará constar as cantidades que o executado, nese instante, dispoña en tal entidade. O dito recibo entregarase nese acto ao procurador da parte executante que asumise o seu dilixenciamiento; de non ser así, remitirase directamente ao órgano da execución polo medio máis rápido posible.»

«3. Se se trata do embargo de soldos, pensións ou outras prestacións periódicas, observarase, se é o caso, o previsto no número 7 do artigo 607. En caso contrario, ordenaráselle á persoa, entidade ou oficina pagadora que os reteña á disposición do tribunal e os transfira á conta de depósitos e consignacións.»

Douscentos cincuenta e oito. Os números 2 e 3 do artigo 622 quedan redactados como segue:

«2. O secretario xudicial só acordará mediante decreto a administración xudicial en garantía do embargo de froitos e rendas, cando a natureza dos bens e dereitos produtivos, a importancia dos xuros, as rendas ou os froitos embargados ou as circunstancias en que se encontre o executado razoablemente o aconsellen.»

«3. Tamén poderá o secretario xudicial acordar a administración xudicial cando se comprobe que a entidade pagadora ou perceptora ou, se é o caso, o mesmo executado, non cumpren a orde de retención ou ingreso dos froitos e rendas a que se refire o punto primeiro deste artigo.»

Douscentos cincuenta e nove. Modifícase o ordinal primeiro do número 1 do artigo 624, que queda redactado como segue:

«1.º Relación dos bens embargados, con descrición, o máis detallada posible, da súa forma e aspecto, características principais, estado de uso e conservación, así como a clara existencia de defectos ou taras que puideren influír nunha diminución do seu valor. Para iso utilizaranse os medios de documentación gráfica ou visual de que a oficina xudicial dispoña ou lle facilite calquera das partes para a súa mellor identificación.»

Douscentos sesenta. Os números 2 e 4 do artigo 626 quedan redactados como segue:

«2. Se os bens mobles embargados están en poder dun terceiro, será requirido mediante decreto para que os conserve á disposición do tribunal e será nomeado

depositario xudicial, agás que o secretario xudicial motivadamente resolva outra cousa.»

«4. En casos distintos dos tratados nos puntos anteriores ou cando o considere máis conveniente, o secretario xudicial poderá nomear mediante decreto depositario dos bens embargados o acreedor executante ou ben, oíndo este, un terceiro.

O nomeamento poderá recaer nos colexios de procuradores do lugar en que se siga a execución, sempre que dispoñan dun servizo adecuado para asumir as responsabilidades legalmente establecidas para o depositario. De ser así, o colexio quedará facultado para proceder á localización, xestión e depósito dos bens e expedirse para tal efecto a credencial necesaria.»

Douscentos sesenta e un. O número 1 do artigo 627 queda redactado como segue:

«1. O depositario xudicial estará obrigado a conservar os bens coa debida dilixencia á disposición do tribunal, a exhibilos nas condicións que o secretario xudicial lle indique e a entregalos á persoa que este designe.

Por instancia de parte ou, de oficio, se non cumpre as súas obrigas, o secretario xudicial encargado da execución, mediante decreto, poderá remover do seu cargo o depositario, designando a outro, sen prexuízo da responsabilidade penal e civil en que puidese incurrir o depositario removido.»

Douscentos sesenta e dous. O artigo 628 queda redactado como segue:

«Artigo 628. *Gastos do depósito.*

1. Se o depositario fose persoa distinta do executante, do executado e do terceiro posuidor do ben moble obxecto do depósito terá dereito ao reembolso dos gastos ocasionados polo transporte, conservación, custodia, exhibición e administración dos bens, e poderá ser acordado polo secretario xudicial encargado da execución, mediante dilixencia de ordenación, o adianto dalgunha cantidade polo executante, sen prexuízo do seu dereito ao reintegro en concepto de custas.

O terceiro depositario tamén terá dereito a verse resarcido dos danos e perdas que sufra a causa do depósito.

2. Cando as cousas se depositen en entidade ou establecemento adecuados, segundo o previsto no número 1 do artigo 626, será fixada polo secretario xudicial responsable da execución, mediante dilixencia de ordenación, unha remuneración acorde coas tarifas e prezos usuais. O executante deberase facer cargo desta remuneración, sen prexuízo do seu dereito ao reintegro en concepto de custas.»

Douscentos sesenta e tres. O número 1 do artigo 629 queda redactado como segue:

«1. Cando o embargo recaia sobre bens inmobles ou outros bens ou dereitos susceptibles de inscrición rexistral, o secretario xudicial encargado da execución, por instancia do executante, expedirá mandamento para que se faga anotación preventiva de embargo no rexistro da propiedade ou anotación de equivalente eficacia no rexistro que corresponda. O mesmo día da súa expedición o secretario xudicial remitirá ao rexistro da propiedade o mandamento por fax, ou en calquera das formas previstas no artigo 162 desta lei. O rexistrador expedirá o correspondente asento de presentación, quedando en suspenso a práctica da anotación ata que se presente o documento orixinal na forma prevista pola lexislación hipotecaria.»

Douscentos sesenta e catro. Os números 1 e 2 do artigo 631 quedan redactados como segue:

«1. Para constituír a administración xudicial, serán citadas de comparecencia ante o secretario xudicial encargado da execución as partes e, se é o caso, os

administradores das sociedades, cando estas non sexan a parte executada, así como os socios ou partícipes cuxas accións ou participacións non se embargasen, co fin de que cheguen a un acordo ou efectúen as alegacións e proba oportunas sobre o nomeamento de administrador, persoa que deba desempeñar tal cargo, existencia ou non de caución, forma de actuación, mantemento ou non da administración preexistente, rendición de contas e retribución procedente.

Os interesados que non comparezan inxustificadamente serán tidos por conformes co acordado polos comparecentes.

Se existe acordo, o secretario xudicial establecerá por medio de decreto os termos da administración xudicial en consonancia co acordo. Para a resolución dos extremos en que non exista acordo ou medie oposición dalgunha das partes, se pretendesen practicar proba, serán convocados a comparecencia ante o tribunal que ditou a orde xeral de execución, que resolverá, mediante auto, o que estime procedente sobre a administración xudicial. Se non se pretendese a práctica de proba, pasaranse as actuacións ao tribunal para que directamente resolva o procedente.»

«2. Se se acorda a administración xudicial dunha empresa ou grupo delas, o secretario xudicial deberá nomear un interventor designado polo titular ou titulares da empresa ou empresas embargadas e se só se embarga a maioría do capital social ou a maioría dos bens ou dereitos pertencentes a unha empresa ou adscritos á súa explotación, nomearanse dous interventores, designados, un polos afectados maioritarios, e outro, polos minoritarios.»

Douscentos sesenta e cinco. O artigo 632 queda redactado como segue:

«Artigo 632. *Contido do cargo de administrador.*

1. Cando substitúa os administradores preexistentes e non se dispoña outra cousa, os dereitos, obrigas, facultades e responsabilidades do administrador xudicial serán os que correspondan con carácter ordinario aos substituídos, pero necesitará autorización do secretario xudicial responsable da execución para allear ou gravar participacións na empresa ou desta noutras, bens inmoables ou calquera outros que pola súa natureza ou importancia sinalase expresamente o secretario xudicial.

2. De existiren interventores designados polos afectados, para o alleamento ou gravame, o administrador convocaraos a unha comparecencia, resolvendo o secretario xudicial mediante decreto.

3. As resolucións previstas nos dous números anteriores serán susceptibles de recurso directo de revisión ante o tribunal que ditou a orde xeral de execución.»

Douscentos sesenta e seis. O artigo 633 queda redactado como segue:

«Artigo 633. *Forma de actuación do administrador.*

1. Acordada a administración xudicial, o secretario daralle inmediata posesión ao designado, requirindo o executado para que cese na administración que ata entón levase.

2. As discrepancias que xurdan sobre os actos do administrador serán resoltas polo secretario xudicial responsable da execución mediante decreto, tras oír os afectados e sen prexuízo do dereito de oporse á conta final que terán que render ao administrador.

3. Da conta final xustificada que presente o administrador daráselles vista ás partes e aos interventores, que poderán impugnala no prazo de cinco días, prorrogable ata trinta atendida a súa complexidade.

De mediar oposición resolverase tras citar os interesados de comparecencia. O decreto que se dite será susceptible de recurso directamente en revisión ante o tribunal.»

Douscentos sesenta e sete. O artigo 634 queda redactado como segue:

«Artigo 634. *Entrega directa ao executante.*

1. O secretario xudicial responsable da execución entregará directamente ao executante, polo seu valor nominal, os bens embargados que sexan:

- 1.º Diñeiro efectivo.
- 2.º Saldos de contas correntes e doutras de inmediata disposición.
- 3.º Divisas convertibles, logo de conversión, se é o caso.
- 4.º Calquera outro ben cuxo valor nominal coincida co seu valor de mercado, ou que, aínda que inferior, o acreedor acepte a entrega do ben polo seu valor nominal.

2. Cando se trate de saldos favorables en conta, con vencemento diferido, o propio secretario xudicial adoptará as medidas oportunas para lograr o seu cobramento, podendo designar un administrador cando sexa conveniente ou necesario para a súa realización.

3. Na execución de sentenzas que condenen ao pagamento das cantidades debidas por incumprimento de contratos de venda a prazos de bens mobles, se o executante o solicita, o secretario xudicial faralle entrega inmediata do ben ou bens mobles vendidos ou financiados a prazos polo valor que resulte das táboas ou índices referenciais de depreciación que se establecesen no contrato.»

Douscentos sesenta e oito. O número 1 do artigo 635 queda redactado como segue:

«1. Se os bens embargados son accións, obrigacións ou outros valores admitidos a negociación en mercado secundario, o secretario xudicial ordenará que se alleen conforme as leis que rexen estes mercados.

O mesmo se fará se o ben embargado cotiza en calquera mercado regulado ou pode acceder a un mercado con prezo oficial.»

Douscentos sesenta e nove. Os números 1 e 3 do artigo 636 quedan redactados como segue:

«1. Os bens ou dereitos non comprendidos nos artigos anteriores realizaranse na forma convida entre as partes e os interesados e aprobada polo secretario xudicial encargado da execución, conforme o previsto nesta lei.

3. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores, unha vez embargados os bens polo secretario xudicial, practicaranse as actuacións precisas para a súa poxa xudicial, que se producirá no día sinalado se antes non se solicita e se ordena, conforme o previsto nesta lei, que a realización forzosa se leve a cabo de maneira diferente.»

Douscentos setenta. O artigo 638 queda redactado como segue:

«Artigo 638. *Nomeamento de perito taxador, recusación e intervención de executante e executado na taxación.*

1. Para valorar os bens, o secretario xudicial encargado da execución designará o perito taxador que corresponda de entre os que presten servizo na Administración de xustiza. En defecto destes, poderá encomendarse a taxación a organismos ou servizos técnicos dependentes das administracións públicas que dispoñan de persoal cualificado e asumisen o compromiso de colaborar, para estes efectos, coa Administración de xustiza e, se tampouco puidese recorrerse a estes organismos ou servizos, nomearase perito taxador de entre as persoas físicas ou xurídicas que figuren nunha relación, que se formará coas listas que subministren as entidades públicas competentes para conferir habilitacións para a valoración de bens, así

como os colexios profesionais cuxos membros estean legalmente capacitados para a dita valoración.

2. O perito designado polo secretario xudicial poderá ser recusado polo executante e o executado que comparecese.

3. O perito designado poderá solicitar, nos tres días seguintes ao seu nomeamento, a provisión de fondos que considere necesaria, que será á conta da liquidación final. O secretario xudicial decidirá sobre a provisión solicitada e logo do seu aboamento o perito emitirá ditame.»

Douscentos setenta e un. Os números 2 e 4 do artigo 639 quedan redactados como segue:

«2. O perito entregará a valoración dos bens embargados ao tribunal no prazo de oito días contados desde a aceptación da encarga. Só por causas xustificadas, que o secretario xudicial sinalará mediante decreto, poderá ampliarse este prazo en función da contía ou complexidade da valoración.»

«4. Ata transcorridos cinco días desde que o perito designado entregase a valoración dos bens, as partes e os acredores a que se refire o artigo 658 poderán presentar alegacións á dita valoración, así como informes, subscritos por perito taxador, nos que se exprese a valoración económica do ben ou bens obxecto da taxación. En tal caso, o secretario xudicial, á vista das alegacións formuladas e apreciando todos os informes segundo as regras da crítica sa, determinará, mediante decreto, a valoración definitiva para efectos da execución.

A resolución ditada polo secretario xudicial será susceptible de recurso directo de revisión ante o tribunal que ditou a orde xeral de execución.»

Douscentos setenta e dous. O artigo 640 queda redactado como segue:

«Artigo 640. *Convenio de realización aprobado polo secretario xudicial.*

1. O executante, o executado e quen acredite interese directo na execución poderán pedir ao secretario xudicial responsable desta que convoque unha comparecencia coa finalidade de convir o modo de realización máis eficaz dos bens hipotecados, peñorados ou embargados, fronte aos que se dirixe a execución.

2. Se o executante se mostra conforme coa comparecencia e o secretario xudicial non encontra motivos razoables para denegala, acordaraa mediante dilixencia de ordenación, sen suspensión da execución, convocando as partes e a quen conste no proceso que poida estar interesado.

Na comparecencia, á que poderán concorrer outras persoas, por invitación de executante ou executado, os asistentes poderán propor calquera forma de realización dos bens suxeitos á execución e presentar a persoa que, consignando ou afianzando, se ofrezca a adquirir os ditos bens por un prezo previsiblemente superior ao que puidese lograrse mediante a poxa xudicial. Tamén caberá propor outras formas de satisfacción do dereito do executante.

3. Se se chega a un acordo entre executante e executado, que non poida causar prexuízo para terceiro cuxos dereitos protexa esta lei, aprobarao o secretario xudicial mediante decreto e suspenderá a execución respecto do ben ou bens obxecto do acordo. Tamén aprobará o acordo, co mesmo efecto suspensivo, se inclúe a conformidade dos suxeitos, distintos de executante e executado, a que afecte.

Cando o convenio se refira a bens susceptibles de inscrición rexistral, será necesaria, para a súa aprobación, a conformidade dos acredores e terceiros posuidores que inscribisen ou anotasen os seus dereitos no rexistro correspondente con posterioridade ao gravame que se executa.

4. Cando se acredite o cumprimento do acordo, o secretario xudicial sobreserá a execución respecto do ben ou bens a que se referise. Se o acordo non se cumpre

dentro do prazo pactado ou, por calquera causa, non se logra a satisfacción do executante nos termos convidados, poderá este pedir que se alce a suspensión da execución e se proceda á poxa, na forma prevista nesta lei.

5. Se non se logra o acordo a que se refire o punto terceiro deste artigo, a comparecencia para intentalo poderá repetirse, nas condicións previstas nos dous primeiros puntos deste artigo, cando as circunstancias do caso o aconsellen, a xuízo do secretario xudicial, para a mellor realización dos bens.»

Douscentos setenta e tres. O artigo 641 queda redactado como segue:

«Artigo 641. *Realización por persoa ou entidade especializada.*

1. Por petición do executante ou do executado con consentimento do executante e cando as características do ben embargado así o aconsellen, o secretario xudicial responsable da execución poderá acordar, mediante dilixencia de ordenación, que o ben o realice persoa especializada e coñecedora do mercado en que se compran e venden eses bens e en quen concorran os requisitos legalmente exixidos para operar no mercado de que se trate.

Tamén poderá acordar o secretario xudicial, cando así se solicite nos termos previstos no parágrafo anterior, que o ben se allee por medio de entidade especializada pública ou privada. Cando así se dispoña, o alleamento acomodarse ás regras e usos da casa ou entidade que poxa ou allee, sempre que non sexan incompatibles co fin da execución e coa adecuada protección dos intereses de executante e executado.

Para estes efectos, os colexios de procuradores poderán ser designados como entidade especializada na poxa de bens.

2. Nos casos do punto anterior, a persoa ou entidade especializada deberá prestar caución na contía que o secretario xudicial determine para responder do cumprimento da encarga. Non se exixirá caución cando a realización se encomende a unha entidade pública ou aos colexios de procuradores.

3. A realización encomendarase á persoa ou entidade designada na solicitude, sempre que reúna os requisitos legalmente exixidos. Na mesma resolución determinarase as condicións en que deba efectuarse a realización, de conformidade co que as partes acordasen ao respecto. A falta de acordo, os bens non poderán ser alleados por prezo inferior ao 50 por cento da taxación.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando os bens que se vaian realizar sexan inmoables, a determinación da persoa ou entidade á cal se lle vaia confiar a realización e a das condicións en que esta deba efectuarse, será realizada logo da comparecencia á que serán convocadas as partes e aqueles que consten no proceso que puidesen estar interesados. O secretario xudicial resolverá por medio de decreto o que estime procedente, á vista das manifestacións de quen asista á comparecencia, pero non poderá autorizar que o alleamento se realice por prezo inferior ao 70 por cento do valor que se dese ao inmovible conforme o previsto no artigo 666, agás que conste o acordo das partes e de todos os interesados, asistisen ou non á comparecencia.

4. Tan pronto como se consume a realización dos bens, a persoa ou entidade correspondente procederá a ingresar na conta de depósitos e consignacións a cantidade obtida, descontando os gastos efectuados e o que corresponda a aquelas pola súa intervención. O secretario xudicial deberá aprobar a operación ou, se é o caso, solicitar as xustificacións oportunas sobre a realización e as súas circunstancias. Aprobada a operación, devolverase a caución que prestase a persoa ou entidade á que se encomendase a realización.

5. Se, transcorridos seis meses desde a encarga, a realización non se leva a cabo, o secretario xudicial ditará decreto en que revogue a encarga, agás que a persoa ou entidade á que se efectuase este xustifique que a realización non foi posible no prazo indicado por motivos que non lle sexan imputables e que, por teren

desaparecido xa os ditos motivos ou por ser previsible a súa pronta desaparición, a encarga poderá realizarse dentro do prazo que se ofrezca e que non poderá exceder os seguintes seis meses. Transcorrido este último prazo sen que se cumprise a encarga, o secretario xudicial revogaraa definitivamente.

Revogada a encarga, a caución aplicarase aos fins da execución, agás que a persoa ou entidade que a prestase acredite que a realización do ben non foi posible por causas que non lle sexan imputables.»

Douscentos setenta e catro. O número 2 do artigo 642 queda redactado como segue:

«2. Para os efectos do disposto no punto anterior, os alleamentos que se produzan conforme o previsto nos dous artigos anteriores deberán ser aprobados polo secretario xudicial encargado da execución, mediante decreto, logo de comprobación de que a transmisión do ben se produciu con coñecemento, por parte do adquirente, da situación rexistral que resulte da certificación de cargas.

Aprobada a transmisión, observarase o disposto para a poxa de inmobles no que se refire á distribución das sumas recadadas, inscrición do dereito do adquirente e mandamento de cancelación de cargas.

Será mandamento bastante para o rexistro da propiedade o testemuño do decreto polo cal se aprobe a transmisión do ben.»

Douscentos setenta e cinco. O artigo 644 queda redactado como segue:

«Artigo 644. *Convocatoria da poxa.*

Unha vez fixado o prezo xusto dos bens mobles embargados, o secretario xudicial fixará data para a celebración da poxa, con expresión da hora e lugar en que se teña que realizar.»

Douscentos setenta e seis. O número 1 do artigo 645 queda redactado como segue:

«1. A toda poxa se lle dará publicidade por medio de edictos, que se fixarán no sitio destacado, público e visible na sede da oficina xudicial e lugares públicos de costume.

Ademais, por instancia do executante ou do executado e se o secretario xudicial responsable da execución o xulga conveniente, daráselle á poxa a publicidade que resulte razoable, utilizando os medios públicos e privados que sexan máis adecuados á natureza e ao valor dos bens que se pretende realizar.»

Douscentos setenta e sete. O número 3 do artigo 647 queda redactado como segue:

«3. Só o executante poderá facer oferta reservando para si a facultade de ceder o remate a un terceiro. A cesión verificarase mediante comparecencia ante o secretario xudicial responsable da execución, con asistencia do cesionario, quen deberá aceptala, e todo iso previa ou simultaneamente ao pagamento do prezo do remate, que deberá facerse constar documentalmente.

A mesma facultade terá o executante nos casos en que se solicite a adxudicación dos bens embargados conforme o previsto nesta lei.»

Douscentos setenta e oito. Modifícase o número 2 do artigo 649, que queda redactado como segue:

«2. O secretario xudicial anunciará o ben ou lote de bens que se poxa e as sucesivas ofertas que se produzan. De existiren medios técnicos e co obxecto de lograr a mellor realización, no acto da poxa poderán realizarse ofertas electrónicas baixo a dirección do secretario xudicial.»

Douscentos setenta e nove. Modifícanse os números 1 e 4 do artigo 650 e engádesse un novo número 6, que quedan redactados como segue:

«1. Cando a mellor oferta sexa igual ou superior ao 50 por cento da taxación, o secretario xudicial, mediante decreto, no mesmo día ou no seguinte, aprobará o remate en favor do mellor licitador. O rematante deberá consignar o importe da dita oferta, menos o do depósito, no prazo de dez días e, realizada esta consignación, será posto en posesión dos bens.»

«4. Cando a mellor postura ofrecida na poxa sexa inferior ao 50 por cento da taxación, poderá o executado, no prazo de dez días, presentar terceiro que mellore a oferta mandando cantidade superior ao 50 por cento do valor de taxación ou que, aínda inferior ao dito importe, resulte suficiente para lograr a completa satisfacción do dereito do executante.

Transcorrido o indicado prazo sen que o executado realice o previsto no parágrafo anterior, o executante poderá, no prazo de cinco días, pedir a adxudicación dos bens pola metade do seu valor de taxación ou pola cantidade que se lle deba por todos os conceptos, sempre que esta cantidade sexa superior á mellor oferta.

Cando o executante non faga uso desta facultade, aprobarase o remate en favor do mellor licitador, sempre que a cantidade que mandase supere o 30 por cento do valor de taxación ou, sendo inferior, cubra, polo menos, a cantidade pola que se despachase a execución, incluíndo a previsión para xuros e custas. Se a mellor oferta non cumprise estes requisitos, o secretario xudicial responsable da execución, oídas as partes, resolverá sobre a aprobación do remate á vista das circunstancias do caso e tendo en conta especialmente a conduta do debedor en relación co cumprimento da obriga pola que se procede, as posibilidades de lograr a satisfacción do acreedor mediante a realización doutros bens, o sacrificio patrimonial que a aprobación do remate supoña para o debedor e o beneficio que dela obteña o acreedor. Neste último caso, contra o decreto que aprobe o remate cabe recurso directo de revisión ante o tribunal que ditou a orde xeral de execución.

Cando o secretario xudicial denegue a aprobación do remate, procederase conforme o disposto no artigo seguinte.»

«6. Aprobado o remate e consignada, cando proceda, na conta de depósitos e consignacións, a diferenza entre o depositado e o prezo total do remate, ditarase decreto de adxudicación en que se exprese, se é o caso, que se consignou o prezo, así como as demais circunstancias necesarias para a inscrición conforme a lexislación hipotecaria.»

Douscentos oitenta. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 651, que queda redactado como segue:

«Cando o acreedor, no prazo de vinte días, non faga uso desa facultade, o secretario xudicial procederá ao alzamento do embargo por instancia do executado.»

Douscentos oitenta e un. O número 1 do artigo 652 queda redactado como segue:

«1. Finalizado o acto da poxa, o secretario xudicial devolverá as cantidades depositadas polos licitadores excepto a que corresponda ao mellor licitador, a cal se reservará en depósito como garantía do cumprimento da súa obriga e, se é o caso, como parte do prezo da venda.

Porén, se os demais licitadores o solicitan, tamén se manterán á disposición do tribunal as cantidades depositadas por eles para que, se o rematante non entrega en prazo o resto do prezo, poida aprobarse o remate en favor dos que o sigan, pola orde das súas respectivas ofertas.»

Douscentos oitenta e dous. Os números 2 e 3 do artigo 653 quedan redactados como segue:

«2. Os depósitos dos rematantes que provocaron a quebra da poxa aplicaraos o secretario xudicial aos fins da execución, conforme o disposto nos artigos 654 e 672, pero o sobranse, se o houber, entregaráselles aos depositantes. Cando os depósitos non alcancen a satisfacer o dereito do executante e as custas, destinaranse, en primeiro lugar, a satisfacer os gastos que orixine a nova poxa e o resto unirase ás sumas obtidas naquela e aplicarase conforme o disposto nos artigos 654 e 672. Neste último caso, se houber sobranse, entregaráselle ao executado ata completar o prezo ofrecido na poxa e, se é o caso, compensaráselle da diminución do prezo que se producise no novo remate; só despois de efectuada esta compensación se devolverá o que quede aos depositantes.»

«3. Cando o rematante que fíxese a designación a que se refire o punto segundo do artigo anterior deixe transcourir o prazo sinalado para o pagamento do prezo do remate sen efectualo, a persoa designada para recibir a devolución do depósito poderá solicitar que o decreto de aprobación do remate se dite no seu favor, consignando simultaneamente a diferenza entre o depositado e o prezo do remate, para o que disporá do mesmo prazo concedido ao rematante para efectuar o pagamento, que se contará desde a expiración deste.»

Douscentos oitenta e tres. Modifícase o número 1 do artigo 656 e engádese un novo número 3, que quedan redactados como segue:

«1. Cando o obxecto da poxa estea comprendido no ámbito desta sección, o secretario xudicial responsable da execución expedirá mandamento ao rexistrador a cuxo cargo se encontre o rexistro de que se trate para que remita ao xulgado certificación na cal consten os seguintes extremos:

1.º A titularidade do dominio e demais dereitos reais do ben ou dereito gravado.

2.º Os dereitos de calquera natureza que existan sobre o ben rexistrable embargado, en especial, relación completa das cargas inscritas que o graven ou, se é o caso, que está libre de cargas.»

«3. Sen prexuízo do anterior o procurador da parte executante, debidamente facultado polo secretario xudicial e unha vez anotado o embargo, poderá solicitar a certificación a que se refire o número 1 deste precepto, cuxa expedición será igualmente obxecto de nota marxinal.»

Douscentos oitenta e catro. O artigo 657 queda redactado como segue:

«Artigo 657. *Información de cargas extinguidas ou minoradas.*

1. O secretario xudicial responsable da execución dirixirase de oficio aos titulares dos créditos anteriores que sexan preferentes ao que serviu para o despacho da execución e ao executado para que informen sobre a subsistencia actual do crédito garantido e a súa actual contía. Aqueles aos cales se lles reclame esta información deberán indicar coa maior precisión se o crédito subsiste ou se extinguiu por calquera causa e, en caso de subsistir, qué cantidade resta pendente de pagamento, a data de vencemento e, se é o caso, os prazos e condicións en que o pagamento deba efectuarse. Se o crédito estivese vencido e non pagado, informarase tamén dos xuros moratorios vencidos e da cantidade a que ascendan os xuros que se devenguen por cada día de atraso. Cando a preferencia resulte dunha anotación de embargo anterior, expresaranse a cantidade pendente de pagamento por principal e xuros vencidos na data en que se produza a información, así como a cantidade a

que ascendan os xuros moratorios que se devenguen por cada día que transcorra sen que se efectúe o pagamento ao acredor e a previsión para custas.

Os oficios que se expidan en virtude do disposto no parágrafo anterior entregaránse ao procurador do executante para que se encargue do seu cumprimento.

2. Á vista do que o executado e os acredores a que se refire o punto anterior declaren sobre a subsistencia e contía actual dos créditos, se houberse conformidade sobre iso, o secretario xudicial encargado da execución, por instancia do executante, expedirá os mandamentos que procedan para os efectos previstos no artigo 144 da Lei hipotecaria. De existir desconformidade, convocaraos a unha vista ante o tribunal, que deberá celebrarse dentro dos tres días seguintes, e que se resolverá mediante auto, non susceptible de recurso, nos cinco días seguintes.

3. Transcorridos vinte días desde o requirimento ao executado e aos acredores sen que ningún deles conteste, entenderase que a carga, para os únicos efectos da execución, se encontra actualizada no momento do requirimento nos termos fixados no título preferente.»

Douscentos oitenta e cinco. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 658, que queda redactado como segue:

«Se da certificación que expida o rexistrador resulta que o ben embargado se encontra inscrito a nome de persoa distinta do executado, o secretario xudicial, oídas as partes constituídas, ordenará alzar o embargo, a menos que o procedemento se siga contra o executado en concepto de herdeiro de quen aparece como dono no rexistro ou que o embargo se trabase tendo en conta tal concepto.»

Douscentos oitenta e seis. Os números 2 e 3 do artigo 659 quedan redactados como segue:

«2. Aos titulares de dereitos inscritos con posterioridade á expedición da certificación de dominio e cargas non se lles realizará ningunha comunicación pero, acreditando ao secretario xudicial responsable da execución a inscrición do seu dereito, daráselles intervención na taxación e nas demais actuacións do procedemento que os afecten.»

«3. Cando os titulares de dereitos inscritos con posterioridade ao gravame que se executa satisfagan antes do remate o importe do crédito, xuros e custas, dentro do límite de responsabilidade que resulte do rexistro, quedarán subrogados nos dereitos do demandante ata onde alcance o importe satisfeito. Faranse constar o pagamento e a subrogación na marxe da inscrición ou anotación do gravame en que os ditos acredores se subrogan e as dos seus créditos ou dereitos respectivos, mediante a presentación no rexistro da acta notarial de entrega das cantidades indicadas ou do oportuno mandamento expedido polo secretario xudicial, se é o caso.»

Douscentos oitenta e sete. O número 1 do artigo 660 queda redactado como segue:

«1. As comunicacións a que se refiren os artigos 657 e 659 practícaranse no domicilio que conste no rexistro, por correo ou telégrafo con xustificante de recepción, ou por outro medio que faga fe.

A certificación a que se refire o artigo 656, xa sexa remitida directamente polo rexistrador ou presentada polo procurador do executante, deberá expresar a realización das ditas comunicacións.

No caso de que o domicilio non conste no rexistro ou que a comunicación fose devolta ao rexistro por calquera motivo, o rexistrador practícará nova comunicación mediante edicto no taboleiro de anuncios do rexistro, que se publicará durante un prazo de quince días.»

Douscentos oitenta e oito. O número 1 do artigo 661 queda redactado como segue:

«1. Cando, pola manifestación de bens do executado, por indicación do executante ou de calquera outro modo, conste no procedemento a existencia e identidade de persoas, distintas do executado, que ocupen o inmovible embargado, notificaráselles a existencia da execución para que, no prazo de dez días, presenten ante o tribunal os títulos que xustifiquen a súa situación.

No anuncio da poxa expresarase, co posible detalle, a situación posesoria do inmovible ou que, polo contrario, se encontra desocupado, se se acredita cumpridamente esta circunstancia ao secretario xudicial responsable da execución.»

Douscentos oitenta e nove. O número 1 do artigo 662 queda redactado como segue:

«1. Se antes de que se venda ou adxudique na execución un ben inmovible e despois de terse anotado o seu embargo ou de consignado rexistralmente o comezo do procedemento de constrinximento, pasa aquel ben a poder dun terceiro posuidor, este, acreditando a inscrición do seu título, poderá pedir que se lle exhiban os autos na oficina xudicial, o que acordará o secretario xudicial sen paralizar o curso do procedemento, entendéndose tamén con el as actuacións posteriores.»

Douscentos noventa. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 663, que queda redactado como segue:

«1. Na mesma resolución en que se mande expedir certificación de dominio e cargas dos bens inmovibles embargados, o secretario xudicial poderá, mediante dilixencia de ordenación, de oficio ou por instancia de parte, requirir o executado para que no prazo de dez días presente os títulos de propiedade de que dispoña, se o ben está inscrito no rexistro.

2. Cando a parte así o solicite o procurador da parte executante poderá practicar o requirimento previsto no número anterior».

Douscentos noventa e un. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 664, que queda redactado como segue:

«Se o executado non presentou os títulos dentro do prazo antes sinalado, o secretario xudicial, por instancia do executante, poderá empregar os constrinximentos que estime conducentes para obrigalo a que os presente, obténdoo, se é o caso, dos rexistros ou arquivos en que se encontren, para o que poderá ser facultado o procurador do executante se os arquivos e rexistros fosen públicos.»

Douscentos noventa e dous. O número 2 do artigo 666 queda redactado como segue:

«2. Se o valor das cargas ou gravames iguala ou excede o determinado para o ben, o secretario xudicial deixará en suspenso a execución sobre ese ben.»

Douscentos noventa e tres. O ordinal primeiro do artigo 668 queda redactado como segue:

«1.º Que a certificación rexistral e, se é o caso, a titulación sobre o inmovible ou inmovibles que se poxan está de manifesto na oficina xudicial sede do órgano da execución.»

Douscentos noventa e catro. Modifícanse os números 1, 4 e 6 do artigo 670 e engádesse un novo número 8 coa seguinte redacción:

«1. Se a mellor oferta é igual ou superior ao 70 por cento do valor polo que o ben saíu a poxa, o secretario xudicial responsable da execución, mediante decreto,

o mesmo día ou o día seguinte, aprobará o remate en favor do mellor licitador. No prazo de vinte días, o rematante deberá consignar na conta de depósitos e consignacións a diferenza entre o depositado e o prezo total do remate.

4. Cando a mellor oferta presentada na poxa sexa inferior ao 70 por cento do valor polo que o ben saíu a poxa, poderá o executado, no prazo de dez días, presentar terceiro que a mellore ofrecendo cantidade superior ao 70 por cento do valor de taxación ou que, aínda inferior ao dito importe, resulte suficiente para lograr a completa satisfacción do dereito do executante.

Transcorrido o indicado prazo sen que o executado realice o previsto no parágrafo anterior, o executante poderá, no prazo de cinco días, pedir a adxudicación do inmovible polo 70 por cento do dito valor ou pola cantidade que se lle deba por todos os conceptos, sempre que esta cantidade sexa superior á mellor oferta.

Cando o executante non faga uso desta facultade, aprobarase o remate en favor do mellor licitador, sempre que a cantidade que ofrecese supere o 50 por cento do valor de taxación ou, sendo inferior, cubra, polo menos, a cantidade pola que se despachase a execución, incluíndo a previsión para xuros e custas. Se a mellor oferta non cumpre estes requisitos, o secretario xudicial responsable da execución, oídas as partes, resolverá sobre a aprobación do remate á vista das circunstancias do caso e tendo en conta especialmente a conduta do debedor en relación co cumprimento da obriga pola que se procede, as posibilidades de lograr a satisfacción do acreedor mediante a realización doutros bens, o sacrificio patrimonial que a aprobación do remate supoña para o debedor e o beneficio que dela obteña o acreedor. Neste último caso, contra o decreto que aprobe o remate cabe recurso directo de revisión ante o tribunal que ditou a orde xeral de execución. Cando o secretario xudicial denegue a aprobación do remate, procederáse conforme o disposto no artigo seguinte.

6. Cando sexa reclamado para constituír a hipoteca a que se refire o número 12.º do artigo 107 da Lei hipotecaria, o secretario xudicial expedirá inmediatamente testemuño do decreto de aprobación do remate, aínda antes de se pagar o prezo, facendo constar a finalidade para a que se expide. A solicitude suspenderá o prazo para pagar o prezo do remate, que proseguirá unha vez entregado o testemuño ao solicitante.

8. Aprobado o remate e consignada, cando proceda, na conta de depósitos e consignacións, a diferenza entre o depositado e o prezo total do remate, ditarase decreto de adxudicación en que se exprese, se é o caso, que se consignou o prezo, así como as demais circunstancias necesarias para a inscrición conforme a lexislación hipotecaria.»

Douscentos noventa e cinco. O parágrafo segundo do artigo 671 queda redactado como segue:

«Se no acto da poxa non houber ningún licitador, poderá o acreedor pedir a adxudicación dos bens por cantidade igual ou superior ao 50 por cento do seu valor de taxación ou pola cantidade que se lle deba por todos os conceptos.

Cando o acreedor, no prazo de vinte días, non faga uso desa facultade, o secretario xudicial procederá ao alzamento do embargo, por instancia do executado.»

Douscentos noventa e seis. O artigo 672 queda redactado como segue:

«Artigo 672. Destino das sumas obtidas na poxa de inmovibles.

1. O secretario xudicial daralle ao prezo do remate o destino previsto no número 1 do artigo 654, pero o remanente, se o houber, reterase para o pagamento de quen teña o seu dereito inscrito ou anotado con posterioridade ao do executante. Se satisfeitos estes acredores, aínda existe sobrance, entregarase ao executado ou ao terceiro posuidor.

O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do destino que deba darse ao remanente cando se ordenase a súa retención nalgunha outra execución singular ou en calquera proceso concursal.

2. O secretario xudicial encargado da execución requirirá os titulares de créditos posteriores para que, no prazo de trinta días, acrediten a subsistencia e exixibilidade dos seus créditos e presenten liquidación deles.

Das liquidacións presentadas daralles traslado o secretario xudicial ás partes para que aleguen o que conveña ao seu dereito e presenten a proba documental de que dispoñan no prazo de dez días. Transcorrido este prazo, o secretario xudicial resolverá por medio de decreto susceptible de recurso o que proceda, para os únicos efectos de distribución das sumas recadadas na execución e deixando a salvo as accións que lles puidesen corresponder aos acredores posteriores para facer valer os seus dereitos como e contra quen corresponda. O decreto será impugnabile só en reposición e estarán lexitimados para a súa interposición os terceiros acredores que presentasen liquidación.»

Douscentos noventa e sete. O artigo 673 queda redactado como segue:

«Artigo 673. *Poxa simultánea.*

Cando o aconsellen as circunstancias, e por solicitude de calquera das partes, o secretario xudicial encargado da execución poderá ordenar que se anuncie e celebre poxa en forma simultánea na sede da oficina xudicial executora e, mediante exhorto, nunha ou varias oficinas xudiciais de distintos partidos xudiciais, onde radiquen, total ou parcialmente, os bens inmobles poxados. En tales casos os licitadores poderán acudir libremente a calquera das sedes de celebración e o secretario xudicial non aprobará o remate ata coñecer, por calquera medio de comunicación, as ofertas efectuadas en todas elas, citando persoalmente os licitadores que realizasen idéntica oferta, para que comparezan perante el para celebrar licitación dirimente entre eles, se o dito empate non puidese salvarse mediante comunicación telefónica, ou de calquera outra clase, durante a celebración das poxas simultáneas.»

Douscentos noventa e oito. O artigo 674 queda redactado como segue:

«Artigo 674. *Inscripción da adquisición: título. Cancelación de cargas.*

1. Será título bastante para a inscrición no rexistro da propiedade o testemuño, expedido polo secretario xudicial, do decreto de adxudicación, comprensivo da resolución de aprobación do remate, da adxudicación ao acredor ou da transmisión por convenio de realización ou por persoa ou entidade especializada, e no cal se exprese, se é o caso, que se consignou o prezo, así como as demais circunstancias necesarias para a inscrición conforme a lexislación hipotecaria.

O testemuño expresará, se é o caso, que o rematante obtivo crédito para atender o pagamento do prezo do remate e, se é o caso, o depósito previo, indicando os importes financiados e a entidade que concedeu o préstamo, para os efectos previstos no artigo 134 da Lei hipotecaria.

2. Por instancia do adquirente, expedirase, se é o caso, mandamento de cancelación da anotación ou inscrición do gravame que orixinase o remate ou a adxudicación.

Así mesmo, o secretario xudicial mandará a cancelación de todas as inscricións e anotacións posteriores, incluso as que se verificasen despois de expedida a certificación prevista no artigo 656, facéndose constar no mesmo mandamento que o valor do vendido ou adxudicado foi igual ou inferior ao importe total do crédito do demandante e, no caso de telo superado, que se retivo o remanente á disposición dos interesados.

Tamén se expresarán no mandamento as demais circunstancias que a lexislación hipotecaria exixa para a inscrición da cancelación.»

Douscentos noventa e nove. Os números 2 e 3 do artigo 675 quedan redactados como segue:

«2. Se o inmovible estivese ocupado, o secretario xudicial acordará de inmediato o lanzamento cando o tribunal resolva, conforme o previsto no número 2 do artigo 661, que o ocupante ou ocupantes non teñen dereito a permanecer nel. Os ocupantes desaloxados poderán exercer os dereitos que crean que os asisten no xuízo que corresponda.

Cando, estando o inmovible ocupado, non se procedese previamente conforme o disposto no número 2 do artigo 661, o adquirente poderá pedir ao tribunal da execución o lanzamento de quen, tendo en conta o disposto no artigo 661, poida considerarse ocupante de simple feito ou sen título suficiente. A petición deberá efectuarse no prazo dun ano desde a adquisición do inmovible polo rematante ou adxudicatario, transcorrido o cal a pretensión de desaloxo só poderá facerse valer no xuízo que corresponda.

3. A petición de lanzamento a que se refire o punto anterior notificaráselles aos ocupantes indicados polo adquirente, con citación a unha vista que sinalará o secretario xudicial dentro do prazo de dez días, na cal poderán alegar e probar o que consideren oportuno respecto da súa situación. O tribunal, por medio de auto, sen ulterior recurso, resolverá sobre o lanzamento, que decretará en todo caso se o ocupante ou ocupantes citados non compareceren sen xusta causa.»

Trescentos. O artigo 676 queda redactado como segue:

«Artigo 676. *Constitución da administración.*

1. En calquera momento poderá o executante pedir do secretario xudicial responsable da execución que entregue en administración todos ou parte dos bens embargados para aplicar os seus rendementos ao pagamento do principal, xuros e custas da execución.

Se o executante decide que a administración foi realizada por terceiras persoas, o secretario xudicial fixará, mediante decreto e á custa do executado, a súa retribución.

2. O secretario xudicial, mediante decreto, acordará a administración para pagamento cando a natureza dos bens así o aconselle e disporá que, logo de inventario, se poña ao executante en posesión dos bens, e que se lles dea a coñecer ás persoas que o mesmo executante designe.

Antes de acordar a administración darase audiencia, se é o caso, aos terceiros titulares de dereitos sobre o ben embargado inscritos ou anotados con posterioridade ao do executante.

3. O secretario xudicial, por instancia do executante, poderá impor multas coercitivas ao executado que impida ou dificulte o exercicio das facultades do administrador, sen prexuízo das demais responsabilidades en que aquel puidese ter incorrido. Igualmente por instancia do executante, o tribunal poderá impor multas coercitivas aos terceiros que impidan ou dificulten o exercicio das facultades do administrador, caso en que se seguirá o procedemento establecido nos números 2 e 3 do artigo 591.»

Trescentos un. O artigo 678 queda redactado como segue:

«Artigo 678. *Rendición de contas.*

1. Agás que outra cousa acorden o secretario xudicial responsable da execución ou as partes, o acredor renderá contas anualmente da administración para pagamento ao secretario xudicial. Das contas presentadas polo acredor darase

vista ao executado, polo prazo de quince días. Se este formula alegacións, daráselle traslado delas ao executante para que, polo prazo de nove días, manifeste se está ou non conforme con elas.

2. Se non existe acordo entre eles, o secretario xudicial convocaraos a ambos a unha comparecencia no prazo de cinco días, na cal se admitirán as probas que se propuxesen e se considerasen útiles e pertinentes, fixando para practicalas o tempo que se considere prudencial, que non poderá exceder os dez días.

Practicada, se é o caso, a proba admitida, o secretario xudicial ditará decreto, no prazo de cinco días, en que resolverá o procedente sobre a aprobación ou rectificación das contas presentadas. Contra o dito decreto caberá recurso directo de revisión.»

Trescentos dous. O artigo 679 queda redactado como segue:

«Artigo 679. *Controversias sobre a administración.*

Agás as controversias sobre rendición de contas, todas as demais cuestións que poidan xurdir entre o acreedor e o executado, con motivo da administración dos predios embargados, substanciaranse polos trámites establecidos para o xuízo verbal ante o tribunal que autorizou a execución.»

Trescentos tres. O número 3 do artigo 680 queda redactado como segue:

«3. Se o executante non logra a satisfacción do seu dereito mediante a administración, poderá pedir que o secretario xudicial encargado da execución poña fin a esta e que, logo de rendición de contas, proceda á realización forzosa por outros medios.»

Trescentos catro. Modifícase o número 1 do artigo 686 e engádese un novo número 3 coa seguinte redacción:

«1. No auto polo que se autorice e despache a execución mandarase que se requira de pagamento o debedor e, se é o caso, o hipotecante non debedor ou o terceiro posuidor contra quen se dirixise a demanda, no domicilio que resulte vixente no rexistro.

3. Intentado sen efecto o requirimento no domicilio que resulte do rexistro, non podendo ser realizado este coas persoas a que se refire o punto anterior, procederase a ordenar a publicación de edictos na forma prevista no artigo 164 desta lei.»

Trescentos cinco. Os números 1 e 2 do artigo 687 quedan redactados como segue:

«1. Cando o procedemento teña por obxecto débedas garantidas por peñor ou hipoteca de vehículos de motor, o secretario xudicial mandará que os bens peñorados ou os vehículos hipotecados se depositen en poder do acreedor ou da persoa que este designe.

Os vehículos depositados precintaranse e non poderán ser utilizados, agás que iso non sexa posible por disposicións especiais, caso en que o secretario xudicial nomeará un interventor.

2. O depósito a que se refire o punto anterior acordarase mediante decreto o secretario xudicial se se lle requiriu extraxudicialmente pagamento ao debedor. Noutro caso, ordenarase requirir de pagamento ao debedor conforme o previsto nesta lei e, se este non atendese o requirimento, mandarase constituír o depósito.»

Trescentos seis. Os números 2 e 3 do artigo 688 quedan redactados como segue:

«2. O rexistrador fará constar por nota marxinal na inscrición de hipoteca que se expediu a certificación de dominio e cargas, expresando a súa data e a existencia do procedemento a que se refire.

Mentres non se cancele por mandamento do secretario xudicial a dita nota marxinal, o rexistrador non poderá cancelar a hipoteca por causas distintas da propia execución.

3. Se da certificación resulta que a hipoteca en que o executante funda a súa reclamación non existe ou foi cancelada, o secretario xudicial ditará decreto que poña fin á execución.»

Trescentos sete. Os números 2, 3 e 4 do artigo 690 quedan redactados como segue:

«2. Se os acredores fosen máis de un, corresponderalle a administración ao que sexa preferente, segundo o rexistro, e se fosen da mesma prelación poderá pedila calquera deles en beneficio común, aplicando os froitos, rendas e produtos segundo determina o punto anterior, a pro rata entre os créditos de todos os demandantes. Se o pedisen varios da mesma prelación, decidirá o secretario xudicial mediante decreto segundo o seu prudente arbitrio.

3. A duración da administración e posesión interina que se conceda ao acredor non excederá, como norma xeral, os dous anos, se a hipoteca fose inmobiliaria, e dun ano, se fose mobiliaria ou naval. Ao seu termo, o acredor renderá contas da súa xestión ao secretario xudicial responsable da execución, quen as aprobará, se procede. Sen este requisito non poderá proseguirse a execución. Contra a resolución do secretario poderá ser interposto recurso directo de revisión.

4. Cando se siga o procedemento por débeda garantida con hipoteca sobre vehículo de motor, só acordará o secretario xudicial a administración a que se refiren os puntos anteriores se o acredor que a solicite presta caución suficiente en calquera das formas previstas no parágrafo segundo do número 3 do artigo 529.»

Trescentos oito. O número 2 do artigo 691 queda redactado como segue:

«A poxa anunciarase polo menos con vinte días de antelación. O sinalamento do lugar, día e hora para o remate notificaráselle ao debedor, coa mesma antelación, no domicilio que conste no rexistro ou, se é o caso, na forma en que se practicase o requirimento conforme o previsto no artigo 686 desta lei.»

Trescentos nove. O número 3 do artigo 693 queda redactado como segue:

«3. No caso a que se refire o punto anterior, o acredor poderá solicitar que, sen prexuízo de que a execución se despache pola totalidade da débeda, se lle comunique ao debedor que, ata o día sinalado para a celebración da poxa, poderá liberar o ben mediante a consignación da cantidade exacta que por principal e xuros estivese vencida na data de presentación da demanda, incrementada, se é o caso, cos vencementos do préstamo e os xuros de demora que se vaian producindo ao longo do procedemento e resulten impagados en todo ou en parte. Para estes efectos, o acredor poderá solicitar que se proceda conforme o previsto no número 2 do artigo 578.

Se o ben hipotecado fose a vivenda familiar, o debedor poderá, aínda sen o consentimento do acredor, liberar o ben mediante a consignación das cantidades expresadas no parágrafo anterior.

Liberado un ben por primeira vez, poderá liberarse en segunda ou posteriores ocasións sempre que, polo menos, medien cinco anos entre a data da liberación e a do requirimento de pagamento xudicial ou extraxudicial efectuado polo acredor.

Se o debedor efectúa o pagamento nas condicións previstas nos puntos anteriores, taxaranse as custas, que se calcularán sobre a contía das cotas atrasadas aboadas e xuros vencidos e, unha vez satisfeitas estas, o secretario xudicial ditará decreto en que libere o ben e declare terminado o procedemento. O mesmo se acordará cando o pagamento o realice un terceiro co consentimento do executante.»

Trescentos dez. O número 2 do artigo 695 queda redactado como segue:

«2. Formulada a oposición a que se refire o punto anterior, o secretario xudicial suspenderá a execución e convocará as partes a unha comparecencia ante o tribunal que ditou a orde xeral de execución, debendo mediar catro días desde a citación, comparecencia en que o tribunal oírás as partes, admitirá os documentos que se presenten e acordará en forma de auto o que considere procedente dentro do segundo día.»

Trescentos once. O artigo 700 queda redactado como segue:

«Artigo 700. *Embargo de garantía e caución substitutoria.*

Se o requirimento para facer, non facer ou entregar cousa distinta dunha cantidade de diñeiro non pode ter inmediato cumprimento, o secretario xudicial, por instancia do executante, poderá acordar as medidas de garantía que resulten adecuadas para asegurar a efectividade da condena.

Acordarase, en todo caso, cando o executante o solicite, o embargo de bens do executado en cantidade suficiente para asegurar o pagamento das eventuais indemnizacións substitutorias e as custas da execución. Contra este decreto cabe recurso directo de revisión sen efecto suspensivo ante o tribunal que ditou a orde xeral de execución.

O embargo alzarase se o executado presta caución en contía suficiente fixada polo secretario xudicial ao acordar o embargo, en calquera das formas previstas no parágrafo segundo do número 3 do artigo 529.»

Trescentos doce. O parágrafo primeiro do número 1 e o número 2 do artigo 701 quedan redactados como segue:

«1. Cando do título executivo se desprenda o deber de entregar cousa moble certa e determinada e o executado non leve a cabo a entrega dentro do prazo que se lle concedeu, o secretario xudicial responsable da execución porá o executante en posesión da cousa debida, empregando para iso os constrinximentos que crea precisos. Se fose necesario proceder á entrada en lugares cerrados, solicitará a autorización do tribunal que ordenou a execución, e poderase auxiliar da forza pública, se for preciso.»

«2. Se se ignora o lugar en que a cousa se encontra ou se non se encontra ao buscala no sitio en que debese atoparse, o secretario xudicial interrogará o executado ou a terceiros, con apercibimento de incorrer en desobediencia, para que digan se a cousa está ou non no seu poder e se saben onde se encontra.»

Trescentos trece. O número 1 do artigo 702 queda redactado como segue:

«1. Se o título executivo se refire á entrega de cousas xenéricas ou indeterminadas, que poden ser adquiridas nos mercados e, pasado o prazo, non se cumpriu o requirimento, o executante poderá instar do secretario xudicial que sexa posto en posesión das cousas debidas ou que sexa facultado para que as adquira, por conta do executado, ordenando, ao mesmo tempo, o embargo de bens suficientes para pagar a adquisición, da que o executante dará conta xustificada.

2. Se o executante manifesta que a adquisición tardía das cousas xenéricas ou indeterminadas conforme o punto anterior non satisfai xa o seu interese lexítimo, determinarase o equivalente pecuniario, cos danos e perdas que se lle puidesen causar ao executante, que se liquidarán conforme os artigos 712 e seguintes.»

Trescentos catorce. Modifícase o número 1 do artigo 703 e engádese un novo número 4, que queda redactado como segue:

«1. Se o título dispón a transmisión ou entrega dun ben inmovle, unha vez ditado o auto que autorice e despache a execución, o secretario xudicial responsable

desta ordenará de inmediato o que proceda segundo o contido da condena e, se é o caso, disporá o necesario para adecuar o rexistro ao título executivo.

Se no inmovible que haxa que entregar hai cousas que non sexan obxecto do título, o secretario xudicial requirirá o executado para que as retire dentro do prazo que sinala. Se non as retira, consideraranse bens abandonados para todos os efectos.»

«4. Se con anterioridade á data fixada para o lanzamento, en caso de que o título consista nunha sentenza ditada nun xuízo de desafuzamento de predio urbano, se entregase a posesión efectiva ao demandante, acreditándoo o arrendador ante o secretario xudicial encargado da execución, ditarase decreto en que se declare executada a sentenza e en que se cancele a dilixencia, a non ser que o demandante solicite o seu mantemento para que se levante acta do estado en que se encontre o predio.»

Trescentos quince. O parágrafo primeiro do número 1 e o parágrafo primeiro do número 2 do artigo 704 quedan redactados como segue:

«1. Cando o inmovible cuxa posesión se deba entregar sexa vivenda habitual do executado ou de quen del dependan, o secretario xudicial daralles un prazo dun mes para desaloxalo. De existir motivo fundado, poderá prorrogarse o dito prazo un mes máis.

2. Se o inmovible a cuxa entrega obriga o título executivo estivese ocupado por terceiras persoas distintas do executado e de quen con el comparta a utilización daquel, o secretario xudicial responsable da execución, tan pronto como coñeza a súa existencia, notificaralles o despacho da execución ou a pendencia desta para que, no prazo de dez días, presenten os títulos que xustifiquen a súa situación.»

Trescentos dezaseis. O parágrafo primeiro do número 1 e o parágrafo primeiro do número 2 do artigo 706 quedan redactados como segue:

«1. Cando o facer a que obrigue o título executivo non sexa persoalísimo, se o executado non o leva a cabo no prazo sinalado polo secretario xudicial, o executante poderá pedir ser facultado para llo encargar a un terceiro, por conta do executado, ou reclamar o resarcimento de danos e perdas.»

«2. Se, conforme o disposto no punto anterior, o executante opta por encargar o facer a un terceiro, valorarase previamente o custo do dito facer por un perito taxador designado polo secretario xudicial e, se o executado non depositase a cantidade que este aprobe mediante decreto, susceptible de recurso directo de revisión sen efecto suspensivo ante o tribunal que ditou a orde xeral de execución, ou non afianzase o pagamento, procederá de inmediato ao embargo de bens e á súa realización forzosa ata obter a suma que sexa necesaria.»

Trescentos dezasete. O parágrafo primeiro do artigo 707 queda redactado como segue:

«Cando a sentenza ordene a publicación ou difusión, total ou parcial, do seu contido en medios de comunicación por conta da parte vencida no proceso, poderá despacharse a execución para obter a efectividade deste pronunciamento, e o secretario xudicial requirirá o executado para que contrate os anuncios que resulten procedentes.»

Trescentos dezaioito. O parágrafo primeiro do número 1 do artigo 708 queda redactado como segue:

«1. Cando unha resolución xudicial ou arbitral firme condene a emitir unha declaración de vontade, transcorrido o prazo de vinte días que establece o artigo

548 sen que fose emitida polo executado, o tribunal competente, por medio de auto, resolverá ter por emitida a declaración de vontade, se estivesen predeterminados os elementos esenciais do negocio. Emitida a declaración, o executante poderá pedir que o secretario xudicial responsable da execución expida, con testemuño do auto, mandamento de anotación ou inscrición no rexistro ou rexistros que corresponda, segundo o contido e obxecto da declaración de vontade.»

Trescentos dezanove. O número 3 do artigo 709 queda redactado como segue:

«3. Cando se acorde compeler o executado con multas mensuais, o secretario xudicial responsable da execución reiterará trimestralmente os requirimentos, ata que se cumpra un ano desde o primeiro. Se, ao cabo do ano, o executado continúa refusando facer o que dispoña o título, proseguirá a execución para entregar ao executante un equivalente pecuniario da prestación ou para a adopción de calquera outra medida que resulte idónea para a satisfacción do executante e que, por petición deste e oído o executado, poderá acordar o tribunal.»

Trescentos vinte. O número 1 do artigo 710 queda redactado como segue:

«1. Se o condenado a non facer algunha cousa quebranta a sentenza, será requirido, por instancia do executante por parte do secretario xudicial responsable da execución, para que desfaga o mal feito se for posible, indemnice os danos e perdas causados e, se é o caso, se absteña de reiterar o quebrantamento, con apercibimento de incorrer no delito de desobediencia á autoridade xudicial.

Procederáse desta forma tantas veces incumpra a condena e para que desfaga o mal feito será intimado polo secretario xudicial coa imposición de multas por cada mes que transcorra sen desfacerlo.»

Trescentos vinte e un. O parágrafo primeiro do número 1 do artigo 711 queda redactado como segue:

«1. Para determinar a contía das multas previstas nos artigos anteriores terase en conta o prezo ou a contraprestación do facer persoalísimo establecidos no título executivo e, se non constasen nel ou se tratase de desfacer o mal feito, o custo en diñeiro que no mercado se atribúa a esas condutas.»

Trescentos vinte e dous. O número 2 do artigo 713 queda redactado como segue:

«2. Do escrito e da relación de danos e perdas e demais documentos dará traslado o secretario xudicial a quen teña que aboar os danos e perdas, para que, no prazo de dez días, conteste o que considere conveniente.»

Trescentos vinte e tres. O número 1 do artigo 714 queda redactado como segue:

«1. Se o debedor se conforma coa relación dos danos e perdas e o seu importe, aprobará o secretario xudicial responsable da execución mediante decreto, e procederáse a facer efectiva a suma convida na forma establecida nos artigos 571 e seguintes para a execución en diñeiro.»

Trescentos vinte e catro. O artigo 715 queda redactado como segue:

«Artigo 715. *Oposición do debedor.*

Se, dentro do prazo legal, o debedor se opón motivadamente á petición do demandante, sexa en canto ás partidas de danos e perdas, sexa en canto á súa valoración en diñeiro, substanciaráse a liquidación de danos e prexuízos polos trámites establecidos para os xuízos verbais nos artigos 441 e seguintes, pero poderá o tribunal que ditou a orde xeral de execución, mediante providencia, por instancia de parte ou de oficio, se o considera necesario, nomear un perito que

ditamine sobre a efectiva produción dos danos e a súa avaliación en diñeiro. En tal caso, fixará o prazo para que emita ditame e o entregue no xulgado e a vista oral non se celebrará ata pasados dez días contados desde o seguinte ao traslado do ditame ás partes.»

Trescentos vinte e cinco. O parágrafo primeiro do artigo 717 queda redactado como segue:

«Cando se solicite a determinación do equivalente pecuniario dunha prestación que non consista na entrega dunha cantidade de diñeiro, expresaranse as estimacións pecuniarias da dita prestación e as razóns que as fundamenten, xuntando os documentos que o solicitante considere oportunos para fundar a súa petición, da que o secretario xudicial dará traslado a quen teña que pagar para que, no prazo de dez días, conteste o que considere conveniente.»

Trescentos vinte e seis. O artigo 718 queda redactado como segue:

«Artigo 718. *Liquidación de froitos e rendas. Solicitude e requirimento ao debedor.*

Se se solicita a determinación da cantidade que se debe en concepto de froitos, rendas, utilidades ou produtos de calquera clase, o secretario xudicial responsable da execución requirirá o debedor para que, dentro dun prazo que se determinará segundo as circunstancias do caso, presente a liquidación, atendendo, se é o caso, ás bases que estableza o título.»

Trescentos vinte e sete. O parágrafo primeiro do número 1 do artigo 719 queda redactado como segue:

«1. Se o debedor presenta a liquidación de froitos, rendas, utilidades ou produtos de calquera clase a que se refire o artigo anterior, darase traslado dela ao acredor e, se se mostra conforme, aprobarase por decreto e procederase a facer efectiva a suma convida na forma establecida nos artigos 571 e seguintes para a execución en diñeiro.»

Trescentos vinte e oito. O artigo 720 queda redactado como segue:

«Artigo 720. *Rendición de contas dunha administración.*

As disposicións contidas nos artigos 718 e 719 serán aplicables ao caso en que o título executivo se refira ao deber de render contas dunha administración e entregar o saldo destas; pero os prazos poderaos ampliar mediante decreto o secretario xudicial responsable da execución cando o considere necesario, atendida a importancia e complicación do asunto.»

Trescentos vinte e nove. O artigo 722 queda redactado como segue:

«Artigo 722. *Medidas cautelares en procedemento arbitral e litixios estranxeiros.*

Poderalle pedir ao tribunal medidas cautelares quen acredite ser parte dun proceso arbitral pendente en España; ou, se é o caso, ter pedido a formalización xudicial a que se refire o artigo 15 da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje; ou no suposto dunha arbitraje institucional, ter presentado a debida solicitude ou encarga á institución correspondente segundo o seu regulamento.»

«Sen prexuízo das regras especiais previstas nos tratados e convenios ou nas normas comunitarias que sexan de aplicación, tamén poderá solicitar dun tribunal español quen acredite ser parte dun proceso xurisdiccional ou arbitral que se siga nun país estranxeiro a adopción de medidas cautelares se se dan os presupostos legalmente previstos agás nos casos en que para coñecer do asunto principal fosen exclusivamente competentes os tribunais españois.»

Trescentos trinta. O número 2 do artigo 728 queda redactado como segue:

«2. O solicitante de medidas cautelares tamén terá que presentar coa súa solicitude os datos, argumentos e xustificacións documentais que conduzan a fundar, por parte do tribunal, sen prexulgar o fondo do asunto, un xuízo provisional e indiciario favorable ao fundamento da súa pretensión. En defecto de xustificación documental, o solicitante poderá ofrecela por outros medios de proba, que deberá propor en forma no mesmo escrito.»

Trescentos trinta e un. O parágrafo segundo do número 2 do artigo 730 queda redactado como segue:

«Neste caso, as medidas que se acordasen quedarán sen efecto se a demanda non se presenta ante o mesmo tribunal que coñeceu da solicitude daquelas nos vinte días seguintes á súa adopción. O secretario xudicial, de oficio, acordará mediante decreto que se alcen ou revoguen os actos de cumprimento que fosen realizados, condenará o solicitante nas custas e declarará que é responsable dos danos e perdas que lle producise ao suxeito respecto do cal se adoptaron as medidas.»

Trescentos trinta e dous. O número 1 do artigo 734 queda redactado como segue:

«1. Recibida a solicitude, o secretario xudicial, mediante dilixencia, agás os casos do parágrafo segundo do artigo anterior, no prazo de cinco días contados desde a notificación daquela ao demandado, convocará as partes a unha vista, que se celebrará dentro dos dez días seguintes sen necesidade de seguir a orde dos asuntos pendentes cando así o exixa a efectividade da medida cautelar.»

Trescentos trinta e tres. Os parágrafos primeiro e segundo do número 2 do artigo 738 quedan redactados como segue:

«2. Se o acordado é o embargo preventivo procederáse conforme o previsto nos artigos 584 e seguintes para os embargos decretados no proceso de execución, pero sen que o debedor estea obrigado á manifestación de bens que dispón o artigo 589. As decisións sobre mellora, redución ou modificación do embargo preventivo deberán ser adoptadas, se é o caso, polo tribunal.

Se o acordado é a administración xudicial procederáse conforme os artigos 630 e seguintes.»

Trescentos trinta e catro. O número 1 do artigo 741 queda redactado como segue:

«1. Do escrito de oposición daralle traslado o secretario xudicial ao solicitante, procedéndose seguidamente conforme o previsto no artigo 734.»

Trescentos trinta e cinco. O número 1 do artigo 744 queda redactado como segue:

«1. Absolto o demandado en primeira ou segunda instancia, o secretario xudicial ordenará o inmediato alzamento das medidas cautelares adoptadas, agás que o recorrente solicite o seu mantemento ou a adopción dalgunha medida distinta. Nese caso daráselle conta ao tribunal e este, oída a parte contraria, atendidas as circunstancias do caso e logo de aumento do importe da caución, resolverá o procedente sobre a solicitude do recorrente, mediante auto.»

Trescentos trinta e seis. O parágrafo primeiro do artigo 745 queda redactado como segue:

«Firme unha sentenza absolutoria, sexa no fondo ou na instancia, o secretario xudicial alzarará de oficio todas as medidas cautelares adoptadas e procederáse conforme o disposto no artigo 742 respecto dos danos e perdas que puidese ter sufrido o demandado.»

Trescentos trinta e sete. Modifícase o parágrafo segundo do número 1 do artigo 747, que queda redactado como segue:

«Logo de traslado do escrito ao solicitante da medida cautelar, por cinco días, o secretario xudicial convocará as partes a unha vista sobre a solicitude de caución substitutoria, conforme o disposto no artigo 734. Celebrada a vista, resolverá o tribunal mediante auto o que considere procedente, no prazo doutros cinco días.»

Trescentos trinta e oito. O parágrafo segundo do número 2 do artigo 750 queda redactado como segue:

«Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando algún dos pactos propostos polos cónxuxes non sexa aprobado polo tribunal, o secretario xudicial requirirá as partes co fin de que no prazo de cinco días manifesten se desexan continuar coa defensa e representación únicas ou se, polo contrario, prefiren litigar cada unha coa súa propia defensa e representación. Así mesmo, cando, a pesar do acordo suscrito polas partes e homologado polo tribunal, unha das partes pida a execución xudicial do dito acordo, o secretario xudicial requirirá a outra para que nomee avogado e procurador que a defenda e represente.»

Trescentos trinta e nove. O artigo 753 queda redactado como segue:

«Artigo 753. *Tramitación.*

1. Agás que expresamente se dispoña outra cousa, os procesos a que se refire este título substanciaranse polos trámites do xuízo verbal, pero o secretario xudicial dará traslado da demanda ao Ministerio Fiscal, cando proceda, e ás demais persoas que, conforme a lei, deban ser parte no procedemento, fosen ou non demandados, emprazándoos para que a contesten no prazo de vinte días, conforme o establecido no artigo 405 desta lei.

2. Na celebración da vista de xuízo verbal nestes procesos e da comparecencia a que se refire o artigo 771 desta lei, unha vez practicadas as probas o tribunal permitirá ás partes formular oralmente as súas conclusións, sendo de aplicación para tal fin o establecido nos números 2, 3 e 4 do artigo 433.»

Trescentos corenta. O parágrafo primeiro do artigo 755 queda redactado como segue:

«Cando proceda, o secretario xudicial acordará que as sentenzas e demais resolucións ditadas nos procedementos a que se refire este título se comuniquen de oficio aos rexistros civís para a práctica dos asentos que correspondan.»

Trescentos corenta e un. O parágrafo segundo do artigo 758 queda redactado como segue:

«De non o faceren, serán defendidos polo Ministerio Fiscal, sempre que non fose este o promotor do procedemento. Noutro caso, o tribunal designará un defensor xudicial, a non ser que estea xa nomeado.»

Trescentos corenta e dous. O parágrafo segundo do número 3 do artigo 768 queda redactado como segue:

«Non obstante, cando concorran razóns de urxencia, poderanse acordar as medidas sen máis trámites, e o secretario xudicial mandará citar os interesados a unha comparecencia, que se celebrará dentro dos dez días seguintes e na cal, tras oír as alegacións dos comparecentes sobre a procedencia das medidas adoptadas, resolverá o tribunal o que proceda por medio de auto.»

Trescentos corenta e tres. Modifícase a regra 4ª do artigo 770, que queda redactada como segue:

«4.ª As probas que non poidan practicarse no acto da vista practícaranse dentro do prazo que o tribunal sinala, que non poderá exceder os trinta días.

Durante este prazo, o tribunal poderá acordar de oficio as probas que considere necesarias para comprobar a concorrencia das circunstancias en cada caso exixidas polo Código civil para decretar a nulidade, separación ou divorcio, así como as que se refiran a feitos dos cales dependan os pronunciamentos sobre medidas que afecten os fillos menores ou incapacitados, de acordo coa lexislación civil aplicable. Se o procedemento fose contencioso e se estima necesario de oficio ou por petición do fiscal, partes ou membros do equipo técnico xudicial ou do propio menor, oíranse os fillos menores ou incapacitados se tivesen suficiente xuízo e, en todo caso, os maiores de doce anos.

Nas exploracións de menores nos procedementos civís o xuíz garantirá que o menor poida ser oído en condicións idóneas para a salvagarda dos seus intereses, sen interferencias doutras persoas e solicitando excepcionalmente o auxilio de especialistas cando iso sexa necesario.»

Trescentos corenta e catro. O número 2 e o parágrafo primeiro do número 3 do artigo 771 quedan redactados como segue:

«2. Á vista da solicitude, o secretario xudicial citará os cónxuxes e, se houber fillos menores ou incapacitados, o Ministerio Fiscal, a unha comparecencia en que se intentará un acordo das partes, que sinalará o secretario xudicial e que se celebrará nos dez días seguintes. Á dita comparecencia deberá acudir o cónxuxe demandado asistido polo seu avogado e representado polo seu procurador.

Desta resolución dará conta no mesmo día ao tribunal para que poida acordar de inmediato, se a urxencia do caso o aconsella, os efectos a que se refire o artigo 102 do Código civil e o que considere procedente en relación coa custodia dos fillos e uso da vivenda e enxoval familiares. Contra esta resolución non se dará ningún recurso.»

«3. No acto da comparecencia a que se refire o punto anterior, se non hai acordo dos cónxuxes sobre as medidas que cómpre adoptar ou se o dito acordo, oído, se é o caso, o Ministerio Fiscal, non fose aprobado en todo ou en parte polo tribunal, oíranse as alegacións dos concorrentes e practícarase a proba que estes propoñan e que non sexa inútil ou impertinente, así como a que o tribunal acorde de oficio. Se algunha proba non puidese practicarse na comparecencia, o secretario xudicial sinalará data para a súa práctica, en unidade de acto, dentro dos dez días seguintes.»

Trescentos corenta e cinco. O artigo 772 queda redactado como segue:

«Artigo 772. *Confirmación ou modificación das medidas provisionais previas á demanda, ao admitirse esta.*

1. Cando se adoptasen medidas con anterioridade á demanda, admitida esta, o secretario xudicial unirá as actuacións sobre adopción das ditas medidas aos autos do proceso de nulidade, separación ou divorcio, e solicitarase, para tal efecto, o correspondente testemuño, se as actuacións sobre as medidas se producisen en tribunal distinto do que coñeza da demanda.

2. Só cando o tribunal considere que procede completar ou modificar as medidas previamente acordadas ordenará que se convoquen as partes a unha comparecencia, que sinalará o secretario xudicial e se substanciará conforme o disposto no artigo anterior.

Contra o auto que se dite non se dará ningún recurso.»

Trescentos corenta e seis. O parágrafo primeiro do número 3 e o parágrafo segundo do número 4 do artigo 773 quedan redactados como segue:

«3. Antes de ditar o tribunal a resolución a que se refire o punto anterior, o secretario xudicial convocará os cónxuxes e, se é o caso, o Ministerio Fiscal, a unha comparecencia, que se substanciará conforme o previsto no artigo 771.»

«Se a vista non puidese sinalarse no prazo indicado, o secretario xudicial convocará a comparecencia a que se refire o número 3 deste artigo.»

Trescentos corenta e sete. O número 5 do artigo 774 queda redactado como segue:

«5. Os recursos que, conforme a lei, se interpoñan contra a sentenza non suspenderán a eficacia das medidas que se acordasen nesta. Se a impugnación afecta unicamente os pronunciamentos sobre medidas, o secretario xudicial declarará a firmeza do pronunciamento sobre a nulidade, separación ou divorcio.»

Trescentos corenta e oito. O artigo 776 queda redactado como segue:

«Artigo 776. *Execución forzosa dos pronunciamentos sobre medidas.*

Os pronunciamentos sobre medidas executaranse conforme o disposto no libro III desta lei, coas especialidades seguintes:

1.^a Ao cónxuxe ou proxenitor que incumpra de maneira reiterada as obrigas de pagamento de cantidade que lle correspondan, o secretario xudicial poderalle impor multas coercitivas, conforme o disposto no artigo 711 e sen prexuízo de facer efectivas sobre o seu patrimonio as cantidades debidas e non satisfeitas.

2.^a En caso de incumprimento de obrigas non pecuniarias de carácter persoalísimo, non procederá a substitución automática polo equivalente pecuniario prevista no punto terceiro do artigo 709 e poderán, se así o xulga conveniente o tribunal, manterse as multas coercitivas mensuais todo o tempo que sexa necesario máis alá do prazo dun ano establecido no dito precepto.

3.^a O incumprimento reiterado das obrigas derivadas do réxime de visitas, tanto por parte do proxenitor gardador como do non gardador, poderá dar lugar á modificación polo tribunal do réxime de garda e visitas.

4.^a Cando deban ser obxecto de execución forzosa gastos extraordinarios, non expresamente previstos nas medidas definitivas ou provisionais, deberá solicitarse previamente ao despacho de execución a declaración de que a cantidade reclamada ten a consideración de gasto extraordinario. Do escrito en que se solicita a declaración de gasto extraordinario darase vista á contraria e, en caso de oposición dentro dos cinco días seguintes, o tribunal convocará as partes a unha vista que se substanciará conforme o disposto nos artigos 440 e seguintes e que resolverá mediante auto.»

Trescentos corenta e nove. O número 3 do artigo 777 queda redactado como segue:

«3. Admitida a solicitude de separación ou divorcio, o secretario xudicial citará os cónxuxes, dentro dos tres días seguintes, para que se ratifiquen por separado na súa petición. De esta non ser ratificada por algún dos cónxuxes, o secretario xudicial acordará de inmediato o arquivo das actuacións, quedando a salvo o dereito dos cónxuxes a promover a separación ou o divorcio conforme o disposto no artigo 770. Contra esta resolución do secretario xudicial poderá interporse recurso directo de revisión ante o tribunal.»

Trescentos cincuenta. Os números 3 e 4 do artigo 780 quedan redactados como segue:

«3. O secretario xudicial reclamará á entidade administrativa un testemuño completo do expediente, que deberá ser presentado no prazo de vinte días.

4. Recibido o testemuño do expediente administrativo, o secretario xudicial emprazará o demandante por vinte días para que presente a demanda, que se tramitará conforme o previsto no artigo 753.»

Trescentos cincuenta e un. O artigo 781 queda redactado como segue:

«Artigo 781. *Procedemento para determinar a necesidade de asentamento na adopción.*

1. Os pais que pretendan que se recoñeza a necesidade do seu asentamento para a adopción poderán comparecer ante o tribunal que estea coñecendo do correspondente expediente e manifestalo así. O secretario xudicial, con suspensión do expediente, sinalará o prazo que considere necesario para a presentación da demanda, que non poderá ser superior a vinte días. Presentada a demanda, tramitarase conforme o previsto no artigo 753.

2. Se non se presenta a demanda no prazo fixado polo secretario xudicial, ditarase decreto en que se dá por finalizado o trámite, decreto que será impugnado directamente en revisión ante o tribunal. Firme esta resolución, non se admitirá ningunha reclamación posterior dos mesmos suxeitos sobre necesidade de asentamento para a adopción de que se trate.»

Trescentos cincuenta e dous. Os números 2, 4 e 5 do artigo 783 quedan redactados como segue:

«2. Practicadas as actuacións anteriores ou, de non ser necesario, á vista da solicitude de división xudicial da herdanza, o secretario xudicial convocará á xunta os herdeiros, os legatarios de parte alícuota e o cónxuxe sobrevivente, sinalando día dentro dos dez seguintes.»

«4. O secretario xudicial convocará tamén o Ministerio Fiscal para que represente os interesados na herdanza que sexan menores ou incapacitados e non teñan representación lexítima e os ausentes cuxo paradiro se ignore. A representación do Ministerio Fiscal cesará unha vez que os menores ou incapacitados estean habilitados de representante legal ou defensor xudicial e, respecto dos ausentes, cando se presenten no xuízo ou poidan ser citados persoalmente, aínda que volvan ausentarse.»

«5. Os acredores a que se refire o número 5 do artigo anterior serán convocados polo secretario xudicial á xunta cando estean constituídos como parte no procedemento. Os que non estean constituídos como parte non serán citados, pero poderán participar nela se concorren no día sinalado achegando os títulos xustificativos dos seus créditos.»

Trescentos cincuenta e tres. O número 4 do artigo 784 queda redactado como segue:

«4. Será aplicable ao contador designado por sorteo o disposto para a recusación e provisión de fondos dos peritos.»

Trescentos cincuenta e catro. Os números 1 e 3 do artigo 785 quedan redactados como segue:

«1. Elixidos o contador e os peritos, se é o caso, logo de aceptación, o secretario xudicial entregalle os autos ao primeiro e porá á disposición deste e dos

peritos cantos obxectos, documentos e papeis necesiten para practicar o inventario, cando este non estea feito, e a taxación, a liquidación e a división da herdanza.»

«3. Por instancia de parte, o secretario xudicial mediante dilixencia poderá fixarlle un prazo ao contador para que presente as operacións divisorias, e se non o verifica, será responsable dos danos e perdas.»

Trescentos cincuenta e cinco. Os números 1, 2, 3, 4 e 6 do artigo 787 quedan redactados como segue:

«1. O secretario xudicial dará traslado ás partes das operacións divisorias, emprazándoas por dez días para que formulen oposición. Durante este prazo, poderán as partes examinar na oficina xudicial os autos e as operacións divisorias e obter, á súa custa, as copias que soliciten.

A oposición terase que formular por escrito, expresando os puntos das operacións divisorias a que se refire e as razóns en que se funda.»

«2. Pasado o dito termo sen facerse oposición ou logo de que os interesados manifesten a súa conformidade, o secretario xudicial ditará decreto polo que aprobe as operacións divisorias, mandando protocolizalas.»

«3. Cando en tempo hábil se formalizase a oposición ás operacións divisorias, o secretario xudicial convocará o contador e as partes a unha comparecencia ante o tribunal, que se celebrará dentro dos dez días seguintes.»

«4. Se na comparecencia se alcanza a conformidade de todos os interesados respecto ás cuestións promovidas, executarase o acordado e o contador fará nas operacións divisorias as reformas convidadas, que serán aprobadas conforme o disposto no número 2 deste artigo.»

«6. Cando, conforme o establecido no artigo 40 desta lei, se suspendesen as actuacións por estar pendente causa penal en que se investigue un delito de suborno cometido na taxación dos bens da herdanza, a suspensión alzaraa o secretario xudicial, sen esperar a que a causa finalice por resolución firme, en canto os interesados, prescindindo da taxación impugnada, presentaren outro feito de común acordo, caso en que se ditará sentenza conforme o que resulte deste.»

Trescentos cincuenta e seis. Os números 1 e 2 do artigo 788 quedan redactados como segue:

«1. Aprobadas definitivamente as particións, o secretario xudicial procederá a entregarlles a cada un dos interesados o que nelas lles foi adxudicado e os títulos de propiedade, nos cales o actuario porá notas expresivas da adxudicación.

2. Logo de que sexan protocolizadas, o secretario xudicial daralles aos partícipes que o pidan testemuño do seu haber e adxudicación respectivos.»

Trescentos cincuenta e sete. O artigo 789 queda redactado como segue:

«Artigo 789. *Terminación do procedemento por acordo dos coherdeiros.*

En calquera estado do xuízo poderán os interesados separarse do seu seguimento e adoptar os acordos que consideren convenientes. Cando o solicitaren de común acordo, deberá o secretario xudicial sobreeser o xuízo e pór os bens á disposición dos herdeiros.»

Trescentos cincuenta e oito. O parágrafo primeiro do número 1 do artigo 791 queda redactado como segue:

«1. No caso a que se refire o número 1 do artigo anterior, unha vez practicadas as actuacións que nel se mencionan, o secretario xudicial adoptará mediante

diligencia as medidas que considere máis conducentes para indagar se a persoa de cuxa sucesión se trata morreu con disposición testamentaria ou sen ela, ordenando, para tal efecto, que se traia aos autos certificado do Rexistro Xeral de Actos de Derradeira Vontade, así como o certificado de defunción en canto sexa posible.»

Trescentos cincuenta e nove. O número 2 do artigo 793 queda redactado como segue:

«2. Ditada a dita resolución, o secretario xudicial sinalará día e hora para a formación de inventario, mandando citar os interesados.»

Trescentos sesenta. O parágrafo primeiro do número 4 do artigo 794 queda redactado como segue:

«4. De se suscitar controversia sobre a inclusión ou exclusión de bens no inventario, o secretario xudicial citará os interesados a unha vista, continuando a tramitación conforme o previsto para o xuízo verbal.»

Trescentos sesenta e un. O número 2 do artigo 796 queda redactado como segue:

«2. Durante a substanciación do procedemento de división xudicial da herdanza poderán pedir os herdeiros, de común acordo, que cese a intervención xudicial. O secretario xudicial así o acordará mediante decreto, agás cando algún dos interesados sexa menor ou incapacitado e non teña representante legal ou cando haxa algún herdeiro ausente que non puidese ser citado por ignorarse o seu paradiro.»

Trescentos sesenta e dous. O artigo 797 queda redactado como segue:

«Artigo 797. *Poseción do cargo de administrador da herdanza.*

1. Nomeado o administrador e prestada por este a caución, o secretario xudicial porao en posesión do seu cargo, dándolle a coñecer ás persoas que este designe daquelas con quen deba entenderse para o seu desempeño.

2. Para que poida acreditar a súa representación o secretario xudicial daralle testemuño, en que conste o seu nomeamento e que se acha en posesión do cargo.

3. Poderá facerse constar no rexistro da propiedade o estado de administración dos predios da herdanza e o nomeamento de administrador mediante o correspondente mandamento expedido polo secretario xudicial cos requisitos previstos na lexislación hipotecaria.»

Trescentos sesenta e tres. Os números 2 e 3 do artigo 799 quedan redactados como segue:

«2. Ao render a conta, o administrador consignará o saldo que resulte dela ou presentará o xustificante orixinal que acredite telo depositado no establecemento destinado para o efecto. No primeiro caso, o secretario xudicial acordará inmediatamente mediante diligencia o depósito e, no segundo, que se poña nos autos diligencia expresiva da data e a cantidade del.»

«3. Para o efecto de instruírse das contas e co fin de inspeccionar a administración ou promover calquera medida que verse sobre rectificación ou aprobación daquelas, serán postas de manifesto na oficina xudicial á parte que, en calquera tempo, o pida.»

Trescentos sesenta e catro. Os números 2 e 3 do artigo 800 quedan redactados como segue:

«2. Todas as contas do administrador, incluso a final, serán postas de manifesto ás partes na oficina xudicial, cando cese no desempeño do seu cargo, por un termo

común, que o secretario xudicial sinalará mediante dilixencia segundo a importancia daquelas.»

«3. Pasado o dito termo sen facerse oposición ás contas, o secretario xudicial ditará decreto aprobándoas e declarando exento de responsabilidade o administrador. No mesmo decreto mandará devolver ao administrador a caución que prestase.»

Trescentos sesenta e cinco. O número 2 do artigo 801 queda redactado como segue:

«2. Para este fin deberá facer as reparacións ordinarias que sexan indispensables para a conservación dos bens. Cando sexan necesarias reparacións ou gastos extraordinarios, porao en coñecemento do xulgado, o cal, oíndo nunha comparecencia os interesados que menciona o número 3 do artigo 793, no día e hora que para tal efecto sinale o secretario xudicial, e logo de recoñecemento pericial e formación de presuposto resolverá o que considere procedente, atendidas as circunstancias do caso.»

Trescentos sesenta e seis. Modifícanse o ordinal 4º do número 1 e o número 2 do artigo 804, que quedan redactados como segue:

«4.º Sobre os demais ingresos que haxa na administración, por conceptos diversos dos expresados nos parágrafos precedentes, o secretario xudicial sinalaralle do 4 ao 10 por cento, tendo en consideración os produtos do capital e o traballo da administración.»

«2. Tamén poderá acordar o secretario xudicial, mediante decreto, cando o considere xusto, que se aboan ao administrador os gastos de viaxes que teña necesidade de facer para o desempeño do seu cargo.»

Trescentos sesenta e sete. O número 2 do artigo 805 queda redactado como segue:

«2. Os ditos administradores renderanlle as súas contas e remitirán o que recaden ao administrador xudicial, considerándose como dependentes del, pero non poderán ser separados por este senón por causa xusta e con autorización mediante decreto do secretario xudicial.»

Trescentos sesenta e oito. Os parágrafos primeiro e cuarto do número 1 e o parágrafo primeiro do número 2 do artigo 809 quedan redactados como segue:

«1. Á vista da solicitude a que se refire o artigo anterior, o secretario xudicial sinalará día e hora para que, no prazo máximo de dez días, se proceda á formación de inventario, mandando citar os cónxuxes.»

«No mesmo día ou no seguinte, o tribunal resolverá o que proceda sobre a administración e disposición dos bens incluídos no inventario.»

«2. Se se suscita controversia sobre a inclusión ou exclusión dalgún concepto no inventario ou sobre o importe de calquera das partidas, o secretario xudicial citará os interesados a unha vista, continuando a tramitación conforme o previsto para o xuízo verbal.»

Trescentos sesenta e nove. Os números 3 e 5 do artigo 810 quedan redactados como segue:

«3. Admitida a trámite a solicitude de liquidación, o secretario xudicial sinalará, dentro do prazo máximo de dez días, o día e hora en que os cónxuxes deberán

comparecer ante el co obxecto de alcanzar un acordo e, no seu defecto, designar contador e, se é o caso, peritos, para a práctica das operacións divisorias.»

«5. De non lograrse acordo entre os cónxuxes sobre a liquidación do seu réxime económico-matrimonial, procederase, mediante dilixencia, ao nomeamento de contador e, se é o caso, peritos, conforme o establecido no artigo 784 desta lei, continuando a tramitación conforme o disposto nos artigos 785 e seguintes.»

Trescentos setenta. O número 3 e o parágrafo primeiro do número 5 do artigo 811 quedan redactados como segue:

«3. Á vista da solicitude de liquidación, o secretario xudicial sinalará, dentro do prazo máximo de dez días, o día e hora en que os cónxuxes deberán comparecer ante el co obxecto de alcanzar un acordo.»

«5. De non existir acordo entre os cónxuxes, o secretario xudicial citaraos a unha vista, e continuará a tramitación conforme o previsto para o xuízo verbal.»

Trescentos setenta e un. O número 1 do artigo 812 queda redactado como segue:

«1. Poderá acudir ao proceso monitorio quen pretenda doutro o pagamento de débeda en diñeiro, vencida e exixible, de cantidade determinada que non exceda os 250.000 euros, cando a débeda desa cantidade se acredite dalgunha das formas seguintes:

1.^a Mediante documentos, calquera que sexa a súa forma e clase ou o soporte físico en que se encontren, que aparezan asinados polo debedor ou co seu selo, impronta ou marca ou con calquera outro sinal, físico ou electrónico, proveniente do debedor.

2.^a Mediante facturas, albarás de entrega, certificacións, telegramas, telefax ou calquera outro documento que, mesmo unilateralmente creado polo acredor, sexa dos que habitualmente documentan os créditos e débedas en relacións da clase que apareza existente entre acredor e debedor.»

Trescentos setenta e dous. O parágrafo primeiro do artigo 813 queda redactado como segue:

«Será exclusivamente competente para o proceso monitorio o xulgado de primeira instancia do domicilio ou residencia do debedor ou, de non seren coñecidos, o do lugar en que o debedor poida ser atopado para efectos do requirimento de pagamento polo tribunal, agás que se trate da reclamación de débeda a que se refire o punto 2.º do número 2 do artigo 812, caso en que será tamén competente o xulgado do lugar en onde estea o predio, por elección do solicitante.»

Trescentos setenta e tres. O número 1 do artigo 815 queda redactado como segue:

«Se os documentos achegados coa petición son dos previstos no número 2 do artigo 812 ou constitúen un principio de proba do dereito do petionario, confirmado polo que se expoña naquela, o secretario xudicial requirirá o debedor para que, no prazo de vinte días, lle pague ao petionario, acreditándoo ante o tribunal, ou compareza ante este e alegue sucintamente, en escrito de oposición, as razóns polas que, ao seu entender, non debe, en todo ou en parte, a cantidade reclamada. En caso contrario dará conta ao xuíz para que resolva o que corresponda sobre a admisión a trámite da petición inicial.

O requirimento notificarase na forma prevista no artigo 161 desta lei, con apercibimento de que, de non pagar nin comparecer alegando razóns da negativa ao pagamento, despacharase contra el a execución segundo o previsto no artigo seguinte. Só se admitirá o requirimento ao demandado por medio de edictos no suposto regulado no seguinte número deste artigo.»

Trescentos setenta e catro. O número 1 do artigo 816 queda redactado como segue:

«1. Se o debedor non atende o requirimento de pagamento ou non comparece, o secretario xudicial ditará decreto dando por terminado o proceso monitorio e dará traslado ao acredor para que inste o despacho de execución, bastando para iso coa mera solicitude.»

Trescentos setenta e cinco. O artigo 817 queda redactado como segue:

«Artigo 817. *Pagamento do debedor.*

Se o debedor atende o requirimento de pagamento, tan pronto como o acredite, o secretario xudicial acordará o arquivo das actuacións.»

Trescentos setenta e seis. O número 2 do artigo 818 queda redactado como segue:

«2. Cando a contía da pretensión non exceda a propia do xuízo verbal, o secretario xudicial ditará decreto que dea por terminado o proceso monitorio e que acorde seguir a tramitación conforme o previsto para este tipo de xuízo, convocando as partes á vista ante o tribunal. Cando o importe da reclamación exceda esta cantidade, se o petionario non interpón a demanda correspondente dentro do prazo dun mes desde o traslado do escrito de oposición, o secretario xudicial ditará decreto que sobresea as actuacións e que condene en custas o acredor. Se presenta a demanda, no decreto que pon fin ao proceso monitorio acordará dar traslado dela ao demandado conforme o previsto nos artigos 404 e seguintes desta lei, agás que non proceda a súa admisión, caso en que acordará dar conta ao xuíz para que resolva o que corresponda.»

Trescentos setenta e sete. O parágrafo primeiro do artigo 825 queda redactado como segue:

«Cando o debedor non interpoña demanda de oposición no prazo establecido, o tribunal despachará execución polas cantidades reclamadas e tras iso o secretario xudicial trabará embargo se non se puido practicar ou, conforme o previsto no artigo 823, se foi alzado.»

Trescentos setenta e oito. O parágrafo primeiro do artigo 826 queda redactado como segue:

«Presentado polo debedor escrito de oposición, o secretario xudicial dará traslado del ao acredor con citación para a vista conforme o disposto no número primeiro do artigo 440 para os xuízos verbais.»

Trescentos setenta e nove. Modifícanse os números 2 e 3 da disposición adicional quinta, que quedarán como segue:

«2. Naqueles partidos xudiciais onde se constitúan oficinas de sinalamento inmediato presentaranse ante elas as demandas e solicitudes que versen sobre as seguintes materias e sempre que ao demandante ou solicitante lle sexa posible designar un domicilio ou residencia do demandado para efectos da súa citación:

- a) Reclamacións de cantidade referidas no número 2 do artigo 250 desta lei.
- b) Desafuzamentos de predio urbano por expiración legal ou contractual do prazo ou por falta de pagamento de rendas ou cantidades debidas e, se é o caso, reclamacións destas rendas ou cantidades cando a acción de reclamación se acumule á acción de desafuzamento.
- c) Medidas cautelares previas ou simultáneas á demanda, ás que se refire a regra 6ª do artigo 770.

d) Medidas provisionais de nulidade, separación ou divorcio, previas ou simultáneas á demanda, previstas nos artigos 771 e 773.1.

e) Demandas de separación ou divorcio solicitados de mutuo acordo, ou por un dos cónxuxes co consentimento do outro.»

«3. Estas demandas e solicitudes presentadas ante as oficinas de sinalamento inmediato tramitaranse conforme as normas desta lei, coas seguintes especialidades:

Primeira. Con carácter previo á súa admisión a trámite, no mesmo día da súa presentación ou, de non ser posible, no seguinte día hábil, as oficinas de sinalamento inmediato, nunha mesma dilixencia:

a) Rexistrarán aquelas demandas ou solicitudes previstas no número anterior que ante elas se presenten.

b) Acordarán a súa repartición ao xulgado que corresponda e sinalarán directamente a vista referida no artigo 440.1, a comparecencia prevista nos artigos 771.2 e 773.3, a comparecencia para ratificación da demanda recollida no artigo 777.3, e a data e hora en que deba ter lugar o lanzamento, no suposto a que se refire o artigo 440.3.

c) Ordenarán, expedíndoos para o efecto, a práctica das correspondentes citacións e oficios, para que se realicen a través do servizo común de notificacións ou, se é o caso, as realice o procurador que así o solicite, e se entreguen realizadas directamente ao xulgado correspondente.

d) Requirirán a parte demandante, de ser necesario, para a emenda dos defectos procesuais de que poida carecer a presentación da demanda ou solicitude, que deberán solucionarse nun prazo máximo de tres días.

e) Remitirán inmediatamente a demanda ou solicitude presentada ao xulgado que corresponda.

Segunda. As citacións para as comparecencias e vistas a que se refire a regra anterior conterán os requirimentos e advertencias previstos en cada caso nesta lei. Tamén farán indicación dos extremos a que se refire o número 3 do artigo 440.

Así mesmo, a citación expresará que, se o demandado solicita o recoñecemento do dereito de asistencia xurídica gratuíta ou solicita a designación de avogado e procurador de oficio no caso do artigo 33.2, deberá instalalo ante o xulgado no prazo de tres días desde a recepción da citación.

Terceira. Recibida a demanda ou solicitude, acordarase o procedente sobre a súa admisión a trámite. No suposto de que se admita a demanda, observarase o sinalamento realizado. Se non for admitida a trámite, deixarase sen efecto o sinalamento, comunicando o xulgado esta circunstancia a quen xa fosen citados, a través do servizo común de actos de comunicación ou, se é o caso, do procurador que así o solicite.

Cando algunha das partes solicite o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta ou a designación de avogado e procurador de oficio, requirirase na mesma resolución de admisión da demanda, se para entón xa se coñece esta solicitude ou, en caso contrario, en decreto posterior, a inmediata designación dos profesionais de conformidade co establecido no número 3 do artigo 33. Neste caso, a designación efectuarase a favor dos profesionais asignados para a data en que se deba celebrar a vista ou comparecencia sinalada, de acordo cunha quenda especial de asistencia establecida para o efecto polos colexios de avogados e procuradores.

Cuarta. As oficinas de sinalamento inmediato realizarán os sinalamentos a que se refire a alínea b) do número 3, primeira, desta disposición ante o xulgado de primeira instancia que por quenda corresponda de acordo cun sistema programado de sinalamentos, no día e hora hábiles dispoñibles máis próximos posibles, dentro en todo caso dos seguintes prazos:

a) os sinalamentos para as vistas a que se refire o artigo 440.1 efectuaranse nos prazos sinalados no mesmo precepto, contados partir do quinto día posterior á presentación da demanda na oficina de sinalamento inmediato.

b) os sinalamentos para as comparecencias previstas nos artigos 771.2 e 773.3 efectuaranse entre o quinto e o décimo día posteriores á presentación da solicitude ou demanda na oficina de sinalamento inmediato.

c) os sinalamentos das comparecencias para ratificación da demanda recollidas no artigo 777.3 efectuaranse dentro dos tres días seguintes á presentación da correspondente demanda.

d) a fixación de data e hora en que, se é o caso, deba ter lugar o lanzamento, de acordo co previsto no último inciso do número 3 do artigo 440, realizarase nun prazo inferior a un mes desde a data en que se sinalase a correspondente vista.

Quinta. Cada xulgado de primeira instancia, nos partidos xudiciais en que se constitúan oficinas de sinalamento inmediato, deberá reservar a totalidade da súa axenda nas datas que lle corresponda actuar en quenda de asistencia continuada para que a oficina de sinalamento inmediato realice directamente os ditos sinalamentos.

O Consello Xeral do Poder Xudicial, logo de informe favorable do Ministerio de Xustiza, ditará os regulamentos necesarios para regular a organización e funcionamento do sistema programado de sinalamentos, o establecemento das quendas de asistencia continuada entre os xulgados de primeira instancia e o fraccionamento de franxas horarias para a realización directa dos sinalamentos.

Sexta. As normas de repartición dos partidos xudiciais en que se constitúan oficinas de sinalamento inmediato atribuirán o coñecemento dos procedementos recollidos no número 2 desta disposición a aquel xulgado de primeira instancia que deba actuar en quenda de asistencia continuada na data en que se realicen os sinalamentos das vistas e comparecencias a que se refire a regra cuarta.»

Trescentos oitenta. A disposición derradeira vixésimo terceira pasa a ser a disposición derradeira vixésimo quinta, co mesmo contido.

Artigo décimo sexto. *Modificación da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal.*

Engádesse unha disposición adicional oitava á Lei 5/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava.

Os xuíces de adscrición territorial a que se refire o artigo 347 bis da Lei orgánica do poder xudicial percibirán, en concepto de retribucións complementarias fixadas nesta lei, aquelas que correspondan ao órgano en que serven. As retribucións básicas serán as previstas nesta lei de acordo coa súa categoría.»

Artigo décimo sétimo. *Modificación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.*

A Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o ordinal 6.º e engádesse un 7.º do número 1 do artigo 8 nos seguintes termos:

«6.º As accións de reclamación de débedas sociais interpostas contra os socios subsidiariamente responsables das débedas da sociedade concursada, calquera que sexa a data en que se contraese e as accións para exixir aos socios

da sociedade concursada o desembolso das achegas sociais diferidas ou o cumprimento das prestacións accesorias.

7.º As accións de responsabilidade contra os administradores ou liquidadores, de dereito ou de feito, e contra os auditores da sociedade concursada, tendentes a exixir responsabilidade civil polos prexuízos causados ao concursado, calquera que sexa a data en que se producisen os danos e perdas ou na cal a responsabilidade polas débedas sociais devíñese exixible.»

Dous. Os parágrafos 2 e 3 do número 1 do artigo 13 quedan redactados como segue:

«Se a solicitude se refire a unha entidade de crédito ou a unha empresa de servizos de investimento, unha vez que o xuíz provece sobre ela, o secretario xudicial comunicarlle ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores, e solicitará a relación dos sistemas de pagamentos e de liquidación de valores ou instrumentos financeiros derivados a que pertenza a entidade afectada e a denominación e domicilio do seu xestor, nos termos previstos na lexislación especial aplicable.

O secretario xudicial tamén comunicará a solicitude á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións se se refire a unha entidade aseguradora; ao Ministerio de Traballo e Inmigración se se refire a unha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, e á Comisión Nacional do Mercado de Valores se se refire a unha sociedade que teña emitidos valores ou instrumentos financeiros negociados nun mercado secundario oficial.»

Tres. O parágrafo segundo do número 2 do artigo 18 queda redactado como segue:

«Formulada oposición polo debedor, o secretario xudicial, ao seguinte día, citará as partes a unha vista, prevíndoas para que comparezan a ela con todos os medios da proba que se poidan practicar no acto e, se o debedor estivese obrigado legalmente a levar a contabilidade, advertindo a este para que compareza cos libros contables de levanza obrigatoria.»

Catro. O número 4 do artigo 19 queda redactado como segue:

«4. No caso de falta de consignación e nos que, a pesar de ter sido efectuada, o acreedor se ratificase na solicitude, así como cando o crédito do instante non vencese ou non tivese este a condición de acreedor, o xuíz oírás partes e os seus avogados sobre a procedencia ou improcedencia da declaración de concurso e decidirá sobre a pertinencia dos medios de proba propostos ou que se propoñan neste acto, acordando a práctica inmediata das que poidan realizarse no mesmo día e sinalándose polo secretario xudicial para a das restantes o máis breve prazo posible, sen que poida exceder os 20 días.»

Cinco. O número 5 do artigo 21 queda redactado como segue:

«5. O secretario xudicial notificará o auto ás partes que compareceron. Se o debedor non compareceu, a publicación prevista no artigo 23 producirá, respecto de el, os efectos de notificación do auto.

Se o concursado é unha entidade de crédito ou unha empresa de servizos de investimento participante nun sistema de pagamentos e de liquidación de valores ou instrumentos financeiros derivados, o secretario xudicial notificará o auto, no mesmo día da data, ao Banco de España, á Comisión Nacional do Mercado de Valores e ao xestor dos sistemas a que pertenza a entidade afectada, nos termos previstos na lexislación especial a que se refire a disposición adicional segunda.

Así mesmo, notificará o auto á Comisión Nacional do Mercado de Valores cando o concursado sexa unha sociedade que emitise valores admitidos a cotización nun mercado oficial.

Se o concursado é unha entidade aseguradora, o secretario xudicial notificará o auto, coa mesma celeridade, á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, e se fose unha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, notificarallo nos mesmos termos ao Ministerio de Traballo e Inmigración.»

Seis. O parágrafo terceiro do número 3 do artigo 23 queda redactado como segue:

«Se o solicitante do concurso é unha Administración pública que actúa representada e defendida polos seus servizos xurídicos, o traslado do oficio será realizado directamente o secretario xudicial aos medios de publicidade.»

Sete. O parágrafo terceiro do número 5 do artigo 24 queda redactado como segue:

«Se o solicitante do concurso é unha Administración pública que actúe representada e defendida polos seus servizos xurídicos, o traslado do oficio será realizado directamente polo secretario xudicial aos correspondentes rexistros.»

Oito. O parágrafo primeiro do número 1 do artigo 29 queda redactado como segue:

«1. O nomeamento de administrador concursal seralle comunicado ao designado polo medio máis rápido. Dentro dos cinco días seguintes ao de recibo da comunicación, o designado deberá comparecer ante o xulgado para manifestar se acepta ou non a encarga. De concorrer nel algunha causa de recusación, estará obrigado a manifestala. Aceptado o cargo, o secretario xudicial expedirá e entregará ao designado documento acreditativo da súa condición de administrador concursal.»

Nove. O número 4 do artigo 37 queda redactado como segue:

«4. Do contido do auto a que se refire o punto anterior o secretario xudicial dará coñecemento ao rexistro público previsto no artigo 198.»

Dez. O parágrafo primeiro do número 2 do artigo 51 queda redactado como segue:

«2. En caso de suspensión das facultades de administración e disposición do debedor, a administración concursal, no ámbito das súas competencias, substituirá a este nos procedementos xudiciais en trámite, para cuxo efecto o secretario xudicial lle concederá, unha vez comparecida, un prazo de cinco días para que se instrúa nas actuacións, pero necesitará a autorización do xuíz do concurso para desistir, avirse, total ou parcialmente, e transixir litixios. Da solicitude presentada pola administración concursal daralle o secretario xudicial traslado ao debedor en todo caso e a aquelas partes comparecidas no concurso que o xuíz estime que deban ser oídas respecto do seu obxecto. As custas impostas a consecuencia da avinza ou da desistencia autorizadas terán a consideración de crédito concursal; en caso de transacción, observarase o pactado en materia de custas.»

Once. O parágrafo segundo do número 2 do artigo 61 queda redactado como segue:

«Non obstante o disposto no parágrafo anterior, a administración concursal, en caso de suspensión, ou o concursado, en caso de intervención, poderán solicitar a resolución do contrato se o consideran conveniente ao interese do concurso. O secretario xudicial citará a comparecencia ante o xuíz o concursado, a administración concursal e a outra parte no contrato e, de existir acordo en canto á resolución e aos seus efectos, o xuíz ditará auto en que declarará resolto o contrato de conformidade co acordado. Noutro caso, as diferenzas substanciaranse polos trámites do incidente concursal e o xuíz decidirá acerca da resolución, acordando, se é o caso, as restitucións que procedan e a indemnización que haxa que satisfacer con cargo á masa.»

Doce. Os parágrafos segundo e terceiro do número 6 do artigo 64 quedan redactados como segue:

«Ao finalizar o prazo sinalado ou no momento en que se consiga un acordo, a administración concursal e os representantes dos traballadores comunicarán ao xuíz do concurso o resultado do período de consultas.

Recibida esta comunicación, o secretario xudicial solicitará un informe da autoridade laboral sobre as medidas propostas ou o acordo alcanzado, que deberá ser emitido no prazo de quince días, podendo esta oír a administración concursal e os representantes dos traballadores antes da súa emisión. Recibido o informe polo xuíz do concurso ou transcorrido o prazo de emisión, seguirá o curso das actuacións. Se o informe é emitido fóra de prazo, poderá non obstante ser tido en conta polo xuíz do concurso ao adoptar a correspondente resolución.»

Trece. O número 4 do artigo 96 queda redactado como segue:

«4. As impugnacións substanciaranse polos trámites do incidente concursal e o xuíz deberá de oficio acumulalas para resolvelas conxuntamente. Dentro dos cinco días seguintes á notificación da sentenza resolutoria das impugnacións, a administración concursal introducirá no inventario, na lista de acredores e na exposición motivada do seu informe as modificacións que, se é o caso, procedan e presentará ao xuíz os textos definitivos correspondentes así como unha relación actualizada dos créditos contra a masa devengados e pendentes de pagamento, todo o cal quedará de manifesto na oficina xudicial.»

Catorce. O artigo 98 queda redactado como segue:

«Artigo 98. *Resolución xudicial.*

Transcorrido o prazo de impugnación do inventario e da lista de acredores sen se presentaren impugnacións ou, de térense presentado, unha vez postos de manifesto na oficina xudicial os textos definitivos daqueles documentos, o xuíz ditará a resolución que proceda de conformidade co disposto neste título.»

Quince. O parágrafo primeiro do número 1 do artigo 99 queda redactado como segue:

«1. Toda proposta de convenio, que poderá conter distintas alternativas, formularase por escrito e será asinada polo debedor ou, se é o caso, por todos os acredores propoñentes, ou polos seus respectivos representantes con poder suficiente. Das propostas presentadas o secretario xudicial dará traslado ás partes comparecidas.»

Dezaseis. O número 3 do artigo 103 queda redactado como segue:

«3. A adhesión expresará a contía do crédito ou dos créditos de que fose titular o acredor, así como a súa clase, e deberase efectuar mediante comparecencia ante o secretario xudicial ou mediante instrumento público.»

Dezasete. O parágrafo terceiro do número 2 do artigo 106 queda redactado como segue:

«No mesmo prazo, de apreciar algún defecto, o xuíz ordenará que se lle notifique ao concursado para que nos tres días seguintes á notificación o poida emendar.»

Dezaioito. O número 1 do artigo 107 queda redactado como segue:

«1. Admitida a trámite a proposta anticipada de convenio, o secretario xudicial dará traslado dela á administración concursal para que nun prazo non superior a dez días proceda á súa avaliación.»

Dezanove. O número 2 do artigo 108 queda redactado como segue:

«2. Cando a clase ou a contía do crédito expresadas na adhesión resultaren modificadas na redacción definitiva da lista de acredores, poderá o acredor revogar a súa adhesión dentro dos cinco días seguintes á posta de manifesto da dita lista na oficina xudicial. Noutro caso, considerarase adherido nos termos que resulten da redacción definitiva da lista.»

Vinte. O número 1 do artigo 109 queda redactado como segue:

«1. Dentro dos cinco días seguintes a aquel en que finalizase o prazo de impugnación do inventario e da lista de acredores se non se presentasen impugnacións ou, de se teren presentado, dentro dos cinco días seguintes a aquel en que finalizase o prazo para a revogación das adhesións, o secretario xudicial verificará se as adhesións presentadas alcanzan a maioría legalmente exixida. O secretario, mediante decreto, proclamará o resultado. Noutro caso, dará conta ao xuíz, quen ditará auto en que se abra a fase de convenio ou liquidación, segundo corresponda.»

Vinte e un. Os números 1 e 3 e o primeiro parágrafo do número 2 do artigo 111 quedan redactados como segue:

«1. Cando o concursado non solicitase a liquidación e non fose aprobada nin mantida unha proposta anticipada de convenio conforme o establecido na sección precedente, o xuíz, dentro dos quince días seguintes á expiración do prazo de impugnación do inventario e da lista de acredores se non se presentasen impugnacións ou, de se presentaren, á data en que se poñan de manifesto na oficina xudicial os textos definitivos daqueles documentos, ditará auto pondo fin á fase común do concurso, abrindo a fase de convenio e ordenando a formación da sección quinta.

2. O auto ordenará convocar xunta de acredores de acordo co establecido no artigo 23. O secretario xudicial fixará o lugar, día e hora da reunión nos termos que prevé o artigo 182 da Lei de axuízamento civil. Na notificación da convocatoria expresarase aos acredores que poderán adherirse á proposta de convenio nos termos do artigo 115.3.

(.../...)

3. O auto notificarase ao concursado, á administración concursal e a todas as partes comparecidas no procedemento.»

Vinte e dous. O número 1 do artigo 113 queda redactado como segue:

«1. Transcorrido o prazo de comunicación de créditos e ata a finalización do prazo de impugnación do inventario e da lista de acredores se non se presentasen impugnacións ou, de se teren presentado, ata a data en que se poñan de manifesto na oficina xudicial os textos definitivos daqueles documentos, poderá presentar ante o xulgado que tramite o concurso proposta de convenio o concursado que non presentase proposta anticipada nin tiver solicitada a liquidación. Tamén o poderán facer os acredores cuxos créditos consten no concurso e superen, conxunta ou individualmente, unha quinta parte do total pasivo resultante da lista definitiva de acredores, agás que o concursado tivese solicitado a liquidación.»

Vinte e tres. O número 1 do artigo 114 queda redactado como segue:

«1. Dentro dos cinco días seguintes á súa presentación, o xuíz admitirá a trámite as propostas de convenio se cumpren as condicións de tempo, forma e

contido establecidas nesta lei. De apreciar algún defecto, dentro do mesmo prazo disporá que se notifique ao concursado ou, se é o caso, aos acredores para que, nos tres días seguintes á notificación, o poidan emendar. Se estivese solicitada a liquidación polo concursado, o secretario xudicial rexeitará a admisión a trámite de calquera proposta.»

Vinte e catro. Os números 2 e 3 do artigo 115 quedan redactados como segue:

«2. Os escritos de avaliación emitidos antes da presentación do informe da administración concursal uníranse a este, conforme o número 2 do artigo 75, e os emitidos con posterioridade poranse de manifesto na oficina xudicial desde o día da súa presentación.

3. Desde que, conforme o establecido no punto anterior, quede de manifesto na oficina xudicial o correspondente escrito de avaliación e ata o momento do cerramento da lista de asistentes á xunta, admitíranse adhesións de acredores á proposta de convenio cos requisitos e na forma establecidos nesta lei. Agás no caso previsto no número 2 do artigo 110, as adhesións serán irrevogables, pero non vincularán o sentido do voto de quen as formulou e asista á xunta.»

Vinte e cinco. Os números 2 e 5 do artigo 115 bis quedan redactados como segue:

«2. Acordada a tramitación escrita, só se poderán presentar propostas de convenio conforme o punto segundo do artigo 113 ata os sesenta días anteriores ao vencemento do prazo previsto na regra anterior. Desde que quede de manifesto o escrito de avaliación na oficina xudicial, admitíranse adhesións ou votos en contra de acredores á nova proposta de convenio ata a conclusión do prazo prevista na regra primeira.

5. Dentro dos dez días seguintes a aquel en que finalizase o prazo de presentación de adhesións, o xuíz verificará se a proposta de convenio presentado alcanza a maioría legalmente exixida e proclamará o resultado mediante providencia.»

Vinte e seis. O número 3 do artigo 116 queda redactado como segue:

«3. Actuará como secretario o que o sexa do xulgado. Será asistido nas súas funcións pola administración concursal.»

Vinte e sete. O número 3 do artigo 117 queda redactado como segue:

«3. En calquera caso, a incomparecencia dos membros da administración concursal non determinará a suspensión da xunta, agás que o xuíz así o acordase, debendo sinalar, nese caso, o secretario xudicial a data da súa continuación.»

Vinte e oito. Os números 4 e 5 do artigo 126 quedan redactados como segue:

«4. O concursado, a administración concursal e calquera acredor terán dereito a obter, pola súa conta, testemuño da acta, literal ou en relación, total ou parcial, que expedirá o secretario xudicial dentro dos tres días seguintes ao de presentación da solicitude. Así mesmo, poderán obter unha copia da gravación realizada.»

«5. A documentación destas actuacións levarase a cabo conforme o disposto nos artigos 146 e 147 da Lei de axuízamento civil. En todo caso, será imprescindible a presenza do secretario xudicial na xunta na súa condición de membro desta.»

Vinte e nove. O parágrafo primeiro do número 1 do artigo 128 queda redactado como segue:

«1. Poderá formularse oposición á aprobación xudicial do convenio no prazo de dez días, contado desde o seguinte á data en que o secretario xudicial verificase que as adhesións presentadas alcanzan a maioría legal para a aceptación do

convenio, no caso de proposta anticipada ou tramitación escrita, ou desde a data de conclusión da xunta, no caso de que nela se acepte unha proposta de convenio.»

Trinta. O parágrafo primeiro do número 2 do artigo 129 queda redactado como segue:

«2. Se a sentenza estimase a oposición por infracción legal na constitución ou na celebración da xunta, o xuíz acordará que o secretario xudicial convoque nova xunta cos mesmos requisitos de publicidade e antelación establecidos no número 2 do artigo 111, que se deberá celebrar dentro do mes seguinte á data da sentenza.»

Trinta e un. O número 1 do artigo 139 queda redactado como segue:

«1. O debedor, unha vez que estime integramente cumprido o convenio, presentará ao xuíz do concurso o informe correspondente coa xustificación adecuada e solicitará a declaración xudicial de cumprimento. O secretario acordará pór de manifesto na oficina xudicial o informe e a solicitude.»

Trinta e dous. O número 2 do artigo 140 queda redactado como segue:

«2. A solicitude tramitarase pola canle do incidente concursal.»

Trinta e tres. Modifícase o ordinal 2.º do número 1 e os números 2 e 4 do artigo 142, que quedan redactados como segue:

«2.º Desde que se dite o auto de declaración de concurso e ata a expiración do prazo de impugnación do inventario e da lista de acredores se non se presentasen impugnacións ou, de se teren presentado, ata a data en que se poñan de manifesto na oficina xudicial os textos definitivos daqueles documentos, sempre que no momento da solicitude non presentase proposta de convenio ou, de se ter presentado unha anticipada, se denegase a súa admisión a trámite.»

«2. Dentro dos quince días seguintes á expiración do prazo de impugnación do inventario e da lista de acredores se non se presentasen impugnacións ou, de se teren presentado, á data en que se poñan de manifesto na oficina xudicial os textos definitivos daqueles documentos, se o debedor así o pedise conforme o punto anterior, o xuíz ditará auto que poña fin á fase común do concurso, abrindo a fase de liquidación.»

«4. Se o debedor non solicita a liquidación durante a vixencia do convenio, poderao facer calquera acredor que acredite a existencia dalgún dos feitos que poden fundamentar unha declaración de concurso segundo o disposto no número 4 do artigo 2 desta lei. Daráselle á solicitude o trámite previsto nos artigos 15 e 19 desta lei e resolverá o xuíz mediante auto se procede ou non abrir a liquidación.»

Trinta e catro. O número 1 do artigo 142 bis queda redactado como segue:

«1. O debedor poderá presentar unha proposta anticipada de liquidación para a realización da masa activa ata os quince días seguintes á presentación do informe previsto no artigo 75.

O secretario xudicial dará traslado da proposta anticipada de liquidación á administración concursal para que proceda á súa avaliación ou formule propostas de modificación. O escrito de avaliación ou modificación emitidos antes da presentación do informe da administración concursal unirase a este, conforme o número 2 do artigo 75.

Se a proposta anticipada de liquidación se presenta despois de emitido o informe, o secretario xudicial dará traslado dela á administración concursal para que no prazo non superior a dez días proceda á súa avaliación ou proposta de

modificación. Este escrito e a proposta anticipada de liquidación notificarase na forma prevista no punto segundo do artigo 95.

As partes comparecidas e demais interesados poderán formular observacións á proposta anticipada de liquidación no prazo e condicións establecidas no punto primeiro do artigo 96.»

Trinta e cinco. Modifícase o punto 2º do número 1 e o número 2 do artigo 148, que quedan redactados como segue:

«O secretario acordará pór de manifesto o plan na oficina xudicial e nos lugares que para este efecto designe e que se anunciarán na forma que estime conveniente.»

«2. Durante os quince días seguintes á data en que quedase de manifesto na oficina xudicial o plan de liquidación, o debedor e os acredores concursais poderán formular observacións ou propostas de modificación. Transcorrido o dito prazo sen que se formulasen, o xuíz, sen máis trámite, ditará auto declarando aprobado o plan e a el deberanse ater as operacións de liquidación da masa activa. Noutro caso, a administración concursal informará, no prazo de dez días, sobre as observacións e propostas formuladas e o xuíz, segundo estime conveniente para os intereses do concurso, resolverá mediante auto aprobar o plan nos termos en que fose presentado, introducir nel modificacións en función daquelas ou acordar a liquidación conforme as regras legais supletorias. Contra este auto poderá interperse recurso de apelación.»

Trinta e seis. O parágrafo primeiro do artigo 152 queda redactado como segue:

«Cada tres meses, contados desde a apertura da fase de liquidación, a administración concursal presentará ao xuíz do concurso un informe sobre o estado das operacións, que quedará de manifesto na oficina xudicial.»

Trinta e sete. O número 2 do artigo 169 queda redactado como segue:

«2. Unha vez unido o informe da administración concursal, o secretario xudicial dará traslado do contido da sección sexta ao Ministerio Fiscal para que emita ditame no prazo de dez días. O xuíz, atendidas as circunstancias, poderá acordar a prórroga deste prazo por un máximo de dez días máis. Se o Ministerio Fiscal non emite ditame nese prazo, seguirá o seu curso o proceso e entenderase que non se opón á proposta de cualificación.»

Trinta e oito. O número 3 do artigo 170 queda redactado como segue:

«3. Aos que comparezan en prazo o secretario xudicial daralles vista do contido da sección para que, dentro dos dez días seguintes, aleguen canto conveña ao seu dereito. Se comparecesen con posterioridade ao vencemento do prazo, serán considerados parte sen retroceder o curso das actuacións. Se non comparecesen, o secretario xudicial declararaos en rebeldía e seguirán o seu curso as actuacións sen volvelos citar.»

Trinta e nove. O número 1 do artigo 171 queda redactado como segue:

«1. Se o debedor ou algún dos comparecidos formulase oposición, substanciarase polos trámites do incidente concursal. De seren varias as oposicións, substanciaranse xuntas no mesmo incidente.»

Corenta. Modifícase o número 5 do artigo 176, que queda redactado como segue:

«5. Se no prazo de audiencia concedido ás partes se formulase oposición á conclusión do concurso, daráselle a tramitación do incidente concursal.»

Corenta e un. O número 3 do artigo 178 queda redactado como segue:

«3. Nos casos de conclusión do concurso por inexistencia de bens e dereitos do debedor persoa xurídica, a resolución xudicial que a declare acordará a súa extinción e disporá o cerramento da súa folia de inscrición nos rexistros públicos que corresponda, para cuxo efecto o secretario xudicial expedirá mandamento en que se conteña testemuño da resolución firme.»

Corenta e dous. O número 7 do artigo 184 queda redactado como segue:

«7. Se non se coñece o domicilio do debedor ou o resultado do emprazamento é negativo, o secretario xudicial, de oficio ou por instancia de parte, poderá realizar as indagacións de domicilio previstas no artigo 156 da Lei de axuizamento civil. Se o debedor fose persoa física e falecese, aplicaranse as normas sobre sucesión previstas na Lei de axuizamento civil. Cando se trate de persoa xurídica que se encontre en paradiro descoñecido, o secretario xudicial poderá dirixirse aos rexistros públicos para determinar quen eran os administradores ou apoderados da entidade co obxecto de emprazala a través das ditas persoas. Cando o secretario xudicial esgotase todas as vías para emprazar o debedor, o xuíz poderá ditar o auto de admisión do concurso con base nos documentos e alegacións achegadas polos acredores e as indagacións que se realizasen nesta fase de admisión.»

Corenta e tres. O artigo 185 queda redactado como segue:

«Artigo 185. Dereito ao exame dos autos.

Os acredores non comparecidos en forma poderán solicitar do xulgado o exame daqueles documentos ou informes que consten en autos sobre os seus respectivos créditos, acudindo para iso á oficina xudicial persoalmente ou por medio de letrado ou procurador que os represente, os cales para o dito trámite non estarán obrigados a comparecer.»

Corenta e catro. O artigo 186 queda redactado como segue:

«Artigo 186. *Substanciación de oficio.*

1. Declarado o concurso, o secretario xudicial impulsará de oficio o proceso.
2. O xuíz resolverá sobre a desistencia ou a renuncia do solicitante do concurso, logo de audiencia dos demais acredores recoñecidos na lista definitiva. Durante a tramitación do procedemento, os incidentes non terán carácter suspensivo, agás que o xuíz, de forma excepcional, así o acorde motivadamente.
3. Cando a lei non fixe prazo para ditar unha resolución, deberá ditarse sen dilación.»

Corenta e cinco. O número 1 do artigo 187 queda redactado como segue:

«1. O xuíz poderá habilitar os días e horas necesarios para a práctica das dilixencias que considere urxentes en beneficio do concurso. A habilitación tamén a poderá realizar o secretario xudicial cando teña por obxecto a realización de actuacións procesuais por el ordenadas ou cando fosen tendentes a dar cumprimento ás resolucións ditadas polo xuíz.»

Corenta e seis. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 194, que quedan redactados da seguinte forma:

«2. Se o xuíz estima que a cuestión promovida é impertinente ou carece de entidade necesaria para tramitala pola vía incidental, resolverá, mediante auto, a súa inadmisión e acordará que se lle dea á cuestión promovida a tramitación que corresponda. Contra este auto caberá recurso de apelación nos termos establecidos no número 1 do artigo 197.

3. No outro caso, ditará providencia admitindo a trámite o incidente e acordando que se empracen as demais partes comparecidas, con entrega de copia da demanda ou demandas, para que no prazo común de 10 días contesten na forma previda no artigo 405 da Lei de axuizamento civil.»

Corenta e sete. O artigo 195 queda redactado como segue:

«Artigo 195. *Incidente concursal en materia laboral.*

1. Se se promove o incidente concursal a que se refire o artigo 64.8 desta lei, a demanda formularase de acordo ao establecido no artigo 437 da Lei de axuizamento civil; o secretario xudicial advertirá, se é o caso, á parte dos defectos, omisións ou imprecisións en que incorrese ao redactar a demanda, co fin de que os emende dentro do prazo de catro días, con apercibimento de que, se non o efectuase, se ordenará o seu arquivo. Neste incidente non será de aplicación o número 2 do artigo anterior.

2. Se a demanda fose admitida polo xuíz, o secretario xudicial sinalará dentro dos 10 días seguintes o día e hora en que deberá ter lugar o acto do xuízo, citando os demandados con entrega de copia da demanda e demais documentos, debendo mediar en todo caso un mínimo de catro días entre a citación e a efectiva celebración do xuízo, que comezará co intento de conciliación ou avinza sobre o obxecto do incidente. De non lograrse esta, ratificarase o demandante na súa demanda ou ampliaraa sen alterar substancialmente as súas pretensións, contestando oralmente o demandado, e propoñendo as partes a continuación as probas sobre os feitos en que non houbese conformidade, continuando o procedemento conforme os trámites do xuízo verbal da Lei de axuizamento civil, ben que tras a práctica da proba se outorgará ás partes un trámite de conclusións.»

Corenta e oito. O artigo 197 queda redactado como segue:

«Artigo 197. *Recursos procedentes e tramitación.*

1. Os recursos contra as resolucións ditadas polo secretario xudicial no concurso serán os mesmos que prevé a Lei de axuizamento civil e substanciaranse na forma que nela se determina.

2. Os recursos contra as resolucións ditadas polo xuíz no concurso substanciaranse na forma prevista pola Lei de axuizamento civil, coas modificacións que se indican a continuación e sen prexuízo do previsto no artigo 64 desta lei.

3. Contra as providencias e autos que dite o xuíz do concurso só caberá o recurso de reposición, agás que nesta lei se exclúa todo recurso ou se outorgue outro distinto.

4. Contra os autos resolutorios de recursos de reposición e contra as sentenzas ditadas en incidentes concursais promovidos na fase común ou na de convenio non caberá ningún recurso, pero as partes poderán reproducir a cuestión na apelación máis próxima sempre que formulasen protesta no prazo de cinco días.

5. Contra as sentenzas que aproben o convenio, ou as que resolvan incidentes concursais promovidos con posterioridade ou durante a fase de liquidación caberá recurso de apelación, que se tramitará con carácter preferente e na forma prevista para as apelacións de sentenzas ditadas en xuízo ordinario.

6. O xuíz do concurso, de oficio ou por instancia de parte, poderá acordar motivadamente ao admitir o recurso de apelación a suspensión daquelas actuacións que poidan verse afectadas pola súa resolución. A súa decisión poderá ser revisada pola audiencia provincial por solicitude de parte formulada no escrito de interposición da apelación ou oposición a ela, caso en que esta cuestión deberá ser resolta con carácter previo ao exame do fondo do recurso e dentro dos 10 días seguintes á recepción dos autos polo tribunal, sen que contra o auto que se dite poida interperse recurso ningún.

7. Caberá recurso de casación e extraordinario por infracción procesual, de acordo cos criterios de admisión previstos na Lei de axuizamento civil, contra as sentenzas ditadas polas audiencias relativas á aprobación ou cumprimento do convenio, á cualificación ou conclusión do concurso, ou que resolvan accións das comprendidas nas seccións terceira e cuarta.

8. Contra a sentenza que resolva incidentes concursais relativos a accións sociais cuxo coñecemento corresponda ao xuíz do concurso, caberá o recurso de suplicación e os demais recursos previstos na Lei de procedemento laboral, sen que ningún deles teña efectos suspensivos sobre a tramitación do concurso nin de ningunha das súas pezas.»

Corenta e nove. A disposición derradeira quinta queda redactada como segue:

«No non previsto nesta lei será de aplicación o disposto na Lei de axuizamento civil, e especificamente no que se refire ao cómputo de prazos determinados nela, así como en relación coa documentación das actuacións mediante sistemas de gravación e reprodución da imaxe e o son.

No ámbito dos procesos concursais, resultarán de aplicación os principios da Lei de axuizamento civil en canto á ordenación formal e material do proceso.»

Artigo décimo oitavo. *Modificación da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje.*

A Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 2 do artigo 33 queda redactado como segue:

«2. Se así se lle solicita, o tribunal practicará a proba baixo a súa exclusiva dirección. Noutro caso, o tribunal limitarase a acordar as medidas pertinentes. En ambos os supostos o secretario xudicial entregará ao solicitante testemuño das actuacións.»

Dous. O número 1 do artigo 42 queda redactado como segue:

«1. A acción de anulación substanciarase polas canles do xuízo verbal. Non obstante, a demanda deberá presentarse conforme o establecido no artigo 399 da Lei de axuizamento civil, acompañada dos documentos xustificativos do convenio arbitral e do laudo, e, se é o caso, contera a proposición dos medios de proba cuxa práctica solicite o demandante. O secretario xudicial dará traslado da demanda ao demandado, para que conteste no prazo de 20 días. Na contestación deberá o demandado propor os medios de proba de que intente valerse. Contestada a demanda ou transcorrido o correspondente prazo, o secretario xudicial citará as partes á vista, na cal o demandante poderá propor a práctica de proba en relación co alegado polo demandado na súa contestación.»

Tres. Os números 2 e 3 do artigo 45 quedan redactados como segue:

«2. O secretario xudicial alzará a suspensión e ordenará que continúe a execución cando lle conste ao tribunal a desestimación da acción de anulación, sen prexuízo do dereito do executante a solicitar, se é o caso, indemnización dos danos e perdas causados pola demora na execución, a través das canles ordenadas no artigo 712 e seguintes da Lei de axuizamento civil.

3. O secretario xudicial alzará a execución, cos efectos previstos nos artigos 533 e 534 da Lei de axuizamento civil, cando lle conste ao tribunal que foi estimada a acción de anulación.

Se a anulación afectase só as cuestións a que se refire o número 3 do artigo 41 e subsistisen outros pronunciamentos do laudo, considerararase estimación parcial, para os efectos previstos no número 2 do artigo 533 da Lei de axuizamento civil.»

Disposición transitoria primeira. *Procesos de declaración en trámite.*

Os procesos de declaración que estivesen en trámite en calquera das súas instancias no momento de entrada en vigor desta lei, continuarán substanciando ata que recaia sentenza na dita instancia conforme a lexislación procesual anterior.

Disposición transitoria segunda. *Sinalamentos.*

Os sinalamentos efectuados con anterioridade á entrada en vigor desta lei seguirán o réxime previsto na normativa vixente no momento de acordarse.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao estado e institucións públicas.*

A disposición adicional terceira da Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao estado e institucións públicas, queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional terceira. *Entidades xestoras e servizos comúns da Seguranza Social.*

Os artigos 5 a 9 e 11 a 15 desta lei serán de aplicación ao ámbito das entidades xestoras e servizos comúns da Seguranza Social na medida en que, atendida a súa natureza e o disposto polas leis vixentes, aqueles preceptos lles sexan aplicables, ben que as referencias contidas naqueles aos avogados do Estado, ao Servizo Xurídico do Estado ou á Dirección do Servizo Xurídico do Estado entenderanse efectuadas, respectivamente, aos letrados da Administración da Seguranza Social, ao Servizo Xurídico da Administración da Seguranza Social, á Dirección do Servizo Xurídico da Administración da Seguranza Social ou á Secretaría de Estado da Seguranza Social.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución española, relativo á lexislación procesual.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», excepto o número dez do artigo décimo quinto, polo que se engade un novo número 3 ao artigo 23 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, que entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 3 de novembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO